



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 105

Sesión plenaria
1 de decembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 35959 (11/CPP-000088)

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

Punto 2. Mocións

2.1 44327 (11/MOC-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés (Moción consecuencia da Interpelación nº 42795, publicada no BOPG nº 401, do 26.10.2022, e debatida na sesión plenaria do 23.11.2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 415, do 28.11.2022

2.2 44365 (11/MOC-000128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do Plan Hurbe (Moción consecuencia da Interpelación nº 41510, publicada no BOPG nº 386, do 27.09.2022, e debatida na sesión plenaria do 23.11.2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 415, do 28.11.2022

2.3 44369 (11/MOC-000129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a formación da poboación en competencias clave (Moción consecuencia da Interpelación nº 39762, publicada no BOPG nº 375, do 07.09.2022, e debatida na sesión plenaria do 23.11.2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 415, do 28.11.2022

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 33140 (11/PNP-003748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 17.11.2022

Publicación do acordo, BOPG nº 412, do 22.11.2022



3.2 36051 (11/PNP-003214)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto súa competencia como de tramitación ministerial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

3.3 37142 (11/PNP-003319)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almorzo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

3.4 43495 (11/PNP-003699)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.5 43602 (11/PNP-003712)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.6 43728 (11/PNP-003717)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rueda Valenzuela, Alfonso e corenta e un deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 4. Interpelacións**4.1 27653 (11/INT-001410)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 259, do 19.01.2022



4.2 42232 (11/INT-002065)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.3 43584 (11/INT-002145)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis**

Sobre a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 44179 (11/POPX-000087)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para mellorar a cohesión social na nosa comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

5.2 44180 (11/POPX-000088)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a defensa dos intereses de Galicia no ámbito enerxético

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 44079 (11/PUP-000291)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico co fin de modificar a actual planificación eléctrica para o período 2021-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 412, do 22.11.2022

6.2 39136 (11/POP-006012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022



6.3 43280 (11/POP-006503)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis**

Sobre o restablecemento do horario da expedición XG846012001001, Boimorto-Mezonzo-A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

6.4 41953 (11/POP-006317)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

6.5 39895 (11/POP-006139)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do funcionamento do Servizo de Oncohematoloxía no Hospital Público da Mariña Lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

6.6 44166 (11/PUP-000292)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas coa sanidade pública no concello de Soutomaior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

6.7 43599 (11/POP-006530)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro centro terapéutico ocupacional público de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

6.8 43218 (11/POP-006495)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a dispoñibilidade do servizo especial de practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 10.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 13.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 17.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 20.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do Plan Hurbe. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 26.) e Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 29.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 32.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a formación da po-boación en competencias clave. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 37.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 40.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 43.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do Plan Hurbe: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a formación da poboación en competencias clave: *rexeitada por 14 votos a favor, 40 votos en contra e 15 abstencións.* (Páx. 46.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 49.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 53.)

O señor Castro García (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candía López e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto da súa competencia como de tramitación ministerial. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 63.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 67.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 69.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almorzo. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 75.) e *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 78.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro.

Comparecencia do Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 82.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 97.), *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 100.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 103.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 106.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 114.)
Nesta rolda interveñen a señora Castro Rey (S) (Páx. 114.), *a señora Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 116.), *a Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 117.) e *o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 123.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 124.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 126.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 130.)

A señora Díaz Varela (S) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 132.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 137.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 140.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e cinco minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias nin delegacións de voto.

Entramos na orde do día.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración, que xa foi comunicada a todos os grupos, consistente en tramitar o punto 1, da comparecencia, despois da proposición non de lei número 3. En consecuencia con todo isto, empezamos tramitando o punto 2 da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Hoxe hai vinte anos da maior mostra de dignidade da historia recente dada polo pobo galego. O día 1 de decembro do ano 2022, convocados pola plataforma Nunca Máis, o pobo galego manifestouse nas rúas de Compostela demandando medios, solucións e coñecer a verdade e exixindo responsabilidades diante da catástrofe ocasionada pola xestión do afundimento do *Prestige*.

Foron tantas as incompetencias, a información errónea, a falta de medios, a evidencia duns gobernos do Partido Popular na Xunta de Galiza e no Goberno español que non exerceron a súa responsabilidade, a ausencia de decisión, a actuación política, a práctica da mentira, a práctica da desinformación, que os galegos e galegas asumimos o protagonismo; autoorganizámonos e puxémonos a solucionar o que non estaban facendo os gobernos.

Hai vinte anos o pobo galego asistía, asistíamos, atónitos á actuación do Partido Popular na Xunta e no Goberno español dicindo que non pasaba nada, que eran fíos de plastilina, que non ía haber vertido e que, se o había, non ía chegar ás costas. Isto, mentres todos e todas víamos atónitos como a nosa costa estaba sendo arrasada.

E digo isto porque, vinte anos despois, o Partido Popular segue practicando as mesmas tácticas: a mentira, a desinformación e a minimización dos problemas. Porque cando todo o



mundo estamos vendo como a atención sanitaria no noso país está sendo unha auténtica desfeita, tamén vemos como o Partido Popular, lonxe de asumir a realidade, lonxe de rectificar, lonxe de tomar medidas, o que fai é seguir practicando o que mellor sabe: a mentira, a desinformación, a manipulación e a propaganda. E hai vinte anos o pobo galego dixo alto e claro que nunca máis ía aturar esa forma de comportarse do Goberno galego, e vinte anos despois o pobo galego tamén se está autoorganizando e está converténdose nun clamor en defensa da sanidade pública, exixíndolle ao Partido Popular rectificación e dicíndolle que non imos aguantar máis mentiras nin máis manipulación. *(Aplausos.)*

Levamos anos demandándolle ao Partido Popular que rectifique a súa política criminal en materia de sanidade; é unha política criminal porque está poñendo en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas de xeito permanente. E non só non obtivemos resposta por parte do Partido Popular na Xunta, senón que, moi ao contrario, o que está facendo continuamente é unha fuxida cara adiante, dando pasos constantes e decididos cara ao precipicio e cara ao abismo. Hai centros de saúde que seguen sen os profesionais suficientes —profesionais e médicos—, crianzas sen pediatría... E, no medio disto, escoitamos o conselleiro, o presidente da Xunta, insistir nas súas magníficas solucións... Digo estes días, non digo que o leven dicindo desde a prehistoria, senón que estes días seguen insistindo en que a solución pasa por interinstitucións —é dicir, que menos profesionais fagan máis traballo—, por prolongacións de xornada e por deixar os PAC sen persoal facultativo, só con persoal de enfermería, a pesar de que o conselleiro aquí, en sede parlamentaria, na interpelación que lle fixemos no anterior pleno, dixo moi enfadado que nunca se puxera enriba da mesa que non fose haber médicos nos PAC e que non ía estar persoal de enfermería só. E resulta que, despois diso, seguen insistindo nesta cuestión e, despois diso, seguimos vendo como os PAC en xeral de Galicia, pero da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés, seguen estando sen médicos, como onte en Caldas, no Grove, en Sanxenxo, en Vilagarcía... Despois de dicir iso, seguimos vendo como as nosas crianzas seguen sen atención pediátrica, e, lonxe de solucionalo, o que fan é quitar pediatras que anunciaran, por exemplo, no Centro de Saúde do Grove ou de Baltar, e pasalos para Marín, neste xogo das sillas de a ver quen pilla e a ver quen é capaz de conseguir que teña algún profesional o seu centro de saúde.

Asistimos atónitas ao ver como a alternativa que dá o Partido Popular a esta desfeita é o que lle chaman «reorganización». Din que van estudar a reorganización dos centros de saúde e dos PAC, o que significa única e exclusivamente avaliar a posibilidade de pechar centros. Son alternativas do Partido Popular para facilitarlles aos profesionais que vaian traballar á privada. Esa é a magnífica alternativa do Partido Popular: en vez de premiar os que teñen unha aposta clara e decidida pola sanidade pública, a aposta é facilitarlle que traballen na privada, deixar algúns PAC sen facultativo ou con enfermería, eliminar a atención pediátrica cada vez en máis centros de saúde e insistir na precariedade laboral, porque, se non, que me explique o Partido Popular como é posible que no ano 2022 sigan a ser a inmensa maioría dos que rematan a formación MIR os que non queiran aceptar contratos en atención primaria. ¿Como é posible que, no ano 2021, 105 facultativos ou facultativas en Galicia pediran o certificado de idoneidade —que é o que piden para marchar a traballar, ou o que necesitan para marchar a traballar fóra de Galiza— se non é por unha situación constante, permanente e continua de precariedade laboral?



Polo tanto, o Partido Popular practica esa política sanitaria criminal, encamiñada a roubar-lles aos galegos e galegas o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función da necesidade que teñan de atención sanitaria e non en función da carteira que teñan.

É unha política que busca claramente cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria, na que para recibir atención médica teñamos que ir coa tarxeta bancaria nos dentes na vez de ter unha tarxeta sanitaria que nos garanta esa atención. Iso é o que está facendo o Partido Popular, e os datos son clarificadores, porque non chegamos aquí da noite para a mañá. Eu supoño que, seguindo a estratexia habitual, virá aquí a deputada do Partido Popular a dicir: ¡Pero bueno, ¿como non se dan conta de que o problema é que non hai médicos?! ¡O problema é que non hai médicos! Como se o Partido Popular non levase gobernando toda a vida en Galicia e non fosen os responsables tanto de que os haxa como de que non os haxa. Ou sexa, que se non os hai é polas políticas do Partido Popular. E voulle dar uns datos que creo que son moi clarificadores.

Mire, ese non haber médicos é unha folla de ruta clarísima, de vasos comunicantes: se funciona ben a pública, a xente non vai á privada. Iso é que o sabe ata un neno de 2 anos. Iso é así. ¿E que leva facendo o Partido Popular para esa deterioración da pública e que a xente teña que ir á privada? Pois investindo menos, investindo menos en atención primaria. Se calculamos canto deixaron de investir desde o ano 2009 —é dicir en trece anos—, veremos que só con que mantivesen o mesmo orzamento do 2009 —xa non digo que o fosen aumentando, porque, evidentemente, todo sobe—, falaríamos de máis de 2.000 millóns de euros que non investiron en atención primaria. E resulta que o Partido Popular ten Galiza no posto dous pola cola en investimento en atención primaria. (*A señora Prado Cores amosa un documento.*) Só inviste menos Madrid. Estes son datos do Ministerio, non son datos elaborados polo Bloque Nacionalista Galego. Galiza á cola, un 11,6 %, cando todas as recomendacións de todos os organismos, empezando pola Organización Mundial da Saúde, din que ten que haber o 25 %. Pois Galiza, a segunda pola cola, e cuarta pola cola en investimento para pagar os nosos profesionais. Co cal, xa me dirán como, pagando menos, resulta que queren que os profesionais se manteñan na sanidade pública de Galiza.

E imos aos datos. O aumento en gasto dos galegos e das galegas na sanidade privada non fixo máis que aumentar. No ano 2021 cada persoa gastou en Galiza 500 euros por cabeza, máis que a media do Estado español, cando temos as pensións e os salarios máis baixos; é dicir, xa é un drama que sexamos os que máis gastamos, pero é un drama maior cando temos os salarios e as pensións máis baixas.

E tamén temos o maior gasto por fogar por riba da media do Estado. Entón, son algúns exemplos de por que a sanidade pública en Galiza, de por que a atención primaria en Galiza, está na situación que está, consecuencia da actuación constante e decidida do Partido Popular por desmantelala.

Por iso hoxe presentamos esta moción, onde demandamos medidas, en primeiro lugar, para a Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés, porque xa expliquei na interpelación do anterior pleno que está convertida no auténtico quilómetro cero da desfeita sanitaria, con algún PAC onde



un día si e outro tamén non hai médicos, con atención pediátrica practicamente desaparecida de todos os centros de saúde e cos centros de saúde con persoal baixo mínimos.

Pedimos que se garanta que todos os PAC teñan equipos completos, persoal facultativo, enfermería e persoal administrativo, sexan PXX ou sexan celadores. Non imos aceptar os PAC sen equipos completos que poñen en risco a saúde e a vida dos galegos e que, ademais, someten os profesionais a un estrés inaceptábel. *(Aplausos.)*

Pedimos un plan inmediato para reter os profesionais. Non poden seguir fuxindo en desbandada; e, se seguen fuxindo en desbandada, non é para facer turismo, é porque en Galiza o Partido Popular os ten sometidos a unhas condicións laborais inaceptábeis. Diante disto, haberá que tomar algunha medida en vez de dicir «*es que no hay*». Terán que explicar por que os que hai marchan e non quedan en Galiza.

Tamén pedimos que se poña en marcha de xeito inmediato un rexistro específico para saber que é o que está acontecendo e poder enfrontarnos á realidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

¿Como é posible que o Partido Popular se negue sistematicamente a que saibamos o número de profesionais que hai neste momento, cantos están traballando, cantos marcharon, cal é o número de prazas MIR que se solicitaron, cantas vacantes hai e cantas están cubertas? É dicir, ¿por que se nega o Partido Popular a facilitar información para que saibamos cal é a radiografía neste momento da atención primaria?

Polo tanto, pedimos medidas destinadas a ter información...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...a que o Goberno galego actúe e non siga de comentarista, porque o Goberno non está para describirnos o problema, está para solucionarnos o problema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Dende o Grupo Socialista imos apoiar a moción que se presenta. É certo que un, cando empeza a ler a moción, xa vai ao choque directamente. Entón, vexo o Partido Popular con difi-



cultades para aprobala, pero, en todo caso, coma sempre, desexámoslle ao BNG toda a sorte que nós moitas veces non temos.

E é que a cuestión é verdadeiramente preocupante. Fíxense, onte, neste Parlamento, debátiase unha iniciativa do Grupo Socialista sobre a situación preocupante e difícil do Centro de Saúde e do PAC de Caldas. Escoitabamos o Partido Popular dicir que estaba todo fantástico, que estaban tomando todas as medidas necesarias e que estaban a favor incluso do que propoñiamos, aínda que eles xa se adiantaran. Ese mesmo día o PAC de Caldas quedou outra vez sen médicos. A verdade é que as coincidencias non lle fan moito favor ao Partido Popular.

E, en realidade, este problema que se dá especialmente na Área de Pontevedra-O Salnés, que era a área orixinal motivo da iniciativa da interpelación do Bloque Nacionalista Galego no pleno pasado, aínda que ten que ver con outros lugares, dáse especialmente nesta área, que non é, precisamente, unha área de difícil cobertura en termos poboacionais, senón que é —cadaquén vai defender a súa terra— unha zona fantástica para que a xente viva alí, unha zona dinámica, unha zona chea de poboación, unha zona con moitísimas oportunidades. Dende logo, non ten outras dificultades que si poden tildar algún outro lugar de máis difícil cobertura para cubrir servizos; non é este o caso. Sen embargo, alí dáse de maneira esencial, e é porque non ten que ver unicamente con conceptos clásicos de difícil cobertura, ten que ver con outras cuestións relativas basicamente á política de recortes da última década, da década pasada. Este é o problema esencial que temos, como vou intentar explicar por vez número «x» elevado a infinito.

A Consellería, en realidade, o único que está facendo e o que quere é basicamente, neste momento, así de tapadillo, coller e resolver o seu problema. E isto parécenos ben, pero, por se acaso vostedes están pensando nalgunha medida, nós xa lles adiantamos: a nós parécenos un paso atrás pechar centros de saúde. Por se acaso queda algunha dúbida —que vostedes están moi alegres con que alguén lles propoña isto, porque así xa teñen a excusa para facelo—, nós estamos en contra, con claridade, porque iso resolvería o problema da Consellería, pero vostedes estanse olvidando de que a cuestión non é resolverlle o problema á Consellería, senón que é resolverlle o problema á cidadanía. A Consellería ten unha tendencia ultimamente moi habitual: ten un problema para cubrir profesionais dos centros de saúde e entón inventa, primeiro, que os MIR queden sós para cubrir os PAC; logo inventou que podían ter consultas telemáticas para resolver problemas nos PAC, que tiveron que parar cando viron a contestación social; están agora co intento de que enfermeiras cubran as prazas de médicos; e agora empezan a falar de pechar e de concentrar recursos, que é unha terminoloxía moi técnica, pero que basicamente é pechar centros de saúde.

Todo iso resolve o problema da Consellería, que ten dificultades de xestión. ¿E entón que fai? Limita o seu espazo de xestión. Se teño unha incapacidade ou unha dificultade para cubrir todos os servizos, quito servizos e, así, xa non hai tanta dificultade; unha idea perfecta, salvando o problema de que lles quitamos o servizo aos cidadáns, que esa é a esencia da cuestión.

Nós xa saben que defendemos que hai moitísimas posibles solucións, nunca perfectas, pero que hai camiños bos, como mellorar as condicións; obviamente, mellorar as condicións dos profesionais, pero falamos de todos os profesionais, que vostedes están falando unicamente



de médicos, e o sistema sanitario é moito máis que os médicos. Hai moitas categorías laborais que vostedes non incrementan e que desafogarían moitísimo os centros de saúde. Hai que darlles todas as competencias a todas as categorías, o teito competencial de cada categoría, facendo... Por certo, cando vostedes veñen aquí defender que hai que ampliar competencias de maneira impulsiva, desordenada e sen pensalo, atendan cando lles dicimos que non podemos aprobar nin validar medidas que teñen dubidoso encaixe legal. E vostedes acúsanos de demagóxicos e populistas, pero pásalles que chega o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dilles o que lles dicimos os socialistas: que vostedes están tomando medidas de maneira impulsiva. E bótanlles atrás as medidas, como pasou hai recentes días, que nalgunha cousa na que vostedes presumiron aquí e incluso nos botaban en cara non ter apoiado nin votado a favor, chega o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dilles que para atrás, que esa medida non vale. E aquí ninguén pide desculpas, ninguén di nada, ninguén xustifica, ninguén explica; a vostedes seguiralles parecendo ben dicir que son vostedes fantásticos e que toman unhas medidas encantadoras.

En todo caso, creo que como este debate é un debate trillado e non imos tender moito a ir máis alá do debate, porque sabemos da cerrazón do Partido Popular, nós imos pretender facer, aportar —se somos quen—, unha pequena reflexión sobre por que faltan médicos, porque vostedes centran isto basicamente nos médicos, e nós insistimos en que hai outras categorías, pero vostedes céntranos nos médicos.

¿Por que é tan difícil dotar de médicos o sistema de atención primaria? Ben, o Partido Popular basicamente explica isto habitualmente en que é un problema de formación, en que non temos a capacidade de formar, porque como interpretan que iso só o fai o MIR, e é o único do que ten a responsabilidade o Ministerio, pois xa está atopado o problema: a culpa é do Ministerio. Imos avaliar se temos un problema de formación de médicos.

Miren, España —porque os médicos teñen habilitación nacional para traballar— ten máis ou menos agora mesmo case nove mil estudantes que entran en Medicina cada ano, e xubílanse oito mil médicos cada ano. Nós producimos máis médicos dos que se xubilan. Hai uns quince ou vinte anos tiñamos soamente a metade dos centros que forman en medicina en España; agora temos o dobre que hai quince ou vinte. Somos o segundo país do mundo con máis facultades de medicina por habitante, detrás unicamente de Corea do Sur. ¡O segundo país do mundo! Formamos máis médicos, non é un problema de formación.

Segunda cuestión. Vostedes din: non, é un problema exclusivamente do MIR, porque non hai MIR, non hai. As últimas cinco convocatorias son as máis grandes da historia, tamén en Atención Primaria, en Medicina de Familia, e tamén en Galicia. Por certo, vostedes culpan os gobernos do Estado, e este actual goberno do Estado agora mesmo máis que duplica a formación MIR en atención primaria con respecto a calquera ano dos gobernos Rajoy, ¡máis que o duplica! Non é un problema de prazas MIR. Vostedes alegan moitas veces: non, é que se nos ocupa todo cos médicos de Urxencias, que, para ir traballar a Urxencias, efectivamente, teñen que facer o MIR en Atención Primaria.

Miren, este sería un argumento razoable se todas as prazas de Primaria se ocupasen e existisen persoas que, querendo facer a especialidade de Primaria, non puidesen porque outros



que queren facer Urxencias ocupan esas prazas, pero non é o caso de Galicia. En Galicia non hai nin unha soa persoa, nin unha soa solicitude de alguén que queira facer Medicina de Familia e non teña praza MIR. De feito, sobran; sobran prazas MIR. O ano pasado sobraron nove, que quedaron sen cubrir. Sobran prazas MIR de Primaria, non hai ese problema. Eu teño un amigo que, cando organizamos —os amigos— ir comer un bo churrasco, sempre quere ir a un sitio porque di: Imos a ese, que, ¡mira todo o que sobra...! Eu sempre digo que igual non hai que medir o sitio polo que sobra, senón polo bo que é o churrasco, aínda que xa saben que neste país, se non sobra, é que falta. Pero, en todo caso, vostedes están nesa mesma xogada: que sobren. Vostedes o que queren é que sobren máis prazas. Non nos vai resolver nada, non hai nin un só médico ou médica en Galicia que quixese facer Medicina de Familia e non puidese; o que pasa é que non queren.

Vostedes falan agora das incompatibilidades da medicina pública e privada e das incompatibilidades dos médicos da medicina pública coa privada. Miren, ese é un debate moi importante en atención hospitalaria, moi importante, que hai que afrontar con moita seriedade, pero non é un problema de atención primaria. Empezaron onte a dar ese debate, apoiados noutros intereses. Non é a perspectiva en atención primaria, non hai un problema de compatibilidade, non hai médicos que teñan de maneira real —haberá un caso, dous ou dez en toda Galicia— un problema de compatibilidade entre pública e privada no ámbito da primaria, non os hai. Ese non é o problema da primaria tampouco; reconten os casos, non existen.

Agora empezan con que hai demasiados centros de saúde. Xa o fixeron cos pediatras. Pasaron anos dicindo: é que temos un servizo de pediatría que non hai en Europa adiante; igual temos demasiada pediatría. ¿Que están dicindo agora? Que xa non vai haber pediatría en todos os centros de saúde. Están empezando a dicir que igual non son necesarios tantos centros de saúde. E xa lles dicimos que, por aí, non; que, pasos atrás, nunca máis, ¡valla o día!

Así que, ¿onde está o problema? O problema está nas condicións laborais, en que os profesionais non queren ir á primaria, especialmente en Galicia, e noutras comunidades. ¿Hai comunidades que cobren todas as prazas? Si, curiosamente, as que mellor pagan; curiosamente, as que teñen máis días de libranza; curiosamente, as que teñen máis recursos materiais nos centros de saúde; curiosamente, aquelas onde os profesionais afirman sentirse máis valorados. Esas cobren todas as súas prazas de Primaria, e, aínda así, teñen dificultades, pero menos, ¡pero menos! E aí está o problema, aí está a cuestión. Os profesionais hoxe poden escoller. E vostedes non falen de condicións laborais falando de que dan un contrato estable. Un contrato estable no sistema de saúde hoxe ofértao calquera comunidade autónoma, calquera país de Europa. Cando vostedes din: ¿parécelles pouco un contrato estable para toda a vida? Si, claro que é pouco, porque iso o ten calquera en calquera sitio. E hoxe un mozo ou unha moza de Vigo ten tan cerca Berlín como Ribadeo —vostedes non dan entendido iso—; a diferenza é que en Berlín lle pagan tres veces máis, a diferenza é que en Porto lle pagan un 150 por cento do que lle pagan aquí, e está a unha hora e cuarto de casa. Ese é o problema, que vostedes non son competitivos porque non queren, e levan dez anos traballando para non ser competitivos; recortando e, ademais, non incentivando.

Polo tanto, aí está o problema. A Consellería non debe traballar para solucionar os seus problemas, pechando o centro de saúde ou limitando a atención; debe traballar para solucionar



os problemas da cidadanía. E se non entenden iso, aí está o problema, que vostedes traballan para saír do paso, e nós cremos que teñen que traballar para dar unha mellor asistencia sanitaria aos cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Antes de nada, permítame que lle diga, señora Prado, que xa me deixou claro o que a vostede lle importa a sanidade nos primeiros minutos que tivo para vir aquí defendela. (*Aplausos.*)

Señorías, seguen coa mesma teima, dá igual o que escoiten, o que lean ou o que vexan, señora Prado. Negan o evidente e están ancorados na mesma manía de desprestixio da sanidade. Pleno tras pleno, sempre ofrece o mesmo discurso frívolo e falto de rigor. Desde logo, as súas manifestacións non parecen propias dun debate serio. No seu discurso alarmista tentan embarrar e confundir a poboación, alporizando e mobilizando con falsidades e pintando situacións exaxeradas que nada teñen que ver coa realidade. Estamos debatendo cuestións moi serias, e non se debería tratar de crear confusión, salvo que sexa precisamente isto o que vostede pretende. Aclárenolo, por favor, no seu segundo turno.

A realidade da situación actual que temos é a escaseza de profesionais sanitarios, e dende a Consellería, desde logo, lóitase por revertela, esforzándose día a día con medidas dirixidas a este fin.

Falaba de presupostos. Este mesmo ano temos o maior presuposto da Xunta de Galicia en sanidade: 4.972 millóns de euros, fronte aos 400 que tiñan cando gobernaban vostedes. En Atención Primaria, 1.500 millóns de euros, dos cales 570 son exclusivamente para sanidade. Temos unha sanidade mala malísima, pero, mire, onte mesmo, nos Premios VIP, o 70 % deses premios viñeron para a comunidade galega e para Madrid. ¡É moi mala! Vostede sabe perfectamente que no día de hoxe non hai médicos especialistas en Atención Primaria; vostedes sábeno e aínda así seguen insistindo en que hai médicos especialistas dispoñibles.

Mire, onte na Comisión 5^a mostreille esta mesma gráfica (*A señora Amigo Díaz mostra unha gráfica.*): médicos de familia en atención primaria, lista vixente, novos aspirantes: cero; cero en todas as áreas. Non hai. Pero vostedes seguen coa mesma teima. Coñecedores da realidade —porque o son—, non teñen razón para dicir o que están dicindo.

E mire, a Xunta de Galicia neste eido, ¿que fai no día de hoxe? Cobre o cen por cento das prazas de formación de Medicina de Familia que se acreditan, e que ademais se duplicaron nos últimos anos. Contrátase o cen por cento dos profesionais dispoñibles; como vía, a lista de contratación, a cero.



Señora Prado, a sanidade deféndese con feitos. Iso é o que está facendo o Partido Popular día tras día desde que o pobo galego depositou nel hai xa moitos anos esta responsabilidade de goberno. Todas esas medidas que vostedes aplican, todas esas teorías —que supoño que aplicarían cando tamén gobernaban—, mire o que as tivo en conta o pobo galego, que, elección tras elección, segue elixindo o Partido Popular.

¿Que fan vostedes? Alarman, din o que se lles ocorre e tentan confundir.

Falan de pechar centros de saúde. ¿Pero que estamos escoitando aquí? ¿En que momento se dixo que se ían pechar centros de saúde? ¡Por favor, señores do PSOE, señores do Bloque, aquí non se vai pechar ningún centro de saúde! (*Aplausos.*) Díxoo o presidente, díxoo o conselleiro. Nosoutros somos un partido que cumpre o que di; non se confundan. Outra cousa é que vostedes fagan oídos xordos ante calquera declaración ou calquera compromiso. Mire, a vontade da Xunta é cubrir as distintas prazas que no día de hoxe se atopan vacantes en calquera concello de Galicia, en calquera PAC ou en calquera centro de saúde, pero, claro está, sempre que se atopen profesionais sanitarios para ocupalas. Isto téñollelo que dicir, porque é importante, porque dá a impresión de que desde a oposición queren facer ver que esa falta de médicos se debe á Consellería, e iso é porque goberna o Partido Popular. Claro, leva tantos anos gobernando en Cataluña, cos cataláns, cos valencianos, en Vascongadas... Nas Vascongadas tamén, que tamén se pode dicir. Pódese dicir País Vasco ou Vascongadas, porque onte, que se alarmaron, fun á Wikipedia, (*Murmurios.*) e, aínda que é un termo antigo, claro, pódese dicir. (*Murmurios.*)

É moito máis alarmante o que pasa cos seus pactos, moitísimo máis. Miren, vostedes non están pensando en solucionar nada, e téñeno demostrado. Somos conscientes todos nós das diferentes medidas que se levan tomando desde a Consellería de Sanidade para unha solución desta problemática, pero, como saben, son limitadas. Esa falta de especialistas —que, como lles dicía, non só é aquí, é en toda España— é un problema nacional, de todas as comunidades. E non fai falta máis que ler a prensa de vez en cando —e xa non lles digo todos os días—. ¿Mente toda a prensa do país? ¿Os xornalistas doutras comunidades están tamén ao servizo do Partido Popular? Pois non; non, señora Prado. É un problema global. E, fronte a un problema global, hai que poñer solucións globais. Poden comprobalo perfectamente, poden chamar os seus compañeiros noutras comunidades. Non é unha problemática de ideoloxía ou de xestión das comunidades do Partido Popular, é un problema do que neste país non se libra ninguén. A situación é complexa, está claro. Está claro que hai unha raíz común a este problema de déficit de médicos, e tamén hai solucións comúns, pero estas deben de vir a nivel estatal.

Dícialle, señora Prado, na interpelación ao conselleiro, que non sabía o que pasaba ou cales eran as causas do Estado a respecto do que acontece na sanidade, e que si sabía o que pasaba en Galicia e por que pasa. Mire, señora Prado, pasa porque o Goberno galego, co Goberno vasco e co Goberno catalán, xunto con outras comunidades autónomas, coincidiron nun manifesto, exixindo ao Goberno de España medidas que son competencias exclusivamente do Estado, que son aquelas relacionadas coa acreditación de formación en atención primaria. E supoño que non cuestionará o Goberno vasco ou o Goberno catalán nin dirá que tamén foxen alí das súas competencias. Mire, xestionan a sanidade igual ca nós, e igual ca nós teñen as dificultades derivadas de quen xestiona o sistema de formación especializada, que é o Go-



berno de España, non é outro, que leva anos ignorando as reformas que se deben de acometer, concretamente desde o ano 2018, de xeito flagrante.

Mire, este consello do ano 2018 acordou flexibilizar a formación de novos médicos nas especialidades deficitarias. Acordouse entre unha maioría de gobernos autonómicos —nese momento socialistas— cun goberno nacional central, que nese momento era do Partido Popular. E recórdolle de novo o que vostede dixo no debate de orzamentos da Comisión de Sanidade, señora Prado: que a pedir a Madrid ao BNG non lle ganaba ninguén. Mire, erraba; gánalle o PNV, Junts, Esquerra, Coalición Canaria, Partido Socialista de Cantabria, e tamén lle gana o PP. Porque todos estes partidos facilitaron que se aprobase neste mesmo ano unha resolución do Congreso pedíndolle ao Goberno central que tome as medidas que se necesitan en todos os servizos de saúde autonómicos. ¿E quen votou en contra? Pois o Partido Socialista e vostedes, señora Prado; o BNG, o seu socio fiel. Non lles importa votar contra os intereses de Galicia. Afortunadamente, aprobouse, e o Goberno de España ten o mandato parlamentario que ten que cumprir. Tamén o trouxemos a este Parlamento, ¿e quen votou en contra? De novo, vostedes. Vostedes, que queren arranxar a sanidade votando en contra de todo aquilo que a pode mellorar. Pero xa sabemos que, para o Partido Socialista e para o BNG, canto peor, mellor para os seus intereses electoralistas. Iso é así.

E o que xa é para nota é a noticia do trato feito con EH Bildu para incrementar 200 prazas a maiores de médicos de familia, cunha dotación de 2 millóns de euros, a cambio da firma dos presupostos xerais do Estado. Todo isto, cando hai poucas semanas a ministra Darias lle dicía ao presidente Rueda que era imposible aumentar as prazas MIR. Eu persoalmente alegríame de que no noso país se formen máis MIR, porque os necesitamos; necesitamos máis médicos de familia, aínda que sexa no País Vasco. É unha boa noticia. ¡Mágoa que non nos tocasse a nós! Señora Prado, vostedes son socios incondicionais do PSOE, pero unha vez máis lle ganaron a partida ao señor Rego. Supoño que, como agora xa non está Adriana, pois o pacto tamén perdería forza; pode ser. Ou pode ser tamén que cando se trata de elixir entre favorecer a Galicia ou apoiar a Pedro Sánchez, o BNG está do lado do socialismo e en contra de Galicia.

Nós, desde Galicia, igual que desde outros gobernos de comunidades autónomas —algunhas de distinta cor política—, pedimos que o Goberno central tome as medidas que necesitamos para poder seguir exercendo as nosas competencias. Queremos ter máis capacidade para poder formar e para poder contratar máis profesionais, nunca estivemos de mans cruzadas. Por iso desde a Consellería de Sanidade, desde o Goberno do Partido Popular, tomouse partido e leváronse a cabo todas as medidas posibles dentro do seu ámbito competencial, dentro do ámbito que ten cada comunidade autónoma. Todas, señora Prado, ¡todas! Creouse unha nova categoría de facultativo especialista de primaria cunha medida innovadora, e, como foi un éxito esta primeira convocatoria, pois tróuxose a este Parlamento unha lei que permitise realizar convocatorias mediante esta modalidade de concurso para prazas en pediatría e en psiquiatría. Pero, desde logo, isto aprobouse co seu voto en contra. Sempre en contra das solucións.

Se a súa verdadeira intención fose a mellora da sanidade, votarían estas medidas a favor e non actuarían da maneira que actúan, terxiversando e embarrando. Pero, claro, votar a favor



destas medidas non lles interesa; non lles interesa en absoluto que a sanidade mellore. É evidente e manifesto que, tras esta campaña de manipulación e terxiversación, vostedes teñen un interese político en que a situación non vaia a mellor, non sexa que melloremos a sanidade, consigamos cubrir prazas e se lles acabe o seu discurso; que veñen aí as eleccións e hai que alporizar e meter medo, que diso, señorías, vostedes saben bastante.

Seguen repetindo mantras como que os médicos foxen da nosa comunidade, cando saben perfectamente que o 90 % dos MIR formados en Galicia nos últimos dez anos traballan no Sergas, e o 64 % con praza en propiedade e certificado de idoneidade. Calquera médico que queira facer unha estadía dun mes ou de tres meses noutro lado ten que pedir ese certificado, e non significa que vaian fuxir deste país, que ten esta sanidade tan mala.

Seguen falando de derivacións masivas á privada, cando o Consello de Contas deixa claro que os concertos da privada supuxeron un 4,6 % do seu gasto real total. No ano 2008 saben que superaba o 6 %, e hoxe é case dous puntos inferior. Pero a vostedes dálles igual, que os datos non lles estraguen poder agarrarse a unha pancarta.

Está claro tamén que erran á hora de gastar as enerxías, que estarían mellor empregadas en pedirlle ao Goberno central —aos seus socios de Goberno— que cumpra coas súas obrigas en materia sanitaria e que escoite as comunidades autónomas, de todas as cores —a todas, sen excepción—. Porque hoxe é un clamor nacional o que está acontecendo coa falta de resposta da Moncloa, incapaz de tomar as medidas necesarias para a mellora da sanidade; aquelas que, aínda que lles pese, son única e exclusivamente responsabilidade do desgoverno central do señor Pedro Sánchez. E coa que está caendo coa sanidade pública española, xa vemos cal é a preocupación do señor Sánchez: deixar descabezado o Ministerio e poñer a ministra en modo electoral, preocupada só pola súa candidatura á alcaldía das Palmas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Bueno, pois imos parafrasear a Lincoln: poden enganar a todos algún tempo, a algúns todo o tempo, pero non vai conseguir o Partido Popular enganar a todos todo o tempo. Non o conseguiron hai vinte anos, e o pobo galego deu unha mostra de dignidade o 1 de decembro e díxolles «Nunca máis». O pobo galego está saíndo ás rúas nun clamor dicíndolles que non así, *(Aplausos.)* que a sanidade ten que ser pública e de calidade universal; *(Aplausos.)* que non dependa da carteira, senón da necesidade de atención. *(Aplausos.)* Nunca máis están crendo o Partido Popular. E, si, dediquei uns minutos a iso, porque o pobo galego ten me-



moria e pode facerse o tonto, pero non o é, por moito que o Partido Popular pretenda tornarnos por tontos.

Vostedes din que aquí non hai ningún problema e que todo o mundo ten problemas... Pois dimitan en bloque e fagan dimitir o Goberno da Xunta, porque non teñen ningunha capacidade para solucionar ningún problema. Iso é o que veñen dicir aquí un día si e outro tamén, señora deputada do Partido Popular: que hai un goberno que non ten capacidade para solucionar nada porque llo teñen que solucionar outros. Porque vostede vén aquí continuamente dicir: hai un problema, pero «*lo tiene que solucionar Madrid*». Claro, teno que solucionar Madrid, pero resulta que o Partido Popular non quere ningunha competencia para poder solucionalo aquí, porque está instalado simplemente no poder polo poder, simplemente no poder para actuar desde o poder en beneficio dos amigos. Ese é o único camiño do Partido Popular; un Partido Popular que resulta que lles rebaixa os impostos aos ricos mentres recorta en sanidade pública. (Aplausos.) Ese é o Partido Popular. (Aplausos.) ¡Ese é o Partido Popular! (Aplausos.)

E o problema non é de quen é socio o BNG, o problema é que o Partido Popular é o brazo armado do capital. O problema é que o Partido Popular está nos gobernos para actuar ao servizo do capital, para actuar ao servizo dos de arriba. (Aplausos.) Ese é o auténtico problema.

«E aquí non se vai pechar ningún centro de saúde». Entón, ¿por que fai unha nota de prensa despois dunha reunión ao máximo nivel onde está o presidente da Xunta, o conselleiro e a xerente do Sergas e din que van avaliar as propostas de reorganización e facilitar poder traballar na privada? ¿Por que non din: non, non, non, baixo ningún concepto imos estudar isto? Porque din que van avaliar as propostas que están encima da mesa, que lle piden reorganizar. ¿E a que lle chaman vostedes «reorganizar»? Levan reorganizando a Pediatría desde hai trece anos? ¿Que significa? Deixar sen Pediatría as nosas crianzas. (Murmurios.) Levan reorganizando os PAC desde hai non sei canto tempo, ¿e que significa? Que non haxa no día de hoxe médicos en moitos deses PAC, que a xente ante peregrinando; que chegue aos PAC e se atope con que non hai persoal facultativo e cun carteliño que di: «Vaia vostede ás Urgencias do hospital». E as Urgencias, colapsadas. ¿E que queda no camiño? A poboación sen asistencia. Iso é a folla de ruta do Partido Popular. Entón, para que lles creamos que non se vai pechar ningún centro de saúde, saian e digan alto e claro que non van estudar absolutamente ningunha proposta que signifique reorganizar, nin van facilitar o traballo na privada mentres non estea perfectamente solucionado o da atención na pública.

Hai que poñer medidas encima da mesa, e o Goberno do Estado ten que poñer as que lle co-rresponda. Efectivamente, en reclamarlle a Madrid o que nos corresponde, non lle vai dar ningunha lección o Partido Popular ao BNG, absolutamente ningunha. (Aplausos.) ¡Absolutamente ningunha! (Aplausos.) Alternativas, propostas que dependen da Xunta de Galiza... Porque non sei se saben que hai unha cousa que se chama Xunta de Galiza que é o Goberno dos galegos e das galegas, con competencias escasas, pero algunhas teñen; en materia de sanidade ten competencias exclusivas.

E falan de medidas para que os profesionais non marchen. Vostedes todo o fían a que hai que formar máis. ¿E que están facendo para reter os que se forman? ¿Por que seguen permitindo



que marchen en desbandada? Resulta que di a deputada do Partido Popular: claro, os certificados de idoneidade pídeos a xente para facer un «*cursito*». ¡Que casualidade que cada ano son máis os que van facer «*cursitos*» fóra! ¡Cada ano son máis! ¿Por que non nos presentan un informe de cantos están traballando en Francia —que é agora o maior polo de atracción—? ¿Cantos están traballando no Reino Unido? ¿Cantos seguen traballando en Portugal e non queren volver para aquí? Porque, a pesar das dificultades que tamén hai en Portugal, están moito mellor que en Galiza. ¿Por que non nos presentan ese informe, que é o que pedimos hoxe nunha das medidas da moción? Pedimos datos: ¿cantos están?, ¿cantos marcharon?, ¿por que marcharon?, ¿cantas prazas MIR solicitaron?... Porque saíra, nun cadro, que non son dos que máis prazas solicitaron nin dos que teñen máis variacións. Non, Galiza non o é... Vostedes poden mentir da mañá á noite, que é o que fan entusiasticamente, pero iso non cambia a realidade. Simplemente detúrpana, simplemente manipúlana, pero non a cambian. E, sobre todo, non cambia que os galegos e as galegas están cada día máis desatendidos.

Nós pedimos nesta iniciativa medidas neste sentido. Pedimos que se oferten condicións laborais dignas para que non sigan marchando, pedimos que se incorporen novas categorías —levamos anos demandándoo— para que haxa equipos multidisciplinares que poidan atender mellor a poboación e que non haxa este colapso de axendas. ¿Por que votan sistematicamente en contra? ¿Non hai médicos, non hai PXS, non hai técnicos de ambulancia, non hai psicólogos clínicos, non hai matronas, non hai fisioterapeutas...? ¿Non hai nada diso...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...señoras e señores do Partido Popular? O que non hai é querer solucionar o problema, porque vostedes actúan única e exclusivamente ao servizo dos que decidiron xa hai tempo converter un ben tan esencial, tan prezado, como é a sanidade pública, en nicho de negocio para as súas empresas amigas. E eu dígolles que non llelo imos consentir, porque unha sanidade pública de calidade nos iguala diante da enfermidade e non depende da carteira que teñamos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Vostedes o que pretenden é que só teña unha asistencia de calidade quen poida pagala, e non llelo imos consentir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. (*Aplausos.*)

Saudamos os alumnos do ciclo superior de Administración e Finanzas e do ciclo medio de Xestión Administrativa do IES Campo de San Alberto, de Noia. Benvidos ao Parlamento e bo día.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do Plan Hurbe

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A nosa benvida tamén para o alumnado que está presente neste pleno.

No pasado pleno creo que demostramos dunha maneira moi clara e moi contundente como actuaba a Xunta do Partido Popular para facer unha repartición absolutamente partidista dos recursos públicos. E demostrámolo con datos incuestionábeis e tamén con exemplos de diferentes consellerías. Hoxe ampliaremos a información con máis datos e con máis exemplos.

Xa dixemos que o número un da repartición partidista dos fondos públicos é para o Plan Hurbe, obras en materia de urbanismo, e demos un dato que é absolutamente contundente: nos dous últimos anos, ata este mes de novembro, houbo 62 convenios asinados pola Xunta con concellos, 61 con concellos do Partido Popular. Estamos falando de 12,9 millóns de euros que a Xunta transfire a concellos do Partido Popular nunha actuación absolutamente partidista, parcial, e inxusta, polo tanto, tamén.

E se collemos todos os datos do Plan Hurbe desde o ano 2010, estamos a falar de 161 millóns de euros, dos cales o 90 por cento foron para concellos do Partido Popular.

Eu vou facer un medalleiro, un medalleiro caciquil; un medalleiro da repartición caciquil dos fondos públicos. E, neste medalleiro, a medalla de ouro da repartición caciquil é para a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, por esta repartición caciquil dos fondos do Plan Hurbe. E a medalla de prata..., ¿para quen é a medalla de prata? A medalla de prata é para Ángeles Vázquez, tamén para Ángeles Vázquez, neste caso pola repartición caciquil dos investimentos para auditorios, que é outro escándalo maiúsculo. E vou dar datos, máis datos. Bueno, teño que dicir que este premio o reparte *ex aequo* con Alfonso Rueda e con Román Rodríguez, que tamén teñen méritos abondo pola repartición partidista e caciquil das partidas para auditorios.

Miren, auditorio de Marín: anuncio en 2020, convenio en 2021, con foto de Rueda e Ángeles Vázquez, 2 millóns de euros —¡2021!—. Está sen gastar o primeiro euro; é dicir, retiveron dous anos dous millóns de euros que se puideron destinar a outros concellos por un criterio absolutamente partidista a caciquil. E xa lles digo —por se teñen algunha tentación de dicir algo— que non estamos en contra, loxicamente, de que se faga un auditorio en Marín, por suposto. Benvido sexa, é necesario, pero queremos que haxa un trato xusto, porque non o hai. Porque, ao mesmo tempo que facían isto con Marín, o concello de Bueu pedíalles un convenio e non os recibiu a conselleira de Medio Ambiente. Recibiunos a directora xeral de Urbanismo e díxolles que non había diñeiro ese ano e, polo tanto, que non había convenio —2021, febreiro de 2021—. En febreiro de 2021 estaba comprometido o gasto de todo o ano. ¡Ah!, pero no mes de xuño o alcalde de Begonte reúnese con Rueda e con Ángeles Vázquez e anuncian un convenio dun millón de euros, coa participación de tres consellerías, para financiar a rehabilitación do colexio de Baamonde para auditorio escolar de música. Iso si, despois de pechar un colexio e de desperdigar 30 alumnos por toda a contorna. Así é como tratan vostedes o ensino público. Pois ben, un millón de euros non nun convenio, senón en tres convenios: coa Axencia de Turismo, coa Consellería de Cultura e co Consellería de Medio Ambiente para o concello de Begonte.



E, ao mesmo tempo, vemos como hai outros concellos que non teñen a mesma sorte, porque a alcaldesa de Trabada, vendo a xogada, dixo: ¡Ah!, eu tamén quero un convenio —xusto despois desta foto de Begonte— e mándalle unha carta á Xunta de Galiza. Está esperando pola resposta desde o ano 2021.

Concello da Guarda: reúnese o alcalde coa conselleira de Medio Ambiente no ano 2017, mándalle unha carta pedíndolle colaboración para un auditorio, e están agardando pola resposta.

Concello do Grove: a mesma petición de colaboración da Xunta no ano 2016. A Xunta non responde e o Concello ten que buscar financiamento da Deputación de Pontevedra, que lle concede unha axuda dentro dunha repartición que se fai de fondos para todos os concellos; é dicir, gastan iso no que lle corresponde do Plan concellos, e hoxe en día teñen un auditorio que custou 5,1 millóns de euros; dos que o Concello puxo 3 millóns. ¿Saben canto puxo a Xunta? Cero euros, ¡cero euros! ¿Isto como se chama? Chámase repartición caciquil, partidista, discriminatoria dos fondos públicos, señoras e señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Seguimos co medalleiro: a medalla de bronce. Ben, para esta hai moitísimas candidaturas. En fin, está moi reñida a cousa. Para a medalla de bronce hai moitas consellerías que están facendo méritos cada vez máis —agora veñen as eleccións municipais e hai unha carreira tola—. Pero ímoslle dar a medalla de bronce á conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, porque de verdade que tamén está facendo moitísimos méritos a través de dous organismos fundamentalmente, que son Augas de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas. De Augas de Galicia poderíalle ler aquí —o que pasa é que non teño tempo— a previsión de investimentos para o ano 2023 que aparece na memoria dos orzamentos, onde hai unha repartición absolutamente descarada das pequenas obras de saneamento e de abastecemento.

E tamén lles podería falar, desde logo, da Axencia Galega de Infraestruturas, que é outro escándalo de como reparten os fondos públicos. Pero aquí xa están indo moito máis alá, están... *(Murmurios.)*

Perdón, é que me están... Estou escoitando aí un runrún que me molesta.

Xa están innovando. Concretamente o señor Menéndez, o director da Axencia Galega de Infraestruturas, xa está un paso máis adiante. Vemos que está facendo visitas aos concellos. Isto realmente é moi rechamante. *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* Imos que ter que darlle tamén unha mención de honra á Axencia Galega de Infraestruturas, ao señor Francisco Menéndez, porque está facendo visitas aos concellos. Teño aquí unha información das redes sociais. E o caso é que vai visitar unha estrada autonómica e non chama ao Goberno municipal, non chama á Alcaldía; vai da man do portavoz municipal do Partido Popular —isto é recente, de hai catro días—, e vai alí para ver as obras que hai que facer nese concello. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Como que? ¡Pero vostedes...! ¿Pero a vostedes parécelles normal isto? ¡Isto é o grave! ¡É grave que a vostedes lles pareza normal isto: que vaia facer a campaña electoral do Partido Popular polos concellos o director xeral de Infraestruturas!, *(Aplausos.)* e nunha falta absoluta de respecto institucional, porque non avisa o alcalde ou a alcaldesa e vai co portavoz do Par-



tido Popular. E vostedes din: «¿y?»». O problema é que a vostedes isto lles parece normal. Isto é o grave, que lles parece normal (*Murmurios*.) que utilicen as institucións para beneficiar os seus. Isto é o que a vostedes lles parece normal. ¡É un auténtico escándalo, maiúsculo! E claro, así vai o país, así vai a democracia neste país con este uso absolutamente perverso e partidista das institucións públicas. ¡Así vai!

Seguimos. É preciso acabar con estas prácticas caciquís, e hai que facelo fundamentalmente por tres razóns: por xustiza, porque non é un trato xusto, loxicamente, repartir así os cartos; por decencia; e por saúde democrática. Xa lles dixen na anterior intervención que esta era unha práctica absolutamente predemocrática; é unha práctica feudal, propia de tempos pasados, non dunha democracia plena.

E por isto o BNG trae a este pleno tres propostas concretas, que pensamos que non debería haber ningún motivo para non apoialas.

A primeira é a aprobación dunha norma legal de obrigado cumprimento, goberne quen goberne, para acabar con estas prácticas, para poñer nunha lei que os fondos públicos hai que repartilos con criterios obxectivos, equitativos e iguais para todos e todas, sen convenios a dedo; algo tan sinxelo coma iso. Pódese facer modificando, por exemplo, esa lei que lle chamaman..., que non é de transparencia e bo goberno. Por exemplo, podíase facer así.

E mentres non se faga iso, o que pedimos é que o diñeiro que se transfire aos concellos se faga mediante un procedemento equitativo, que é a concorrência competitiva, unha convocatoria de subvencións con concorrência competitiva onde se presente todo o mundo. Se hai unha partida para financiar, poñamos por caso, auditorios, pois que todos os concellos que teñan un proxecto para financiar un auditorio se presenten aí; ou para infraestruturas deportivas ou para o que sexa.

A proposta número dous é que este diñeiro que se dedica a estes investimentos se traslade ao Fondo de Cooperación Local ou que se cree un fondo específico de investimentos en concellos para este tipo de obras e que se financien con este montante xeral este tipo de investimentos, de maneira que todos os concellos saiban o que lles corresponde e poidan financiar as súas actuacións.

E a terceira proposta é crear unha ferramenta informática, unha plataforma na web, onde se poida visualizar todo o diñeiro que a Xunta transfere aos concellos nunha serie histórica e concello por concello e consellería por consellería. Isto neste momento non se pode facer; é unha demanda histórica tamén da Fegamp. Non se pode facer porque poría en evidencia todas estas prácticas caciquís da Xunta do Partido Popular.

Remato pedíndolles o apoio para estas tres propostas que son moi de mínimos e que son propostas en positivo para garantir un trato equitativo, un trato xusto e un respecto para todos os concellos galegos. É unha proposta alternativa, democrática para unha repartición equitativa e xusta dos recursos públicos.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputados.

A verdade é que esta moción que trae hoxe o BNG vai en concordancia con moitas das que temos traído os socialistas unha e outra vez, aínda que realmente con nulos resultados. Pero, tal e como lle dicía o meu compañeiro Torrado na anterior iniciativa, tamén lle desexamos sorte ao BNG, aínda que esa sorte sería para todos os concellos galegos.

Este rexeitamento é debido unha e outra vez ao rodillo do Partido Popular: a vostedes, señores e señoras deputados do Partido Popular, os que están presentes nesta Cámara e nesta bancada, que entenden que os fondos públicos —é dicir, os fondos que son de todos os galegos e de todas as galegas— se poden ou se deben repartir dunha maneira arbitraria, caciquil, sen un mínimo de transparencia e sen que haxa igualdade de oportunidades para todos os concellos galegos.

Eu entendo que será porque moitos de vostedes, ou algúns de vostedes, están neses concellos, que son beneficiados por ese dedo favorecedor da Xunta de Galicia para concellos gobernados polo Partido Popular. Pero tamén estou segura de que algúns e algunhas están en concellos que non son beneficiados, aínda que teñan gobernos do Partido Popular. Polo tanto, eu préstome para prestarlles todos os meus cadros e todos eses gráficos nos que fago toda a distribución que se fai desa repartición de fondos públicos para que comproben —non pasen o traballo, xa o teño feito eu; eu préstollelo para que o vexan— e así tamén se poidan sumar a este rexeitamento e votar en contra desta forma de gobernar que ten por costume o Partido Popular. *(Aplausos.)* Dá igual que sexa con Feijóo, dá igual que sexa con Rueda e, polo que vemos, dá igual que sexa tamén con Calvo.

A verdade é que escoitando na interpelación o outro día a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tal parecía que os equivocados eramos os grupos da oposición, señor Bará, polo que eu tiven que volver mirar eses cadros nos que paso bastante tempo mirando cada un dos convenios e eses gráficos nos que fago esa repartición que fai a Xunta de Galicia cos concellos dunha cor e doutra. E a verdade é que non, non; estamos na razón. Mire, vólles ensinar... *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un cadro.)* O cadro a verdade é que é moi significativo, pero, á parte do cadro, teño tamén o gráfico, *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un gráfico.)* por se alguén ten algunha dúbida. E con estes cadros o que nos está dicindo é que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, durante os anos 2019, 2020 e 2021, repartiu nove de cada dez euros a concellos con gobernos do Partido Popular, a través de convenios de colaboración, eses que se fan con «dedito», a este si e a este non *(A señora Rodríguez Rumbo fai acenos co dedo índice.)* É dicir, case doce millóns de euros, dos que once millóns de euros foron para concellos gobernados polo Partido Popular. E se miramos o número, pois podemos dicir o mesmo: dos 113 concellos beneficiados, 103 concellos tiñan gobernos do Partido Popular; é dicir, o 91 por cento.



Eu poderíalles traer tamén —non pasen o traballo, que tamén llelos podo traer— ano por ano e concello por concello, pero coido que esta gráfica é máis que suficiente para ver esa forma de repartición caciquil, sen ningún tipo de transparencia, que ten o Goberno da Xunta de Galicia cara aos concellos galegos. *(Aplausos.)*

Tamén terei ocasión de evidenciar aquí a repartición que se fai do Plan Hurbe. Hoxe non me vou parar, pero asegúrolles que a porcentaxe é bastante similar.

E, señor Bará, xa que vostede está co medalleiro, eu súpome, pero eu creo que, no medalleiro, a medalla de ouro a ten a Xunta de Galicia no seu conxunto, porque non hai absolutamente ningunha outra administración que faga unha repartición tan caciquil —ía dicir tan sen vergonza..., pero si...— cara aos gobernos que teñen a súa mesma cor política. E, polo tanto, a Xunta de Galicia é a que merece esa medalla de ouro da desvergonza política nunha repartición dos fondos públicos. *(Aplausos.)*

A verdade é que, como dicía antes, as verbas da conselleira de Medio Ambiente o outro día aquí a verdade é que parecían un pouco un insulto á intelixencia dos representantes lexítimos dos gobernos municipais, posto que esta conselleira dixo literalmente que os fondos do Plan Hurbe se reparten a aqueles concellos que fan bos proxectos. Resulta que aqueles concellos que non son gobernados polo Partido Popular deben facer peores proxectos.

Eu creo que realmente a conselleira debера pensar o que acaba de afirmar en sede parlamentaria e retirar as súas verbas, porque nós non cremos que sexan mellores alcaldes ou alcaldesas os do Partido Popular que os alcaldes e alcaldesas doutras forzas políticas. Cremos, realmente, que debера retirar estas verbas.

Tamén é verdade que un alto cargo do Partido Popular, neste caso en comisión, tamén nos dixo nunha ocasión que os concellos que recibían achegas da Xunta de Galicia a través de convenios de colaboración era porque tiñan máis urxencia e máis necesidade. O que se esqueceu de dicir este alto cargo é que esa urxencia e esa necesidade vai determinada por un goberno do Partido Popular, posto que os concellos que teñen un goberno do Partido Popular parece, segundo a Xunta de Galicia, que teñen máis urxencia e máis necesidade.

En fin, a verdade é que é para facelo mirar, e insisto, señor Bará, eu creo que o medalleiro é para a Xunta no seu conxunto.

Realmente, a conselleira pois tamén ten o arroxo de vir aquí a esta Cámara dicirnos que a Xunta de Galicia trata por igual os 313 concellos galegos. A verdade é que acabo de dar unha mostra. Creo que os socialistas reiteradamente damos mostras de que isto non se cumpre. Pero é que, ademais, volve empregar esta mesma conselleira un argumento no que se basea ese trato igualitario para todos os concellos, e é que nos di que lles collen o teléfono, que os reciben, que lles contestan e que os convenios están publicados na páxina web de Transparencia da Xunta de Galicia.

A verdade é que, bueno, volve soar un pouco como a chiste, porque eu creo que a conselleira esquece novamente, unha vez máis, que é a súa obriga collerlles o teléfono, recibilos e contestarlles, e que a publicación na páxina web de Transparencia da Xunta de Galicia é unha obriga



legal, aínda que tamén é verdade que ás veces facer esas consultas non é doado, porque a Xunta de Galicia entorpece todo o que pode ter claridade na documentación que nela se publica.

Hai uns días, o Grupo Socialista fixemos unha interpelación ao novo responsable, ao conselleiro con competencias en materia de Administración local, o señor Diego Calvo. A verdade é que tiñamos a esperanza de que el quixera deixar unha impronta diferente, que quixera mudar este xeito de facer e de traballar coas administracións locais e que, ademais, cumprira coas obrigas estatutarias de financiar suficientemente os concellos galegos. Pero comprobamos que, unha vez máis, como dicía antes, dá igual Feijóo, dá igual Rueda e dá igual Calvo. O Goberno galego non pensa asumir as reivindicacións acordadas unha e outra vez pola Fegamp, e non vou recordar aquí que na Fegamp están representados todos os gobernos dos concellos locais, incluso tamén os do Partido Popular.

Pero a verdade é que na tramitación orzamentaria na que estamos nestes momentos para os orzamentos do 2023 pois parece que todo vai continuar igual. Temos os orzamentos máis altos da historia, que acadan 12.600 millóns de euros de gasto non financeiro, e 1.239 millóns de euros máis que no ano 2022, e resulta que os concellos galegos volven ser os grandes damnificados con Rueda e con Calvo, recibindo o mesmo importe de financiamento que os trece anos anteriores con Feijóo, 112,9 millóns de euros, e cando a propia Fegamp hai uns días advertiu de que os servizos compartidos coa Xunta de Galicia custan aos concellos 1.000 millóns de euros, dos que a Administración galega só aboa 376 millóns de euros, polo que o déficit que os concellos deben soportar de competencias impropias, que son propias da Xunta de Galicia, supera os 620 millóns de euros. Ademais, isto ameaza seriamente a viabilidade dos concellos galegos. Son 620 millóns de euros os que están asumindo os concellos.

Señoras deputadas e señores deputados do Partido Popular, ¿vostedes van seguir facendo ouvidos xordos?, ¿van seguir poñéndose de costas aos concellos? Mire, voulles recordar que o propio Consello de Contas —se non teñen o informe, tamén llelo facilito—, no último informe da Conta xeral das entidades locais de Galicia correspondente ao ano 2020, constata o pequeno tamaño orzamentario dos concellos galegos, comparado co resto dos seus homólogos no Estado, con cifras por habitante por debaixo da media nacional en todos os tramos de poboación, en todos os tramos de poboación!

En fin, no mes de xullo deste ano o recén nomeado vicepresidente segundo, tivo unha primeira reunión co presidente da Fegamp e emprazáronse a que nos mes de setembro abordarían as cuestións reiteradamente plantexadas e debaterían ese documento con dez asuntos prioritarios para o municipalismo galego, que foron aprobados por unanimidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente— de todos os partidos. Insisto, tamén do Partido Popular no seo da Fegamp.

Señores e señoras do Partido Popular, estamos a piques de rematar este ano. Os concellos seguen esperando. Vostedes volven ter hoxe unha nova oportunidade de poñerse a favor dos concellos ou de poñerse, como fan habitualmente, de costas aos concellos.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Señorías.

Miren, teñen que ter coidado, señores do BNG ou señores do Partido Socialista, porque, ao final, as súas mentiras caen polo propio peso.

Miren, unha noticia recente. Atendan á noticia. Poden ir a Google: «A falta de médicos pon en alerta a Portugal.».

Señorías, os acordos de cooperación derivados do Plan Hurbe están regulados a través do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. Así, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dá cumprimento ao principio de cooperación asinando estes acordos con aqueles concellos que o soliciten para a execución dunha obra que cumpra cos obxectivos do Plan Hurbe e os requisitos establecidos no decreto: que poña á disposición da Xunta os terreos nos que se vai executar a obra, que conte co financiamento nos seus orzamentos do 30 por cento do custo estimado da súa execución, que se redacte o proxecto que defina as obras a executar, que conte con todas as autorizacións sectoriais, preceptivas e vinculantes, de modo que se poida executar a obra nos prazos establecidos no convenio, e que asuman, unha vez rematada a obra, a súa explotación, mantemento e conservación. A través destes acordos asinados en réxime de cooperación, a Xunta cofinancia as obras nun 70 por cento do custo estimado e leva a cabo a contratación da execución da obra e da dirección.

Polo tanto, non se pode falar de concellos beneficiarios. Non se trata, neste caso, dunha subvención, senón que se trata da execución de obras en réxime de cooperación para aqueles concellos que o soliciten nun plano de voluntariedade e de igualdade das partes.

A posta en marcha do Plan Hurbe por parte da Xunta de Galicia obedece a servir de apoio ás entidades locais con actuacións que humanicen espazos de uso público e promovan o reequilibrio territorial. Os obxectivos a acadar non son outros que os de humanizar as vilas, tanto as grandes como as pequenas, e os núcleos rurais, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocada no futuro e nas persoas, con actuacións orientadas a frear o despoboamento e potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos; en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación. A transparencia destes acordos de cooperación é total, en estrito cumprimento da normativa, coa publicación do acordo de cooperación no Portal de Trans-



parencia e Goberno aberto no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. E a colaboración nos últimos anos non se articulou unicamente pola vía convencional, senón tamén a través da convocatoria de ordes e subvencións polas que se quixo facer partícipes as entidades locais de recursos adicionais produto dunha xestión responsable da Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que a Lei de subvencións establece que se poderá recorrer ao réxime de concorrencia non competitiva naqueles supostos nos que, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación de solicitudes, tal e como sucede na orde de axudas de Urbanismo. A Lei de subvencións establece que as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación e tras solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario. Tendo en conta isto, o criterio de adxudicación foi a rigorosa orde de entrada da solicitude sempre que se achegase a documentación necesaria. En calquera caso, a concorrencia non competitiva non é de ningún modo un réxime desigual ou subxectivo, xa que a selección de beneficiarios atende a criterios imparciais de obxectivos. O que pretende o BNG, dende logo, é confundir asociando a concorrencia non competitiva con criterios desiguais ou subxectivos.

Cómpre lembrar que é un mecanismo que está articulado na lei; polo tanto, que pode empregarse. Emprégase este criterio porque a Administración non pode entrar a valorar se unha infraestrutura ten máis importancia para un concello ou para outro; é dicir, vén xustificado pola propia natureza das axudas, e a concesión determinada, polo cumprimento, por parte dos concellos, dos requisitos establecidos na propia orde.

Como sinalei, a Xunta de Galicia cumpre estritamente coa normativa de transparencia e xa comunica as obras executadas en cada concello, ademais das subvencións e dos convenios que formaliza.

Dito isto, o Goberno galego vén traballando cun único obxectivo, que é o beneficio dos galegos e das galegas, con independencia de quen sexa o seu alcalde ou alcaldesa, garantindo sempre a igualdade de trato dos concellos, dos 313 concellos de Galicia, o cumprimento da normativa vixente e que se presten máis e mellores servizos aos cidadáns. E vai seguir traballando e apoiando as entidades locais de todas as cores políticas, como vén facendo, coa máxima colaboración e nun plano de absoluta lealdade. Iso é así en todos os departamentos da Xunta de Galicia.

O señor Bará veu montando un relato de falsidades, obviando, en realidade, ese dato e mentindo descarada e deliberadamente. Fala de concellos gobernados por alcaldes ou alcaldesas do Partido Popular que recibiron axudas de 500.000, de 300.000, de 100.000 e de 38.000 euros por obras de mellora de espazos públicos, e iso parécelle escandaloso e caciquil; en cambio, non lle parece escandaloso que o Concello do Barco de Valdeorras reciba 280.000 euros; que o Concello de Ferrol, case dezasete millóns para o auditorio; que o Concello de Vigo, máis dun millón de euros para o novo Plan xeral de ordenación municipal; Redondela, 250.000 euros... Pero seguimos: Ares, 563.000 euros; Sada, 487.000 euros; Pontearreas, 800.000; Barreiros, 513.000; Gondomar, 300.000; Catoira, 236.000... E poderíamos seguir



así: Allariz, Verín, Betanzos, Corcubión... Tamén, señor Bará, hai unha listaxe de concellos onde non goberna o Partido Popular e que reciben axudas da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E todas estas que lle referín son da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

E tampouco lle parece escandaloso ao señor Bará, nin tampouco á señora Rodríguez Rumbo, o caso do Concello de Lugo. O Concello de Lugo retrasa a posta á disposición da apertura dun contedor cultural importantísimo, no que a Xunta de Galicia investiu máis de vinte e cinco millóns de euros, e leva cerrado seis anos desde a terminación das obras e dous anos desde a súa recepción. A isto si lle chamo eu malversación moral dos cartos públicos, señor Bará. (*Aplausos.*)

Pero, ademais, hai máis exemplos: a rehabilitación da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña, 3.300 metros cadrados de superficie cedida ao Concello, e segue no día de hoxe, despois de cinco anos da súa recepción, pechada e sen uso. Ese é o compromiso que fan algúns tamén dos recursos públicos. O señor Bará acaba de facer, fixo —como xa nos ten acostumados—, un discurso falaz, tentando sementar a dúbida, vertendo afirmacións falsas, porque son expertos no «difama, que algo queda». Pero non lle é así, señor Bará, os galegos e galegas xa os coñecen, xa saben cal é a súa forma de actuar, de como e para quen gobernaron nos catro anos de Bipartito na Xunta. Foron catro anos de sectarismo, catro anos de incompetencia, catro anos de ineficacia, e quedo curta (*Murmurios.*) —si, si, e quedo curta—. O Bipartito da Xunta tamén tramitou convenios... Que xa non vou falar dos convenios, ¡un auténtico escándalo! E onde gobernan hoxe, como o bipartito da Deputación de Lugo, teñen un plan a medida, igual que os convenios: un 96 por cento para os convenios do Partido Socialista ou do BNG —2,8 millóns de euros— e un 4 por cento —150.000 euros— para os do PP, cando a maioría dos concellos da provincia de Lugo están gobernados por alcaldes do Partido Popular. (*Aplausos.*)

¿E que dicir da Deputación de Pontevedra? Un plan a medida tamén ao servizo da súa presidencia e da súa vicepresidencia. Por tanto, señor Bará e señora Rodríguez Rumbo, leccións, cero, ¡leccións cero! (*Aplausos.*)

E tamén o señor Bará fixo aquí, en sede parlamentaria, afirmacións que veñen demostrar como pensan —a verdade é que lle caeu a careta—, porque dixo aquí —creo que foi na sesión da interpelación— que é humillante que un alcalde do BNG chame por teléfono ou teña unha reunión cunha conselleira do Partido Popular, pero para o señor Bará non é humillante que a señora Pontón vaia facer a foto coa señora Lastra tamén para asinar un acordo, un pacto. Pero, claro, era o pacto de apoio á investidura do Goberno de Sánchez; un pacto cun goberno central que xestiona recursos públicos —aquí si—, discriminando a Galicia e discriminando os galegos e as galegas. Pero aquí o BNG, como sempre, igual, caladiño. (*Aplausos.*)

O señor Bará tamén se atreveu a dicir que o Goberno da Xunta do Partido Popular non recibía os alcaldes doutras cores políticas. Pero mire, señor Bará, os que non recibían os alcaldes doutras cores políticas eran vostedes. Si, si, vostedes. E cando recibían algún, a primeira na cara era: «Agora mandamos nós», (*Murmurios.*) cachondeándose, (*Aplausos.*) con absoluta soberbia e prepotencia, ¡con absoluta soberbia e prepotencia! Pode preguntarlle a algún alcalde que o sufriu, que está nesta bandada, por iso lle veu á cabeza ao señor Bará iso que dixo na interpelación de «humillación».



Pero, mire, esa soberbia, esa prepotencia levounos á posición na que van seguir estando, porque os galegos e galegas temos boa memoria e nos acordamos perfectamente do seu talante e dos seus feitos. Nós non somos coma vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire Vázquez.

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Freire, as verdades doen e os datos que demos aquí, que son contundentes, doen. Vostede non é capaz de rebater absolutamente ningún dos datos que dei eu aquí, porque están publicados no DOG e falan claro do partidismo, da discriminación e da repartición caciquil que fan vostedes dos fondos públicos. Pero, ¿que me vén dicir aquí? ¡Se son publicados no DOG!: Plan Hurbe, que o outro día lle chamei «Plan Urde» e que tamén se pode chamar «Plan Ubre», porque vostedes están aí muxindo a ubre da Xunta de Galicia para os concellos do Partido Popular: 62 convenios, e 61 para concellos do Partido Popular. Efectivamente, con toda transparencia, publicados no DOG. Pero para os concellos do Partido Popular é incuestionábel, irrefutábel. Son datos públicos, datos oficiais.

Con respecto ao medalleiro, efectivamente, podemos conceder un premio especial do xurado a unha traxectoria, a toda unha traxectoria para a Xunta de Galiza do Partido Popular polo seu destacado uso partidista e caciquil dos recursos públicos e entregárllelo *al alimón* ao señor Rueda e ao señor Feixóo. Podemos facer tamén esa entrega.

¡Pero que nos queira tomar o pelo despois de facer esta repartición absolutamente caciquil xa nos parece o colmo! ¡Que veñan aquí dicir que a Xunta ten un trato igual para todos os concellos xa nos parece unha tomadura de pelo e unha vergoña, porque non é así! Non é así, e demostrámolo con feitos e con datos. Pero, ademais, a conselleira veu aquí intentar mentir dicindo que, claro, para asinar un convenio, había que presentar un proxecto, e vostede leunos aquí unha serie de requisitos. Pois non, vostede está na foto co alcalde ou alcaldesa de turno primeiro para vender o proxecto, e despois fan o convenio e despois fan a obra, cos do Partido Popular. É algo absolutamente sistemático. E o de que hai que ter un proxecto non vale, porque mire, doulle un dato: concello de Ribeira, tres convenios —non un— para facer o auditorio. O primeiro deses convenios foi asinado no ano 2019 coa Consellería de Medio Ambiente. ¿E saben para que foi? Para facer o proxecto. Pagáronlle o proxecto. Polo tanto, para o concello non é un criterio, un requisito, ter que presentar o proxecto, porque, cando lles interesa a vostedes, páganlle o proxecto ao concello do Partido Popular.

E con respecto ás subvencións, efectivamente, cando houbo convocatoria de subvencións do Plan Hurbe, como, por exemplo, do 2021 a 2022, había 7 millóns, e 6 millóns foron a dedo e un foi por convocatorias públicas. Aí houbo moitos concellos que non eran do Partido Popular que gañaron, que presentaron proxectos, o que pasa é que cunha contía limitada de 100.000, de 90.000, de cento e pico mil euros, pero gañaron nunha convocatoria pública. Queremos que se faga así sempre, porque é o que é equitativo e xusto para todos. Pero o resto, os 6 millóns de euros, vostedes repartíronos a dedo, e iso non é xusto, iso é discriminatorio e é caciquil.



Claro, vostedes falan das deputacións, pero, miren, é que os datos das deputacións de Coruña ou de Pontevedra son absolutamente contundentes. Acaba de ser aprobado hai poucos días o Plan concellos da provincia de Pontevedra, sen ningún voto en contra, ¡sen ningún voto en contra! Se fose tan malo, o Partido Popular votaría en contra, pero non vota en contra. ¿Sabe por que? Porque os concellos do Partido Popular, as alcaldías do Partido Popular, fan unha festa cando lles anuncian os fondos do Plan concellos da Deputación de Pontevedra, porque nunca tiveron tanto diñeiro da deputación. Había 30 millóns na época de Louzán e agora hai 42 millóns. Fagan a repartición con criterios obxectivos, están aí os datos, xa llelos dei noutros debates.

E, efectivamente, en Lugo, sendo peores na contía da repartición que as outras dúas deputacións, hai unha repartición tamén equitativa e con criterios obxectivos, e aí reciben todos os concellos de acordo coa súa poboación e coa súa extensión. É que teño aquí os datos: Cervo recibe 292.000 euros. ¿Sabe canto recibe...? E porque vostede non falou nada de Ourense. Para vostedes Ourense non existe. A deputación que bate os récords de caciquismo para vostedes non existe, fíxense o seu sectarismo. Pois calquera concello da provincia de Ourense recibe 61.000 euros, e Cervo recibe 292.000, Quiroga recibe 347.000, Mondoñedo recibe 306.000... ¿Que queremos, Ourense ou Lugo? ¡E que é absolutamente demoledor! (Aplausos.) ¡É absolutamente demoledor!, e vostedes seguen coa súa matraca. Miren, agora vostedes incrementaron as transferencias aos concellos nos orzamentos do ano 2023, sobre todo nas transferencias que van vía convenios e subvencións, porque están preparando a campaña electoral de 2023 das municipais e aínda queren facer máis caciquismo, máis electoralismo, máis repartición partidista dos fondos públicos con vistas ás eleccións de maio. Pero imos estar vixiantes e imos ser implacábeis no control que nos corresponde como oposición para denunciar cada unha destas prácticas partidistas e caciquís, para denunciar, aínda que lles moleste e que lles doa —por iso o facemos—, os abusos e as discriminacións do Partido Popular.

Traemos aquí propostas, propostas concretas e propostas en positivo. ¿Saben para que? Para democratizar as institucións, todas as institucións, para que haxa unhas normas iguais para todos, governe quen governe. E aquí facemos o noso compromiso público e solemne de que, cando nós gobernemos —que será máis pronto que tarde—, aprobaremos unha norma que non se vai poder cambiar, governe quen governe —nas outras administracións tamén—, para que haxa unha repartición equitativa, xusta e con criterios obxectivos para acabar dunha vez por todas co partidismo e co caciquismo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...do Partido Popular.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a formación da poboación en competencias clave

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.



Para defendela ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario Socialista interpelaba no pleno pasado a conselleira de Emprego porque, na nosa comunidade, unha de cada catro persoas paradas non pode acceder á formación para o emprego. Esta situación afecta colectivos en risco de exclusión social, como os perceptores da Risga, mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén traballadores e traballadoras en situación precaria.

Por iso, instamos nesta moción a dar cumprimento ás resolucións aprobadas no Parlamento de Galicia sobre o impulso e elaboración de programas de formación en competencias clave aprobadas desde o 2015 á actualidade que a Xunta de Galicia, o Goberno galego, non cumpriu; tamén a que se elabore e se poña en marcha xa no ano 2023, dada a problemática e a ausencia desta temática, un programa de inserción laboral para desempregados que mellore a súa empregabilidade e aumente a cualificación dos traballadores e traballadoras, minimizando así a falla de persoal traballador para executar o investimento industrial proxectado en Galicia para o período 2023-2027 e que contemple como liña de actuación esta, a formación en competencias clave das persoas desempregadas en situación precaria. Tamén á creación dunha partida orzamentaria de 32 millóns de euros destinada a un plan de formación nestas competencias para desempregados, e outras catro para competencias clave a persoas con emprego precario e necesario; que a Consellería de Emprego, a Xunta de Galicia, aposte por esta formación tan importante para os nosos demandantes de emprego, os parados e paradas galegos, e tamén para os traballadores precarios.

Dicir que os datos da EPA do terceiro trimestre publicados polo INE mostran unha cifra, que coñecen, de 34.800 desempregados en Galicia. A nosa Comunidade segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só un 53,2 por cento, fronte ao 58,7 por cento do resto do Estado.

E neste contexto vou citar dous datos que nos deben facer reflexionar: hai en Galicia un total de 50.800 fogares nos que todos os seus membros activos están en desemprego; e tamén outra cifra moi preocupante —que non son cifras, son realidades—: en 24.700 fogares non se perciben ingresos. Das 134.800 persoas que están en desemprego, segundo a EPA, 52.900 levan máis dun ano nesta situación; e moitas destas teñen esa problemática de non ter esa formación necesaria para acceder á formación, que o outro día explicaba a conselleira nesta tribuna —e despois, cando teña tempo, pois explicarei algunha incorrección, falsidade ou mentira que se dixo nesta tribuna—; unha situación, señores e señoras do Partido Popular, moi difícil para estes fogares galegos. E as súas políticas e os seus orzamentos deberían dar resposta a estas necesidades, e non o fan.

Por outra banda, a pesar dos máis de 130.000 parados e paradas, faltan traballadores e traballadoras para executar —como dicía— a inversión industrial proxectada en Galicia entre o ano 2023 e o 2027 e xa se insta a traer traballadores de fóra da nosa Comunidade. O Grupo



Parlamentario Socialista leva tempo alertando desta terrible situación e da falta da adecuación da demanda de emprego e da oferta laboral, da nefasta política de formación para o emprego que puxo en práctica a Xunta de Galicia.

Porque dende que goberna o Partido Popular a necesaria formación non se realiza segundo as necesidades da demanda do tecido produtivo, senón polas necesidades ou dos centros formativos ou a demanda dos demandantes, sen diagnose, sen itinerarios personalizados para os demandantes de emprego. Parece que agora van empezar escoitar o tecido empresarial —íá sendo hora—, pero daqueles pos estes lodos. E unha das causas que está a xerar esta situación de desfase entre a demanda de emprego e a oferta é o nulo interese da Xunta de Galicia en formar os traballadores e traballadoras en precario e desempregados en competencias clave.

E falando do primeiro punto da iniciativa, que fala do cumprimento das iniciativas, leis e demais que se presentaron neste parlamento, que se aprobaron neste parlamento, antes temos que falar da recomendación europea da Comisión sobre esas competencias clave, que teñen a obrigatoriedade de cumprir. Destacaba a recomendación que se definían as competencias como unha combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes adecuadas ao contexto; as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais.

Se esta recomendación do Parlamento Europeo e da Comisión pretendía que se desenvolvese unha oferta formativa nestas competencias, nas definicións dos certificados de profesionalidade establécense eses tres niveis de educación correlacionados cos niveis de acceso requiridos a estes certificados. En todos os casos a titulación mínima requirida para acceder aos certificados de nivel 2 foi o graduado en ESO e o bacharelato para os de nivel 3. E vostedes, señores e señoras do Partido Popular, pois ata o de agora mirando para outro lado cando o Goberno galego non dá cumprimento a estas directrices europeas.

E repasemos outros incumprimentos, e espero que hoxe muden de opinión e procedan a aprobar o primeiro punto, e procedan a cumprir entón estas propostas de resolución que se converteron en resolucións cando se aprobaron neste parlamento, nesta cámara dos galegos e galegas.

Falemos da aprobada o 27 de novembro de 2013, publicada no *Boletín* o 27 de novembro de 2013, a Lei de inclusión social de Galicia. As persoas perceptoras da Risga, a pesar de que se incluía un artigo sobre a formación en competencias clave —porque é un dos colectivos máis afectados por esta carencia de formación—, non a tiveron en conta e non recibiron esa formación para o emprego.

A título de exemplo —isto era no ano 2013— pois no ano 2014 non houbo ningunha asignación para formación en competencias clave, pese a quedar sen gastar 96,6 millóns de euros en políticas de emprego, dos que 41,8 millóns correspondían a formación para o emprego. Decía a conselleira o outro día que de onde sacabamos estes datos. Ben, estes datos son sacados da documentación que entrega a Xunta de Galicia a este parlamento. Naquel momento, cando xa tiña que cumprir esa Lei de inclusión social, aprobada cos votos do Partido Popular,



2 de cada 5 persoas quedaron sen poder acceder á formación, o 39 por cento. Por iso, hoxe deberían aprobar este primeiro punto da moción, para establecer os procedementos necesarios para emendar ese incumprimento, para cumprir ese apartado do artigo 56.1 que se aprobou nese Plan de inclusión.

Outras resolucións aprobadas neste Parlamento. O 15 de abril de 2016, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co seguinte texto: «O Parlamento insta a Xunta a elaborar un programa de inserción para mulleres vítimas de violencia». E o que dicía, concretamente: «Formación para o emprego. Accións formativas que teñan como finalidade adquirir competencias clave». E non o fixeron, non o fixeron.

Pero é que, á parte de non o facer, coñecerá o Ditame —voulle dar o número— 20/2014 do Consello Galego de Relacións Laborais, relativo incluso aos programas de cooperación coas entidades locais, que establecía ese ano o Partido Popular. E mire o que dicía este organismo: «Consideracións xerais de carácter unánime sobre a valoración das normas manifestadas polas organizacións sindicais e empresariais». E dise textualmente: «Este comité bota en falta que este proxecto normativo non se acompañe dunha explicación que argumente a razón da supresión do programa específico destinado ás mulleres vítimas de violencia de xénero».

En fin, nin fixeron a formación en competencias clave para este colectivo á que se comprometeran, e nesta orde que o Consello fai este informe pois xa ven o que din as organizacións sindicais e empresariais. Este é o «si é si» do Partido Popular de Galicia e de Feijóo ás mulleres vítimas de violencia machista. Pero ben, seguimos.

E por iso este parlamento hoxe debería cumprir esta proposición que no seu momento se aprobou no Parlamento. E podemos seguir. 9 de novembro de 2016: «O Parlamento insta a que no eido das políticas activas de emprego se impulse en maior medida a formación e acreditación en competencias clave entre os traballadores e traballadoras pouco cualificadas, de xeito que consigan acceder aos certificados de nivel 1 e 2». Pois tampouco o cumpriron.

Estásese acabando o tempo.

O Plan estratéxico de Galicia 2015–2020, no apartado 1.3.03, tamén establece esa necesidade, esa liña de actuación. Tampouco foi cumprido.

Solicitamos entón a creación dun orzamento, dunha partida, a necesaria, porque falaba o outro día a conselleira de 5 millóns de euros, que veremos se se executa. Pero é que é totalmente necesario que se aumente esa partida para a cantidade de persoas que temos neste momento na situación de desemprego e de actividade precaria...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, si, vou rematando— que sen esta necesaria formación será imposible que retornen ao mercado laboral e estarán en risco de exclusión social.



Espero que, dada a importancia do tema, o teñan en conta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días a todos e a todas.

A moción que trae hoxe a este parlamento o Grupo Parlamentario do Partido Socialista versa sobre formación, e é certo que os datos da EPA son, dende logo, grosos. A día de hoxe, o 27,9 por cento das persoas entre 16 e 64 anos carece dunha formación equivalente á segunda etapa da educación secundaria. Estamos a falar de máis de 460.000 galegos e galegas. Dese total, 41.000 persoas están en situación de desemprego e outras 36.700 non poden acceder á formación para o emprego.

E non é menos certo que a finais do ano 2006 se publicou unha recomendación do Parlamento Europeo e da Comisión sobre competencias clave para aprendizaxe permanente. Con esa recomendación o que se perseguía era que os Estados membros desenvolvesen a oferta destas competencias para todos e todas no contexto das súas estratexias de aprendizaxe permanente e ao tempo empregar as competencias para aprendizaxe permanente para garantir que os adultos puideran desenvolver e actualizar esa competencia ao longo das súas vidas. Polo que podemos concluír que as políticas implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos anos dirixidas, cando menos nominalmente, a cumprir con esa recomendación do Parlamento Europeo e da Comisión sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente non deron resultado.

Que o 27,9 por cento das persoas entre 16 e 64 anos carezan desa formación equivalente á segunda etapa de educación secundaria, segundo os datos da EPA, así o acredita; 460.000 galegas e galegos que non están en disposición de acreditar formalmente o dominio das competencias clave. Isto debería facer reflexionar a un goberno responsábel sobre a eficacia das súas políticas en materia de formación.

Pero se alguén ten a ben escarvar na *deep web* da mediateca da páxina do Parlamento de Galiza e de milagre nos está a ver en directo, é importante recordar que as competencias clave, segundo a Unión Europea, son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para exercer unha cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. E isto non é, dende logo, unha cuestión baladí.

E aí dáste conta de que este goberno do Partido Popular ten moita leria pero pouco lerele, porque incumpren a Lei de inclusión social de Galiza, do ano 2013, que establecía un convenio de inclusión sociolaboral coa meta da integración laboral. Precisamente nesa lei, como actuación dirixida a esa meta, incidíase na formación profesional e a obtención de compe-



tencias clave. Ademais, dous grupos que deberan ser prioritarios nesa actuacións, como son as persoas perceptoras da Risga e as mulleres vítimas de violencia de xénero, tampouco recibiron formación en competencias clave.

O Plan estratéxico de Galiza 2015-2020 fixaba a formación e a competencia clave como unha liña de actuación preferente para mellorar o acceso ao mercado laboral. Desgraciadamente, os datos da EPA volven amosar máis unha vez as costuras abertas das políticas de titular e de cosmética do Goberno galego. Como cosmético é presentar proposicións non de lei no Parlamento por parte do Partido Popular, que, á parte que se aproban, despois o Goberno galego non cumpre.

Diciáo o portavoz do Grupo Parlamentario do PSOE na súa intervención no pleno pasado en relación con unha PNL tramitada pola vía da urxencia, na que o PP instaba —e leo literalmente— «a Xunta a que no eido de políticas activas de emprego se impulse en maior medida a formación e acreditación en competencias clave entre os traballadores e traballadoras pouco cualificadas, de xeito que consigan acceder aos certificados de nivel 2 e 3». Quedou en nada. Os datos da EPA, máis unha vez, son teimudos. Non teñen vostedes credibilidade, señores e señoras do PP, e feitos como este amósano.

Pero tamén é certo que en materia de emprego e formación o contexto actual que temos non é unha responsabilidade exclusiva do Partido Popular. En marzo do ano pasado aprobouse a Lei 3/2022, de ordenación e integración da formación profesional, unha lei do Goberno estatal que supuxo *de facto* a separación das competencias nesa materia. Até ese momento as competencias en materia de formación recaían exclusivamente no Ministerio de Traballo. Porén, dende a aprobación desta lei —por dicilo dun xeito gráfico— partiron a vaca pola metade, de xeito que unha parte desas competencias mantense no Ministerio de Traballo e a outra parte pasou ao Ministerio de Educación. Antes desta lei a xestión dos fondos para a formación residenciábase na Fundae, na Fundación Estatal para a Formación no Emprego, fundación que está integrada pola Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas a nivel estatal. Aí está a CEOE, a Cepyme, a UGT, Comisións Obreiras e por suposto a Confederación Intersindical Galega.

¿Cal era o obxectivo da Fundae? Contribuír a que as empresas e traballadores melloren as competencias que lles permitan afrontar os cambios do mercado laboral e os sectores produtivos mediante unha formación de calidade; xestionar os fondos destinados á formación programada polas empresas, que poderían facer efectiva mediante bonificación nas súas cotizacións á Seguridade Social e favorecendo deste xeito o acceso mediante subvencións a unha formación gratuíta e de calidade para todas as persoas traballadoras en activo e desempregadas.

E para garantir —e aquí está o importante— que se cumpren os seus obxectivos, a Fundae leva a cabo un seguimento e unha comprobación das iniciativas de formación, traballando conxuntamente coa Inspección de Traballo e coa Seguridade Social. Coa nova lei, na repartición de competencias, nesa repartición de competencias á que estamos aludindo, a dúbida témola en como se van executar no Ministerio de Educación os fondos destinados á formación e como se vai facer o seguimento e a comprobación das iniciativas.



E o contexto actual tamén vén marcado pola Lei de emprego que se está tramitando en Madrid, que cambia radicalmente o modelo de formación. O camiño da mercantilización da formación, iniciado polo Partido Popular xa no ano 2015, ten a súa continuación na nova Lei de emprego presentada polo Goberno de Pedro Sánchez —e sinto dicilo, pero segue na senda da privatización—; unha mercantilización *a lo bruto* da formación. Por iso dende o BNG presentamos no Congreso numerosas emendas ao articulado desa lei, co obxectivo de evitar a privatización do sistema público de emprego.

Neste contexto, esta iniciativa do PSdeG atópase —eu creo, entendo— nunha evidente contradición, porque pide crear unha partida orzamentaria para un plan de formación obviando que o Partido Socialista a nivel estatal está contribuíndo a acentuar o nivel de recentralización nesta materia, o que dende o punto de vista orzamentario deixa a Galiza achicada, é dicir, chegan menos fondos para xestionar o Goberno galego.

Pero tamén é certo que os poucos fondos que chegan para a formación amosan a pésima xestión do Goberno galego, porque realmente non existe un plan de formación acorde coas necesidades concretas do noso país, unhas necesidades que non están sistematizadas e que precisarían dun mapa de necesidades de formación feito dende o punto de vista sectorial e territorial. A inexistencia dun plan de formación rigoroso e acaído á nosa realidade vén dada polo feito de que o Goberno galego carece de política industrial, nega o fenómeno da emigración de milleiros de mozos e mozas galegas que saen do noso país xa formados para levar a cabo a súa actividade laboral e xerar riqueza noutros países e nega a precariedade que caracteriza a situación da mocidade e das mulleres no mercado laboral galego. E isto ten consecuencias: que non se saiba para quen se xestiona.

En todo caso, esta iniciativa do Grupo Parlamentario do PSOE creo que erra —e dígollo con toda humildade— no enfoque. É certo que hai múltiples eivas na formación, algunhas xeradas polas políticas de recentralización do actual Goberno —hai que dicilo—. Pero o problema central do emprego na Galiza non é a formación, senón a precariedade. Aí é onde debemos focalizar a nosa actuación política, en reverter a situación de precariedade laboral do mercado de traballo galego á que nos abocaron as falidas políticas do Partido Popular. Así o exige a conxuntura actual, cunha recesión económica e social á vista na que o noso país vai entrar con 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, moitas delas traballadoras.

Esta iniciativa, aínda que acertada na diagnose no relativo á formación, desvía a atención do realmente importante neste momento —insisto—: a precariedade laboral. Porque no noso país as eivas na formación non son causa directa e única da precariedade, porque o que determina a precariedade son as condicións de traballo. Na mellora dos ingresos das persoas traballadoras é no que debemos poñer o foco. Empregos dignos, estábeis e de calidade deben constituír a prioridade do Goberno galego, e por aí deben ir as nosas propostas.

Levamos dous anos esperando para ver algunha aplicación práctica da tan cacarexada Axenda —neste caso— galega de capacidades, até agora sen resultados. E a Xunta fala dun Plan galego para a formación como solución a todos os males do emprego deste país, e non é certo. Non debemos caer no erro de limitar o enfoque ao problema concreto da formación, debemos ampliar o foco e buscar un acordo integral de país no relativo ao emprego, no que



se conte con todos os axentes sociais (os sindicatos, as empresas) e a totalidade das forzas políticas representadas neste parlamento.

No momento actual que vivimos parece imprescindíbel facelo así para que na crise, que se venta xa preto, non sexan as clases populares deste país as que peor o pasen máis unha vez.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pérez.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular, dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Señora Dacosta, eu non sei se o Bloque Nacionalista Galego lle vai apoiar esta iniciativa que trae hoxe —estou expectante—, porque me dei conta de que non coinciden nin sequera en cal é o problema do emprego no noso país. Só lles quedou dicir aos dous que o problema do emprego en Galicia é o Partido Popular.

Mire, voltou vostede hoxe con esa teima de dar os datos da falta de execución dos orzamentos de emprego. Eu entendo que os millóns que adicou o Partido Popular dende que goberna a Xunta de Galicia ás políticas de emprego teñen moitos ceros. Eu entendo que ao ter moitos ceros pode ser que lle baile algún, ¿non? Pero eu invítoa a que volva facer as cousas, porque é falso, son falsos os datos que está a dar nesta cámara da baixa execución dos orzamentos de emprego e non se corresponden coa realidade do que está a acontecer no noso país.

E referente ao cumprimento das resolucións aprobadas no Parlamento de Galicia, en primeiro lugar, non deberían ter ningunha dúbida; en segundo lugar, tampouco deberían intentar transmitirle ningunha dúbida ao resto dos cidadáns. E dígolle por que. Porque vostede o outro día na interpelación á conselleira —e volveuno repetir hoxe— fixo trampa, e com-proulla o señor Pérez hai un momento.

Mire, vostede citou algunha iniciativa aquí nesta tribuna que nin sequera chegou a aprobarse, pero outras que nin sequera chegaron a debaterse. Acaban de ler a urxencia e a necesidade de impulsar en maior medida a formación e acreditación en competencias clave de traballadoras e traballadores para conseguir un emprego de calidade, (*A señora Pérez López mostra un documento.*) e esta iniciativa non chegou a debaterse nesta cámara. Eu entendo que non caerán no absurdo de pedirnos que cumpramos con aquelas cousas que non están aprobadas. E o que está aprobado é un feito que se vai cumprir.

E por suposto que tamén acatamos as recomendacións do Parlamento Europeo, e o Goberno da Xunta de Galicia traballa priorizando as estratexias que marca Europa. Eu preguntome se o Partido Socialista pode dicir o mesmo alá onde goberna.



E referente á formación para o emprego na nosa Comunidade, eu penso que é importante poñer branco sobre negro e contextualizar tanto o momento que estamos a vivir como as políticas do Goberno galego nesta materia. En primeiro lugar, porque a situación actual do mercado laboral a día de hoxe non é a mesma que a de hai uns anos, incluso que nin a de hai poucos anos.

Por certo, señora Dacosta, teño aquí unha noticia dun periódico nacional que saíu hoxe, que di que *estamos teniendo enormes dificultades para hacer un buen seguimiento del mercado laboral tras la reforma. No puede ser que tengamos que hacer un trabajo de detective*. E acusan o Goberno do Estado de falta de transparencia nesta materia. Eu non lle vou pedir que o recoñeza, pero pídolle que faga algo por remedialo, se pode.

Estamos asistindo a un evidente cambio de paradigma no mercado laboral, e, ante esta realidade, vostedes pouco aportan coa iniciativa que traen hoxe. Porque para mellorar a empregabilidade e aumentar a cualificación dos traballadores en Galicia hai que abordar, dunha banda, as necesidades reais do mercado de traballo e analizar esas realidades do tecido produtivo, que vostedes nin sequera mencionaron hoxe no debate, e, doutra banda, analizar como formar e como dotar de competencias toda a cidadanía en base a esas necesidades e coas ferramentas que poidan evitar que queden excluídas. E iso é algo máis que competencias clave, señora Dacosta. E niso leva traballando moitos anos a Xunta de Galicia e estao a facer nestes momentos.

E para que corrixa esa afirmación que dixo de que miramos para outro lado, voulle falar con feitos e falarlle de futuro. Porque vostedes parecen non ter en conta nin darlles ningunha importancia —ou polo menos a importancia que merecen— ás políticas activas de emprego que se están a levar a cabo nestes momentos dende a Xunta de Galicia e as que se van implantar nos vindeiros anos, políticas de emprego para adaptar a cualificación profesional dos traballadores e de todas aquelas persoas que aspiran a ter un emprego na nosa Comunidade ás demandas e ás necesidades reais das empresas, a ter en conta eses novos nichos de emprego na nosa Comunidade. Estamos a falar de máis de 430 millóns de euros para este ano 2023 para consolidar e crear emprego vencellado á economía social, para a promoción do emprego inclusivo, fundamental se de verdade queremos ter unha Galicia para todas e para todos.

Falamos de apoios á contratación, especialmente dirixidos a aqueles colectivos que teñan máis dificultades, que vostedes mencionaron, pero programas que non dixeron e que moitos deles, ademais da práctica profesional, conlevan un proceso de formación.

Un Goberno galego que non só aposta polo que funciona —non ten unha variña máxica, iso é certo, e sería ideal tela— e que, como lle dicía hai un momento, explora e busca novas vías para que os galegos sigan mellorando na súa formación e poidan acceder a un emprego.

Póñolle un exemplo, porque vostedes son moito de traer aquí a xente nova e dicirlle que na nosa Comunidade carece de oportunidades, ¿non? No ano 2023 poñerase en marcha un novo programa de colaboración coas asociacións empresariais para que teñan unha primeira oportunidade laboral, adquiren experiencia e melloren as súas capacidades. Isto tamén é formación, ademais das competencias clave.



E sigo, señorías. As familias que integran o emprego autónomo tamén contan co apoio da Xunta de Galicia para poñer en marcha as súas empresas, para consolidalas e para axudalas a medrar, e, na maioría dos casos, con formación e con asesoramento personalizado.

Este é un resumo moi pequeno, porque non teño tempo para darlle máis medidas, señora Dacosta. E non é porque queira desviar o tema, senón que é porque me parece imprescindible coñecer a realidade e poñer enriba da mesa todo o que se está a facer e o que se está a levar a cabo dende a Xunta de Galicia, e que non podería entenderse sen estar vencellada, señora Dacosta, a unha formación adecuada e adaptada aos cambios que se están a suceder no mercado laboral. Porque non podemos separalo, é todo un conxunto que ten que permitir unha perfecta engrenaxe.

E a formación, ademais das competencias clave, nas que si lle recoñezo que hai marxe de mellora, ten que dar resposta ás necesidades da contorna, ten que dar resposta á demanda da propia actividade económica e aos requirimentos das empresas, para que, como vostede ben dicía, poidan aportarlles ese capital humano para sacar adiante os proxectos industrias actuais e os que virán no futuro.

Polo tanto, teña seguro que o Goberno galego seguirá traballando en plans de formación, seguirá traballando para incrementar esa participación na formación en competencias clave e seguirá innovando de acordo cunha folla de ruta xa marcada e orzada polo propio Goberno. E seguirao facendo, ademais, introducindo novos recursos; por exemplo, o campus virtual, que permitirá maior flexibilidade e maior accesibilidade e cercanía aos cidadáns, coa ampliación do número de convocatorias libres, do que vostede tamén falaba o outro día.

Estase a deseñar un programa para aumentar as convocatorias durante todo o ano e nas catro provincias galegas. Seguirase a traballar no modelo de formación dual e flexible, permitindo que as empresas formen parte dese modelo formativo, a través da microformación e a través das unidades formativas nas empresas, onde as propias empresas en función das súas necesidades van poder deseñar esa formación e dala de alta no catálogo formativo do SEPE. Eu sei que é unha medida que lle gusta ao señor Pérez, porque ten falado disto nesta cámara; non sei se o seu partido lle deixará recoñecelo, pero polo menos sei que esa medida a vostede si que lle gusta.

E seguiremos avanzando na Axenda galega de capacidades para o emprego, que responde á estratexia da Comisión Europea, que apostará pola figura das microcredenciais, formación en competencias moi concretas e que cobra vital importancia en momentos como os actuais e que responde a unha recomendación do Parlamento Europeo. Di vostede, señora Dacosta, que non as acatamos. En Galicia claro que as acatamos.

E xa que falamos da implantación das microcredenciais, eu convídoos, vendo a súa preocupación que traen a esta cámara, a que traian tamén unha iniciativa instando o Goberno do Partido Socialista a que as regule, que se regulen as microcredenciais, que as incorporen ao sistema de formación, porque lles queda moi pouco tempo para xustificar ante Europa as medidas postas en marcha respecto desta recomendación e aínda non moveron ningunha ficha.



E postos a pedir e falando de formación e emprego, deberían escoitar as entidades e os colectivos afectados pola Lei do emprego que están a facer os socios do Partido Socialista en Madrid e cuxo obxectivo era mellorar a formación e a coordinación entre a oferta e a demanda do mercado laboral, unha lei que pretenden aprobar antes de finais de ano e que teñen que enviar a Europa para recibir parte dos fondos Next Generation. Eu pediríalles que escoitasen os expertos, porque ¿sabe o que din, señora Dacosta? Din que é desequilibrada, incorrecta, máis estética que efectiva e que non mellora a formación das persoas desempregadas. Míreno, porque non vaia ser que fagan unha chapuza máis das que nos teñen acostumbrados dende o Goberno do Estado.

E, finalmente —remato xa—, eu creo que lle dei información dabondo para aceptar e para recoñecer —aínda que sei que non o van facer— que a Xunta de Galicia non só ten un plan para mellorar a formación e a empregabilidade das galegas e dos galegos —eu citei algúns exemplos— senón tamén para recoñecer que estes programas están a ser efectivos e que están a permitir que Galicia siga mantendo un diferencial positivo en materia de emprego, con mellores datos que o resto de España e con máis emprego e de mellor calidade que a media estatal. E non son datos da miña colleita, son datos oficiais do paro do mes de outubro, que son os últimos que coñecemos e que din que Galicia acadou a cifra de paro máis baixa do mes de outubro de toda a serie histórica, mellorando nas principais variables, baixando nas catro provincia galegas e nas sete grandes cidades e en todos os sectores económicos.

En resumo, Galicia conta con políticas activas de emprego e plans de formación reais e orzados e, recoñecéndolle que existe marxe de mellora, que sempre existe, á vista dos datos, estase a mostrar que o que se está a facer dende o Goberno galego está a ser efectivo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

Quenda para pechar, por cinco minutos, dona María del Carmen Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días de novo.

Está claro que o Partido Popular non está en contacto coa realidade galega, non está en contacto cos parados e paradas galegas, porque parece que os datos da EPA son maravillosos e non contestou tampouco aos 50.800 fogares galegos con todas as persoas en desemprego, como viven esas persoas, señora Pérez, ou os 24.700 nos que non entra ningún ingreso. Parece que o emprego en Galicia pois vai de marabilla, segundo o que dicía.

Falaba de rigorosidade. Estes son datos facilitados polo SEPE. E sempre fala de que executan todos os fondos. Pois traerei máis datos, concretamente, e comprobados polo SEPE. Pero en 2016, 2017 e 2018, 129.859.000 que non se executaron. Estas son fontes do Servizo Público de Emprego, non fontes xa do Parlamento; busquei outras fontes tamén. Entón, isto hai que deixalo bastante claro.



En canto ao manifestado polo portavoz do Bloque Nacionalista Galego, temos que dicir que o 29 de xuño de 2022 se produce un acordo na Conferencia sectorial polo que se autoriza a distribución de fondos e criterios para as comunidades autónomas, que comentaba vostede, tanto de emprego como de educación. E temos que dicir que a Comunidade Autónoma de Galicia recibe máis de 70 millóns de euros, 70.640.000. Estamos a falar dunha transferencia que se produce en educación e se produce en emprego nesa materia que vostede comentaba.

E, señora Pérez, neste sistema tamén se permite realizar —se o atopo, leo concretamente— a acción formativa cuxo contido principal estea vinculado ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, podendo incluír, ata un máximo de vinte e cinco horas, outros módulos ou contidos de formación non referidos ao citado catálogo, o que vostedes están dicindo. Isto permite esta disposición. Espero que o recoñeza; non ten outro turno, pero na próxima vez a ver se o recoñece.

E, despois, temos que falar de certas materias. Do campus virtual xa falou o outro día a conselleira (*Murmurios.*), si, claro, campus virtual. Dende que se iniciou esta lexislatura estannos a falar do campus virtual que se ía pór en marcha. O outro día dixo que xa se puña en marcha. Ben, ja ver se é verdade! Pero non poden vir aquí falando de formación e competencias claves, falando un campus virtual que aínda non está en marcha; non nos parece serio.

En relación co que dicían do Catálogo de especialidades formativas, a verdade é que hai que ter bastante paciencia nesta tribuna. Ignorouno a conselleira, ignorouno vostede ou hai mala fe. ¿Sabe vostede que nos últimos catro anos a Xunta de Galicia non fixo nin unha aportación para o Catálogo de novas ocupacións? Ningunha. ¿Por que non fala co País Vasco, con Navarra ou con Cataluña?

E tamén dicía que era un sistema que necesitaba moito tempo, que era lento; dicía a conselleira que era un sistema moi lento. É totalmente distinto. A conselleira dicíao, non vostede, señora Pérez. Pois é totalmente ao contrario: é un sistema totalmente dinámico, e non se pode vir a esta tribuna dicir isto, botar as culpas ao Ministerio de Traballo e de repente en catro anos a Xunta de Galicia a través da Consellería de Emprego non facer ningunha aportación de ocupacións que necesita o mercado laboral galego, ¡home! (*Aplausos.*)

E a Xunta, diga o que vostede diga hoxe nesta tribuna, ata o de agora fixo a formación segundo os centros formativos, o que pedían os centros. (*Murmurios.*) Se era encaixe de Camariñas, encaixe de Camariñas, e se era administrativo, aínda que tiveramos moitísimos administrativos xa colocados, administrativos; dáballes igual.

Empezan agora a escoitar o tecido produtivo ¿sabe por que? Porque os servizos provinciais de Galicia do ministerio o que están a facer é reunións cos colectivos afectados, cos sindicatos, cos empresarios, coa propia Xunta de Galicia, coas empresas de traballo temporal. E ¿que están facendo? Requiríndolles que lle indiquen esas necesidades formativas. É o ministerio, é a dirección provincial. E a partir de aí vostedes ¿que dixeron? Pois mira, case que imos ir por ese tema, pois benvidos a oír ese tecido produtivo galego, do que di que non falei na primeira intervención, e claro que o dicía, claro que falei diso.



Son demasiadas as microformacións. Reiterar que o Catálogo de ocupacións non está actualizado, actualízase de forma continuada, e estas microformacións están avaladas neste decreto, que se pode dar ese 25 por cento...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...de materias non certificables.

Mire, ou, como dicía, máis de 130 millóns de euros que acabo de certificar segundo fontes do SEPE.

Eu creo que non deben volver dicir que os datos que dá este Grupo Parlamentario Socialista en materia de execución non son certos, e revise tamén. Eu creo que non me vai dar uns números cando lín a documentación que manda a Xunta de Galicia a este Grupo Parlamentario Socialista.

Este é un tema moi importante, a formación en competencias clave, por suposto.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: O Grupo Parlamentario Socialista xa presentou máis de tres iniciativas e durante unha... *(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos á votación das mocións.

Empezamos pola 2.1, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores.

Procedemos á votación.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos a votar o punto 2.2, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres.

Procedemos á votación.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do Plan Hurbe.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): E o último punto, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a formación da poboación en competencias clave.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos co punto seguinte, coas proposicións non de lei, coa iniciativa 3.1.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse a seguinte emenda, co número 44542, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 33140.

Emenda de modificación.

Débense substituír os puntos 1 e 2 da parte resolutiva da proposición non de lei por este contido:



«As seleccións galegas poidan ser conformadas e competir no máximo das posibilidades existentes, e que poidan participar de forma oficial en competicións no marco contemplado no artigo 44 da vindeira Lei do deporte aprobada no Congreso dos Deputados».)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Xa vexo moita xente arriba, ás cales lles damos saúdos a todos e a todas.

E comezamos así. Na portería: Rubén Blanco; liña de tres: Hugo Mallo, Róber Pier e Jonny Otto; de carrileiros, Angeliño e Lucas Vázquez; no medio campo, Denis Suárez e Santi Comesaña; e arriba liña de tres tamén: Iago Aspas, Brais Méndez e Borja Iglesias; adestrador, por suposto: Fernando Vázquez, que, por certo, apoia esta iniciativa. (*Aplausos.*) Un equipo ofensivo, con bo xogo e con moito gol, como non cabería outra opción na selección galega.

E ben, este é un exemplo nada máis do que podería ser neste caso a selección galega de fútbol masculino, pero poderíamos falar tamén da selección que capitanearía a mellor xogadora de fútbol da historia do Estado español, que afortunadamente era galega, Vero Boquete. Poderíamos falar tamén da aliñación dos cinco titulares da selección galega de baloncesto. Poderíamos falar da aliñación titular de balonmán, dos quince. Ou das quince de rugby. Poderíamos falar de Adrián Ben, correndo baixo as cores galegas en calquera olimpíada. Poderíamos falar de Ana Peleteiro, tamén gañando medallas e saltando coa camisola galega. Poderíamos ver no podio a Teresa Portela, Carlos Arévalo, Rodrigo Germade, Tamara Eche-goyen, Gómez Noya, Susana Rodríguez, Adi Iglesias e un longuíssimo longuíssimo etcétera, porque afortunadamente —e isto é unha vitoria de todas e todos— Galiza é unha potencia no que ten que ver co deporte.

E sómolo tanto, somos tan potencia, tan potencia, tan potencia que á mínima que nos deixan participar internacionalmente como Galiza, á mínima que nos deixan, non facemos outra cousa que gañar títulos e traer medallas para a casa, como mostra, evidentemente, esta camiseta (*O señor Castro García ensina a súa camiseta.*) da selección galega de fútbol gaélico, tanto masculina como feminina.

E, por iso, xusto ademais no momento no ano no que se fan cen anos, no que é o cen aniversario do primeiro partido da selección galega de fútbol, agradecemos a Vía Galega —e aproveito para saudalos— traer esta iniciativa que asumimos gustosamente e que non fai outra cousa que reclamar a absoluta normalidade.

Reclamar, recoñecer unha identidade que existe —e que cremos que todos e todas as que estamos aquí coinciden en que existe, je vaia se existe!—, reclamar poder celebrar os éxitos deportivos, reclamar un dereito, ademais, que non nega a ninguén —todo o contrario—, non fai outra cousa que recoñecer e visibilizar a todo o mundo, e, ademais, reclamar algo que non ataca en absoluto a realidade que vivimos, como lles vou explicar, poñendo un pequeno exemplo.



Hoxe mesmo, ás oito da tarde, vai xogar a selección española, xogará o seu pase a oitavos no Mundial de Qatar. Quero aproveitar, evidentemente, para poñer enriba da mesa e visibilizar todas as mortes que houbo neste mundial —case sete mil—, toda a corrupción que rodea e todos os dereitos humanos que se negan neste país. (*Aplausos.*) E, por certo, aquí parece que esas vidas, esas sete mil vidas valen menos e que todos os gobernos, case todos, mundiais aquí pois poñen unha venda nos ollos.

Pero, como dicía, hoxe ás oito da tarde xogará a selección española, e é seguro, pero seguro, que moitos galegos e moitas galegas desfrutarán ou sufrirán, dependendo de como vaia, e quixerán que España gañe o partido e pase a oitavos, porque a realidade galega e o xeito de sentirse galego é diverso e complexo e cadaquén ten o seu. Pero mentres esa parte, unha parte da sociedade galega se ve reflectida na selección española, a totalidade da sociedade galega se ve, se vería reflectida na selección galega, porque é a de todos e a de todas; dá igual o que se vote, que un vote ao BNG, que vote ao PP, que vote ao PSOE, que non vote, que non estea en idade de votar; dá igual. O seu sentimento de pertenza a este país está aí, sexa do xeito que sexa. E no que ten a ver co deporte, xa que así todos os galegos se ven reflectidos, evidentemente, a mellor e maior maneira de reflectilo son as seleccións galegas.

E disto, ademais, temos exemplos, porque só hai que ver os vídeos —ou recordar quen se acorde— da ilusión que xerou a volta só en forma de partido amistoso no ano 2005, na que se enchía o campo de San Lázaro —eu aínda teño algún pequeno recordo, que tiveron a sorte de estar aí—, cando se recuperaron eses amistosos; o primeiro gañáramoslle 3-2 a Uruguai, e aínda seguimos invictos e invictas, ¡eh! E así, cada ano se xogaba un partido, non pasaba nada.

Pero o que pasou —e vostede acórdase, señor Balseiro, por suposto— (*Risos.*) é que no ano 2009, de repente, non sabemos por que, isto para o Partido Popular foi unha ameaza, porque o primeiro que fixo foi quitar até estes partidos amistosos. Entón, o que queremos saber é por que era unha ameaza, por que o quitaron, cal é a razón pola que en 2009 decidiu o Partido Popular quitar até estes amistosos, non só no fútbol masculino senón tamén no feminino e outras disciplinas deportivas.

E non o entendemos, porque até era unha decisión que ía contra vostedes mesmos, e estaban tomando tamén decisións contra a xente que os votaba, porque toda esa xente que vota o Partido Popular vese, por supostísimo —e alegrámonos por iso—, reflectida nas seleccións galegas, salvo que hoxe veñan aquí e nos digan que o Partido Popular non se ve reflectido nesa selección; entón, pois tamén lles diría que serán os únicos que non o fan.

Por outra banda —por se veñen logo certos argumentos de tipo así legalista—, gustaríame saber que opinan sobre o feito de que só no momento de hoxe, a 1 de decembro de 2022, haxa corenta e nove territorios e un Estado en todo o mundo que están a competir oficial e internacionalmente; miren vostedes se hai excepcións; e todas estas seleccións son con absoluta normalidade.

En baloncesto podemos ver un Estados Unidos-Puerto Rico; en fútbol podemos ver un Gales-Inglaterra, un Escocia-Inglaterra, un Illas Feroe-Dinamarca, e non pasa absolutamente



nada. E para poñelo aínda máis claro, xusto hai dous días xogaba no Mundial Gales contra Inglaterra, e era a vez que xogaban un contra o outro número 104 na historia, e outros tantos de Escocia contra Inglaterra. ¿Pasou algo? ¿É unha ameaza? Non. Todo quedou no meramente deportivo.

Entón, ¿por que seguir negándonos —e emprego a primeira persoa do plural— esta oportunidade? É unha oportunidade, ademais, que teñen Escocia, Gales, Irlanda do Norte, as Illas Feroe, Grenlandia, Nova Caledonia, Tahití, Xibraltar, Montserrat, Illas Turcas e Caicos, Puerto Rico e unha longuísima lista, como dixen, ata corenta e nove territorios e nacións sen Estado.

Entón, está claro: temos que apostar por nós mesmas, e non lle poñer límites ao noso deporte, confiando en nós e apoiando unanimemente esta iniciativa, que —volvo dicir— só reclama a normalidade: poder competir internacionalmente en todas as categorías, poder empregar a bandeira galega —a de todos e a de todas—, loitar pola normalización lingüística no eido de deporte, que pola normalización lingüística hai que loitar en todos os eidos porque falta fai, pero no deporte por suposto que tamén; e, coma sempre, reclamar o que sempre lles dicimos e por desgraza sempre votan en contra: impulsar de xeito decidido, con partidas propias, o potenciamento do deporte feminino en Galiza.

Remato cunha frase que me gusta moito, que escribía o historiador británico Eric Hobsbawm, que dicía algo como: a nación é a máis comprensible se a reduces a once homes —e mulleres tamén, por suposto—, porque sabes como se chaman. Fagámoslle caso, e fagámonos ese favor que nos vén ben a todos e a todas. ¡Seleccións galegas xa!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Castro.

Aproveito para saudar e darlles a benvida á Casa de todos os galegos e galegas aos alumnos e alumnas de secundaria do IES Río Cabo, de Monforte de Lemos. Benvidos.

Continúa, para defender a postura do seu grupo, don Julio Torrado Quintela, por quenda de dez minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día.

Bo día tamén á xente que nos acompaña dende a tribuna, estudantes e promotores da ILP.

É un gusto ver o señor Castro, co que ultimamente comparto o seguimento do Mundial, porque están ben as declaracións, pero vostede e mais eu falamos todos os días de como o seguimos. Ademais, con esa camisola, porque eu, ademais, tiven a oportunidade, non coa de fútbol gaélico, pero si de xogar baixo bandeira galega e con camisola galega, que sempre é un gusto recordar como xogador e como entrenador. E a verdade é que tiven a oportunidade de xogar tamén baixo camisola española. Voulle recoñecer, sen ningunha secundaria:



gardo con cariño o meu equipamento da selección galega e non sei que pasou co da española; dígoos sen ningunha secundaria; pero gárdoa con moito cariño, a pesar de que agora xa evidentemente non me serve hai moito tempo.

Vostedes propoñen aquí unha iniciativa, que recollen dunha ILP, que evidentemente propón unha batería de medidas coas que practicamente na totalidade é moi difícil estar en desacordo: a normalización lingüística, a promoción do deporte, integrar o deporte feminino e masculino; en definitiva, unha serie de valores que son inherentes, ademais, ao deporte, e que é moi imposible desacoplar coa propia práctica deportiva, e coa que obviamente estamos todos de acordo.

Pero vaiaamos ao esencial. Vostedes o que propoñen é a oficialidade das seleccións, e sobre isto hai un debate, temos que recoñecer que hai un debate. Podería ser por un criterio deportivo, o criterio deportivo da oficialidade, que o que implica, para ser claros no debate e non darmos voltas, é que non existirían seleccións españolas e si existirían seleccións galegas, e, por tanto, todo aquel deportista, home ou muller, que fora galego ou galega, tería que competir baixo a selección galega, en caso de ser seleccionado. (*Murmurios.*) Non se preocupe, non se alporice, que lle vou explicar agora por que é así.

Pero, como son excluíntes, porque non existe en ningún lugar a posibilidade de elixir por parte dos deportistas, nós o que plantexamos é algunha dificultade. En primeiro lugar, non existen categorías base de formación, porque aí hai seleccións, e salvando algunha excepción moi, moi puntual, que é practicamente inexistente, as seleccións galegas existen e compiten, e iso é positivo. E, en alto rendemento, como nós defendemos a existencia, que xa está tardando moito dende 2009 recuperar as seleccións galegas para moitas das competicións e partidos que se xogan, e iso claro que o defendemos, non nos cala tanto a oficialidade porque exige esa exclusividade, e esa exclusividade é unha dificultade para competir internacionalmente. E xa non se trata unicamente de que o nivel da competición, cando un non ten aspiración internacional, baixe, senón que hai moitísimos recursos detrás dos sistemas deportivos que son algo máis que seleccións, moito máis: os centros, as oportunidades, os medios, o financiamento, incluso o financiamento, que non teriamos capacidade agora mesmo de aportar, e que moitísimos deportes se benefician dela, sendo parte de plans estatais.

E, por tanto, nós aí vemos dificultades, e así o ven moitos e moitas deportistas aos que ti-vemos oportunidade de consultar —non lle direi se citou algúns deles, que pode ser—, pero, en todo caso, que transmiten que eles teñen toda a vontade —e esa é tamén a nosa posición— de participar en seleccións galegas, pero que non sexa excluín-te no feito oficial.

Porque, en realidade, este non é un debate deportivo —tamén temos que ser un pouco máis claros— e non se trata de dicir que o deporte e a política non se pode mesturar. Eu defendo aquela lección que deu Paul Breitner: debemos centrarnos no deporte, pero non ser eunucos políticos; e creo que tiña toda a razón do mundo. Esta é unha cuestión que ten que ver con algo máis; por tanto, vaiaamos a iso máis.

É unha proposta que, tocante exclusivamente á oficialidade, que todo o demais compartímolo —e aí vai a nosa emenda—, é inoperativa. Vostede, señor Castro, puxo algúns exemplos. Pero non son reais, teñen algo de trampa. Non é operativa.



Xogos Olímpicos. A decisión de competir en Xogos Olímpicos é da propia organización dos Xogos Olímpicos, que recoñece directamente os países que están recoñecidos pola ONU, exclusivamente. Non o imos cambiar aquí. Por tanto, quedaríamos sen xogar se queremos recoñecer oficialmente de maneira excluínate a selección galega. E as federacións internacionais recoñecen as normativas estatais. Por tanto, debemos ir aí modificalo.

E este non é un debate que teñamos só nós, senón que é un debate que está no plano estatal. De feito, está en trámite a Lei do deporte do Estado, aprobouse no Congreso neste mes pasado, estamos en decembro, leva rexistrada dende abril e a partir dese traballo irá ao Senado e volverá de volta. E aí existiu un debate sobre as federacións autonómicas e as seleccións autonómicas, debate que se resolveu por maioría —non necesariamente todo o mundo de acordo, evidentemente— e que implica algunha cuestión sobre a que creo que é importante que reflexionemos.

En primeiro lugar, o modelo que se adopta en España é un modelo bastante habitual dentro dos máis avanzados; quere dicir que non é un modelo que defenda exclusivamente a selección española para todos os deportes; non é así, non é así. É certo que o modelo pode ser discrepante, pero non é así. Recoñece a posibilidade —e nós estamos non só de acordo senón que votamos a favor diso— de que aqueles deportes con vinculación tradicional ao territorio teñan a súa propia posibilidade de ter selección propia, incluso recoñecendo algúns espazos como aqueles deportes que demostren a súa tradicionalidade, por exemplo, tendo federacións previas ás federacións internacionais ou á propia federación nacional na que agora estiveran inseridos.

É o caso do fútbol gaélico, que con esta lei podería competir, e é o caso tamén do fútbol británico; por iso Gales pode competir en fútbol, en críquet, en rugby, pero non en baloncesto ou noutros deportes, porque non teñen esa tradicionalidade recoñecida. Por tanto, cando falamos de que Gales ten selección, non, Gales ten selección nalgúns deportes, e está ben, pero porque a selección de fútbol de Gales ten unha antigüidade moito maior que a propia Federación Internacional de Fútbol, xa que vostede falou exclusivamente de fútbol.

En realidade, todas as realidades que vostede está defendendo aquí, lexítimas e boas, están defendidas nesa Lei do deporte, fronte á que nós votamos a favor, o PP votou en contra e o BNG se abstivo, se non me cadran mal as contas.

Pero permítame, porque non me podó resistir: o BNG fixo unha emenda a esa lei, e voulla ler, sobre este punto; fixo máis, pero sobre este punto: «Para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito estatal ou internacional as federacións deportivas de ámbito autonómico poderán» —as federacións «poderán»— «integrarse, se o desexan, nas federacións de ámbito estatal ou participar directamente». E non podemos estar de acordo —porque esa é a proposta do BNG— por dúas cuestións: primeira, porque vostedes deixan as decisións en mans das federacións, e non o compartimos; se é un criterio estritamente deportivo, falemos do deporte, pero creo que chegamos á conclusión de que non era estritamente deportivo. Por tanto, non podemos deixar nas mans das federacións isto, independentemente de que algúns esteamos pensando agora nalgún presidente de federación.



Pero, máis alá diso, non podemos deixalo en mans das federacións, e, ademais, porque permite habilitar que algunhas federacións, segundo o criterio da propia federación, decidan ou non facelo. Se é un debate simbólico —que o é— e é un debate identitario —que o é—, ¿como é posible deixar os símbolos en mans de estruturas privadas como as federacións? ¿Que valor teñen os símbolos cando a decisión do que se fai coa identidade nacional dun país queda en mans das federacións? Non é unha emenda que respecte a iniciativa lexislativa popular que trae aquí, que é moi coherente en si mesma. Un pode estar de acordo ou en contra, pero a emenda do BNG non respecta esa identidade, porque entrega a decisión da identidade. Se é que a selección galega ten que responder ao criterio de identidade nacional, entón, ¿por que van decidir as federacións?, que —repito— son entidades privadas. A ver se é que os símbolos os van decidir entidades privadas. Isto a nós complicaríanos aínda máis a decisión.

Pero, en todo caso, non estamos de acordo con esa emenda, que, por suposto, nós no Congreso rexeitamos. O BNG, obviamente, presentouna e votouna a favor, pero non saíu aprobada, e nós defendemos «si» á proposta que fai a actual Lei do deporte, que habilita que en certos deportes, alí onde se demostra tradición, é viable. Está pensado, si, orixinalmente, para algúns específicos (o fútbol gaélico, a pelota vasca), porque hai que ser realistas: tampouco ten sentido nunha defensa unilateral dunha España única, unida, grande e libre, que a pelota vasca non teña unha identidade propia ou non defenda que teña unha identidade propia en Euskadi —non nas Vascongadas, en Euskadi—, tamén en Navarra, e que se poida xogar alí coas seleccións propias; ou que o fútbol gaélico, que non o xogan en Cartaxena —oxalá—, sexa propio da nosa terra e, por tanto, poidamos ter selección propia, porque ademais así o recoñecerán. Aí si esa vía, as federacións internacionais, porque ese é o modelo que utilizan tamén as federacións internacionais.

Por tanto, a Lei do deporte o que fai é abrir esa posibilidade aí onde ten lóxica identitaria dende o noso punto de vista, e facelo na liña na que o fan todos os países, tamén o modelo británico, que é o defendido, tamén o modelo británico, que é o modelo exemplar, que soamente permite seleccións nestes deportes —pódeseme escapar algún—: críquet, rugby e fútbol, deportes tradicionais anglosaxóns, e, por tanto, que tiñan esa identidade e ese arraigo antes das federacións internacionais.

Por tanto, nós cremos que, se é un criterio deportivo, é debatible, lexitimamente debatible, pero debatible, que normativamente é inviable, porque non seríamos recoñecidos. E, por tanto, estamos intentando debater sobre algo que non nos recoñecerían, e, por tanto, estaríamos prexudicando os nosos deportistas, e iso tampouco pode ser o obxectivo.

E se é simbólico, entendemos a intención simbólica, pero non compartimos enfrontar bandeiras. Nós cremos na identidade das persoas.

E, ademais, non compartimos a proposta que fai o BNG, que deixa en mans das federacións a decisión de se o deporte pode escoller ou non, que iso é ao que vostedes antes me apelaban de que non é excluín-te. É excluín-te, porque non hai ningún caso dun deportista que, sen cambiar a nacionalidade —e aquí non se podería cambiar a nacionalidade, porque iso é unha cuestión que vai por outra vía, polo de agora—, como non se podería cambiar, poida escoller: este ano xogo por Galicia e mañá por España. Sería excluín-te forzadamente para os deportistas, algúns dos que, por certo, tamén poderían opinar o contrario.



Por tanto, nós o que facemos é unha proposta que plantexa levar o marco competencial ao máximo. Reivindicamos a necesidade das federacións nacionais, identificánnos. Pero o que non queremos é entrar en confrontación con outras seleccións cando normativamente é un disparo no pé e cando en realidade deportivamente tampouco tería moito percorrido para nós.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TORRADO QUINTELA: E, por tanto —remato xa, presidenta—, nós defendemos esta emenda que plantexamos, porque vai acorde ata o máximo teito competencial con aquilo que a Lei do deporte aprobada habilita e que ademais deixa o espazo para facer a reivindicación máis natural, que é que os que tivemos e os que non teñen pero teñen vontade de sentirse identificados coa selección galega poidámolo seguir facendo ata o máximo das posibilidades que teñamos. Porque —repítolle— eu xoguei baixo esa camiseta e foi un enorme orgullo; encantárame volver ter a oportunidade, aínda que eu era unha xove promesa pero agora xa crecín...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e entón non teño a oportunidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona María Guadalupe Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Bos días, señorías.

En primeiro lugar, antes de comezar a miña intervención, quero dar a benvida a todos os representantes de Vía Galega, que son os primeiros interesados en que debatamos neste parlamento a súa iniciativa.

E, antes de comezar, quería dicirlle ao señor deputado do BNG, a Dani, e ao señor Bará, que a selección galega empata con Venezuela na festa do fútbol, maio de 2016, partido amigable. Dende o primeiro minuto do xogo a selección galega levou a manilla do partido. Lucas Pérez e Iago Aspas foron un pesadelo para a zaga venezolana; os dous dianteiros entendérono á perfección. Maio de 2016, partido amistoso co Partido Popular na Xunta de Galicia. E, como ven vostedes, si existe afección galega e si existe a selección galega patrocinada pola Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Ás veces algúns olvidan que nós tamén somos galegos.

Bos días.

É unha honra ter a oportunidade de debater esta proposta de lei inicialmente traída ao Parlamento —como xa dixen— por Vía Galega e asumida —como non podía ser doutro xeito—



polo BNG. O 90 por cento dos promotores da mesma pertencen a este partido, o seu sindicato de cabeceira. Titulada, evidentemente, «Polo dereito da Galiza a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas». Sen dúbida ningunha, non hai moito debate deportivo tras a mesma e si moito ideolóxico, moito intento de transformar a estrutura de país que nos demos na Constitución do 78 e, a través dos sentimentos xerados nun mundo tan pouco racional como o da competición deportiva, acadar o que doutro xeito sería moi complicado.

Para traballar sobre esta iniciativa popular trasladada —porque é certo que o deputado do BNG trouxo un discurso sosegado, como é habitual nel, co que eu comparto case que todo, por iso a unanimidade no deporte neste parlamento soe ser o habitual— é certo que eu collín a iniciativa de Vía Galega, que son os que realmente trouxeron o debate aquí a esta cámara.

Para traballar sobre esta iniciativa popular trasladada ante este parlamento, convén salientar certos textos literalmente recollidos da mesma, da súa iniciativa, e que din o seguinte: «No deporte impídese que nos amosemos como galegos e galegas e prohíbese nos competir baixo a bandeira galega. Como galegas e galegos padecemos, froito do sometemento que sufrimos, de falta de autoestima colectiva. Todo o que nos identifica e nos fai galegos e galegas prohíbese, ocúltase ou trátase como irrelevante, é dicir, subordínase ao de fóra, ao alleo. Necesitamos competencias lexislativas plenas para rematar coa subordinación á Federación Española e para amosarnos como a nación que somos».

Pois ben, a ninguén se lle escapa —con todo respecto ás moitas firmas entregadas ante o Parlamento— que a realidade que amosa esta iniciativa non é o sentir da maioría dos galegos. Podería asegurar que ninguén lle furta en Galicia a ningún deportista o dereito a representarnos e tampouco llo furtan fóra dela. Podería dicirlle que nos foros onde competimos ondea a bandeira de Galicia e os nosos deportistas amósana con orgullo alí onde compiten. Podería dicirlle que os amantes do deporte vibramos con Ana Peleteiro, Gómez Noya, Dapena, Teresa Portela ou Susana Rodríguez, entre outros, sabendo que cada vez que soben ao podio, detrás dese éxito, hai un galego competindo con orgullo por España e, dese xeito, amosando o bo facer do deporte galego. (*Aplausos*.) Podería asegurarlle que os que hoxe nos sentamos nestas bancadas non agochamos a emoción que nos produce escoitar o himno galego nas solemnidades, neses momentos en que sacamos peito do que somos. Ninguén dos que nos sentamos hoxe —ninguén— nestas bancadas imos esconder o orgullo de país que sentimos cando coñecemos dos éxitos dos nosos deportistas e cando vemos as nosas bandeiras galegas ondeando cando gañamos algún campionato.

Ata aquí todo o que nos une e dende aquí todo o que probablemente nos separe, o que está detrás desta proposta de lei que hoxe imos votar.

Traballamos como políticos, señores, para servir, para aportar, para transformar, non para destruír, dividir ou enfrontar a ninguén. Na súa iniciativa propoñen como principal obxectivo a creación dunhas seleccións deportivas galegas que poidan competir a nivel oficial representando a Galicia a nivel internacional; fundamentalmente, o que queren é rachar con España. É evidente, señorías, que temos un medio para acadar un fin, pero semella que este fin non é o mesmo para o BNG que para a maioría dos galegos. Dende este grupo parlamentario voules informar do que nós si apoiamos.



Apoiamos, si e sempre, que as nosas seleccións galegas sexan axudadas económica e tecnicamente dende as administracións para poder competir a nivel estatal ou internacional, como xa o están facendo.

A selección galega de fútbol masculino vén de acadar o maior éxito histórico da súa historia, clasificándose para a Copa das Rexións da UEFA que terá lugar no próximo mes de xuño. Debo subliñar, por certo, que ningún deputado do BNG estivo no partido en Portonovo; debe ser porque a bandeira que lucía a nosa selección era esta, *(A señora Murillo Solís mostra unha bandeira.)* a nosa, a dos galegos. *(Aplausos.)*

Apoiamos, si e sempre, que os nosos e as nosas deportistas poidan competir baixo a bandeira galega e exhibila cando soben ao podio ou cando recollen medallas, como xa acontece na actualidade, campións e campioas de España. Campións de España coa bandeira galega, este rapaz coa bandeira galega aquí —como poden ver— *(A señora Murillo Solís mostra unhas fotografías.)*, campión sub16 de España de fútbol. Campioas de hóckey sub14 de España, a bandeira galega, amosan con orgullo a bandeira galega, as nosas seleccións galegas. E selección absoluta de surf, tamén coa bandeira galega, a de Galicia, a que locen nos podios cada vez que recollen as nosas medallas. *(Aplausos.)* Non o ocultan a ninguén.

Apoiamos, si e sempre, que se conformen seleccións galegas femininas e masculinas, cando o organismo que ten competencias exclusivas na súa configuración, que son as federacións deportivas galegas, así o decidan.

Apoiamos, si e sempre, que se impulse o uso e coñecemento da lingua galega a través do deporte, xa que entendemos que é un instrumento moi acaído para esta finalidade.

Apoiamos, si e sempre, que se impulse a igualdade de xénero mediante a promoción da participación da muller na práctica do deporte, como xa se vén facendo dende a Xunta de Galicia, con diversas campañas de concienciación e apoio ao deporte feminino. Aquí ven unha *(A señora Murillo Solís mostra unha fotografía.)*: o apoio a Pescamar, apoiando a Xunta a campaña de «Non á violencia de xénero». *(Aplausos.)*

Continuamos. *(Aplausos.)*

Si, señores do BNG e señores de Vía Galega, si, para todo isto poden contar connosco —si, seguro—, porque entendemos que as seleccións galegas deportivas son pezas esenciais para o desenvolvemento do sistema deportivo. Pero, señorías, vivimos unha realidade entre o marco constitucional que nos demos e que determina que as seleccións autonómicas teñen un ámbito de actuación internacional marcado pola lei vixente —como xa lles contou o señor Torrado— e por todas as sentenzas do Tribunal Constitucional, que vostedes seguro que coñecen e que indican que estas seleccións soamente poden competir en dous escenarios: os partidos amigables —como xa lles comentei, o do 2016 contra Venezuela— e, no caso de que neste deporte non exista unha federación nacional, como é o caso do fútbol gaélico, do que vostede loce a camisola.

É evidente que nosoutros no fútbol gaélico, a selección galega compite a nivel internacional, porque, ademais de que cumpre co marco constitucional referido pola súa especial estrutura



de competición do fútbol gaélico, que orixinariamente competían condados de Irlanda e non nacións senón países.

A norma é clara e pacífica. Penso que, fronte á claridade da norma constitucional que temos e á existencia real de seleccións, lamentamos que se queira seguir con este discurso, xerando confusión, como se Galicia non tivera seleccións, que son exitosas e están a competir neste momento. Mais é certo que unha nova Lei do deporte xa está en tramitación neste momento no Senado, pero vai para largo.

Pero, se a lei, efectivamente, rematase —como parece que vai ser—, o artigo —o señor Torrado di o 44, eu agora vin que entrou no Senado co número 48.2, por certo— da introdución do regulamento histórico e social dunha modalidade deportiva nunha comunidade autónoma para poder crear seleccións deportivas nacionais non é máis que a invención dun subterfuxio para satisfacer unha demanda do PNV e Bildu no marco das negociacións orzamentarias mantidas por Pedro Sánchez, sen atender realmente a criterios deportivos ou de necesidade social senón a criterios estritamente políticos. Este movemento de Sánchez pode ser entendido como unha traizón ao conxunto do Estado, unha argucia política insolidaria co resto do país.

A elaboración da Lei do deporte contou coa unanimidade na práctica totalidade dos seus puntos no Congreso. Non obstante, esta emenda, evidentemente, non tivo o mesmo éxito. Penso que, salvo que se proceda a determinadas modificacións normativas pertinentes, no caso de ser introducido este punto na futura Lei do deporte, poderíase incorrer novamente en inconstitucionalidade.

Todos estes feitos dos que falamos podemos traelos a colación coa ocasión desta iniciativa, porque evidentemente Galicia é unha comunidade autónoma española, e as mesmas normas son de aplicación. Polo tanto, señorías do Grupo Socialista, pode que finalmente o artigo da lei tras as emendas nin sexa sequera o 44.2 nin o 48; pode incluso que ese artigo do que descoñecemos efectivamente o seu percorrido poida ser declarado inconstitucional; e neste caso vostedes seguirían apoiando este percorrido, é o percorrido que ten este artigo. Ben. ¿Por que non vencellar a súa emenda ao artigo dunha lei que aínda non existe e da que descoñecemos o seu futuro e non ao cumprimento dos textos legais constitucionais? Imaxino que tivera sido máis fácil.

En fin, imos centrarnos no noso. Con moito traballo e coa axuda da Xunta de Galicia, as federacións deportivas galegas están conseguindo múltiples éxitos: vinte galegos e cinco deportistas de ascendencia galega nos últimos Xogos Olímpicos, o 15 por cento de galegos na delegación española de deportistas paralímpicos non parecen pouco, pero é certo que sempre quereremos máis. Estes deportistas soben ao caixón todos eles arroupados coa bandeira de Galicia; podemos ver a Ana Peleteiro —Xogos Olímpicos— *(A señora Murillo Solís mostra unhas fotografías.)* coa bandeira de Galicia, e outros moitos deportistas galegos coa bandeira en campionatos e nas Olimpíadas representando a España coa bandeira de Galicia; a ninguén se lle ocorre que non a ocultan, todos eles subindo ao podio e recollendo as medallas coa bandeira de Galicia. Todos eles séntense orgullosos de representar a España e poder sentirse galegos. *(Aplausos.)*

Como políticos, debemos ser proactivos na mellora daquilo que temos encomendado, e preguntome cal é o beneficio para o deporte galego que recolle a súa proposta. Sen melloras



para os deportistas nin para os clubs nin para o tecido empresarial que se move en Galicia ao redor do deporte, unha vez máis isto o que amosa é o pouco que lle preocupa e ocupa ao BNG o deporte galego.

¿Imaxina vostede que a cidade de Pontevedra fixese unha selección para competir oficialmente contra Galicia? Non, ¿verdade? Ben, pois eu son pontevedresa —e moi orgullosa de selo—, a min gustaríame moito levar o nome da miña cidade ao alto do poido e quereda escoitar nese momento o himno do Pontevedra Club de Fútbol. Pero ¿sabe que? Sería incongruente que eu puidese competir contra a selección á que sendo a maioría de Pontevedra eu quereda representar.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Finalmente, señores do BNG, vostedes din pensar en grande, pero temo que con esta proposta se retratan e amosan o que realmente son e queren: unha Galicia pequeniña que quede isolada. Unha proposta importante para os seus intereses, ben pensada para o enaltecemento das cidades independentistas do BNG pero carente de utilidade para o noso deporte. Os nosos deportistas queren conseguir éxitos e ser os mellores dentro de España, o que lles permite ser máis coñecidos e recoñecidos a nivel mundial. Ese é o obxectivo: ser máis e mellores.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Así que seguiremos traballando por conseguir máis recursos para os nosos deportistas, as nosas asociacións, federacións e clubs deportivos, intentando cada día que os nosos deportistas sexan os mellores de España e do mundo, iso si, sendo galegos. Orgullo de país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o peche para o autor da proposición non de lei.

Ten a palabra don Daniel Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidenta.

Ben, menos mal que ao final o deporte e a política teñen que estar separados, porque aquí víronse bastante xuntos.

E a min paréceme moi ben, evidentemente, que cando saíron esas seleccións galegas saían coa bandeira galega, que é a de todos, pero non fixo o mesmo vostede, con todo o respecto, señora Murillo, coas bandeiras que quitou en Pasarón, que eran bandeiras galegas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

É unha bandeira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. *(Protestas.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): A ver, por favor. Por favor, respecten o deputado que ten o uso da palabra. *(Aplausos.)*

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas.

¿Xa?

Bandeiras galegas son todas: a que... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, ¿que hai: uns galegos bos e outros malos, non? *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, vale, vale, vale.

Señor Torrado, así non lle vou poder dicir nada a vostede. Síntoo moito, jeh!

A ver, bandeiras galegas son todas, hai unhas oficiais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, ben. Vale, vale. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Creo que non é necesario que recorde as normas de intervención, e isto non debía ser un diálogo; se non, non imos rematar esta mañá. Sei que é un asunto interesante, pero...

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, eu sei que falamos de deporte, pero isto tampouco ten que ser un estadio de fútbol, jeh!, imos ver. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* A ver se dou acabado a frase. As bandeiras galegas son todas: unhas oficiais e outras non. Como galegos e como galegas, *(Murmurios.)* cada un séntese máis identificado con unhas ou con outras. A que mostrou é galega. Parece que lle doe, que lle proe que como representantes do BNG tamén nos vexamos representados nesa bandeira que ensinou. *(Aplausos.)* Porque tamén o facemos, porque é a bandeira de todos os galegos e de todas as galegas. Hai unhas, hai moitas, pode ser tamén cunha serea ou como se lle queren poñer tamén unha vaca no medio. Todas representan a este país. *(Murmurios.)* Ben, moi ben. Entón, os que queren dividir vese claro que son vostedes. E logo a ver onde está o sectarismo, ¡mi madriña!

E logo a min paréceme moi ben esa reedición do partido amistoso, que foi no 2016 ou no 2017 —non me acordo—, contra Venezuela, pero ¿por que o volveron quitar entón?, ¿por que o volveron quitar? Se fora ben; unha pena que nos empataron no último minuto. ¿Por que o volveron quitar? Aí queda claro.

Entón, visto o visto, vai ser o BNG o que enfrente. Eu vin aquí dicirlles que a selección galega é de todos, voten o que voten, voten ao PP, voten ao PSOE, voten ao Bloque, non voten; é a de todos. E vostede vénme con bandeiras dun lado —que, por certo, quitou do seu estadio— e bandeiras do outro. Pois aí está a diferenza, aí está o enfrontamento, ¿non?

E aquí o que dixen antes: eu vin cun ton propositivo dunha selección que nos representa a todos, sexamos como sexamos e teñamos o sentimento de galegitude ou non que teñamos, porque é moi diverso, é moi complexo, e cadaquén vese representado como quere, e vostedes



véñenme con bandos, e con PNV e con Bildu. O de sempre, o de sempre. Ata a súa compañeira Cuca Gamarra, cando o PNV conseguiu a través da emenda que poida haber unha selección de pelota vasca e de surf, dixo que era unha ameaza á cohesión de España. ¡Por Dios, por Dios! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Non sei como fai o imperio británico a resistir tantos anos con tantos partidos entre Escocia, Gales e demais, e Xibraltar incluso. (*Aplausos.*) É que así é moito, é bastante difícil.

Aquí é ben claro que hai unha iniciativa, que lle volvemos agradecer a Vía Galega por traela, aínda que poden ver ao final o que está todo detrás disto, propositiva, de recoñecer que Galiza poida competir internacionalmente, entre outros aspectos, e ao final miren no que se transforma: en que hai unhas bandeiras de galegos para uns e unhas bandeiras de galegos para outros. Non. Galegos somos todos e todas na bandeira que nos queiramos ver representados e representadas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, si. (*Murmurios.*) Ben, moi ben.

Señor Torrado, despois desta lección así fordista —digamos—, o debate visto nestes termos é moito máis interesante, evidentemente. É complexo. Estamos a falar de lexislacións que implican moitos órganos, moitas autonomías e tamén as federacións de por medio. Eu podo entender a visión que pode ter o Partido Socialista, pero tamén na propia Lei do deporte hai que ter en conta certas cousas. Nestas excepcións que pon a nova Lei do deporte fala de federacións creadas anteriormente, posteriormente e de arraigo histórico. Iso tamén pode ser pillado de calquera xeito, porque dicir que o fútbol, por exemplo —non quero ser futbolcentrista, jeh!—, non ten arraigo histórico en Galiza...; temos equipos desde 1905 e temos agora mesmo uns 55.000 federados e federadas. Arraigo histórico hai. E, en canto á Federación Galega neste caso de fútbol, creouse en 1909, e a española, en 1913. Aí tamén hai unha federación creada anteriormente.

É certo que aquí as visións dentro de cada membro que pertence a un partido diferente poden ser diferentes. Pero o que se mostrou sempre é que a vontade de diálogo e a vontade de cambiar as leis pode cambialo todo. Porque aquí é vontade política. Se hai vontade política de que as seleccións galegas poidan competir internacionalmente, vaise facer. E iso é unha realidade e pasa con calquera outro aspecto lexislativo.

E é certo que agora é un pequeno avance o que se conseguiu na Lei do deporte, un pequeniño, pero ao final sempre acabaría dependendo un pouco do que dixese o CSD e o que dixesen un pouco as federacións estatais.

E digo que tamén é vontade política, por poñer un exemplo, cando no Goberno vasco, de PNV e o Partido Socialista de Euskadi, foron ante a UEFA e a FIFA reclamar a oficialidade da selección vasca de fútbol, en dúas ocasións, e dise que ao mellor nunha terceira.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidenta. Remato agora.

O que mostra é unha vontade nun goberno no que participan a querer mostrar e, en vez de verbalizalo, poñelo na realidade, unha vontade que hai dun pobo, que é que exista unha selección que o representa.



Isto era o que viñamos pedir traendo a iniciativa que presentou con máis de seis mil sinaturas Vía Galega. Ao final isto transformouse máis nunha grada de fútbol das malas, das que non se respecta e se insulta.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Da emenda non di nada, señor Castro?

O señor CASTRO GARCÍA: Da emenda falarémolo agora mellor, que aínda hai...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, moi ben.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Avanzamos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto da súa competencia como de tramitación ministerial

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse a emenda núm. 44546, autoemenda do Grupo Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol, e a 44543, dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do seu deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 36051:

Emenda de adición.

Débase engadir un novo apartado no punto 2 da parte resolutiva da iniciativa, co seguinte texto:

«e) Denegar os proxectos fóra das áreas de desenvolvemento eólico (ADE), salvo aqueles para os que a Xunta de Galicia declare a excepcionalidade en base á Lei eólica galega.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 36051.

Emenda de modificación.

Débase modificar a letra c) do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:



«c) Amosar un compromiso claro por parte do Goberno central, Xunta de Galicia e Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación en todas as reunións da mesa de seguimento de Alcoa do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, responsable, entre outros, de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señorías, esta iniciativa que hoxe presentamos no Grupo Popular supón en esencia dar continuidade ao debate que mantivemos no primeiro pleno do mes de novembro, desatendendo unha realidade innegable. Daquela foi posible chegar a un acordo nesta cámara, do que se desmarcou neste caso o Bloque Nacionalista Galego, na súa obsesión contra os eólicos. E esta iniciativa é unha relación coa necesidade de apoiar os esforzos dirixidos á reactivación e á recuperación da produción da planta de aluminio primario, da única planta de aluminio primario que hai en España, que é a de Alcoa en San Ciprián.

Os traballadores de Alcoa, da industria electrointensiva en xeral, non poden ter futuro se non se garante un prezo eléctrico competitivo. E para garantir ese prezo enerxético en niveis competitivos é unha condición necesaria, aínda que non suficiente, que poidan acollerse ao que se denominan como PPA, contratos de subministración enerxética a longo prazo entre unha empresa de enerxía renovable e a industria.

Pero o Bloque Nacionalista, que dirixe a señora Pontón, sempre actúa igual: agárranse ás pancartas e din estar xunto cos traballadores de Alcoa pero despois bloquean as posibles solucións. Piden un plan de emprego para A Mariña pero despois crean plataformas teledirixidas para boicotear todos os proxectos eólicos, forzando empresas como Alcoa ou como Vestas ao peche por incapacidade de produción. Despois, encima, teñen o rostro de dicir na tribuna do Parlamento que o que quere facer o Partido Popular é favorecer empresas renovables amigas.

Miren, señorías do BNG, os nosos únicos amigos son os mil catrocentos ou os dous mil traballadores de Alcoa, cuxo futuro inmediato depende de que o nacionalismo galego deixe de boicotear os parques eólicos que permitan ter enerxía a prezos competitivos na fábrica de Alcoa en San Ciprián.

O 1 de xaneiro de 2024 remata o prazo; esa é a data límite para rearrancar as cubas de produción de aluminio de Alcoa. As miles de familias da Mariña cuxo futuro e traballo dependen da reactivación desta empresa precisan de certezas, certezas como as que ofreceu a Xunta de Galicia.

Certezas é achegar unha axuda de preto dun millón de euros para a mellora da eficiencia enerxética da factoría de Alcoa de San Ciprián; é dicir, apoiar a súa modernización.

Certezas é que a Xunta autorice todos os parques eólicos que Alcoa precisa para obter a enerxía a prezos competitivos, tal e como prometemos en tempo e forma e declarando a excep-



cionalidade deses proxectos eólicos, cumprindo o compromiso de priorizar aqueles proxectos que destinen máis do 50 por cento da súa enerxía á industria galega grazas ao mecanismo legal que este parlamento incorporou na Lei 3/2022, xa en vigor.

Pero, para que eses parques saian adiante, necesitamos tamén o compromiso do Goberno de España. E por iso facemos un chamamento expreso neste sentido na nosa iniciativa. A autorización final deses trece parques eólicos vinculados á nosa industria, non só Alcoa, tamén Sentury e outras empresas, e que suman 1.131 megavatios, require que o Executivo de Pedro Sánchez faga efectiva esa autorización canto antes. Por iso comprenderán que non hai un só minuto que perder.

E por iso demandamos garantir a axilidade na tramitación dos proxectos eólicos cuxa autorización é de competencia estatal, adoptando todas as medidas que permitan dar prioridade ás instalacións que subministren electricidade á industria. Non queremos que aconteza como co estatuto electointensivo do señor Sánchez, que chegou tarde, e ata os seus propios alcaldes recoñecen que é moi insuficiente.

Pero a iniciativa que hoxe defendemos introduce outros elementos relevantes que van máis aló dos acordos aos que temos chegado nesta mesma cámara. Pedimos activar o PERTE para descarbonizar a industria electointensiva e que o seu deseño e xestión se faga en gobernanza coas comunidades autónomas e non se decida en exclusiva nos despachos da Moncloa, de costas ás empresas e a Galicia, onde radica moita da industria electointensiva.

E, finalmente, pedimos a través da nosa autoemenda, que engade un novo punto, que o Goberno de España denegue todos os proxectos que están fóra das áreas de desenvolvemento eólico salvo aqueles para os que a Xunta declarou a excepcionalidade en base á Lei eólica galega.

Señorías, a Xunta demostra que quere seguir demostrando con feitos a súa máxima implicación cun desenvolvemento eólico ordenado en Galicia, cumprindo todas as directrices que marca a lexislación vixente, facendo que sexa compatible coa protección do medio ambiente e prestando especialmente atención aos proxectos vinculados á industria.

A Xunta só está a autorizar aqueles proxectos nos que, como resulta dunha tramitación transparente e rigorosa, se determine que cumpren todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais establecidas pola normativa vixente. Queremos esta mesma implicación e compromiso tamén por parte do Goberno de España. Primeiro, tramitando en tempo e forma os parques de máis de 50 megavatios, que dependen da súa xestión e vinculados á industria. En segundo lugar, pedíndolle ao Goberno que non ignore a existencia dun Plan sectorial eólico en Galicia, que determina cales son as áreas de desenvolvemento eólico permitidas; é dicir, que respecte a lexislación galega, e, polo tanto, que rexeite aqueles proxectos que non respectan ese mapa eólico galego.

A realidade é teimuda. Galicia xa é un referente no desenvolvemento da enerxía eólica, o que contribúe á captación de novos investimentos e á xeración de novas oportunidades. Contamos con máis de cinco mil empregos neste sector, achegando preto de 500 millóns de euros ao produto interior bruto e máis de 11 millóns de euros anuais ás rendas dos donos dos terreos.



No Partido Popular e na Xunta de Galicia estamos plenamente comprometidos co desenvolvemento das enerxías renovables, non só de palabra senón tamén con feitos. As renovables xa supoñen o 74,3 por cento da xeración da enerxía eléctrica en Galicia, e isto é 27 puntos máis que a media en España, que está no 46,7. Pero só terán cabida en Galicia aqueles proxectos que cumpran todas as directrices que marca a lexislación vixente e que sexan compatibles coa protección do medio ambiente.

Apoien esta iniciativa pensando no futuro dos traballadores de Alcoa, permitindo o desenvolvemento eólico, ambicioso pero tamén ordenado e respectuoso, en Galicia. Creo, ademais, que fariamos un gran favor apoiando esta iniciativa, non teríamos por que non chegar a un acordo, se nalgunhas ocasións xa chegamos, sobre todo o Partido Socialista e o Partido Popular, aínda que é certo que os nacionalistas do Bloque Nacionalista Galego naquel momento se abstiveron.

Tamén é certo que non teñen fácil votar esta iniciativa, porque, se andamos agarrados ás pancartas e andamos incentivando na xente para que faga manifestacións e para que se opoña aos parques eólicos, despois votar no Parlamento a favor de que se constrúan eses parques eólicos, cando menos, non é moi ético, e supoño que neste sentido hoxe ao mellor seguen mantendo esa ética. E, se non, eu pídolles, polo ben de Galicia, polo ben a provincia de Lugo, polo ben da Mariña e polo ben dos traballadores de Alcoa, que apoien vostedes esta iniciativa. E estoume referindo ao Bloque Nacionalista Galego, que vostedes son coñecedores porque visitaron a Mariña con frecuencia; iso si, non lles contaron sempre a verdade do que facían vostedes cando non estaban na Mariña, pero visitar visitárona.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Só unha cousiña antes de empezar o debate. A emenda foi presentada pola persoa que lles fala; non vaia ser que despois teñamos problema á hora de poder defender a emenda.

Dicía o señor Balseiro, cando empeza a súa intervención —eu vou ler a iniciativa que presentaba o Partido Popular, tamén cría que ese era o sentido do Grupo Parlamentario Popular—: «seguir acadando acordos nesta cámara a prol do futuro para os traballadores de Alcoa na Mariña». É certo, como dixo o señor Balseiro, que recentemente o meu grupo traía a debate unha iniciativa para pedirlle axilidade á Xunta de Galicia á hora de tramitar estes parques eólicos necesarios para o mantemento dos postos de traballo de Alcoa. Aceptamos unha emenda do Grupo Parlamentario Popular para poñerlle os mesmos deberes ao Goberno de España. E eu pensaba que esta iniciativa ía seguir intentando manter ese consenso que acadamos o PSdeG e o Grupo Parlamentario Popular.



Ben, tamén pensaba un pouquiño que esta iniciativa era tamén para lavar a súa mala conciencia, porque estivemos a ver como durante todos estes anos por parte da Xunta de Galicia nada se fixo en tema de parques eólicos. Agora entran as présas, agora as empresas pídenlle esa axilidade e dende logo reaccionaron tarde, reaccionaron despois de que o Partido Socialista instara en numerosas ocasións a Xunta de Galicia a que axilizara a tramitación deses parques eólicos. *(Aplausos.)* Señor Balseiro, van a rebufo do que marca o PSdeG, pero benvido sexa, aínda que imos con moito atraso.

Eu dicía que, cando lía a súa iniciativa, pensaría que era moi doado chegar a un acordo, pero o propio señor Balseiro dicía ao longo da súa exposición que introduciran algúns elementos á hora de debater esta iniciativa; e refírome á súa propia autoemenda. Porque o que lle están a pedir ao Goberno central é que faga mal as cousas, como as estivo a facer reiteradamente a Xunta de Galicia.

Vostedes teñen a ferramenta legal e o que teñen que facer é facer ben eses informes; así llo trasladaron dende o propio ministerio. Non poden vostedes rechazar automaticamente todos aqueles proxectos de parques eólicos que cheguen fóra desas zonas ADE. O que teñen que facer —eu non me meto en se ese informe de impacto ambiental ten que ser positivo ou negativo, porque para iso estarán os técnicos, para avalialo— é un verdadeiro informe de impacto ambiental, non rexeitar directamente cun modelo tipo, porque seguramente existan unhas certas garantías xurídicas —vostedes que tantas veces están a pedir esa seguridade xurídica—, polo que deberán de respectarse tamén esas garantías xurídicas para os promotores destes parques eólicos; non vaia ser que despois veñan pedir certas responsabilidades e o Goberno galego teña que responsabilizarse de non ter feito ben os seus deberes. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu creo que, coa súa autoemenda, o que buscan é rachar eses acordos que temos acadado nesta cámara. Eu creo que temos amosado en máis dunha ocasión o compromiso dos distintos grupos parlamentarios —estou a falar do Partido Popular e do PSdeG— no tema do mantemento do futuro dos postos de traballo de Alcoa a través da axilización destes parques eólicos, e eu estou segura de que o mellor é seguir chegando a eses acordos, porque dende logo que nolo agradecerán os nosos veciños, as nosas veciñas, tamén as nosas amizades, porque todos temos amigos traballando nesta planta e incluso familiares. Polo tanto, non rachemos ese acordo que temos acadado en numerosas ocasións.

É certo que a finais do ano 2021 os traballadores tiveron que adoptar unha decisión dolorosa, como foi aceptar ese ofrecemento por parte de Alcoa para parar e cesar a produción de aluminio primario, co compromiso de que se rearranquen esas cubas en xaneiro de 2024. Pero, para iso, nesa mesa de seguimento que se conformou de Alcoa e formada pola Xunta de Galicia, polo Goberno central, por Alcoa e polos representantes legais dos traballadores, todas as partes adquiriron compromisos.

E nese senso vai tamén a nosa emenda, que hoxe presentamos á iniciativa do Partido Popular, porque nós estamos de acordo en que dende logo Alcoa e o Goberno central teñen que cumprir os compromisos acadados para garantir o funcionamento e o rearranque destas cubas en xaneiro do ano 2024, pero tamén a Xunta de Galicia ten adquirido compromisos,



e cremos que tamén sería bo mandar esa mensaxe de que as administracións e a empresa deben de cumprir os compromisos acadados en decembro do ano 2021.

Polo tanto, nós, coa iniciativa que hoxe traen vostedes a debate de pedirlle ao Goberno de España e pedirlle tamén á Xunta de Galicia axilidade á hora de tramitar eses parques eólicos que permitan que determinadas empresas, neste caso Alcoa, poidan firmar eses contratos de subministración a medio e a longo prazo a un prezo estable da enerxía, dende logo que claro que estamos de acordo, e nese sentido ía a iniciativa que trouxemos a debate hai pouco. Pero claro, agora o Partido Popular e a Xunta de Galicia piden axilidade ao Goberno central, esa axilidade que dende logo a Xunta de Galicia non tivo en ningún momento. *(Aplausos.)*

Vostede dicía que a Xunta de Galicia estaba a traballar axilmente para declarar a excepcionalidade para estes parques eólicos vinculados ao futuro de Alcoa, e eu quero recordarlle que algunha empresa xa chegou a un preacordo para esta subministración de enerxía, xa en decembro do ano 2021. É certo que ese contrato se materializou en maio de 2022, e claro, é que non foron declarados como proxectos prioritarios pola Xunta de Galicia ata o pasado mes de novembro do ano 2022. Pero ¿esa é a axilidade que lle pide a Xunta ao ministerio? Non. Nós pedímoslle maior axilidade ao ministerio, porque a axilidade que tivo a Xunta de Galicia a verdade é que brilla bastante pola súa ausencia.

Miren, foron numerosas as ocasións en que por parte da ministra se lle requiría á Xunta de Galicia esa axilidade. Ademais, estaban dicindo que poñían e deixaban no aire investimentos eólicos por máis de 2.500 millóns de euros, ao deixar que caduquen ou que poidan caducar determinados puntos de conexión, que está aí moi próxima a data, xaneiro do ano 2023. Vostedes non fixeron os deberes, non estiveron á altura do que requiría o desenvolvemento eólico na nosa Comunidade Autónoma, a pesar de todas as potencialidades que ten a nosa Comunidade Autónoma. Nós xa llelo dicíamos: foron tarde, non fixeron os deberes, pero, cando pediron o apoio do PSdeG para pedirlle ao ministerio que autorizara unha nova prórroga para eses puntos de conexión, aquí estivo o PSdeG. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós o que pedimos tamén é por parte da Xunta de Galicia tamén lealdade co Goberno central. Vostedes agora piden esa axilidade que vostedes non tiveron, porque incluso, como repito, ata o mes pasado non foron declarados proxectos estratéxicos determinados proxectos destes parques eólicos vinculados a Alcoa. Claro, é que estamos a 1 de decembro do ano 2022 e que non pasou nin un mes dende que foron decretados polo Consello da Xunta como proxectos prioritarios.

Pero eu concordo: hai que pedirilles axilidade ás dúas administracións. Pero ben, eu quero volver recordar as veces que tivo o propio ministerio que pedir esa axilidade na tramitación dos parques eólicos que son competencia do Goberno autonómico. Porque non podemos pasar por alto que é certo que hai parques dos que a tramitación é competencia ministerial pero hai outros parques eólicos, que tamén servirían para garantir o mantemento dos postos de traballo de Alcoa, que tamén son competencia única e exclusivamente do Goberno autonómico, ao ser proxectos de menos de 50 megavatios.



Aparentemente, despois do debate da iniciativa que trouxemos a esta cámara recentemente, nesa reunión que mantivo o presidente da Xunta de Galicia coa ministra, chegaron a acordos de colaboración; ambos os representantes saían desa reunión dicindo que se chegara a acordo por parte das dúas administracións para colaborar na axilidade e na tramitación dos parques eólicos que son cada un da competencia de cada administración.

Polo tanto, nós, se eles están de acordo, se os representantes dos gobernos, tanto do Goberno galego como do Goberno central, chegaron a ese acordo, manteñamos tamén os acordos que temos acadados aquí neste Parlamento de Galicia. Pero claro, é que eu non podo pasar por alto que o señor Balseiro reclamaba moito a implicación, a colaboración do Goberno central, que nós dende logo tamén a pedimos, pero comparábaa coa axilidade da Xunta de Galicia. E eu quero recordarlle que en determinados parques eólicos vinculados coa subministración non para Alcoa senón para outra empresa radicada tamén na nosa Comunidade Autónoma e en que a Xunta de Galicia tardou en emitir os informes preceptivos que son preceptivos que emita a Xunta de Galicia aínda que a competencia para tramitalo sexa do ministerio, chegaron a tardar vinte e dous meses en emitir eses informes, vinte e dous meses, e que incluso non se daban posto de acordo entre determinados organismos do propio Goberno galego en dicir se era necesario ou non ese informe de impacto ambiental. Estoume a referir a que a Dirección Xeral de Saúde Pública chegou a dicir en agosto deste ano que para un deses parques non era necesario o informe de impacto medioambiental, porque a propia Consellería de Industria lle dixera en data 21 xuño dese ano que xa fora informado desfavorablemente por parte do Goberno galego, porque estaba fóra das zonas ADE, o 21 de xuño, pero o 16 de xuño no Consello da Xunta de Galicia decretan ese proxecto como prioritario. Polo tanto, é que nin sequera vostedes se están a poñer de acordo.

Polo tanto, eu preguntolles: ¿onde está...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—e remato, presidenta— a axilidade do Goberno galego, que agora lle pide ao Goberno central?, ¿onde está? É que nin sequera vostedes tiveron axilidade á hora de tramitar a Lei de áreas empresariais, que foi anunciada o 11 de marzo de 2021 e todos sabemos cando entrou en vigor, recentemente.

Polo tanto, axilidade, axilidade, moita non tiveron.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E repito: creo que, polo ben dos nosos veciños e das nosas veciñas, é bo seguir mantendo estes acordos. A iniciativa, tal e como estaba, ía na liña de manter ese acordo, pero a autoemenda vai rachar o acordo.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

O señora BARÁ TORRES: Pois se había algunha dúbida, quedaron claras as intencións do Partido Popular con esta iniciativa, que se aprobou unha moi parecida hai escasamente quince días e volveron aquí traer unha parecida.

Entón, claro, veñen aquí cunha especie de escaramuzas, simuladas, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, pero ben, xa se viu claro na fotografía (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) do encontro do señor Rueda coa señora Ribera que están a partir un piñón, que se queren moito, que están de acordo e que van traballar conxuntamente, que, en fin, isto é unha marabilla de colaboración entre as dúas administracións.

Claro, o que queda claro, señor Balseiro, é que vostedes non son de fiar —isto levámolo dicindo moito tempo— en materia eólica, desde logo en moitas outras máis, pero vostedes non son de fiar. Os seus actos en todo este tempo o que puxeron de manifesto é que vostedes traballan para facilitar e incrementar o negocio das empresas do *lobby* eléctrico, que teñen beneficios multimillonarios; traballan para iso, para empresas que tiveron 6.500 millóns de euros de beneficios no ano 2021; vostedes traballan para facilitar o espolio dos recursos naturais do noso país. Vostedes non traen aquí ningunha iniciativa a favor da xente, a favor das familias, a favor dos fogares, a favor das pemes, a favor das cooperativas, a favor das persoas autónomas, que as están pasando canutas; estanas pasando canutas co prezo da electricidade a 158 euros o megavatio e teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes, e vostedes son incapaces de traer unha soa iniciativa para axudar esas familias. En cambio, si que traen iniciativas para axudar as grandes empresas do *lobby* eléctrico. Isto é unha auténtica vergoña. Actúan vostedes como axentes comerciais das grandes eléctricas. (*Aplausos.*)

E non, non traen tampouco ningunha iniciativa para aproveitar a condición que ten Galiza, privilexiada, de ser excedentaria na produción de enerxía eléctrica, para beneficiar o noso país, para beneficiar a maioría social, e resulta que ten que virilles o presidente de Aragón a uns e a outros dicirlles: «*Lambán quiere que la energía renovable que se produce en Aragón rebaje la factura de la luz*». Efectivamente, efectivamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, leo todo, si. Non, voulle ler outra; mire, máis cerca, González Laxe: «*El precio de la energía en Galicia debería ser más bajo que en el resto de España, dado el papel productor de esta comunidad y los costes ambientales negativos que ha asumido durante mucho tiempo*». Benvidas e benvidos, señores do Partido Socialista, (*Aplausos.*) ao que leva defendendo durante moito tempo o BNG, que sería moi beneficioso para o noso país.

Miren, señores do Partido Popular, vostedes non son de fiar, porque vostedes levan trece anos facendo cambios legais para favorecer os intereses das grandes empresas. Vostedes son o brazo tonto do *lobby* eléctrico neste país; hai que dicilo así con todas as palabras. Aprobaron sesenta e dúas modificacións, sesenta e dúas modificacións, da Lei do aproveitamento eólico para favorecer os intereses das grandes empresas. Non lles acordou, por certo, cambiar o canon eólico. E ¿saben por que non lles acordou cambiar o canon eólico para que as empresas pagasen por potencia instalada e non polos xeradores? Para facerlles regalos fiscais ás gran-



des empresas eléctricas, que lles aforraron 1,3 millóns de euros que deixaron de pagar coas recotizacións. Para iso traballan vostedes, facéndolles regalos fiscais ás grandes eléctricas. Cambiaron despois a Lei de 2017, de depredación, tamén para favorecer a... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, tranquilo, espere, espere, que aínda non cheguei ao que quere vostede escoitar.

Por certo, uns cambios nos parques que foron anulados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por ilegais, tamén polo Tribunal Supremo, porque vostedes cambiaron a lei de maneira ilegal para favorecer os intereses das grandes empresas. Polo tanto, están creando vostedes a inseguridade xurídica en materia de tramitación de proxectos enerxéticos eólicos.

E isto, en todo caso, é un xogo infantil comparado co que acabamos de descubrir. Acabamos de descubrir, a través dunha denuncia de Adegas na Fiscalía.... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha presunta, si, si, un presunto delito de prevaricación e de malversación, pero non unha malversación moral, unha malversación económica, porque vostedes aforraronlle a Greenalia, á que agora lle queren tramitar e poñerlle a alfombra vermella, 11,7 millóns de euros dun plan industrial monetarizado que vostedes lle perdoaron. Isto é extraordinariamente grave. Vostedes non son de fiar; con vostedes, nin a tomar un café en materia de tramitación enerxética e tramitación eólica.

Despois veu o cambio da Lei de 2021, permitindo os parques eólicos fóra de ADE, de maneira que calquera terreo rústico deste país non protexido convértese, practicamente o 70 por cento do territorio, en obxecto da voracidade, da cobiza das empresas eólicas. Estamos vendo agora a onde leva iso. Curiosamente, vostedes primeiro denegaron esas autorizacións, de ámbito estatal, e despois con outros argumentos aprobáronas. ¿Por que? Porque as empresas os presionaron e por iso fanlles cambiar de opinión as decisións do Goberno.

Miren, vostedes están claramente ao servizo desa privatización dos beneficios e da socialización dos impactos, da expatriación dos beneficios e da localización dos problemas. E o mellor exemplo disto é precisamente A Mariña e A Terra Chá. A Mariña e A Terra Chá producen un terzo da riqueza eólica deste país, deberían nadar na abundancia; só o concello de Muras produce o dobre que o País Vasco, sete veces máis enerxía eólica que Estremadura, duascenas sesenta veces máis enerxía eólica que Madrid. E ¿sabe cal é a situación? ¿Sabe cal é a evolución deste territorio? Pois é que vai en picado. Non trouxen o gráfico, pero podo pasarllo despois. Si, está aquí. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Mire, co 20 por cento da produción eólica deste país, a liña laranxa —a liña azul é a evolución da poboación— cae en picado. ¿Por que? Porque vostedes permiten a expatriación dunha riqueza que temos no país, permiten o roubo literal (*Aplausos.*) da nosa riqueza, para o gran negocio das grandes empresas, que gañan 6.500 millóns.

E agora véñennos coa chantaxe, porque non se pode chamar outra cousa que chantaxe; véñennos coa patente de corso que lles queren dar a algunhas empresas; véñennos cunha cousa que non se pode chamar outra cousa que a patente de corso do século XXI, que a patente de corso e que o dereito de pernada do século XXI, e isto non é o Congo Belga. Sexa con Alcoa, sexa con Showa Denko, sexa con Sentury, sexa con sexa, non se pode utilizar a Administración desta maneira.



E claro, ¿que pasa se estes proxectos industriais non van adiante? ¿Que pasa se non se cumpren os compromisos? Que estas empresas terán aprobados os seus proxectos enerxéticos.

E, ademais, a vostede na súa intervención non lle escoitei dicir nada, que hai noticias recentes sobre Alcoa que son absolutamente inquietantes, que son preocupantes, señor Balseiro. Vostede non dixo nada aquí, por exemplo, e isto é moi recente, de onte e de hoxe, pero vostede ocultouno intencionadamente.

Primeiro, o anuncio por parte da empresa do incumprimento do acordo asinado cos sindicatos e coas administracións. Moi grave. Acaba de dicir que non van abrir as cubas, non van poñer a funcionar as cubas no ano 2024, e a vostedes dálles igual que incumpran un acordo; en cambio, si que lles queren tramitar ás empresas os proxectos eólicos.

Segundo, dixo que van atrasar os investimentos previstos e comprometidos cos sindicatos e cos gobernos. E a vostedes dálles igual (*Murmurios.*).

O Goberno da Xunta e o Goberno central non van ás reunións do comité de seguimento, que era un acordo que estaba aí asinado, e a vostedes dálles igual, non din nada. Isto é moi grave.

Alcoa analiza a xestión da fábrica de aluminio na Mariña, despois de suspender o xefe da planta e outros dous cargos. E a vostedes iso tampouco lles preocupa, tampouco lles importa.

Está claro de que lado están vostedes, non están do lado dos traballadores (*Aplausos.*), vostedes utilizan os traballadores como escudo e como escusa para defender os intereses das grandes empresas eléctricas, como escudo e como escusa. E ímolo denunciar aquí e onde faga falta, e imos estar en todas as manifestacións e con todas as pancartas que faga falta para defender os intereses dos traballadores e das traballadoras deste país, da industria, da industria deste país, chámese como se chame; e tamén, sobre todo, dos autónomos, das pemes, das cooperativas, dos fogares, que teñen dereito a ter unha tarifa eléctrica máis barata, unha tarifa eléctrica galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Para o peche nesta iniciativa, ten novamente a palabra o autor da proposición, don José Manuel Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Mire, señor Bará, efectivamente dixo que o Partido Popular non era de fiar, probablemente non somos de fiar para o Bloque Nacionalista Galego, o que si somos moito máis de fiar é para os galegos e para as galegas (*Aplausos.*) o Partido Popular que o Bloque Nacionalista Galego. Porque con ese discurso que fixo vostede na tribuna do Parlamento, que lle vou dicir, con todos os respectos —ademais, sabe que o respecto—, que é un discurso caduco, rancio e anticuado, seguen vostedes na gloria e levan vostedes todo o tempo na oposición, salvo un período pequeno dunha lexislatura, a pesar de ter perdido as eleccións. (*Murmurios.*)



Pero, escoitándoo a vostede, que xa lle sabemos o discurso de memoria (as empresas, son amigos das empresas, as portas xiratorias...), é que vostede, ben, dentro de todo, ten unha mina neste parlamento, porque vostede aprendeu a lección e agora, cada vez que sobe á tribuna, vostede, fale do que fale, fala das portas xiratorias, fala dos amigos, das empresas eólicas, traballan para elas... ¿Saben para quen traballamos nosoutros? (*Murmurios.*) Todo o contrario do que fan vostedes, todo o contrario do que fan vostedes. Nós traballamos para os traballadores de Alcoa, para que teñan traballo (*Aplausos.*). E vostedes ¿sabe o que fan? ¿E sabe o que fai o Bloque Nacionalista Galego? (*Murmurios.*) Enganalos. ¿Sabe o primeiro que fixeron vostedes? ¿Acórdase do pacto de Ana e Adriana? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ían arregar o estatuto electointensivo. ¿Sabe o que arregaron? Nada, nada arregaron. Enganáronos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Iso é para quen traballan vostedes, para o engano.

Vostedes están detrás das plataformas veciñais, vostedes están detrás das organizacións ecoloxistas e vostedes están detrás dos parques eólicos, contra os parques eólicos. E ¿sabe o que pasa? Que, se non levamos adiante os parques eólicos, ¿sabe o que ten que facer Alcoa? Pechar, pechar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non está pechada, señora. Documentése vostede ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Están todos os traballadores traballando (*Aplausos.*) e cobrando a final de mes, e están paralizadas as cubas. Ademais, Alcoa —aclárolle por se vostede non o sabe— ten dúas plantas: unha que é de aluminio, que é onde están as cubas, que son as que están pechadas, e outra que é de alúmina.

É importante, claro. Documentados así, non me estraña que digan vostedes no Bloque Nacionalista Galego o que din na tribuna do Parlamento. (*Aplausos.*) O primeiro que teñen que facer —ademais, vostede é da provincia— é documentarse, e se non, ese é o meu pobo, está vostede invitada a comer e levámola á planta e ensínolle eu a planta; comprométome, comprométome, comprométome. (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, vostedes están en contra de todo. Vostedes están en contra da enerxía eólica, da mariña, da terrestre, da enerxía térmica, da enerxía atómica e de novos proxectos hidráulicos. Vostedes son (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o Bloque de hai vinte anos, o non polo non no eólico, o non polo non no eólico, ¡home! (*Aplausos.*) ¿Para onde van vostedes? ¿A quen pretende convencer? Vostedes están en contra de todo neste país.

Iso si, iso si, señorías, os únicos eólicos que lles valen ao Bloque Nacionalista Galego é os que lle permiten ao alcalde de Muras —que é un concello de Lugo, da provincia de Lugo, do 67 que máis cobra do canon eólico, ao redor de 600.000 euros todos os anos— pagarlles o recibo da luz aos seus veciños. ¡Iso é o único que lles vale a vostedes! (*Aplausos.*) (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, señora Otero, ¡vamos ver!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Respecten o turno de intervención do deputado. (*Protestas.*) ¡Por favor!

¡Por favor! (*Fortes murmurios.*) (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)



Señor Rivas, por favor, non está no uso da palabra. Cando llo fan a vostede sempre lle molesta. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, acabo de chamar a atención a toda a bancada. Por favor, déixenlle rematar. Quedan dous minutos de intervención.

O señor BALSEIRO OROL: Entendo que vostede se poña nervioso. É que é para poñerse. Despois de escoitalo a vostede, señor Bará, e de levar escoitando o que levan dito vostedes na tribuna do Parlamento do plan eólico, vostedes non só se deberían de poñer nerviosos, o que se tiñan que poñer era colorados. (*Aplausos.*) ¡Colorados! (*Aplausos.*)

E, señora Otero, acusou o Goberno de Galicia de ir a rebufa. Eu supoño que vostede obviou un dato que non é pequeno. Vostedes, ata hai moi pouco, neste Parlamento votaban en contra de todo no eólico e votaban co Bloque Nacionalista Galego. É dicir, ¡benvidos! (*Aplausos.*) ¡Benvido o Partido Socialista! (*Aplausos.*) ¡Benvido agora! (*Aplausos.*) Porque está aí o *Diario de Sesións do Parlamento*, e o Partido Socialista, ata que chegou este novo PSOE —que non sei se é mellor ou peor que o anterior—, votaba sempre co Bloque Nacionalista Galego en contra do que propoñía o grupo maioritario —o Partido Popular—, en contra do que propoñía o Goberno de Galicia. ¡Benvido o novo Partido Socialista ao Plan eólico de Galicia. (*Aplausos.*) ¡Benvido! (*Aplausos.*) ¡Benvido!

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Polo cal —termino, señora presidenta— nós cremos no eólico, Galicia necesita do eólico, necesita dos postos de traballo do eólico, necesita da riqueza que xera o eólico e cremos nun eólico responsable. E dos informes medioambientais teño que dicir —e termino, señora presidenta— que a lei galega do eólico recolle que teñen que ter todos os parques un informe medioambiental; e a lei estatal, non. A lei estatal permíteos en Rede Natura; e a lei galega, non. Polo cal é moito máis restritiva a lei galega eólica que a lei estatal. Niso ten que coincidir vostede comigo, porque sabe, ademais, que é así. E sabe, ademais, que eu a vostede a teño por unha persoa seria e sei que vostede é incapaz de mentir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Da emenda non comenta nada, señor Balseiro?

O señor BALSEIRO OROL: Si, señora presidenta, como aínda nos queda moito tempo ata a votación, espero que a veciña miña, que ademais coñece ben Alcoa...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moi ben.

O señor BALSEIRO OROL: O Bloque xa non a presentou, polo cal tampouco poderíamos chegar..., porque descoñecen o que é Alcoa...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moi ben.

O señor BALSEIRO OROL: ...pero a señora Otero si a coñece. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, limítese ao que lle preguntei.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almorzo

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Para o seu debate ten a palabra dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde xa a todas e a todos.

Vimos falar dun servizo que todas aquelas e aqueles que teñamos fillos ou fillas en etapa escolar coñecemos ben, desenvolvido a fondo nos últimos tempos e que é absolutamente imprescindible; que se denomina de xeito distinto segundo os centros ou as zonas. Son as chamadas «aulas de madrugadores», de «almorzo» ou ben «aulas matinais». Na actualidade este servizo —que é absolutamente, como dicimos, esencial e imprescindible para as familias en termos de conciliación e moito máis— está prestado, xestionado, ben polos concellos, por asociacións de nais e pais, polo acordo de ambas as dúas ou directamente por petición e por iniciativa dos propios centros de ensino.

Diciamos que é un servizo moi desenvolvido nos últimos tempos, e é fundamental e esencial en canto á conciliación e tamén en canto á corresponsabilidade. Porque todas e todos sabemos que somos nós, que son as mulleres, as que sofren en maior medida as reducións de xornada laboral por motivo de coidado de menores. Polo tanto, estamos falando dun apoio que é absolutamente imprescindible —entre outros motivos máis— en termos de empregabilidade e de igualdade; que supón —todo o mundo o dicía e damos por feito que o coñece—, máis alá das horas lectivas, antes de que comece ese horario lectivo, aproximadamente entre as sete e sete e media da mañá e as nove, ter os centros de ensino abertos.

Diciamos que isto non é unha cuestión menor, porque na actualidade, como se presta do xeito que se presta, pois pensamos que cómpre avanzar en termos de calidade, de unificar criterios, de control, de xustiza social. Tamén porque estamos falando de que o servizo que se presta antes dese horario lectivo é moi desigual pero que amplía evidentemente o que chamamos a oferta educativa.

Hoxe en día as familias, á hora de elixir un centro, miran, evidentemente, aspectos como o de se conta ou non con comedor escolar ou se ten ou non aula matinal ou servizo de madrugadores. E dicimos que estes servizos, estas aulas, ademais de facilitar o que é a conciliación e a corresponsabilidade, tamén son fundamentais á hora de garantir o acceso e a permanencia, en canto á igualdade e equidade do propio alumnado, no sistema educativo.



Na actualidade a Xunta de Galicia —e si é certo que isto tamén acontece noutros territorios, aínda que en moitos se ten avanzado moito nos últimos tempos— unicamente recoñece como servizos complementarios no ámbito educativo o servizo de comedor e o servizo de transporte escolar. E, como dicía, na maior parte dos territorios vaise avanzando pouco a pouco en unificar este tipo de criterios, e en recoñecer e en dar un salto de calidade en canto ás aulas e ao servizo de madrugadores. Porque estamos —dicía— falando dun servizo que é absolutamente fundamental para as familias, e éo aínda máis se falamos, por exemplo, de apoio á poboación rural —e máis nunha comunidade, se falamos de apoio ás familias, onde estamos padecendo esa fonda crise demográfica—. Por todo isto, nós pensamos que toca asumir a realidade dos tempos actuais e definir tamén como servizo esencial de apoio á conciliación familiar e laboral, nos termos sinalados nesta iniciativa, o servizo de aula matinal.

Eses servizos na actualidade préstanse —diciamos— de xeito incompleto e tamén desigual segundo o presten os concellos, as ANPA, os propios centros ou en colaboración entre concellos e ANPA. Esta forma de provisión destes servizos deriva agora mesmo na responsabilidade e no propio compromiso que teñen os concellos asumido coa conciliación familiar e laboral. Pero non podemos esquecer que a competencia última e exclusiva en materia de educación está no Goberno galego, está na Xunta de Galicia, que ademais ten a responsabilidade, como institución, de que estes servizos se presten e se ofrezan en todos os centros e en todo o territorio en condicións de igualdade, de equidade e baixo uns mínimos de calidade que cómpre salvagardar e garantir. Porque estamos falando de almorzo e tamén de pautas saudables. Moitas veces estas aulas —como debe ser— deben estar dirixidas, ademais, a prestar apoio a ese alumnado con necesidades específicas, especiais ou con diversidade. É dicir, que os coidadores e que esas actividades estean en mans de ANPA, que non estean reguladas baixo a supervisión da autoridade máxima, que é o Goberno galego e a Consellería, pois é algo que hoxe en día non se entende.

Nun momento no que o Estado vén de lanzar ese III Plan estratéxico de igualdade efectiva entre homes e mulleres 2022-2025, no que precisamente o segundo eixo de traballo —que é no que está máis do 90 % dos recursos económicos— está centrado na redución da quebra salarial e das pensións así como na corresponsabilidade nos coidados, entenderán que, igual de importante que todos entendemos a universalidade da aposta pola gratuidade das escolas infantís de 0-3 anos en termos de conciliación e de corresponsabilidade, non ten ningún sentido que, a partir dos 3 anos e na etapa de ensino obrigatorio, un servizo tan esencial e demandado como é a aula matinal ou de madrugadores a Xunta de Galicia se despreocupe absolutamente del. Como dicimos, é totalmente esencial.

Por lei debemos e, ademais, temos que exercer a habilitación competencial que insta as propias comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol desta igualdade de oportunidades. A lei insta as administracións educativas a potenciar que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer a ampliación desta oferta educativa para atender estas novas demandas; así como que se poñan os medios necesarios e axeitados particularmente —como diciamos antes— naqueles centros que atenden unha elevada poboación de alumnos con necesidades específicas e de apoio educativo. Velaí temos cal podería ser a folla de ruta e o camiño que hai que seguir. Temos o exemplo dos comedores escolares. No propio Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se



regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación declárase e recóllese especificamente: «O comedor escolar nestes intres vai máis alá, xa que alcanza novas virtualidades derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar. A Consellería neste momento debe ser tamén agora consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demandan medidas concretas en materia de corresponsabilidade e conciliación familiar, tal e como se fixo co plan en materia de comedores escolares».

Sempre se presume dende a Xunta de Galicia de que somos das comunidades que contamos cun maior número de usuarios e usuarias nos comedores escolares en canto á atención. E, polo tanto, isto está directamente relacionado con valorar a importancia e a necesidade que ten a sociedade galega con que se atenda e se preste servizo por parte do Goberno galego tamén no servizo de aula matinal. Entendemos que estamos a falar dun esforzo económico, pero é absolutamente asumible. E o que hai que contemplar e ver é o xeito de abordar con consecuencia esta demanda maioritaria que hai entre a cidadanía e arbitrar esas medidas que o posibiliten.

O disposto no devandito decreto para os comedores escolares é, precisamente, plenamente aplicable, polas razóns expostas, aos servizos de madrugadores e aula matinal. E o certo é que, na práctica, este servizo de madrugadores, como saben, xa é un servizo educativo complementario, aínda que non goce dese recoñecemento. Esta situación produce na actualidade —como dicíamos— que estes servizos deban ser sostidos sen supervisión, sen implicación e sen o apoio da Consellería de Educación en aulas que ademais están adscritas á prestación de tales servizos de forma análoga, por exemplo, aos servizos de comedor pero nunha situación aínda moito máis precaria por non estar recoñecidos dentro da propia normativa.

Esta demanda, máis alá de financiamento —que tamén—, implica algo tan ou máis importante, como é que a Consellería destine os coidadores ou coidadoras necesarios de apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais; ou tamén evitar a precarización maior que os propios servizos de comedor, dende o punto de vista dos espazos, que padecen algunha das aulas escolares nos centros de ensino.

Polo tanto, nós pedimos declarar servizos educativos complementarios os servizos de aula matinal, madrugadores, escolares ou almorzo e, como consecuencia, instruír as liñas de financiamento para as entidades prestadoras destes servizos, así como dotalos tamén das e dos coidadores de necesidades educativas especiais —imprescindibles, fundamentais, para a súa atención durante a prestación do servizo—. Tamén pedimos incluír, dentro da planificación de execución do plan de nova arquitectura pedagóxica, os investimentos necesarios para a provisión nos centros educativos de educación infantil e primaria das instalacións necesarias e axeitadas; e dotar a Consellería de Educación de partidas orzamentarias para a progresiva —falamos da progresiva— asunción destes servizos.

Para rematar, agardamos que, ante un servizo que ninguén dubida de que forma parte xa dun servizo básico complementario e esencial para as familias dentro do que é o ensino público, pois sexa tomado como tal e asumido como tal dentro da responsabilidade e das competencias do propio Goberno galego.



Pola nosa parte, de momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas.

Bo día, xa case boa tarde.

Permítame, presidenta, un brevísimo inciso porque mentres está tendo lugar esta intervención pois agora mesmo en Rabat o Comité de Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco está procedendo á deliberación de se a candidatura de *Ponte... nas ondas!* —da que fixemos hai escasas semanas un recoñecemento neste Parlamento— forma parte do Rexistro de boas prácticas para a salvagarda do patrimonio inmaterial. Polo tanto, eu creo que estamos ante un día que, sen ningunha dúbida, vai ser histórico para o noso patrimonio inmaterial, vai ser un día histórico tamén para o noso sistema educativo, que ten a fachenda e a sorte de contar cun grupo de persoas como é o equipo de *Ponte... nas ondas!*, que leva dando o mellor de si dende hai xa case tres décadas. (*Aplausos.*)

E xa indo de cheo á iniciativa que vén de presentar o PSdeG, nós imos empezar, se me permiten, cunha sorte de fóra cepos e aclarando e adiantando o noso voto favorábel, basicamente porque no que ten a ver coa parte resolutiva compartimos todos e cada un dos puntos. Temos rexistrado e feito públicas iniciativas que van exactamente na mesma liña. Mais si creo que no debate que nos ocupa hoxe faise precisa algunha reflexión que nos permita dalgún xeito abrir un foco sobre cal é o servizo do que estamos a falar e para o que se presta. Consideramos dende o BNG unha reflexión previa, e non porque sexa consideración do BNG senón porque é a propia reflexión que se está a dar en todos os contextos educativos europeos, cando menos naqueles que son referenciais, cando menos naqueles aos que ollamos. E a reflexión é a seguinte: cando falamos deste tipo de servizos educativos, cando falamos de comedores de madrugadores, ¿estamos a falar unicamente de fornecer os nenos da posibilidade —nenos e nenas— de que coman, almorcen ou entren antes nos centros educativos, estamos a falar dunha sorte —permítanme a frivolidade— de bono-restaurante aplicado aos centros educativos ou, pola contra, estamos a falar dun debate que debe ser moito máis fondo, dun debate que debe xirar arredor da transversalidade do noso modelo educativo e que debe xirar arredor do papel que os comedores e que as aulas matinais deben cumprir no currículo educativo —repito, no currículo educativo— do noso sistema educativo? É, en definitiva, o debate arredor da escola que queremos.

Cando falamos disto dicímolo porque, se ben compartimos —e insistimos no noso voto favorábel— o que se contempla na parte resolutiva da iniciativa que se vén de presentar, non é menos certo que hai unha certa desenfocaxe ao noso xuízo cando se fala, por exemplo, de servizos complementarios do ensino, de servizos de apoio ao ensino. Nós cremos que é atinada no que é a parte resolutiva, pero non se fía fino. Nós insistimos na importancia de que



comedores escolares, que plans madrugadores ou aulas matinais, sexan considerados «servizos educativos» —complementarios, se se quere, pero, en todo caso, servizos educativos—. E, como tal, deben estar sostidos en tres piares. E é aquí, neste debate, onde fai augas a lexislación que está implementando a Xunta de Galiza, que non só se nega a actualizala como se está facendo —e como aquí ben se dixo— en tantos contextos estatais e europeos senón que, ademais, a está sometendo a unha especie de esclerose económica pola que se nega a implementar os fondos necesarios para garantir estes dereitos do alumnado.

E os tres piares nos que debe estar sostido este proxecto non son nada novo, e hai ríos de tinta arredor disto.

En primeira instancia está a cohesión social. E isto ¿é algo que lle corresponda de xeito intrínseco ao sistema educativo? Pois obviamente non; a todas luces, non. Pero ¿é algo no que o sistema educativo ten algo que dicir? Pois obviamente si. ¿E cal é o sistema ao que nos está a relegar a Xunta de Galiza co seu proxecto de comedores escolares —e temos que dicir de comedores escolares e de transporte, porque é o único que existe no decreto—? No decreto están absolutamente desaparecidos todo tipo de plans madrugadores, todo tipo de aulas matinais, porque niso simplemente o que fai o goberno do Partido Popular é pasarlles a pataca quente aos concellos e desentenderse absolutamente do que é un dereito educativo das familias. (*Aplausos.*) Polo tanto, o que está a acontecer hoxe en día e a pregunta que debemos facernos é se é de recibo que o señor Román Rodríguez, o goberno do Partido Popular —que, por certo, é tamén digno de dicir que foi o goberno que introduciu o copago, que estendeu, cando menos de xeito maioritario, o copago nestes servizos educativos, cunha inflación superior ao 10 %—, non tocase nin unha coma do decreto do ano 2013. Vaíamos á realidade que se estaba a vivir naquel entón —sobre todo se temos en conta a inflación—. ¿É análoga, é comparable, e admite algún tipo de dúbida, respecto da realidade que temos hoxe? Vaíamos a un exemplo que eu creo claro, nido. O apartado 2.2 do decreto establece que os beneficiarios da bonificación, pola contía, terían que pagar 2,5 euros por día de servizo. Serían aquelas familias cunha renda per cápita que se atope entre 8.000 e 9.000 euros. Estamos a falar que unha familia cun obreiro parado ou unha limpadora ten que asumir o custo de comedor escolar e non ten dereito, porque neste decreto non se di absolutamente nada, a aulas matinais, a plans madrugadores, a plans de almuerzo. Estamos a falar de que lles repercutiría en non menos de 60 euros mensuais a este tipo de familias con fillos que se puidesen beneficiar de comedores escolares da Xunta. Pero é que estaríamos a falar de case 100 euros no caso de comedores escolares xestionados por concellos ou por ANPA precisamente pola irresponsabilidade do Partido Popular, que, lonxe de se facer coa xestión deses servizos, o que fai é descargar cada vez máis e máis as súas competencias en organismos que non poden asumilas.

Polo tanto a pregunta é: ¿é este un mecanismo de compensación social?, ¿é este un mecanismo que responda ás necesidades xa non do noso sistema educativo senón da sociedade no contexto económico e de crise que estamos a vivir? Eu creo que esa é pregunta á que debe responder o grupo que sostén ao Goberno porque son as modificacións ás que sistematicamente se levan negando a levar adiante.

Segundo piar: o mecanismo de conciliación da vida familiar e laboral. Como ben se dixo aquí —e coincidimos absolutamente no que veu trasladar a señora Otero—, insístese unha vez



máis en que son as mulleres as grandes prexudicadas por este desleixo que se establece no decreto. Ademais, contribúese a unha discriminación que non é menor e que nós cremos que tamén é importante poñer enriba da mesa. Se nun concello hai un goberno local ou un centro escolar que decide que vai haber nese centro un plan madrugadores ou unha aula matinal e no concello do lado, con adscrición a outro goberno, se decide que nese centro non o hai, ¿estase garantindo a igualdade de dereitos no sistema educativo para dous nenos que *a priori* deberían tela? ¿É de recibo que a Xunta faga tal exercicio e deixamento de funcións e que se estea pasando por riba dos dereitos do alumnado en cuestións tan básicas hoxe en día en dereitos tan fundamentais como pode ser ter dereito a un plan madrugadores, ter dereito a un comedor escolar?

E, por último, o aspecto que nós consideramos central, outro piar no que se debería soste e non se sostén —e por iso fai augas—, é que se trata dun servizo cun obxectivo social pero que tamén debería ter un obxectivo educativo. Este servizo debe contribuír á formación integral do alumnado con prácticas que teñan un carácter tamén pedagóxico, non unicamente de servizo, e que estea dotado de programas educativos.

E ¿que fai o Partido Popular? Chámalle «corresponsabilidade» a isto. O que fai é deixamento de funcións, absolutamente. E no último orzamento que vén de presentar, ¿que fai? Conxelar as axudas aos concellos para garantir este dereito. Non é só que xa non se vaian poder implementar maiores plans de madrugadores ou máis aulas matinais, senón que somete a unha asfixia económica de tal magnitude aqueles concellos que teñen comedores escolares que, nun momento no que a factura dos alimentos se incrementou un 15 %, fai absolutamente imposíbel a viabilidade agás, como tiveron que facer as ANPA —ás que, por certo, tamén se lles conxelaron as axudas no orzamento deste ano—, que repercutan eses incrementos no peto das familias, que foi o que aconteceu ao longo do curso pasado.

Polo tanto, estamos ante un sistema educativo que non é universal, que non é gratuíto, e, lonxe de entender como un servizo, como un dereito do alumnado no que debe contribuírse a que se forneza de maior formación educativa, pedagóxica e que ademais contribúa á cohesión social e á conciliación familiar, o que fixo o Partido Popular dende o decreto do ano 2013 foi establecer criterios economicistas, establecer, no que debería ser un dereito do alumnado, criterios de economía de mercado que levaron a un deixamento de funcións absolutamente irresponsábel e que obrigaron os concellos e as ANPA a saír ao rescate daquelas familias e daqueles espazos que o Partido Popular, na lexislación que se implementou dende o ano 2013, se negaba a asumir. Nós entendemos que se fai máis necesaria ca nunca unha revisión desta lexislación, que os tempos nos que estamos non teñen nada que ver coa realidade nin social nin educativa de hai unha década; e, dende logo, dende o BNG, por suposto, e como adiantamos, vai todo o noso apoio a esta iniciativa. Non teñan ningunha dúbida de que levaremos a adiante todos os nosos esforzos para que os servizos educativos —insistimos— complementarios...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...estean á altura das necesidades deste país, do noso alumnado e da nosa sociedade.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra agora, para o pronunciamento do Grupo Parlamentario Popular, don Ovidio Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidenta.

Desculpen a miña afonía, pero son cousas que pasan.

O noso grupo tamén se suma ao apoio ao equipo de *Ponte... nas ondas!* De feito, a propia Xunta e o propio conselleiro está presente no día de hoxe apoiando o equipo de *Ponte... nas ondas!*

Miren, señorías, non é a primeira vez que os socialistas traen a esta Cámara un asunto de índole social ou de índole sociolaboral que pretenden que sexa afrontado dende o ámbito educativo e, desde logo, hoxe veñen co tema da conciliación. Unha vez máis, quero pedirllas que sexan conscientes de que non se pode pretender que os centros educativos teñan a capacidade exclusiva de resolver todos os retos sociais dun mundo cada vez máis complexo.

Pretenden converter un servizo de apoio ás familias, de conciliación laboral que se presta en infraestruturas educativas por parte dos concellos, nun servizo do sistema educativo cando realmente non o é; porque o lugar onde se presta o servizo non establece a condición ou o seu carácter. Por prestarse nos colexios non é un servizo educativo, señorías. E, unha vez máis, un servizo que se crea para dar asistencia ás familias no ámbito das competencias municipais preténdese agora que sexa asumido pola Xunta como servizo educativo. Parece que vostedes confían máis na Xunta de Galicia que nos propios concellos, señorías.

Pero, miren, os concellos fan un magnífico traballo no ámbito da conciliación, fano porque teñen competencias, fano porque executan liñas de axuda da Xunta de Galicia para este fin e fano porque colaboran coas propias ANPA na xestión directa deste servizo a través das distintas liñas de axudas. Por iso este grupo valora a importancia dos servizos de conciliación que se desenvolven nas infraestruturas educativas e instamos os concellos a prestar, no marco das súas competencias, o impulso destes servizos. Pero insisto en que non son servizos educativos en ningún caso, nin están no decreto de comedores escolares, como vostedes tratan de trasladar aquí. Son, evidentemente, e como dicía, servizos de apoio ás familias e de conciliación laboral que se prestan na súa maioría pola parte dos concellos.

E a Xunta colabora, está presente e axuda, señorías. A Xunta vai destinar no próximo ano 14,6 millóns de euros, a través dos programas da Consellería de Emprego e Igualdade, á conciliación e ao fomento da corresponsabilidade. E este ano —e vostedes intentan trasladar que a Xunta non se preocupa ou que se despreocupa deste asunto, como dicía vostede, señora Otero— a Xunta ten un compromiso clarísimo con este asunto. A Xunta ten en marcha este ano dúas ordes de axudas. Unha é de 1,4 millóns de euros, para fomento da conciliación, e hai outra orde de axudas de apoio á conciliación con 6 millóns de euros. Son ordes de axudas destinadas aos concellos, destinadas ás ANPA e destinadas a outras entidades que, desde



logo, serven para dar cobertura a todas as iniciativas municipais e, sobre todo, a todas as ANPA. Polo tanto, acredítase un compromiso clarísimo por parte da Xunta de Galicia para financiar este tipo de actividades. Por iso, señora Otero, imos votar que non, porque o sistema educativo non se defende sacándolles as competencias de conciliación aos concellos para trasladarllas á Consellería de Educación. Porque a Xunta xa xestiona os servizos complementarios e educativos que lle corresponden, que son o servizo de comedor escolar e o servizo de transporte escolar, que son os máis importantes de España porque Galicia é a comunidade de España que máis inviste nestes servizos. Porque o servizo de comedores escolares en Galicia está baseado na renda familiar, señor Lourenzo. É un dos sistemas máis xustos e máis asumibles para as familias de todo o Estado español. Non pode vir vostede aquí dicir que se priman os criterios economicistas, porque é mentira. É mentira, señor Lourenzo, porque o 80 % dos usuarios dos servizos de comedor escolar, o 80 %, non paga nada ou, como moito, paga un euro. ¿A vostedes isto non lles parece un bo criterio, señorías?

Señor Lourenzo, deixe xa de dicir mentiras constantemente, ¡home! Ademais, o servizo de comedores concentra o 10 % do gasto de España, e prestámolo a un 11,4 % máis de usuarios que cando gobernaban vostedes, señor Lourenzo. E, ademais, este servizo vai crecer un 6,8 % para o vindeiro ano, co que acumula un total de 51,2 millóns de euros. E en transporte escolar, o mesmo. Son 120 millóns de euros, un 21,6 % do gasto do transporte escolar. Un de cada cinco euros que se destina a transporte escolar procede da Xunta de Galicia. Temos máis gasto en transporte escolar, señorías —para que se fagan unha idea—, que Andalucía, que ten catro provincias máis e catro veces máis poboación. É dicir, invístese un millón de euros diarios nestes dous servizos, señorías.

Na propia exposición de motivos, señora Otero, vostede di claramente que os servizos de aula matinal, almorzo e madrugadores escolares son servizos de asistencia, de conciliación da vida familiar e apoio á escolarización. Pero esquecese vostede mencionar neste parágrafo que están creados e xestionados polos concellos en centros educativos públicos, polo que teñen tamén competencias os concellos ao ser centros de educación infantil e primaria. Polo tanto, se están creados e están xestionados polos concellos, está clara a competencia. Non hai ningunha dúbida.

E, mire, seguen vostedes na exposición de motivos con que os regulamentos en materia de servizos complementarios só recoñecen como tales o de comedor e o de transporte escolar. Polo tanto, aula matinal, almorzo ou madrugadores non son servizos educativos como tales. E vostede, efectivamente, por esta proposta pretende que sexan servizos educativos, incluso ata pretende estender estes servizos de conciliación a todos os comedores.

Mire, vostede recorre a unha mestura de referencias cando di que o Goberno de España lanzou o III Plan estratéxico de igualdade efectiva entre homes e mulleres, e fala do Plan de responsabilidade, alude á LOE e esquecese de que a LOE foi modificada pola LOMLOE. E a LOMLOE, a Lei Celaá, díu claramente no artigo 8, cando se fala da cooperación entre administracións, cando se di que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións en cada un dos ámbitos da súa competencia, e que estas ofertas educativas deberán facerse en coordinación coa administración educativa. Polo tanto, señorías, eu creo que está moi claro de quen son as competencias. A Lei Celaá clarifícao perfectamente.



Polo tanto, non entendemos cal é a mellora que vostedes plantexan hoxe aquí, porque primeiro pretenden cambiar o nome do servizo de comedor para que pase a ser «servizos de conciliación». Despois di que os servizos de conciliación pasen a chamarse «servizos complementarios». E, por último, quere quitarlles as competencias aos concellos para darllas á Consellería de Educación. ¿Vostedes pensan que así se defende o sistema educativo? Pois este grupo parlamentario entende que hai unha magnífica colaboración neste modelo de traballo que implica os concellos, que implica as ANPA e que implica os propios centros educativos, señorías. O sistema educativo non se defende sacando do medio unha administración, a local, que pode aportar e está facendo moitas cousas. Desde logo, parece que teñen vostedes pouca confianza nos concellos.

Miren, o sistema educativo, se vostedes o queren defender, desde logo que non se defende cando vostedes calan por non compensárselle a Galicia o custo da dispersión, que son 353 millóns de euros, señorías. Entre eles, está o custo da dispersión para prestar servizos complementarios como o transporte e o servizo de comedores. Nunca os escoitamos a vostedes aquí defender a Xunta de Galicia para que se compense este custo. Mire, se queren defender o sistema educativo non poden calar; non poden calar, señor Lourenzo, cando o señor Sánchez non axuda a soportar a inflación no sistema educativo, que representa 23 millóns de euros. Se queren defender o sistema educativo, non poden calar cando o Ministerio lles carga ás comunidades autónomas o custo da integración do profesorado técnico de FP, que son 2,7 millóns de euros; ou cando o señor Sánchez lle empaqueta a Galicia asumir os custos dos novos libros de texto, que representan dez millóns de euros; ou cando nos impoñen a figura do coordinador de convivencia a través dunha lei pero sen financiamento, señorías.

Polo tanto, estamos falando dun servizo que non é educativo, que está funcionando ben, e a Xunta de Galicia aporta fondos para cubrir todos eses gastos. Polo tanto, este grupo parlamentario, como lles dicía, non lles vai prestar o apoio a esta iniciativa.

Máis nada, presidenta.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rodeiro. Grazas polo esforzo.

Para o peche ten os cinco minutos dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Antes de nada, nós tamén desexamos sorte. Parece que todo vai ben encamiñado en Rabat para ese proxecto de *Ponte... nas ondas!* Nós presentabamos en comisión que a Xunta de Galicia, ademais da declaración institucional que compartimos aquí os grupos, tamén apoiase con recursos este proxecto que dende o ano 1995 traballa xuntando o que é o patrimonio, os valores e a identidade común galego-portuguesa dende a educación, e aproveitando, ademais, esas ferramentas que permite a radio. Son moitos anos de traballo e, dende logo, con esa visibilidade que están acadando grazas a esa nominación de seguro que conseguen a inscrición no rexistro de boas prácticas e patrimonio inmaterial pola Unesco. Sen dúbida, é unha boa nova para darlle esa publicidade pero tamén debe contar todo o ano, despois desta longa historia, con recursos e apoio por parte do Goberno galego.



Os propios examinadores da candidatura poñían como exemplo o bo facer dos educadores dos colexios de ambos os lados da raia que participaron estes anos en *Ponte... nas ondas!*, e dicían, ademais, que é un proxecto para exportar a nivel europeo. (*Aplausos.*)

E, ben, señor Rodeiro, vostede coa Lei Celaá é marabilloso, porque pasa de ser o demo unhas veces, cando lle interesa retorcela, a dicir que non é competencia da Xunta de Galicia asumir estes servizos complementarios, uns servizos que, gústenlles ou non lles gusten, para nós si que son absolutamente fundamentais e esenciais. E así están recoñecidos xa no ámbito educativo por todas as familias, pois, como dicíamos, cando elixen un colexio, igual que ven se hai servizo de comedor, se hai transporte escolar, evidentemente tamén teñen que contar e ver se na actualidade contan con aula de madrugadores ou aula matinal.

E agora o que acontece na nosa comunidade —dareille algún exemplo do que están a facer outros territorios, outras comunidades— é que as galegas e os galegos, o alumnado, vive nunha sorte de lotería segundo o concello no que viva, en función de se o concello ten esa implicación e dedica fondos e políticas no marco das que teñen para conciliación laboral e familiar e de se as destina ao ámbito educativo —porque é un ámbito absolutamente educativo, non só en canto a recursos, a coordinación e a supervisión—. As aulas matinais viven unha sorte de lotería segundo o centro, segundo o concello ou segundo as ANPA se busquen ou non a vida para ter ese servizo.

E falamos de educación, si, porque, ademais, entre outros aspectos —e como sinalaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego—, estamos a falar de atención ao alumnado e moitas veces mesmo de atención a alumnado con necesidades específicas e especiais. E, sinaladamente, unha das demandas, e das carencias que hai —e das desigualdades segundo un centro ou outro—, é contar cun persoal absolutamente cualificado que, en coordinación cos profesores, cos docentes e cos titores, no caso do alumando con necesidades específicas, especiais ou con diversidade, pois faga unha planificación axeitada. Estamos falando de aproveitar ese tempo para desenvolver contidos en canto a valores e en canto a creatividade. Estamos falando tamén de almorzo, de quen supervisa que eses menús sexan saudables. Estamos falando de garantir unhas instalacións dignas. Os nenos teñen que lavar os dentes, teñen que lavar as mans, e todo isto non pode ser unha sorte de lotería. E vostedes veñen aquí a dicir que estamos a falar de conciliación e que nada ten que ver con vostedes. Afecta á conciliación, á igualdade, claro que si; afecta á educación, afecta ao sentido da educación en termos de igualdade e de equidade, e de apoio ao rural. Falabamos de que tamén son servizos fundamentais de apoio á poboación rural, señor Rodeiro.

Dicía que podemos darlle exemplos, porque vostede di que non ten nada que ver co ámbito educativo. Vou citar dous, por non alongarme. Un é a Instrución número 4/2022, do Ente Público Estremeño de Servizos Educativos Complementarios, polo que se regula o funcionamento do servizo de aula matinal en centros públicos da Comunidade Autónoma de Extremadura para o curso 2022–2023. Entre outras cousas fala das prestacións: «A Consellería de Educación e Emprego garantirá a prestación dos servizos nos centros educativos públicos mediante a contratación, a través dunha empresa do sector, do persoal necesario para a aco-llida e a atención educativa do alumnado».



Outro. Aulas matinais —Junta de Andalucía—: «É unha actividade promovida pola Junta de Andalucía para dar resposta á crecente demanda orixinada polas exixencias laborais dos pais e das nais andaluzas, que ven a necesidade de delegar o coidado dos seus fillos e fillas durante o horario de sete e media a nove, momento no que dá comezo a actividade escolar. Durante este período de tempo, nenos e nenas realizarán diversas actividades de carácter educativo e lúdico axeitado á súa idade e desenvolvemento madurativo —entre outras moitas, actividades plásticas, debuxo, lecturas, psicomotricidade, etc—».

Se queren, investiguen o que fan outros territorios, porque aquí, coma sempre, o que nos gusta é ir de campións e de campioas. Pero estamos falando dun servizo complementario esencial e necesario como os comedores e como o transporte escolar. Así está demandado polas familias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Procedemos á suspensión da sesión, que será reiniciada ás 16.00 horas. Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e

retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Retomamos a sesión para proceder á comparecencia do señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento.

Comparecencia do Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a súa intervención, ten a palabra, sen límite de tempo, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas.

Moitas grazas á presidenta e a toda a Mesa do Parlamento.

Señores deputados e deputadas, moi boas tardes e moitas grazas por vir escoitar esta comparecencia.

Gustaríame comezar facendo unha pequena introdución do traballo que estamos a realizar na Vicepresidencia Segunda, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do traballo que estamos a facer pero tamén da filosofía coa que o poñemos en marcha, que non é outra que centrar os nosos esforzos en mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas promovendo a actividade física e o deporte, contribuíndo a unha xustiza máis eficiente e próxima á cidadanía, atendendo ás demandas das entidades locais, procurando a mellora constante na



atención das emerxencias, dirixindo a acción exterior da Comunidade Autónoma a prol da cooperación e o desenvolvemento, e achegando unha administración cada vez máis eficiente.

Vaia por diante o meu agradecemento ao traballo de todos os directores e directoras, así como tamén á secretaria xeral técnica, pola súa dedicación —e comprensión, sobre todo, a aqueles que levamos menos tempo nesta consellería— e, por suposto, polo esforzo que están a facer.

Hai xa dous meses, exactamente o 29 de setembro deste ano, aprobamos no Consello da Xunta a Lei reguladora dos xogos de Galicia para que puidese comezar a súa tramitación parlamentaria, na que se atopa nestes momentos. Saben vostedes que non foi fácil. É unha lei complexa, con moitos axentes implicados e que sufriu cambios de calado nos últimos anos. É certo que tiñamos un texto legal do ano 1985 que dende aquela sufrira 25 modificacións a través de decretos. Existe unha preocupación social e, polo tanto, traballamos arreo para presentar o texto definitivo.

Os obxectivos xa os anunciamos naquel momento: planificar e ordenar o xogo adaptándoo ás novas realidades existentes, garantir un xogo responsable e protexer os colectivos máis vulnerables. Ante eles, asumimos o reto e fixémoslo con rigor e valentía. Por certo, somos unha das poucas comunidades autónomas que hoxe ten unha lei neste sentido. Agora estamos no proceso de emendas, estamos estudando as emendas parciais que presentaron os grupos, e eu o que lles podo dicir é que estamos cunha vontade clara de debater, de chegar a acordos cos dous grupos políticos e de poder mellorar o texto. Así o dixemos cando me tocou presentalo nesta Cámara e ese é o afán e o talante co que vai acudir o grupo parlamentario á negociación e ao debate desas emendas.

Tras este pequeno inciso —creo que era unha obriga abrir esta comparecencia poñendo en valor o traballo realizado nestes últimos meses—, pois déixenme que lles fale un pouco das liñas básicas da Vicepresidencia Segunda da Xunta de Galicia para os vindeiros meses.

A acción exterior da Xunta de Galicia é tamén competencia desta consellería, e, como saben, Galicia atópase na vangarda neste ámbito grazas á recente Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Esta lei caracterízase por ter unha natureza construtiva e, sobre todo, por querer colaborar sempre coa estratexia que ten o Estado en cooperación —e, ademais, levámolo demostrando dende entón—. A nova Estratexia galega de acción exterior 2023–2027 será o instrumento que terá Galicia para afrontar a súa presenza no exterior, combater tamén as consecuencias da pandemia e a asunción dos fondos comunitarios.

Nesta dirección xeral, na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e Unión Europea, neste orzamento —que xa foi aprobado— temos un incremento do 9,68 %. E este incremento, ademais, vai relacionado cos obxectivos prioritarios, que son aumentar e fomentar a presenza de Galicia nas institucións europeas para promover e defender os intereses de Galicia no seo da Unión Europea; no eido da cooperación transfronteiriza, aumentar esa cooperación —fundamentalmente co noso país veciño, Portugal—; e a cooperación para o desenvolvemento.

Saben vostedes que, cada vez máis, a Unión Europea está ampliando o seu campo de acción, regula moitos asuntos que afectan directamente os cidadáns galegos e as cidadás galegas,



así como o traballo diario tamén desta Xunta de Galicia. Velaremos, por tanto, por que os nosos intereses se teñan en conta en determinadas políticas públicas, como no eido dos fondos europeos —co que estamos preocupados—, no eido da pesca, no eido do medio rural, das enerxías, dos transportes, da innovación, do medio ambiente, da cultura, do turismo ou mesmo da demografía.

O noso instrumento, dentro da política da Unión Europea, dentro de Bruxelas, é a Fundación Galicia Europa —coñécena vostedes—. Por mandato lexislativo é a oficina de representación da Xunta de Galicia en Bruxelas. De feito, hai pouco estivemos facendo unha primeira visita a esta fundación co obxectivo, loxicamente, de falar cos traballadores galegos que alí están, de reunirnos con eses traballadores, de coñecer os proxectos que podían ter cabida nas institucións europeas nas que Galicia podería estar presente, lembrar cales son as prioridades do Goberno galego para que tamén eles nos axuden, e coñecer os instrumentos que existen ao noso alcance para futuras accións que poidan levar a cabo.

Tamén nos reunimos co embaixador e representante permanente de España diante da Unión Europea para tratar como asunto fundamental a próxima presidencia de España dentro da Unión Europea. Esa presidencia afróntase nun momento no que hai importantes retos aos que temos que atender: a transición enerxética, a invasión rusa de Ucraína —e as consecuencias que ten sobre todas as comunidades autónomas, incluída Galicia—, a dixitalización ou os retos que tamén afrontamos como democracia.

Asuntos á parte de especial importancia e de especial dedicación nesa reunión foron tres: a situación da pesca en augas profundas —que naquel momento, loxicamente, eran os momentos iniciais e nos interesamos por cal era a postura de España que lle transmitira o embaixador permanente diante da Unión Europea, e tamén lle transmitimos cal era a postura de Galicia e o que queríamos facer—; a necesidade dunha transición xusta cara a unha neutralidade climática en 2050 —porque, efectivamente, quizais sexamos dos territorios que máis están a sufrir esa transición, dende o noso punto de vista demasiado apurada e, sobre todo, sen planificar, polo que todas as preocupacións do Goberno galego foron trasladadas no momento correspondente ao embaixador—; e tamén un asunto que nos últimos días está a ter importancia e que creo que o comprendemos todos e que o apoiamos todos, que é a extensión do corredor atlántico ao noroeste peninsular.

Foron temas que foron tratados con este embaixador, pero esta dirección xeral tamén ten outras funcións, como é a que ten que ver coa cooperación transfronteiriza. Neste sentido estou seguro de que todas as señorías recoñecen que a eurorrexión Galicia-norte de Portugal é unha das eurorrexións de toda Europa máis dinámicas que existen. É unha eurorrexión que acadou un nivel de captación de fondos moi importante para moitos proxectos; e, dende logo, o que imos pretender é que iso non decaia, que poida seguir en aumento todo ese traballo que se leva feito desde hai moito tempo polos axentes sociais a un lado e outro da fronteira. Dende logo, que contén co Goberno da Xunta de Galicia para axudar.

É verdade que nos gustaría, no recente cumio que houbo en Viana do Castelo, ter outro papel. É certo, pedímolo. Igual que cando un ministro acode a unha reunión á Unión Europea e vai sempre asesorado polos conselleiros de turno dese ramo, tamén pedimos que nese cumio his-



pano-portugués puidesen estar presentes os gobernos autonómicos —sobre todo aqueles que tiñamos unha bagaxe importante e tiñamos traballado diferentes asuntos que eran importantes para as relacións con Portugal—. A verdade é que non foi así e non se nos permitiu asistir. Pero, desde logo, as conclusións, ademais, veñen referendar que foron amargas —polo menos, desde o punto de vista do Goberno galego—. É certo que coa entrada do AVE —unha aposta do Goberno portugués clara— probablemente sexa a primeira vez que o país veciño declara que para saír en alta velocidade do país escolle o ramal norte, escolle a conexión con Galicia e non escolle a conexión con Madrid. Pero nós esperabamos que o Goberno español puxese enriba da mesa máis compromisos.

O Goberno portugués dixo que no ano 2030 vai ser capaz de ter o AVE na fronteira galega e, mentres, o Goberno español non tomou ningún tipo de acordo nin ningún compromiso máis aló de simples declaracións respecto de que tamén ían traballar e que estaba feito. Os que sabemos disto sabemos que é imposible chegar a 2030, salvo que se aceleren todos os pasos que pedimos hoxe que se aceleren. E non o fixo, pero tampouco se falou do Tren Celta, o único tren que comunica Vigo co Porto dúas veces no día. Non houbo ningún tipo de aclaración, avance ou aposta do Goberno en relación a este tren; tampouco das comunicacións por estrada entre Vinhais coa Gudiña —fortemente demandada polos alcaldes do sur de Galicia e tamén polos representantes portugueses do norte— nin da mellora da estrada que vai de Celanova ata Ponte de Lima pola fronteira da Madalena.

En fin, son eivas que nós botamos en falla e nas que nos gustaría ter avanzado algo, igual que co Estatuto do traballador transfronteirizo, demandado reiteradamente pola nosa euronorrección e por todos os axentes que a conforman. Púxose de manifesto unha importancia suprema cando foi a crise da covid e todas as consecuencias que tivo. Pero, en relación con isto, o único que hai é unha guía informativa de boas prácticas sen ningún valor xurídico. Polo tanto, como dicía, o balance deste cumio hispano-portugués, dende logo, dende o noso punto de vista, non foi para nada esperanzador.

Nós, con todo, imos seguir colaborando coa parte norte de Portugal e sacar o máximo rédito posible ao principal instrumento de financiamento de cooperación transfronteiriza, que son os POCTEP (Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza). A maioría dos proxectos do programa —do ano 2014 ata o ano 2020— están a piques de rematar este decembro, e podemos afirmar que foi un éxito a súa execución. Non dependen en exclusiva, dende logo, da Xunta de Galicia, pero hai que poñer de manifesto que foron un éxito. A Xunta participou no impulso de 85 proxectos, unha cifra importante que permitiu captar 163 millóns de euros de investimento para esta euronorrección, que é a máis beneficiada de toda a fronteira hispanolusa. (*Aplausos.*) E como estes fondos tiñan un horizonte temporal ata o ano 2022, xa estamos informando a todos os departamentos da Xunta de Galicia —fixemos unha xornada informativa en Santiago e dentro de dúas semanas vaise facer outra en Portugal— e tamén a todos aqueles que forman parte da euronorrección, dadas as posibilidades que ten a nova etapa de financiamento, para que pensen, desenvolvan e aposten por levar a cabo proxectos como os que fixemos ata o día de hoxe.

Tamén nos adherimos, como saben vostedes —mellor dito, adheriuse España seguindo a petición de Galicia—, á comunidade dos países de lingua portuguesa como observador aso-



ciado. Foi no pasado mes de xullo. A Xunta avanza na colaboración co mundo da lusofonía, como non podía ser doutro xeito, en materia económica, cultural e empresarial. É unha aposta forte que cremos que pode ter grandes beneficios tamén para toda Galicia.

Na parte de cooperación —que é tamén competencia desta dirección xeral— o plan de 2022 executouse na súa totalidade, un cen por cento, e dicímolo iniciando o mes de decembro. Agora estase a traballar no V Plan director de cooperación galega, para o período 2023-2026, que iniciará a súa execución cun orzamento máis elevado que no ano anterior, con 8,9 millóns de euros. Nós estamos en continuo contacto, estamos falando continuamente, coas ONGD galegas. Temos chegado a acordos con elas e a verdade é que fomos capaces de cumprir todos eses acordos. Elas están satisfeitas e nós tamén estamos satisfeitos de ser capaces de cumprir as súas demandas, pero, sobre todo, estamos comprometidos a seguir colaborando con elas e a seguir mellorando tamén todo o mundo da cooperación. Imos seguir, por tanto, cos proxectos de cooperación exterior para a convocatoria de subvencións a plans de axuda humanitaria e de emerxencia —como non pode ser doutro xeito—, para apoiar accións de educación para o desenvolvemento global ou para subvencións a proxectos de investigación para o desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos.

Neste ámbito tamén é importante poñer enriba da mesa as becas de formación, que as temos en dous ámbitos. Témolos en asuntos relacionados coa Unión Europea, a través da Fundación Galicia Europa, e todos os anos temos cinco bolsas formativas que son moi demandadas e son moi importantes para a formación dos mozos e das mozas galegas, que acadan un nivel de formación que é moi útil tanto para a comunidade autónoma como para as empresas ou para o mundo laboral ou de cooperación no que poidan desenvolver a súa actividade no futuro. E tamén temos a formación de persoas expertas en cooperación internacional, en colaboración coa Axencia Española de Cooperación, como lles dicía anteriormente.

Outro dos eidos importantes nesta consellería é o eido do deporte. Como saben, despois desta última reestruturación do Goberno galego, a Secretaría Xeral de Deportes pasou a formar parte desta vicepresidencia. E, para nós, a práctica deportiva, o deporte, transcende a actividade das federacións, a actividade dos clubs, a dos propios deportistas e tamén as políticas que poidamos facer dende a Administración. O deporte é unha forma de vida, unha filosofía de vida que ten dúas vertentes claras ás que imos intentar atender no noso día a día: por un lado, o deporte de alta competición e, por outro, o fomento do deporte como estilo de vida saudable.

Nas últimas semanas tiveron a oportunidade de estar coa directiva do clúster do deporte, xunto co secretario xeral de Deportes, e quedei con algo que eles contaron e propoñían como un obxectivo para acadar loxicamente polo clúster pero tamén polo Goberno galego e pola Administración, e é que eles queren chegar a 2 millóns de practicantes en Galicia. Cando o dixeron, a verdade é que me sorprendeu; pero hai que entender cal é a súa aposta. Non se trata de que haxa 2 millóns de persoas federadas nalgún dos deportes, senón de que haxa 2 millóns de persoas que fan exercicio de forma regular, e iso é importante para ter unha sociedade saudable. Porque o deporte é saúde física, saúde mental e contribúe tamén á integración e a ter unha vida social moito máis activa. Así que nós nos sumamos a esta proposta do clúster do deporte e imos traballar durante este tempo en tentar conseguilo. *(Aplausos.)*



E é verdade que a pandemia minguou o número de participantes do deporte, é certo, pero o deporte galego non se paralizou e iso é algo que agradecen todos e cada un dos clubs e das federacións. Os termómetros que nós utilizamos para medir esta situación son o programa Xogade —que o ano pasado rematou con preto de 120.000 mutualizados, cando o rexistro récord no seu momento foron 128.000— e as licenzas das federacións deportivas —que están neste ano en 230.000 licenzas, cando o récord histórico foi de 273.000 no ano 2019—. Pero estes non son números, estes dos que estou a falar son persoas, son os nosos deportistas, que merecen a mellor atención, as mellores condicións e as mellores infraestruturas. Por iso este ano estamos orgullosos de ter un orzamento de 44 millóns de euros na Secretaría Xeral de Deporte, que é o máis alto na historia da autonomía e, polo tanto, é un orgullo poder executalo e levalo a cabo.

Parte deste orzamento irá a infraestruturas importantes: o Complexo Deportivo de Monterrei, do que falamos hai pouco nunha comisión —e avánzolle que efectivamente está a piques de ser adxudicado, ou foi adxudicado o venres pasado, non o sei, non estou seguro, pero en todo caso contaremos con el para o verán que vén—; o módulo cuberto do Ifevi, en Vigo —que será inaugurado nas vindeiras semanas porque xa se está a piques de rematar e é unha instalación de primeiro nivel—, unha pista que incide na importancia da compatibilidade de usos das nosas instalacións; como tamén o fai a pista de atletismo cuberta de Expourense ou o rocódromo do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Deste xeito, continuamos a liña de apoio a instalacións de atletismo, como se demostra coa renovación e acondicionamento da pista do estadio de atletismo situada no Campus Vida, da Universidade de Santiago de Compostela, a citada pista cuberta de Expourense, a licitación do módulo cuberto de atletismo en Ribeira ou o convenio da primeira pista homologada da Mariña, en Cervo, para o ano 2023, así como outras pistas de atletismo, como, por exemplo, pode ser a da Estrada.

Pero, ademais da creación e renovación de infraestruturas, ofrecemos máis e mellores posibilidades aos nosos deportistas: programas de apoio, colaboración cos centros educativos —como é co Galicia Saudable— ou cos clubs a través do programa Xogade. Permítanme que lles lembre —e isto é importante— que somos a única comunidade que asume o pago do seguro de accidentes a todos os practicantes federados de 6 a 16 anos. (*Aplausos.*) Este é un desembolso importante, sobre todo para as familias dos fillos, e é unha maneira máis de apoiar o deporte pero tamén de apoiar as familias. Este ano licitamos o seguro por 4,3 millóns de euros, que investimos nunha cousa tan importante coma esta.

Mantemos tamén a nosa colaboración cos clubs e coas federacións, tanto para equipamento dos clubs e federacións como para apoio á propia actividade. Ambas as liñas presentan amais un rexistro récord neste ano 2022 e seguirá medrando no ano 2023. No caso do equipamento, hai pouco máis dun mes o Consello da Xunta aprobou unha nova convocatoria por un importe de preto de 4 millóns de euros —destes 4,6 millóns de euros investidos— que vai beneficiar a 800 entidades entre federacións e clubs. E no caso da actividade, pois axudamos a 1.100 entidades, que recibiron 2 millóns de euros no ano 2022. A chegada da Xunta nestas liñas, ademais —como dicía antes—, chega por adiantado, e é algo que non se dá en todas as comunidades autónomas. Tanto as federacións como os clubs agradecen isto especialmente porque son capaces de planificar a actividade para o resto do ano e non ter que estar ao longo do ano pensando en canto orzamento van poder ter, que actividades se poden facer ou cales non porque non o sabe de antemán. Nós levamos anos facéndoo e é algo que agradecen especialmente.



E gustaríame que escoitasen os seguintes nomes porque para min foron importantes: Nikol Carulla e Lucía Rodríguez, bádminton (campioas dobres do europeo júnior); Laura Vázquez, judo (campioa europea de júnior e subcampioa do mundo júnior); Nerea Pampín, loita (quinta no europeo sub-23); Lidia Pérez, loita (novena no europeo sénior); Ana Cerdanas, natación (cuarta en 4x200 no europeo júnior); Paula Otero, natación (cuarta en 1.500 metros no europeo sénior); Daniela Suárez, natación artística (campioa do mundo infantil por equipos); Alba María Rodríguez, piragüismo (campioa de Europa júnior en C1 en 200 metros); Diego Domínguez e Noel Domínguez, piragüismo (subcampións de Europa sub-23 en C2 500 metros); Valeria Oliveira, piragüismo (bronze de Europa júnior en C1 200 metros); Antía Otero, piragüismo (campioa de Europa sub-23 en C1 200 metros); Pablo Crespo e Pablo Braña, piragüismo (bronze de Europa sub-23 en C2 500 metros); Diego Romero e Manuel Antonio Campos, piragüismo (campións do mundo en C2 maratón, e individualmente campións de Europa en C2 maratón e C1 maratón); Adrián Sieiro, piragüismo (campión de Europa sénior C2 500); Enma Vázquez, remo (campioa de Europa júnior 4); Álvaro Alvedro, remo (subcampión de Europa júnior); Caetano Horta, remo (campión de Europa júnior dobre scull); Natalia Castro, triatlón (bronze relevo mixto europeo júnior); Antonio Serrat, triatlón (subcampión de Europa sénior no 2021); Sergio Troitiño, taekwondo (campión de Europa sub-23 e bronze mundial sub-23); Adrián Salanova, taekwondo (bronze europeo sub-23); Elena García, taekwondo (bronze europeo sub-23); Iván García, taekwondo (subcampión de Europa e subcampión do mundo sénior); Melania Rodríguez, ximnasta (campioa de Europa dobre minitramp). *(Aplausos.)* ¿Saben quen son? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois son homes e mulleres, señor Bará, rapaces e rapazas, formados aquí na súa cidade, en Pontevedra, no magnífico Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Ese centro é referencia e envexa para moitos sitios. *(Aplausos.)*

Todas estas persoas, todos estes rapaces e rapazas, e moitas máis que non metín —e pido desculpas a todos os que non foron nomeados—, son persoas que levan o nome de Galicia por todo o mundo, que levan meses traballando, que o fan nun centro referencia en España, cun esforzo inconmensurable e aos que eu lles quero agradecer a súa entrega. Gustaríame ademais —e fago a proposta hoxe aquí nesta comparecencia— que os grupos parlamentarios un día puidésemos visitar o centro para darnos conta realmente do potencial que temos, da xente que temos alí e como está traballando durante todo o ano esta cantidade de xente. Por certo, é un centro ao que os orzamentos da Xunta loxicamente dedican un esforzo importante. Facémolo gustosamente, pero tamén temos que poñer de relevo que os orzamentos xerais do Estado dedican 100.000 euros a este centro cando a outros centros de alto rendemento noutros puntos de España lles dedican cerca de 3 millóns de euros a cada un. Non pasa nada, nós imos seguir traballando, imos seguir pedindo axuda cando queiran, pero loxicamente é un centro importante e vital para nós pero sobre todo para o deporte galego. É o centro onde se adestrou o mellor medallista da historia de España nuns xogos olímpicos, como é David Cal, ou a deportista española con máis presenza en distintas olimpíadas da historia, como é Teresa Portela. Polo tanto —repito— é un centro moi importante para o deporte pero que tamén fai máis cousas; porque, efectivamente, o deporte non só está enfocado á alta competición senón tamén aos valores deportivos, como a igualdade, que tamén é unha prioridade dentro deste centro. Alí adestran os mellores deportistas pero tamén formamos as mellores persoas. Por iso, entre outros logros, a crecente puxanza polo deporte feminino fai que dende hai anos o Centro de Tecnificación Galego acadase a paridade entre homes e



mulleres. E mesmo neste ano, con 168 deportistas que están alí dentro, hai 84 homes e 84 mulleres. *(Aplausos.)*

En 2020 a Xunta de Galicia desenvolveu o novo Decreto do deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, que amplía as categorías de recoñecemento, grazas ao que hoxe chegamos ao redor de 700 deportistas galegos e galegos recoñecidos, dos cales 600 son de alto nivel e optan ás axudas da Fundación do Deporte Galego. Estas axudas tamén se ocupan dos nosos olímpicos. Hai anos puxemos enriba da mesa unha iniciativa para axudar a todos aqueles deportistas que podían ir ás olimpíadas de Tokio. Por certo, outro dato que eu recoñezo que descoñecía —e creo que é importante poñelo enriba da mesa porque é para sentirse orgulloso del— é que o 72 % dos olímpicos galegos que foron a Tokio regresaron entre os oito mellores da súa especialidade. E, se falamos dos paralímpicos, o 87 % dos deportistas paralímpicos que foron á paralimpíada de Tokio regresaron entre os oito primeiros da súa especialidade. *(Aplausos.)* Creo que é un dato importante e débemonos sentir orgulloso do traballo que fixeron durante moitos anos, porque saben vostedes que isto non é un esforzo dun ano para outro, pero é un dato moi importante que amosa o esforzo que fixeron tantos deportistas para acadar estes éxitos e levar o nome de Galicia polo mundo enteiro. Do mesmo xeito que este Centro Galego de Tecnificación Deportiva temos o Centro de Piragüismo de Verducido e o Centro Galego de Vela, así como os NADE, que actúan como satélites deste Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

Permítanme pasar agora a outro eido, un eido importante como é a xustiza. Neste campo temos dado pasos importantes nos últimos meses, sobre todo no que se refire á modernización cara a un mellor rendemento da actividade da xustiza —que é no que estamos pensando—, con avances nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais, de expurgo, na mellora das salas de autopsia do Imelga e salas de vistas, que todas en toda Galicia serán enteiramente dixitais a finais do ano 2023. Desde a posta en marcha deste plan de investimento importante por parte da Administración autonómica, fixéronse este tipo de obras e obras de mellora de eficiencia enerxética. Investimos en todas elas 127 millóns de euros, o maior investimento, loxicamente, de toda a historia.

Grazas á execución deste plan, están en funcionamento edificios como os xulgados de Santiago de Compostela, os xulgados de Ourense, a nova sede da Audiencia Provincial da Coruña —na antiga Fábrica de Tabacos—, o edificio xudicial da Parda en Pontevedra, o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución de Vigo, o novo edificio xudicial de Tui, e loxicamente a sede da Cidade da Xustiza de Vigo, que, como lembrarán, é o maior investimento realizado en infraestrutura xudicial dende o traspaso das competencias. *(Aplausos.)*

Esta política investidora vai seguir no ano 2023 e, por tanto, imos facer realidade o edificio xudicial da Estrada e tamén a convocatoria inmediata do concurso de ideas —aquí en Santiago— para o novo edificio da sede do Imelga. E quedo co Imelga, porque este é un dos problemas que temos enriba da mesa, do que temos falado e do que temos dado conta tamén. Efectivamente, somos coñecedores do atraso que existe na redacción e entrega de informes psicosociais. Estivemos analizándoo polo miúdo —porque ademais o atraso non é o mesmo nas diferentes sedes— e había que buscar as causas para poder poñer enriba da mesa cales cremos que poden ser as medidas encamiñadas a solucionar estes atrasos. E é verdade que



parte das consecuencias poden estar na aprobación de determinadas leis, e non na aprobación en si, senón no que supón a aprobación desa lei e o aumento da carga de traballo; por exemplo, a Lei orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, que fixa a proba preconstituída cando as vítimas son persoas menores de idade ou con discapacidade; a Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, que obriga a revisar miles de expedientes xudiciais relativos a declaracións de incapacidade; ou a Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual, que está tanto de moda como «Lei do só si é si».

Esta carga de traballo derivada da aprobación destas leis fai que medre —ía dicir exponencialmente— bastante máis que exponencialmente a demanda por parte dos xulgados deste tipo de equipos do Imelga en asuntos de veracidade de testemuños en menores vítimas de abusos, en asuntos de garda e custodia en procesos de familia ou en violencia de xénero e acoso laboral e escolar. Reclámanse informes psicosociais practicamente en todos os litixios en que están implicados menores.

Estes cambios lexislativos, como poden imaxinar, non viñeron acompañados de ningún tipo de dotación orzamentaria. Polo tanto, houbo unha saturación inmediata coa demanda de informes e, loxicamente, temos que facer fronte a esa demanda de informes. Pero —repito— non temos asociado ningún orzamento, que é algo do que sempre debatemos no propio Parlamento cando falamos de calquera tipo de cambio lexislativo. Sempre dicimos que é necesario ter unha dotación orzamentaria posto que vai ser necesaria para poder levala a cabo.

Actuamos con celeridade ante esta problemática e aprobamos loxicamente a realización de horas extraordinarias e o incremento da dedicación dos equipos para esta tarefa. E asinamos, ou estamos a piques de asinar, un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. No ano 2017 a Xunta reforzaba o cadro de persoal destes equipos do Imelga, con 14 novas prazas en 7 novos equipos, co obxectivo da atención das valoracións e da elaboración dos informes requiridos. O número de equipos psicosociais foise incrementando ata hoxe, ata a actualidade. Temos 17 equipos en plantilla e outros 7 contratados por acumulación de tarefas.

Cos cambios introducidos agora, nós contamos que en seis meses sexamos capaces de normalizar a situación e que non se sigan a producir os atrasos que se estaban producindo coa petición destes informes.

E, enlazando con este tema de persoal do Imelga, si que me gustaría falar dun acordo sindical que acabamos de aprobar hai dúas semanas e do que, ademais, nos sentimos orgullosos. Chegamos a un acordo co cadro de persoal da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que vén de pactar por unanimidade —nesta consellería é a primeira vez que ocorre, en moi poucos casos se dá unanimidade de todas as organizacións sindicais— o desenvolvemento da traxectoria profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. Esta medida vai beneficiar a 2.700 traballadores. (Aplausos.) Vai beneficiar —dicía— a 2.700 traballadores dos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa e de auxilio xudicial, que melloran os seus complementos retri-



butivos. A esta medida, a este acordo sindical, imos adicar 11 millóns de euros entre os anos 2022 e 2025. E, ademais, con esta medida mellora a falla de regulación estatal da carreira profesional por real decreto, o acordado en 2020, que establecía o sistema de carreira profesional do persoal da Administración de xustiza galega. Por certo, xa que sempre saen estes datos, gustaríame tamén poñer de manifesto que dende o ano 2009 o cadro de persoal da Administración de xustiza en Galicia se incrementou nun 20 %. O cal é un dato importante e mostra ás claras cal é a aposta da Xunta de Galicia no referente a este ámbito.

E ata aquí estivemos falando de distintos campos, pero non podo obviar nesta comparecencia algo que para nós é fundamental, unha das cousas máis importantes, que é a cooperación cos concellos de Galicia. Somos unha consellería volcada nos concellos, que son a administración máis próxima e que mellor coñece as necesidades da poboación. E por iso nos doen especialmente algunhas afirmacións ou críticas dalgúns grupos da oposición que son claramente infundadas. Doen especialmente cando vostedes saben perfectamente que, cando se culpa a Xunta, en moitas das ocasións obvian as necesidades dos concellos e obvian parte da información fundamental para entender o asunto. E non hai nada mellor que preguntar aos propios alcaldes de cada un dos grupos políticos. Créanme que, cando veñen os alcaldes de calquera grupo político, a sensación deles dende logo non é esa.

Isto, ademais, ten especial relevancia esta semana, posto que o presidente da Fegamp tamén se posicionou acerca dunha dinámica de traballo, dun traballo que tiñamos encargado. E creo que non é a posición máis acertada. Refírome ao debate das competencias. Hai tempo que este debate está enriba da mesa. Digo «hai tempo» pero non é certo, porque este debate está dende o principio, dende que se crearon as distintas institucións. E é necesario nalgún momento intentar poñer negro sobre branco cales son as competencias de cada administración.

Nós criamos niso, pero non agora con este vicepresidente, senón antes xa do que hoxe é presidente da Xunta de Galicia, co que se encargou un estudo á universidade, en principio en colaboración coa Fegamp, para que delimitásemos, puxésemos claro, cales son as competencias de cada administración. O obxecto dese estudo non era nin pedir nin reclamar millóns dun lado a outro nin reclamar necesidades. Non, se queremos traballar en solucionar un problema que é evidente, que está aí enriba da mesa dende hai tempo, o primeiro que temos que facer é clarificar cales son as competencias. Clarificar cales son as competencias, señora Rodríguez Rumbo, non se trata de facer unha conta rápida, de saír nun periódico e botarlles a culpa aos demais, coma quen que eu son o prexudicado. Non é verdade, aquí hai prexudicados e beneficiados en todos os ámbitos, e vostede sábeo ben, que tivo responsabilidades na Administración local de Galicia. Do que se trata é de falar en serio de cales son as competencias, de empezar a establecer todas e cada unha delas, de ser conscientes de cal é a situación. E a partir de aí chegará o segundo paso. O segundo paso é, en primeiro lugar, non seguir na dinámica de ter competencias impropias. É dicir, a partir dese momento, que queden clarificadas por parte das dúas administracións e saber cal é o marco de xogo no que nos movemos; a partir de aí, non cometer máis erros, como se cometeron no pasado.

Despois chegará, en terceiro lugar, a hora de empezar a botar contas e pouco a pouco ir solucionando os problemas. Pero o que non pode ser é que pensemos que se trata de encargar un estudo e ao día seguinte vai estar solucionado porque intercambiamos transferencias



económicas e de competencias entre dúas administracións. Isto non vai así. Os que de verdade se preocupan sobre este asunto son conscientes de que isto non vai así, que isto ten que ser un traballo serio. Todos sabemos que hai competencias impropias, todos sabemos que a Xunta de Galicia presta competencias que non son da Xunta de Galicia. E tamén os concellos fan cousas que non lles corresponden aos concellos, é certo. Pero o que non se pode facer é saír na prensa e dicir unha cantidade: mil millóns de euros, ou podían dicir dous mil, tres mil, cinco mil, dez mil... Aínda encima cando o estudo non se aporta nin sequer aos propios membros da dirección da Fegamp. Creo que é necesario traballar en serio. Nós ofrecémoslle á Fegamp a colaboración nun convenio con profesores da Universidade de Santiago para chegar a un acordo e debater dentro dese estudo. Nese estudo parecía nun principio que ían colaborar. Finalmente a Fegamp decidiu facer o seu propio estudo pola súa conta. O noso, o que fixeron os profesores da Universidade de Santiago de Compostela, será presentado en breve. Non sei se seremos capaces neste mes de decembro —polas datas—, pero, se non é no mes de decembro, será no mes de xaneiro. E creo que é fundamental. *(Aplausos.)*

Dicía, e quero remarcalo, que isto non se trata de que bote responsabilidades un enriba doutro. Repito, trátase de traballar xa non no esclarecemento das competencias, trátase de traballar pensando que detrás desas competencias hai galegos e galegas. Trátase de traballar pensando que non é tanto quen se fai cargo da competencia, senón pensando en quen lles pode prestar mellor o servizo aos galegos e ás galegas, que é o fin último deste estudo. Repito, esa era a nosa folla de ruta, ese era o noso obxectivo, cando se asinou no seu momento polo agora presidente da Xunta de Galicia. E niso é no que imos seguir traballando nos próximos meses: en delimitar esas competencias, en especificar a quen lle corresponde cada unha e, sen dúbida, en buscar unha solución; pero sempre tendo enriba da mesa os galegos e as galegas.

Por exemplo, o Servizo de Axuda no Fogar é unha competencia municipal, non é da Comunidade Autónoma. Está recollido na lexislación de servizos sociais de Galicia. E ¿que é o que fai a Xunta de Galicia co SAF? Pois participar no seu financiamento. O 70 % do custo do SAF ponno a Xunta de Galicia. Non é competencia pero hai que poñelo enriba da mesa para saber de que falamos. E, dende logo, non estamos a falar de que a Xunta de Galicia non o queira facer. Non o interpreten mal, porque iso non o digo. Estamos dicindo que hai que poñer enriba da mesa e clarificar o que está facendo cada administración para non saír con datos equivocados ou non levar unha fotografía equivocada da realidade. O 30 % abóano os usuarios e o propio concello. E o Goberno galego, ademais, acordou coa propia Fegamp o incremento dos fondos de cara aos vindeiros anos. Fíxense vostedes se falásemos da dependencia, pero é introducir un tema que agora mesmo neste debate xa non nos interesa.

Nos centros educativos a normativa establece que os concellos, dentro das súas competencias, son os encargados da conservación, mantemento e vixilancia dos centros educativos de infantil e primaria. Aínda así a Xunta recibe numerosas solicitudes de colaboración, actuacións que non serían da súa competencia pero que a Xunta leva a cabo. Tamén custea o servizo de limpeza de 30 centros públicos integrados e os gastos de gasóleo de calefacción dos CEIP, CEP e CPI. Igual sucede cos comedores escolares que son xestionados polos concellos, que asinan convenios coa Consellería de Educación para que lles subvencione parte



do menú. Estámolo a facer, aínda que hai algún concello que fai isto e despois abandona o servizo para que sexa a Xunta a que se faga cargo. Ben, temos exemplos de todo e é necesario coñecer cal é a realidade.

Na xestión da auga, en conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Esta normativa reserva á competencia municipal tamén o tratamento de augas residuais e a prestación do servizo da rede de saneamento —e está incluído o control dos vertidos a esas redes no marco da normativa—.

Ademais, segundo a normativa estatal, as administracións provinciais teñen entre as súas obrigas prestar apoio aos concellos nas súas competencias, fundamentalmente aos máis pequenos. O artigo 26.2 da Lei de bases de réxime local di que nos concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes será a deputación provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación destes servizos. ¿Esta é a realidade? Non, vostedes saben que non. En ningunha provincia é a realidade. A realidade é que as deputacións neste eido colaboran ou non fan o que a propia lei lles encomenda, e que o Goberno galego leva investido máis de 1.100 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas e realizado 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos —entre elas, 45 depuradoras—.

Atendemos tamén a mobilidade. O transporte urbano nas cidades é competencia municipal, pero en Pontevedra e en Ferrol non hai transporte urbano municipal. Os cidadáns desas cidades ¿teñen transporte urbano? Si, porque o leva a cabo a Xunta de Galicia. Polo tanto, o que eu lle dicía antes ao señor Bará —que non lle gusta— é que, efectivamente, hai competencias e hai cousas que non lle corresponden á Xunta de Galicia pero pensamos nos cidadáns e por iso levamos a cabo tamén esa competencia, señor Bará. *(Aplausos.)*

En emerxencias a Administración autonómica non ten competencias na xestión das emerxencias nos municipios, na chamada «primeira resposta» ante unha chamada de auxilio. En materia de bombeiros, salvamento, protección civil e emerxencias, o réxime de atribución de competencias ás entidades locais resulta da lexislación de réxime local e lexislación sectorial aplicable. Todos os municipios poden ter competencias propias en materia de protección civil, prevención e extinción de incendios creando os seus servizos de protección civil e xestión de emerxencias. Para os municipios de máis de 20.000 habitantes é obrigatorio, non é unha potestade; é obligatoria a prestación destes servizos. E no resto dos municipios, se non se crearon estes servizos municipais, correspóndelle á deputación provincial levalos a cabo. ¿Cal é, unha vez máis, a realidade que temos en Galicia? Pois non é esa, non é esa. A Xunta de Galicia pon enriba da mesa todos os anos dez millóns de euros para financiar o bo funcionamento dos consorcios provinciais de bombeiros xunto coas deputacións. Pero, unha vez máis, estamos asumindo unha competencia que non é imputable á Xunta de Galicia. Loxicamente cremos que é importante levala a cabo, pero tamén é importante que se saiba e ter claro que nesas contas que se botan esa é unha das execucións de competencias que está levando a Xunta de Galicia e que non lle corresponde á Xunta de Galicia.

Pero non só é aí, porque todos os anos, para bo funcionamento, dotamos de material asociacións de voluntarios de Protección Civil, todos os anos. Saiban vostedes que, se falan con



calquera agrupación de Protección Civil, o nivel de equipamento das asociacións de voluntarios de Protección Civil en Galicia é inmensamente superior a calquera equipamento de asociacións de Protección Civil de toda España. (*Aplausos.*) Están especialmente satisfeitos co equipamento co que son dotados desde a Xunta de Galicia. E, ademais, para os concellos de menos de 50.000 habitantes que teñen este servizo de protección, pois todos os anos investimos máis dun millón de euros na dotación de equipamento.

E tamén o facemos cos GES. Alégrome que haxa escasas semanas a Deputación da Coruña e a Deputación de Lugo, por fin, despois de pedírllelo insistentemente, reconducisen a súa postura e estean dispostas a firmar a prórroga dos GES na provincia. É un servizo dos concellos e é unha competencia dos concellos e da deputación. O que fixo a Xunta de Galicia foi poñer enriba da mesa unha solución, financiar de novo —igual que os consorcios provinciais— unha parte importante do funcionamento. E non se entendería, polos concellos nos que se presta o servizo e polos propios traballadores, que as deputacións desen as costas a este servizo, que foi planificado e acordado coas deputacións e coa Fegamp no seu momento. Eu alégrome de que finalmente o presidente da Deputación da Coruña e o presidente da Deputación de Lugo quixesen renovar este convenio, aínda que —é verdade— sen aceptar as melloras que nós poñíamos enriba da mesa e que eran melloras, en definitiva, para o servizo. Pero o importante é que estean dispostos a levar a cabo ese servizo.

No tema do socorrismo temos falado neste Parlamento. Temos falado neste Parlamento de que hai dificultade para que moitos concellos poidan contratar socorristas ao longo do ano. É certo. Aínda que non é competencia tampouco da Xunta de Galicia, o que fixemos foi, en colaboración coa Fegamp no seu momento, establecer cal era a formación mínima que tiñan que ter. Agora estamos de novo falando e negociando coa Fegamp outras vías ou outras posibilidades para poder dar unha solución a unha situación e a unha competencia que lles recordo que é competencia municipal. Dende logo, por nós non vai quedar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Anoten, anoten, porque ao mellor lles vén ben para poder falar: artigo 15 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. (*Aplausos.*) Aí queda claro. Aínda así —repítolles—, como nos outros casos, nós intentamos estar ao lado das necesidades dos concellos. Esa é a vocación que temos, jesa é a vocación que temos!

Realizamos cursos sen custo para os alumnos a través da Academia Galega de Seguridade Pública —financiamento dos cursos de Certificado de Profesionalidade e Socorrismo a través da Consellería de Emprego— e a contratación de socorristas tamén a través da Consellería de Emprego; polo tanto, non está mal para non ser competencia autonómica. E incluso se dota de material de salvamento nas praias —fundamentalmente, a través de embarcacións—.

E aquí chegamos a outro aspecto que tamén é importante para nós e que nos gustaría poñer de manifesto, que é o Fondo de Cooperación Local. Galicia, pese a non contar cunha norma reguladora das facendas locais, si conta dende o ano 1990 cunha regulación do Fondo de Cooperación Local, que nace con carácter condicionado. E, progresivamente, a través das sucesivas reformas, convértese nunha verdadeira participación nos recursos da Comunidade Autónoma por parte dos concellos. Ten dous fondos: un fondo base e un fondo adicional. Ademais, a aposta da Xunta de Galicia foi no ano 2011, cando garantimos por lei a dotación mínima. Incluso nos anos complicados que viñeron despois do 2011 todos os concellos de Ga-



licia sabían que en ningún caso a aportación da Xunta de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local ía baixar, o que era unha garantía que xa lles gustaría a outros departamentos, incluso da propia Xunta de Galicia e outras entidades, poder tela —incluso á propia Xunta de Galicia con respecto á participación nos ingresos do Estado—. Esta decisión foi única en todo o territorio nacional, e nos peores anos da crise —como digo— púidose manter.

Polo tanto, todos os concellos saben que poden contar con ese fondo. Nós temos garantidos por lei 134,4 millóns de euros no fondo base; e este ano, 30 millóns no fondo adicional. Este último experimenta unha subida do 135 % con respecto ao ano anterior. E ¿a que vai ese fondo adicional? Pois vai a financiar servizos demandados polos concellos: emerxencias, franxas secundarias, redes de abastecemento, eficiencia enerxética nas infraestruturas municipais... E vai, ademais, aos concellos que teñen máis dificultades para poder levar a cabo estas competencias. ¿Cales son? Os de menos de 15.000.

Poderíamos discutir se teñen que ser de menos de 15.000, de menos de 12.000, de menos de 9.000 ou de menos de 5.000, é certo, e estamos dispostos a discutir o que sexa nese sentido para intentar chegar a un acordo. O que non é de recibo é que, na comisión que temos coa Fegamp, cuestionen a necesidade dos concellos de menos de 15.000 habitantes de ter estes fondos. Iso non é de recibo, ¡iso non é de recibo! E, se lles preguntamos a todos os alcaldes, comprenderán cal vai ser a súa postura, con independencia do partido político ao que pertencen. Polo tanto, eu creo que é unha aposta seria polos concellos que teñen máis dificultades, e sobre todo orientada ás necesidades que teñen eses concellos, que son os que veñen xunta nós a pedirnos axuda para levar a cabo esas iniciativas. (*Aplausos.*)

Pero a aportación que reciben os concellos non se limita ao Fondo de Cooperación Local, senón que teñen outras vías de financiamento a través doutras consellerías e a través doutras programacións. Por iso recibirán no ano 2023 un total de 415,5 millóns de euros, un 17 % máis que no ano 2022. Se lles sumamos estes 415,5 aos... —vou falar de memoria e voume equivocar—, aos cento sesenta e pico do Fondo de Cooperación Local, pois poñémonos nun montante total de 564 millóns de euros; é dicir, un 15 % por riba do que recibiron os concellos neste ano 2022.

Polo tanto, a estratexia coa que nós traballamos cos concellos é intentar axudar o máximo posible. Demostrámolo cos datos, non é unha declaración de intencións, non é encargar estudos por encargar; é intentar demostrar que poñemos enriba da mesa cada vez máis orzamento e que, ademais, ese orzamento o orientamos ás necesidades que nos trasladan os propios alcaldes. E poderán vostedes comprobar cos seus alcaldes, cos alcaldes que queiran vostedes, que son as que nos piden. Pedíronnos mellorar a prestación de servizos á cidadanía, pídennos mellorar os servizos que lles dan aos seus administrados, pídennos cooperación con outros concellos tamén. Dentro da Dirección Xeral de Administración Local, que sobe o seu orzamento un 15 % neste ano —e supera os 20 millóns— temos ordes indicadas para as necesidades que teñen os concellos. Temos unha orde de infraestruturas de uso público que busca a mellora das infraestruturas, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, ao que no ano 2023 pois imos dedicar 3,5 millóns de euros. Non está nada mal. Imos seguir fomentando a colaboración municipal. Efectivamente, hai moitas formas de colaborar, dende a colaboración compartindo algún habilitado nacional



para as tarefas de administración do propio concello ata a colaboración para levar a cabo determinadas infraestruturas ou —fíxense vostedes— ata a colaboración para poder levar a cabo incluso unha fusión municipal. Eu creo que a agrupación e colaboración entre os concellos é algo que temos que ter enriba da mesa e ao que non lle podemos poñer ningún tipo de cortapisa, senón que temos que intentar fomentar e seguir fomentando esa colaboración entre os concellos. *(Aplausos.)*

Temos o Fondo de Compensación Ambiental, que busca axudar e colaborar cos concellos, que se emprega como unha ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos, así como para a dotación de infraestruturas e investimentos encamiñados á xeración de emprego no ámbito local. Para o ano 2023 o que imos adicar ascenderá a 11 millóns de euros. Non está cerrada esta cantidade pero contamos con que esa sexa a cantidade que imos adicar. Teñen como actuacións subvencionables a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación das enerxías procedentes de fontes renovables, a mellora e o incremento da eficiencia enerxética nos concellos, o desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais, e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes, respectuosas co medio ambiente e de menor consumo. Fíxense en que este fondo, dende o ano 2010 ao ano 2022, adicou 116 millóns de euros a este tipo de actuacións. Tamén contamos este ano cunha nova liña de eficiencia enerxética en instalacións municipais financiada con fondos Feder, ao que imos dedicar 2,6 millóns de euros e que é —como dicíamos antes— profundamente demandada polos concellos.

Polo tanto, remato esta primeira intervención poñendo de manifesto que a intención desta Vicepresidencia é intentar levar a cabo todas aquelas competencias que temos asumidas e todas aquelas obrigas que temos enriba da mesa da mellor das maneiras posibles. É certo que nos podemos equivocar, non cabe dúbida. Non se equivoca quen non fai nada. Pero a intención coa que imos é intentar axudar en todos e cada un dos asuntos que temos enriba da mesa. A intención coa que imos é intentar acertar. A intención coa que imos é intentar axudar a todos os concellos, con independencia da cor política, a que melloren a calidade de vida dos seus veciños, porque ao final non estamos aquí para vir crear problemas artificiais. Estamos aquí para intentar que a vida dos galegos e das galegas que viven nos 313 concellos de Galicia mellore. E se conseguimos, cando acabe o mandato, que os servizos que se prestan en moitos concellos do rural, ou tamén nas cidades, melloraron algo, teremos feito o noso traballo. Así que con esa intención imos traballar, eu e todo o meu equipo, para intentar mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Rolda para os grupos parlamentarios.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Paloma Castro Rey polo tempo de dez minutos.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, vou acuñar un termo, unha frase, de Feijóo, sen que sirva de precedente, pero eu teño tempo limitado e a ver se podo tocar todos os temas da súa intervención e podo debater toda esta cantidade de temas que tocou vostede.

Vou empezar polo final, pola Administración local. Dende o PSdeG, xa o manifestamos en moitas ocasións, non compartimos a política que dende hai unha década vén desenvolvendo este goberno coas entidades locais. Levan vostedes co Fondo de Cooperación Local base conxelado dende 2011; 112,9 millóns de euros para Galicia parécenos totalmente insuficiente. Ademais, o artigo 142 da Constitución establece esta obriga, e vostedes levan doce anos sen actualizar nin sequera o IPC. Delegan competencias propias nos concellos, polo que, se sumamos a suba dos prezos dos servizos derivados da crise existente, nos atopamos cuns concellos que neste momento están afogados.

E, pola contra, neste orzamento aumentan en 30 millóns ese fondo adicional, que non é regrado. A vostedes o financiamento regrado pois non lles gusta, isto vese claro. Vese claro porque prefiren incrementar 415 millóns de euros e que sexa unha cantidade destinada a convenios e subvencións, porque é unha forma máis opaca e porque o reparten de forma discrecional.

Hai insuficiencia nos concellos, como dicía. Os concellos están afogados e esta insuficiencia agravouse nos últimos anos. A covid contribuíu notablemente a este agravio e afectou enormemente as contas municipais. Ao ser a administración máis próxima obrigounos a unha reestruturación do gasto para sufragar esas necesidades que, ao final, non foi compensado pola Xunta —a pesar de que, como vostede recoñecía antes, asumiron moitas competencias impropias—. Temos unha lei do ano 2004 coa que no dá resposta á situación actual o Goberno galego. O Goberno non está a ser leal co municipalismo. O 80 % da repartición dos fondos estatais recíbeo a Xunta, pero esa porcentaxe non reverte nos concellos da forma en que debería. E na repartición entre os concellos, as dúas terceiras partes do financiamento da Xunta aos concellos realízase a través de subvencións condicionadas —como xa lle mostrei anteriormente cos datos orzamentarios—, e só un terzo é de forma regrada. Isto infrinxe claramente a Carta europea de autonomía local.

E ¿que necesitan os concellos? Necesitan equidade, equidade na repartición a través dun fondo de compensación interterritorial, definir e ampliar determinados gastos ordinarios, como poden ser os da educación —ao que se refería anteriormente vostede—. Dende o ano 2008 só incrementaron unicamente a asunción do gasóleo ou da sanidade, coa a asunción dos consultorios ou a unidade de atención á drogodependencia —que levamos anos con ese compromiso e aínda estamos esperando—. Necesitan que incrementen vostedes o Fondo de Cooperación Local base, por ser unha repartición regrada, en detrimento desas subvencións, deses 415 millóns de euros de subvencións. E necesitan unha partida orzamentaria destinada a compensar aquelas competencias impropias que se viron obrigados a asumir. Menos mal que vostede, polo menos, o recoñece aquí, porque noutras ocasións non se recoñeceu que asumiran estas competencias. Porque os datos están aí: mil millóns de euros gastaron os concellos en competencias impropias durante a pandemia e só trescentos millóns de euros



foron aboados pola Xunta. Polo tanto, seiscientos millóns de euros de gastos extra gastaron os concellos en competencias impropias.

E vostede falaba dos acordos coa Fegamp. Fala vostede da Fegamp coma se fose un organismo individual, autónomo e non fose unha federación que está formada por todos os municipios e polos representantes dos municipios legalmente elixidos. Non é certa esa cronoloxía dos feitos que vostede fixo. Feijóo, no seu día, si que chegou a un acordo coa Fegamp para a elaboración por parte dos técnicos da Xunta e a Federación dun informe en relación con esas competencias impropias e co financiamento dos concellos. Posteriormente, cando chegou o presidente Rueda, non lle gustaron estas conclusións e plantexou a posibilidade de que se elaborase un informe, pero no que participase a Universidade e no que cada un dos organismos, tanto a Xunta como a Fegamp, elixisen membros da Universidade para elaborar este informe. Posteriormente, pola porta de atrás, encargou á Universidade o informe, un informe de 25.000 euros, sen ter en conta a proposta dos técnicos enviada pola Fegamp. A Fegamp, ante isto, ao quedar fóra, viuse obrigada a contratar ou elaborar o seu propio informe técnico. E agora a Xunta toma ese informe elaborado unilateralmente pola Universidade e basea a nova lei neste informe. Polo tanto, volve deixar fóra novamente a Fegamp. Iso non ten sentido. Ademais, leva gastado nunha cousa e na outra, no encargo destes informes, máis de cen mil euros, cando poderían facerse perfectamente a través de organismos e entidades públicas.

Polo tanto, creo que é importante recuperar este consenso. Como lle dicía, a Fegamp está composta por representantes legalmente elixidos de todos os concellos galegos. E vostede non pode quedar fóra desta nova lei de regulación das entidades locais, ten que participar nela.

En relación coa Lei do xogo, da que falaba vostede, esta lei levaba parada dende a anterior lexislatura. Ao final tiveron que darlle tramitación porque este grupo parlamentario plantexou unha proposición de lei e non quedou máis remedio. Comparto con vostede a preocupación social existente e a necesidade de adaptar a lei aos tempos actuais, pero vostedes non lle daban pulo ata que viñemos nós, os socialistas, e rexistramos unha nova lei. Ademais, os motivos son claros, e iso vese. Vostedes cunha man déronlle pulo novamente a esta lei e con outra man rebaixaron o 40 % dos impostos aos bingos —coa lei de acompañamento— para reducir o tipo de gravame do 50 % ao 30 %. Polo tanto, unha de cal e outra de area ao sector do xogo, ¿non? (Aplausos.)

En materia de cooperación é verdade que este ano hai un incremento do 13 %. Díciolle o outro día en comisión que nos alegramos deste incremento, porque Rueda se comprometeu hai uns anos, despois do recorte brutal que fixo en materia de cooperación no ano 2014, a elevar o orzamento un 11 % cada ano e o ano pasado non o cumpriu. Polo tanto, este ano compensa vostede ese incumprimento, pero aínda estamos entre o posto 11º ou 12º do ránking das dezasete comunidades autónomas en investimento en materia de cooperación. O investimento este ano é de 8,9 millóns de euros cando no Bipartito era de 11,6, era un 0,1 % do orzamento, e necesitamos chegar a esta cifra, que aínda está moi lonxe da que propón a Lei de cooperación para o desenvolvemento sostible e solidariedade global —o anteproxecto que se está a tramitar no Estado—, que marca como obxectivo prioritario o 0,7 % en 2030. Polo tanto,



temos que poñernos as pilas desde Galicia. Creo que as ONG galegas deron claras mostras de solvencia e é necesario, polo tanto, non darlles as costas e apostar polo seu traballo.

Falaba vostede tamén de deporte, comparto a importancia do deporte. O deporte é fundamental para que os galegos e galegas teñamos unha vida saudable. É necesario aumentar esas campañas de sensibilización. Os últimos datos de obesidade en Galicia son alarmantes, é a segunda comunidade con máis índice de obesidade. Temos, entre os nosos nenos e nenas, o 7,6 % dos nenos e o 4,6 % das nenas. Polo tanto, creo que é necesario aumentar esas campañas.

E necesario tamén potenciar o deporte. Falaba vostede das deportistas e esqueceuse de Uxía Rodríguez, que veu a pasada semana de Bulgaria cunha medalla de bronce no campionato do mundo de dobre minitramp. Non está nese centro de tecnificación pero si entrena nel, un centro de tecnificación, o de Pontevedra, ao que dende abril de 2021 o Estado lle requiriu que renovase a concesión, porque está vencida e porque, se non se renova, non se poden ampliar as súas instalacións. Polo tanto, déanlle pulo a isto, porque é moi importante. Hai moitas disciplinas que se practican nese centro de tecnificación, e neste momento están hacinados. Necesitamos o pavillón de bádminton alí. E necesitamos tamén o pavillón de ximnasia da Parda, porque, entre todos eses deportistas que vostede citaba, tamén está a olímpica Melania Rodríguez, que entrena tamén neste centro de tecnificación e non ten pavillóns de ximnasia. Isto está prometido dende hai décadas en Pontevedra.

Teñen que seguir potenciando o deporte feminino e o programa Xogade —do que son vítima, porque teño dous atletas na casa—. É un programa que funciona ben, agradezo que se potencie o deporte de base; pero para iso é importante investir en equipamentos deportivos. Para os concellos en moitas ocasións é un custo inasumible, están moitos en malas condicións. E, se queremos fomentar ese deporte de base e protexer a nosa mocidade, temos que ofrecerlle lugares seguros para as prácticas deportivas.

Falaba vostede tamén de xustiza, do Imelga. Non son certos os datos que vostede dá. Si é verdade que se plantexaron algunhas modificacións que puideron alterar o volume de traballo, pero de forma relativa, porque no ano 2016 existía un volume de traballo que necesitou un reforzo que era superior ao que existe na actualidade. E ademais isto non é algo puntual senón definitivo, porque, por sorte, a lexislación cada vez protexe máis as persoas. Ademais temos unha poboación envellecida; polo tanto, os procedementos de incapacitación presumiblemente medrarán no tempo.

Creo que a solución que vostede plantexa é outro parche, como o de 2016, e que necesitamos que, de forma estrutural, se creen máis prazas nas subdireccións. Nós o que plantexabamos era atender ás necesidades de cada territorio, porque somos conscientes de que non existen as mesmas necesidades. Na subdirección de Pontevedra existe un colapso de ata dous anos. Polo tanto, é aí onde queremos que se incida e de forma progresiva se vaian completando os equipos.

En relación co Plan de infraestruturas xudiciais, dígolle que se realizaron estes últimos anos grandes investimentos nas grandes cidades, pero é necesario que agora se mire cara ás vilas medianas...,



A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai que ir rematando, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...porque existía unha previsión nese Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 que non se cumpriu nestas vilas medianas, e non podemos ter unha xustiza de primeira e unha xustiza de segunda.

E, por agora, nada máis. Continuarei na miña segunda quenda con algún asunto que quedou pendente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Queda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde.

Moi boa tarde, señor vicepresidente.

Nesta comparecencia —quizais un pouco tardía, cando xa van máis de seis meses despois da súa toma de posesión— tiñamos a esperanza de que se modificase a liña continuísta e pouco ambiciosa que se deduce dos orzamentos, pero vemos que vai seguir nesa liña. Aínda así, permítame que lle indique que desde o BNG reiteramos a vontade de diálogo construtivo para a mellora dos servizos públicos e, polo tanto, dos dereitos e do benestar da cidadanía, e que lle recolla o guante no que vostede mencionou ao comezo falando da lei do xogo. Agardamos de verdade que haxa un debate construtivo, que se teñan en conta as achegas feitas pola oposición para que de verdade se poida mellorar e acrecentar o proxecto de lei do xogo que foi remitido á Cámara e que, desde o noso parecer, ten áreas nas que pode ser sensiblemente mellorado.

Cando foi a comparecencia do seu antecesor, simplemente lles pedimos que o Parlamento fose o centro da actividade política e que non acabase convertido nun apéndice de San Caetano, que non fixesen do poder un fin en si mesmo senón un medio para mellorar a vida das persoas. O certo é que fixeron caso omiso das peticións e continúan co programado proceso de degradación institucional. Impiden de xeito reiterado e constante que o Parlamento controle a acción do Goberno e a utilización que fai dos recursos públicos; converten os actos institucionais en actos de partido nos que nin sequera convocan a representantes das demais alternativas políticas; ou, por exemplo, converten os seus despachos nun sitio de encontro para reunirse cos edís que lles son afíns e non simplemente cos representantes das alcaldías. (*Aplausos.*)

Eu entendo, señor Calvo, que a súa axenda como vicepresidente lle pode restar tempo para exercer como presidente provincial do Partido Popular. Mais o que estamos vendo é que o



señor Calvo dirixe a campaña das municipais desde o seu despacho como vicepresidente do Goberno da Xunta de Galiza cando recibe, por exemplo, como lle sinalaba, o edil de Dodro.

O certo é que agardabamos unha mínima esperanza e que, vistos os resultados na xestión da área, vostede puidese ter un arranque de sentido común e que dese un xiro ás políticas na área da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Pero, se os orzamentos presentados reduciron as esperanzas, a exposición rematou con elas.

Comezo en relación coa Administración de xustiza.

Á vista da memoria dos orzamentos, nos que condicionaba a súa xestión á aprobación da Lei de eficiencia organizativa, preguntámoslle desde o noso grupo de xeito reiterado se estaba de acordo con ela. E, ante iso, vostede gardou silencio. Reiterámoslle hoxe a pregunta porque a nosa preocupación polos prexuízos que pode comportar para a cidadanía e para o equilibrio territorial é grande. Esta norma estatal, que vostede semella defender co seu silencio, conserva os partidos xudiciais, mais introduce a posibilidade de que un partido xudicial poida ser atendido desde outro. É dicir, mantense a demarcación pero pode ficar sen actividade xudicial o partido. E, sen querer xogar ás adiviñas, non sería moi aventurado pensar que a aprobación de tal norma pode pór en perigo a actividade xudicial en Bande, en Celanova, en Trives, en Ribadavia, en Negreira, en Muros, en Ortigueira, en Sarria, na Fonsagrada ou en Becerreá.

Como xa se ten dito, agora o Goberno actual vai intentar facer máis intelixentemente o que xa propuxera Gallardón e que era demoledor para o rural galego, que mostrou un frontal rexeitamento ante tal privación de servizos. Mais o certo é que os xulgados creados na última década na Galiza permiten pensar que a súa idea é centralizar a actividade xudicial nas sete grandes urbes. ¿Concorda a Xunta de Galiza, como parece, con esa idea ou pode garantir o seu compromiso con que todos os partidos xudiciais do noso país contarán cun tribunal de instancia ou, cando menos, cunha sección única? Reiteramos novamente a necesidade de incremento da planta e da demarcación xudicial en Galiza, sendo inxustificable a situación que veñen padecendo os partidos de Viveiro, de Carballo, de Ribeira ou de Vilagarcía. E, aínda sendo grave a situación de colapso que sofren os xulgados que acabo de mencionar, permítanme tamén reiterar a necesidade de creación de novos xulgados de violencia de xénero en Ourense, en Lugo e en Santiago, con competencias exclusivas e excluíntes, necesidade contra a que a Xunta de Galiza se manifesta reiteradamente.

O número de denuncias por violencia contra as mulleres medra non só a respecto de hai trece anos, senón mesmo en relación coas presentadas o ano pasado —un incremento dun 9,9 % no primeiro trimestre e dun 18,2 % no segundo—. Dou estes datos a pesar do que recolle o informe da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza en contra dos criterios da Xunta de Galicia. A Sala de Goberno recolle que as necesidades destas unidades non debe medirse en función dun número de entrada de asuntos do mesmo xeito que sucede noutros ámbitos, pero vemos que é un tema de especial gravidade no noso país.

Se existía un compromiso do Goberno do Estado na creación destas unidades xudiciais, a cuestión é: ¿por que a Xunta de Galiza non mostrou a súa conformidade coa súa creación?



Agardamos que a negativa non sexa pola mesma razón pola que se lle continúa negando á cidadanía dos partidos xudiciais da Coruña e de Vigo un sistema de gardas de 24 horas, demandado por xuíces, polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo Consello Xeral do Poder Xudicial, polo Ministerio de Xustiza, pola avogacía e pola procuradoría; medida que, ademais, suporía a axilización no funcionamento dos xulgados, un maior respecto aos dereitos fundamentais das persoas e, por exemplo, a posibilidade dunha máis pronta resposta en asuntos urxentes, como a autorización xudicial en cuestións sanitarias. A Xunta deixa de atender por motivos económicos esta demanda unánime que atinxiría a setecentas mil persoas mentres aplica bonificacións fiscais a sete mil persoas de elevados patrimonios.

Nin na súa exposición nin nos orzamentos presentados nesta Cámara se contempla ningunha medida para normalizar o uso do galego na Administración de xustiza. E así, vinte anos máis tarde, os programas de xestión procesual da Xunta de Galiza non incorporan aínda formularios en galego.

Hai que lembrar que nesta área unha terceira parte do persoal está en precario. Servizos tan importantes como o Imelga están colapsando, tardan un ano na emisión de informes integrais. Recoñeceu vostede este colapso e o único motivo que esgrimiu para abordar o colapso foi o das leis recentemente aprobadas. A min a verdade é que, á parte de que me faltan outros motivos que expliquen o colapso, me sorprende que non teña nada máis que dicir —cando, por outra parte, a aprobación dunha lei non é inmediata senón que hai un trámite parlamentario— e que non haxa unha previsión ante o incremento de traballo que vai supor.

En relación coas administracións locais, as entidades locais estanlle a demandar un xiro radical que resulta fundamental por respecto á propia autonomía destas entidades. O respecto a esta autonomía pasa por un sistema de financiamento que lles permita ás entidades locais decidir sobre como xestionar as competencias propias, ou aquelas nas que debe intervir por inacción ou por mala xestión da titular da competencia, ou por ser a administración máis próxima á cidadanía. Actualmente, só un de cada catro euros destinados ás entidades locais se distribúen con carácter obxectivo e previsible obedecendo a criterios previamente acordados coa Fegamp. O resto é por medio de subvencións finalistas ou sen concorrencia competitiva; é dicir, por sistemas que permiten irregularidades. E, en todo caso, resultan ineficientes e en nada contribúen ao reequilibrio territorial.

Debe incrementarse o Fondo de Cooperación Local, que leva máis dunha década sen ningunha modificación substancial —fundamentalmente co importe de subvencións recorrentes e estruturais—. E debe abordarse a elaboración conxunta dun plan único que, ademais de seguridade, confira eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos. Logo de trece anos, o pacto local segue pendente de cumprimento na súa meirande parte, polo que tamén nesta área ten vostede moito traballo que desenvolver —aínda que a xestión realizada ata esta data non permite prever que a arbitrariedade do seu predecesor vaia mudar moito—.

Como xa se esgota o tempo, quería facer simplemente outra mención sobre o que falaba vostede de deporte. Coincidimos co que vostede salientou, con que o deporte é unha fonte de saúde física, de saúde mental, e é unha fonte para a aprendizaxe de valores e para o desenvolvemento, en consecuencia, de toda a sociedade. Vostede falou de infraestruturas depor-



tivas, falou dos seguros de responsabilidade civil, do Centro de Tecnificación Deportiva. Fago extensivo o seu recoñecemento a todas esas deportistas que veñen de lograr grandes éxitos tanto a nivel estatal como noutras categorías. Pero quixera facerlle unha pregunta: ¿que pasa co deporte feminino? Porque a súa única mención á igualdade foi a equidade acadada neste Centro de Tecnificación Deportiva. Cremos que é importante que o deporte feminino teña unha maior presenza dentro da liña de actuación da súa consellería.

E vou deixar aquí esta primeira intervención, porque hai moitas outras cuestións que me gustaría tocar pero o tempo non o permite. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Carreira.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Señor vicepresidente, en primeiro lugar, quero darlle a noraboa polo traballo feito desde o momento no que asumiu as competencias da súa vicepresidencia, nun momento en que todos tiñan a vista posta en como se ía realizar a transición. É unha consellería, ademais, que tiña un excelente antecesor, que agora é o presidente da Xunta, o señor Rueda. E, a pesar deses que agardaban atopar unha oportunidade, xustamente ocorre o contrario do que esperaban: a solidez do Goberno e concretamente da súa xestión.

Señor vicepresidente, atopámonos hoxe debatendo nesta comparecencia por petición de vostede, por petición da Vicepresidencia Segunda, xa que ata o momento a oposición pois parece que non viu motivo para que tivese que dar contas neste Pleno sobre a súa xestión á fronte de cuestións coas que agora vemos que, bueno, que se rasgan as vestiduras. E mesmo lle re-criminan a vostede que compareza. Aquí, se non comparece o Goberno, porque non comparece; e se comparece, porque comparece. Vostedes nunca están a gusto. *(Aplausos.)*

Pero a constatación de que a Xunta aposta pola xustiza, polo deporte, polos concellos, é o orzamento que vostede presentou en Comisión, con preto de 343 millóns de euros, que medra un 12,90 % —máis de catro puntos por riba da media do incremento de toda a Xunta de Galicia—. E desde o Parlamento temos que destacar —falouse xa, faláron xa as miñas antecesoras e vostede tamén o dixo— que temos xa en trámite parlamentario a Lei do xogo, aínda que algúns intentaron adiantarse e politizar esta norma e insisten en que, como o Partido Socialista presentou unha proposición de lei, a Lei do xogo lla copiamos. Unha proposición de lei que rexistraron... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, oxalá non. É que vostedes xa teñen presentadas as emendas, xa vimos que teñen todas as emendas e recollen a súa proposición de lei. Pero, bueno, ese xa é outro debate do que xa falaremos. Pero eu insisto en que foi no programa do Partido Popular do ano 2016 —que ninguén o olvide— no que xa incluimos a necesidade de renovar esta lei. Ningún dos grupos que falou antes levaba no seu programa electoral a necesidade de modificar a Lei do xogo; o Partido Popular, si. E o Partido Popular traballou moitísimo nesa norma. E, claro, se vostedes, porque pre-



sentaron e rexistraron unha proposición de lei, concretamente o 4 de maio, cinco meses despois —¡que casualidade que a traen a debate no Pleno a mesma semana en que se aproba no Consello da Xunta!—, cren que llela copiamos, bueno, alá vostedes. Se dormen felices pensando que lles copiamos a lei, pois, miren, sigan vostedes así.

E falan dos bingos. Mire, señora Castro, eu non sei se vostede leu as emendas que presentan á Lei do xogo. ¿Vostede leunas? ¿Si? E vostede ¿sabe que hai dous casinos en Galicia e vostedes presentan unha emenda para pedir que haxa catro casinos en Galicia? Bueno, pois iso é o que pasa. E vén vostede aquí darnos leccións do bingo e de non sei que. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, pregúntelle, ¡pregúntelle! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, catro! O Bloque tamén, os dous. Piden catro, un por provincia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, hoxe non llelo leo, pero xa llelo lerei. Non se preocupe, señor Torrado, iso está rexistrado. ¡Home, é que..., por favor! Non mintan. Non mintan, porque a mentira ten as patas moi curtas. Está no Rexistro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu xa sei que a vostede lle gustaría falar nesta intervención pero xa terá o seu momento, ¡home! Xa terá o seu momento, que ten moitos, ademais.

Mire, o vicepresidente desgranou as políticas que se realizan no ámbito da acción exterior, un traballo sen moita publicidade pero que resulta clave para os galegos e galegas —sobre todo para aqueles que teñen postos os seus intereses fóra das nosas fronteiras—. E quero trasladarlle, señor vicepresidente, a noraboa do noso grupo, porque, se non fose polo Partido Popular de Galicia e o traballo que se realiza dende a Vicepresidencia Segunda e as consellerías implicadas, aos galegos non os defendería ninguén. *(Aplausos.)*

Miren, vemos como en Europa os seus comisarios, os que vostedes apoian cos seus votos, non atenden ás demandas dos traballadores do mar, sector do que dependen miles de familias galegas. Por certo, falando do BNG en Europa, poderíamos falar de como a señora Miranda asesorou durante un ano e pico a Fernando Barrena —condenado con sentenza firme tras admitir os seus vínculos con ETA—. E, por certo, cando se intercambiaron a cadeira, ¡que sorpresa!, acabou sendo contratado pola señora Miranda para asesorar a señora Miranda. Este é o exemplo do BNG, primeiro a súa ideoloxía, despois a súa ideoloxía e finalmente a súa ideoloxía. *(Aplausos.)* Agora, o de defender a frota pesqueira en Europa, iso, deixámolo para outro momento e seguimos no Grupo dos Verdes en Europa.

Na xestión da problemática do lobo ¿que está facendo o Partido Popular de Galicia coa Consellería de Medio Ambiente e desde o Parlamento Europeo? A pesar de que o BNG e o Partido Socialista queren seguir impoñendo o seu ecoloxismo radical —no caso dos nacionalistas, da man dos Verdes—, o panorama estase volvendo cara á postura da Xunta de Galicia a favor do equilibrio no rural e en contra da protección extrema dunha especie en bo estado de conservación. O traballo en acción exterior non lles gusta, pero, bueno, é o que hai. Acadouose o compromiso da presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, que encargou un exame exhaustivo por se hai que revisar esta protección estrita ao norte do Douro propia do ecoloxismo radical. É un exemplo, vicepresidente, do fundamental que resulta o traballo no ámbito da acción exterior na Xunta de Galicia; en definitiva, traballar para defender os intereses das galegas e dos galegos.



Falando do Imelga, claro, vostedes empregan a dilación na emisión de informes ao seu maior beneficio, como fan con case todo. O que lles falta neste caso é que monten unha plataforma, unha máis. Xa teñen alí un despacho que está especializado en creación de plataformas. Pois, oia... (*Murmurios.*) ¡Non, rían!, que saben que é verdade. Todos sabemos quen monta as plataformas, ¡home, todos o sabemos! E, miren, mesmo o vimos o outro día. Vimos como saían do Parlamento —¡vamos, non teñen ningún pudor!— coas pancartas do grupo parlamentario gardadas nun coche aparcado no parking do Parlamento. (*Aplausos.*) ¡A pancarta, o pancartismo do BNG! (*Aplausos.*) Iso si, vamos dar imaxe de moderación, as pancartas que as porten outros, ¿non? (*Aplausos.*) Bueno, así funcionan vostedes: plataformas, pancartas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Pero bueno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non se preocupen, que a cidadanía sabe perfectamente quen son, sábeo perfectamente. Poden vostedes manipularlos e intentar cambiarlles... (*Murmurios.*) Pero, non, a xente ao final, cando toca votar, saben a quen teñen que votar. (*Murmurios.*) ¡Claro! A quen os defende. A quen defende os seus intereses. (*Aplausos.*) Saben quen os intenta manipular e saben quen lles di a verdade. (*Aplausos.*)

Porque, miren, vostedes danos aquí leccións de técnica lexislativa e despois vén a chapuza de nunca mirar máis alá. Despois veñen as consecuencias. Cando vostedes lexislan, sálvese quen poida. Díxollelo o vicepresidente, as consecuencias da inclusión obrigatoria da proba preconstituída nas leis de protección integral á infancia, de reforma da lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade e da Lei do «só si é si» implicaron ese incremento dos recursos do Imelga. Iso si, faise sen poñer un só euro, porque vostedes veñen aquí falar das competencias impropias dos concellos e de que a Xunta non lles dá, e a Xunta pois, efectivamente, tamén ten que asumir unhas competencias dunha lexislación que non foi consensuada coas comunidades autónomas pero que si ten todos eses custos.

Falan vostedes da Administración local. Miren, voulles ler as últimas noticias que están na web da Xunta de Galicia (*A señora Prado del Río le un documento.*): «A Xunta apoia con 44.000 euros a posta en servizo dun punto limpo móbil na Pontenova» —goberno do Partido Socialista—; «Ethel Vázquez anuncia a licitación das obras do novo colector do río da Sardiña que culminarán o saneamento da Malata grazas a un investimento de 900.000 euros» —goberno do Partido Socialista—; «A Xunta destina máis de 30.000 euros a mellorar a fachada da casa do concello de Santiso e a renovar o palco da música en San Román» —concello do BNG—; «A Xunta destina máis de sete millóns á formación laboral de 1.227 persoas de Vilagarcía de Arousa con cursos AFD» —do Partido Socialista—; «A Xunta presenta ao Concello de Viveiro e á Deputación de Lugo o proxecto das actuacións destinadas a reducir os riscos das enchentes na Xunqueira» —do Partido Socialista—. Bueno, e así podería seguir. Miren, hai o dobre de noticias de investimentos da Xunta en concellos do PSOE e do BNG que en concellos do PP, cando os concellos do BNG e do Partido Socialista en Galicia representan o 43 % do total de Galicia.

E dicía a señora Castro que a nós non nos gusta o financiamento regrado. Mire, a quen non lle gusta é ao Partido Socialista. Estes son os datos dos convenios aprobados pola Deputación de Lugo —do Partido Socialista— no ano 2021. Mire, o Partido Socialista, o 65 % con 27 alcaldías; o Bloque Nacionalista Galego, o 33 % con 4 alcaldías; e o Partido Popular, ¡o 2 % con 31 alcaldías! (*Aplausos.*) Este é o seu modelo de financiamento regrado. (*Aplausos.*) (*Protestas.*) ¡Non, claro, isto é do señor Tomé! Pero, mire, a Deputación da Coruña non o fai me-



llor. Entre o 2019 e o 2023 para os concellos do Partido Socialista foron 11.269.214 euros; para os do PP, 1.727.000; e para os do Bloque, 1.581.000. Señorías, non nos veñan dar aquí leccións de financiamento a concellos en función da cor política, porque vostedes niso son os reis en darlles aos concellos da súa cor política e da cor política dos seus socios incondicionais de goberno, que son os señores do Bloque Nacionalista Galego.

E respecto das competencias impropias e da Fegamp, dese informe da Fegamp, que non llo deron nin sequera ao vicepresidente da Fegamp, que o teñen gardado vostedes e que ninguén sabe del —por que o ocultan non o sabemos—, pois ben, xa lles dixo o señor vicepresidente a cantidade de competencias que son dos concellos e que asume a Xunta de Galicia: o SAF, os comedores escolares, os centros escolares, servizos de emerxencia, protección civil... Non lles gusta que digamos o do transporte escolar, claro, non lles gusta. Pero ¿por que? Porque en Pontevedra teñen dificultades para o transporte escolar, señor Bará.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: O que non imos pagarlles tampouco son as luces do Nadal. Póñanse a traballar, que están os comerciantes que botan fume porque non son capaces nin de xestionar unhas luces para o Nadal para a cidade de Pontevedra. *(Aplausos.)* Dende logo, señorías, é moito pedirlle aquí á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias. Era o que nos faltaba xa, poñerlle as luces do Nadal ao concello de Pontevedra.

Sigo no segundo turno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A verdade é que tomei nota —non sei se de todo pero tentarei dar resposta a todo o que fun apuntando— tanto da voceira do Bloque Nacionalista Galego como da voceira do Partido Socialista.

Hai unha crítica que non é a primeira vez que a escoitamos, que xa se ten feito neste Parlamento en varias ocasións, que xa teño vido eu mesmo contestar e falar sobre ela. E creo que é necesario polo menos incidir en que sexamos conscientes de que, se se segue a facer, dende logo, non é porque haxa motivos, senón porque responde a intereses políticos de intentar trasladar unha opinión que non é real. Loxicamente, eu non me podo meter nas intencións ou na estratexia política de cada un dos grupos, faltaría máis. Pero cando se falou das axudas que damos aos concellos chegaron a utilizar —non sei se o apuntei— «irregularidades na repartición» —diciá a voceira do Bloque Nacionalista Galego—. *(Murmurios.)* Si, dixo irregularidades. Se non está, entendino eu. Ao mellor entendín mal, pero estou seguro de que non porque o apuntei. Pero, ben, pode ser. Se non é así, pido desculpas. En todo caso, o sentido



da crítica sempre é o mesmo. E a min gustaríame deixar claro que iso non é verdade, e os datos que deron aquí tampouco son certos. Non sei de onde os sacan, pero non son certos.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións establécese na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que é o de concorrência competitiva. Os datos das subvencións convocadas no ano 2021 polo Goberno galego confirman esta afirmación: o 73 %, ¡o 73 %! —sete-tres— das convocatorias de axudas que teñen como beneficiarios os concellos establecéronse en réxime de concorrência competitiva —o 73 %—. Polo tanto, non tentemos trasladar unha imaxe que non é certa, sobre todo cando os datos están enriba da mesa. Foron o 73 %. Pero, ademais, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a posibilidade de concesión directa de subvencións —polo tanto, é un sistema que está regrado e que ademais está permitido, ¿vale?—, aínda que recordo que o 73 % foi por concorrência competitiva.

A voceira do Grupo Parlamentario Popular amosaba datos da Deputación de Pontevedra e incluso da Deputación da Coruña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É igual. Non, perdón, de Lugo, é certo. Desculpe, desculpe, de Lugo. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Desculpe, desculpe! ¡Claro, claro, claro...!

Pero, mire, eu xa lle estiven contestando —creo que foi, ademais, en plenario, efectivamente— cales eran as axudas que levabamos a cabo nestes últimos meses por parte desta Vicepresidencia, en concreto creo que da Dirección Xeral de Administración Local. Por exemplo, en contratación de auxiliares de policía local nos concellos turísticos hai dez concellos beneficiarios, dez. É fácil calcular a porcentaxe. Cinco concellos beneficiarios foron do Partido Socialista, dous do PP, un do Bloque e dous independentes. Non está mal a repartición, ¿non? Non sei cal é a queixa.

Ben, vamos olvidar esta convocatoria. Fixémonos na convocatoria de adquisición de vehículos alternativos mediante o sistema de *renting* con destino aos corpos de policía local financiada polo Fondo de Cooperación Local. Son 18 beneficiarios, 8 do PSdeG, 5 do PP, 1 do Bloque e 4 de partidos independentes. ¿Onde están esas irregularidades ou esa repartición intencionada coa que vostedes veñen aquí unha e outra vez? (*Aplausos.*)

A min gustaríame que o dixesen e que viñesen cos casos. Porque, ademais, analicemos, por exemplo, as emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista aos orzamentos deste ano 2023, e vexamos cales foron as emendas que presentou. Xa foi aprobado o orzamento, pero isto digamos que está fresco, aínda non caducou. Vemos cales son as emendas que presenta o Partido Socialista e resulta que á miña vicepresidencia, á Vicepresidencia Segunda —non fixen a análise de todo o orzamento porque igual os números saían peor para vostedes—, se solicitan 16 subvencións nominativas a concellos. ¡Home!, ¡en que quedamos!, ¡en que quedamos! Por certo, suman 5 millóns de euros. Por certo, a metade desas subvencións son para o Concello de Vigo, que, como saben vostedes, é o que menos capacidade económica ten de todos os concellos de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou sexa, nominativas cando son para min e, sobre todo, para os que mandan; para o resto dá igual. (*Aplausos.*) Esa é a forma de ser e esa é a forma de actuar que ten o Partido Socialista. Polo tanto, cando chegan aquí fan unha crítica que, á parte de ser falsa, é politicamente hipócrita; porque vostedes cos feitos demostran unha cousa contraria ao que din. E por iso carecen de credibilidade —non entre nós, que os desta



bancada non os van votar nunca, pero sobre todo diante dos galegos e das galegas que, dende logo, non escollen a opción do Partido Socialista—.

Pero temos máis exemplos. No pleno pasado o conselleiro de Facenda —que tiña unha intervención moi axeitada, ademais— sacaba uns datos da *Resolución de la convocatoria de ayudas para la rehabilitación de edificios de titularidad pública, en el marco del Plan de recuperación de transformación y resiliencia, de la Dirección General de Agenda Urbana y Arquitectura, de la Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*. Ben, e ¿como é a resolución destas convocatorias do Partido Socialista cando goberna as institucións na Deputación da Coruña, na Deputación de Lugo ou no Ministerio? Pois, subvencións ao Partido Socialista, 17; ao Partido Popular, 9; ao Bloque, 8 —aí igualáronnos, case—; e aos independentes, 2. Esta é a forma de traballar que ten o Partido Socialista. ¿Cales prefiren vostedes?, ¿as ordes de convocatorias que nós resolvemos ou as que resolven vostedes? Evidentemente as que resolven vostedes. Pero eu creo que non se pode vir acusar aquí de determinadas cousas que non son certas e nas que, sobre todo, os que incumpren son vostedes cando están gobernando e teñen a posibilidade.

Falaba tamén a voceira do Partido Socialista de algo que non é certo. Señora Castro, eu síntoo, non é certo. A vostede non lle contan a verdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A vostedes non lles contan a verdade. Cando se fixo a proposta de facer un convenio para estudar en serio as competencias dos concellos e da Administración autonómica, dende un principio falouse coa Fegamp. Nun principio estaba totalmente de acordo e íase asinar para que se sumase a un convenio a tres partes entre a Universidade de Santiago, a Xunta de Galicia e a Fegamp. E a última hora foi a Fegamp a que contesta exactamente con estas palabras textuais: «Visto o contido da proposta de convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira» —naquel momento— «Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dun proxecto para o estudo da delimitación competencial no ámbito da Administración local de Galicia, e logo de ser abordado polos voceiros da Fegamp, comunícolle que non vemos encaixe da Federación neste convenio da Universidade, entendendo que poderá ser subscrito igualmente entre a USC e a Xunta de Galicia». É dicir, isto é importante, porque a proposta era facer un convenio entre a Fegamp, a Xunta e profesionais —profesores, neste caso, da Universidade de Santiago de Compostela— para estar todos xuntos e debater no mesmo seo. Aí avanzouse ata que nun momento determinado, logo dunha xunta de voceiros —que supoño que sería entre os voceiros do Bloque Nacionalista Galego e voceiros do Partido Socialista da Fegamp—, decidiron non firmar ese convenio e decidiron facer o seu estudo alternativo. (*Murmurios.*) ¡Oe, alá eles, alá eles! Pero non é que non se lles ofrecese ou que non fose neste sentido.

E o obxectivo deste estudo —que eu llelo dicía antes, intentaba explicalo— non é vir ao Parlamento a botar enriba doutro grupo ou de calquera partido político o que se debe ou o que se deixa de deber. Dixeron mil millóns pero podían dicir outros máis. Eu díxenlles aquí un montón de competencias que o noso estudo encontrou, que detallou, que está asumindo a Xunta de Galicia e non son da Xunta de Galicia. Pero non se trata de que mañá as deixe de facer a Xunta de Galicia, trátase de poñelo negro sobre branco, de sentar e ver, primeiro, como non seguir nese camiño, que xa é un avance; e, en segundo lugar, como se poden ir



solucionando todos e cada un deses casos nun tempo que imos necesitar para poder arranxalo. Isto non é cuestión de arranxalo nun día porque é imposible. Administrativamente, ademais, sería imposible. Vostede sábeo. Polo tanto, nós fixemos o traballo ben feito.

En próximas datas será presentado o estudo polos seus autores e poderase comprobar que nós vimos con intención de solucionar o problema, ou, polo menos, se non somos capaces de solucionalo, de poñer as bases para que se solucione. Esa é a nosa intención, non vir aquí facer a conta rápida de a ver quen debe máis ou quen debe menos. Non vai por aí, nós non imos por aí. Polo tanto, eu creo que é importante que vostede teña toda esa información e estamos dispostos, dende logo, a pasarlla para que vexa que non é así.

Falou tamén do Fondo de Cooperación Local adicional intentando confundir, porque vostede di que, claro, que o Fondo de Cooperación Local, o fondo básico, permanece na mesma contía dende hai anos. Oia, oxalá, oxalá —pregúntelle ao seu alcalde de Vigo, que estou seguro de que tamén o firmaría—, oxalá en todas as comunidades autónomas tivesen garantida por lei unha contía mínima para os concellos desa comunidade autónoma, porque iso non ocorre en ningunha comunidade autónoma, ocorre aquí. E agora vostede di: «É que non sobe» ¿Como que non sobe? Sobe o Fondo de Cooperación adicional, claro que subiu. Con respecto ao ano pasado, 16 millóns. (*Murmurios.*)

¡Home!, podía ser que dixesen que tiña que ser máis. Ben, pois podémolo debater. Pero despois, aínda encima, introducen de novo que ese Fondo de Cooperación Local adicional se reparte daquela maneira. Non é así. Iso non é certo, vostede non pode dicir iso. Primeiro, intenteino explicar na primeira. O Fondo de Cooperación adicional vai para os concellos de menos de 15.000. ¿Están de acordo vostedes e o Bloque ou non? Eu creo que son os concellos que máis dificultades teñen para financiar os seus servizos, os medianos e pequenos. ¿Están de acordo? ¿Si ou non —é moi fácil—? ¡Oia!, eu dicíao antes: ¿pode ser que en vez de 15 poñamos poñer 12? Falémolo. ¿Por que non o falamos? ¿Hai que poñer 10? Falémolo. Pero ¿están de acordo en que vaia destinado aos concellos que máis dificultades teñen? ¿Si ou non? Pois vai destinado a eses por proposta da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

E ¿para que destinan eses fondos para os concellos de menos de 15.000 habitantes? ¿Para cousas raras? Non, está escrito, está comentado na Fegamp. Para cousas como estas: para centros de saúde —para os concellos que aínda seguen sufragando algún gasto—; para conservatorios; para centros penitenciarios —naqueles concellos que os teñen e que teñen uns gastos moito máis elevados que outros concellos que non os teñen—; para concellos en proceso de fusión —seguimos apostando pola colaboración—; para servizos de emerxencia —competencia municipal, recorde o que falabamos antes—; para faixas secundarias —unha preocupación dos concellos do rural que teñen que facer fronte a unha serie de competencias e a unha serie de obrigas e necesitan financiamento para facer fronte a iso—; para as velutinas —¿cre vostede que o servizo de velutinas ao cal está adscrito a maior parte dos concellos de Galicia é un servizo para os concellos ou non? Dende logo, pódolle asegurar —e pregúntelle a calquera dos seus alcaldes—, que é moito máis caro prestar o servizo unilateralmente por parte dos concellos que se o fai a Xunta de Galicia en colaboración neste caso con Seaga. Estará de acordo. Polo tanto, é un servizo dos concellos que se financia. Estará de acordo. Tamén se destinan a actuacións en eficiencia enerxética en edificios de titularidade municipal. Apostamos tamén



por proxectos de comunidades enerxéticas, e é certo que non vale para todos os concellos, porque non todos os concellos teñen a posibilidade de levar a cabo unha comunidade enerxética que lles vaia ben. É certo, pero a aqueles concellos que crean que poden levar a cabo unha comunidade enerxética váiselles financiar este ano o proxecto técnico ao cen por cento, e o ano que vén imos intentar financiar as obras da comunidade enerxética. ¿Está vostede tamén en contra disto? Os investimentos en maquinaria e equipamentos é unha das necesidades. Hai concellos que, cando lles dá a posibilidade de ter unha pequena maquinaria no concello, están encantados porque poden facer o servizo moito mellor. ¿Está de acordo ou non está de acordo con esta finalidade? Ou tamén hai investimentos en modernización das redes de abastecemento de concellos de menos de 15.000 habitantes —5 millóns para iso—. ¿Tampouco lles parece ben que axudemos os concellos nunha competencia que acabamos de dicir que é deles? ¿Cal é o criterio partidista de todas estas posibilidade de financiamento que ten o Fondo de Cooperación adicional? ¿Por que non están de acordo con este Fondo de Cooperación adicional? ¿Non están de acordo con que se dirixa aos de menos de 15.000 ou queren cambiar algún criterio? Se queren cambiar algún criterio puidérono presentar e poderíamolo falar; pero, en vez diso, vostedes o que fan é intentar sempre trasladar a opinión de que este Fondo de Cooperación adicional se reparte así, de calquera xeito, e que vai entrando pola porta. Non é certo. Sairán unhas ordes, e, en función diso, repartirase deste xeito. ¿Poderían ser outros criterios? Si, poderían ser outros criterios, pero díganos cales. Se non lles gusta este, cambiámolo. O que non vale é vir e tirar todo pola borda coma se todo fose unha chafallada cando non o é. E ademais sábeo. Por iso creo que é importante aclarar estas cousas.

No tema de cooperación, sabe vostede —e ademais sei que tamén o sabe— que todas as ONGD están satisfeitas co esforzo que se está facendo. Vostede recoñecía aquí. Había un compromiso de recuperar un nivel de investimento e cumpriuse durante estes anos nese plan director. Vaise seguir cumprindo. Sabe, ademais, que hai un recoñecemento explícito por parte de todas as ONGD ao traballo que está facendo a Xunta neste ámbito. E agradézolle que recoñeza ese esforzo. Imos polo bo camiño e, dende logo, estamos colaborando e intentando facilitar o traballo de toda esa xente que está cooperando polo mundo adiante. Así o teñen trasladado e creo que imos ben.

En deportes, efectivamente, eu cometín un erro. Tiña a dúbida, cando vin, de citar deportistas ou non. Decidín citalos pero xa adiantei na miña primeira intervención que podería haber algún nome que non dixese. É certo, e seguro que quedaron algúns máis que olvidei ou que se nos pasaron ao intentar trasladar aquí. Dende logo que hai estes e moitos máis, porque o esforzo que fan é fundamental.

Falaba tamén do CGTD. Nesa situación con Costas —xa que vostede o saca— eu pídolle axuda. Mire como estamos, eu pídolle axuda. Nós temos pedido a Costas en infinidade de ocasións que nos atenda. Levamos meses sen contestación aos nosos requirimentos. É máis, temos pedida unha cita creo que coa directora xeral. Así que, se vostede é capaz de facer que nos reciba, iremos encantados para poñerlle solución a esa concesión, que está aí de maneira..., bueno... (Aplausos.) Nós, desde logo, pedímoslle axuda, e, se nola pode botar, estaremos encantados. Ademais, agradeceríello publicamente sen ningún tipo de problemas.

E facía referencia tamén —e recoñecía vostede o esforzo que se fixo— ás grandes infraestruturas xudiciais. É certo que eran necesarias, e era o momento e había oportunidade. Pero nós



en ningún momento nos olvidamos das pequenas obras nos edificios xudiciais. Esas seguíanse a facer. Eu probablemente pequeei de intentar reducir algo eses cincuenta e cinco minutos e non dei lido todas as obras que había, pero si que van nos orzamentos os xulgados da Estrada, e temos os proxectos de multitude de obras e adaptacións que son necesarias nos edificios xudiciais ao longo de toda a comunidade. Polo tanto, imos intentar atendela todas.

E con respecto á voceira do BNG, aínda que moitas cousas estaban xa relacionadas, tomei posesión hai seis meses e trouxemos unha lei, a Lei do xogo, e viñeron os orzamentos. Desculpe por non ter comparecido por petición propia antes, desculpe. Tentaremos comparecer con máis asiduidade, non teña dúbida. Pero creo que era importante traer unha lei de xogo, na que, por certo, se levaba traballando durante moito tempo. A diferenza doutras propostas que viñeron a este Parlamento e se debateron, nós falamos con todos os sectores, e sometemos a nosa proposta, o noso proxecto, a todos os informes preceptivos e incluso a algún que nin sequera se tiña que emitir pero que tamén quixemos que se emitise co obxectivo de mellorar a nosa proposta final. Polo tanto, isto é un recoñecemento do que lles fala ao traballo do director xeral e do anterior vicepresidente —agora presidente—, que unha das cousas que me dixo cando cheguei foi: «Oe, estamos a piques de presentar isto, sácao adiante canto antes». A min dáme igual que alguén pense que foi grazas a eles. Fenomenal, non vou discutir iso.

Se ademais nas emendas que presentaron —e colla o guante ben collido a voceira do BNG— somos capaces de melloralo sensiblemente, como dixo vostede —dixo «mellorar sensiblemente», é dicir, mellorar o texto coas aportacións que faga o Bloque e o Partido Socialista—, estamos de acordo, imos intentar facelo e imos intentar melloralo. Tamén lles pediría unha cousa: se imos melloralo, a ver se somos capaces de votala entre todos, votala afirmativamente. (*Aplausos.*) Porque é certo que hai un recoñecemento de que era necesaria. É certo que no debate que tivemos de presentación do proxecto pois hai cousas que probablemente non nos gusten a todos, pero tamén é certo que se recoñece o feito de tela traído. E fágolles unha invitación a que nese debate das emendas parciais sexamos capaces entre todos de ter unha lei que probablemente non sexa dun grupo só pero que estaría ben que fose de todo o Parlamento, de todos os grupos políticos.

Facía vostede referencia a unha cousa, a que os actos institucionais os convertemos en actos de partido e a que eu recibo os voceiros dalgún concello. Eu intento recibir a todo o mundo, e son consciente de que teño aínda algún alcalde pendente de recibir, é certo —a algúns do Partido Popular; do Bloque non sei se teño algún, e do Partido Socialista creo que teño un ou dous—. Do Partido Popular tamén teño varios alcaldes, señor Bará. Téñoos de todos. Eu intento estar con todos. Pódolle asegurar que non creo que nos catro anos que estiven na Deputación da Coruña ningún alcalde doutro partido teña queixa nese sentido. Intento diferenciar —e créanme que o intento sempre— o institucional do partidista, ¡sempre! Pódome equivocar pero intento facelo sempre.

Dito isto, non é o que estamos a vivir ultimamente. Estamos a ver como todas as semanas veñen ministros a Galicia e fan reunións oficiais con todos os colectivos, incluso en asuntos nos que ten competencia a Comunidade Autónoma e non nos invita ninguén. É o goberno que vostedes apoian. Non pasa nada, non pasa nada, pero é curioso que o Bloque Nacionalista Galego veña demandar iso cando os seus socios —e digo socios porque, onde gobernan, go-



bernan con eles, salvo en dúas ou tres excepcións— son os que están a facer iso. Non sei se se refería a nós, ao goberno do Partido Popular, ou se se refería ao goberno de Pedro Sánchez, non o sei. Pero repítole que, dende logo, intentamos ser o máis exquisitos posible, e, se teñen algunha queixa dalgún alcalde que non fose recibido, trasládenma que o atenderei inmediatamente. Dito isto, dígalles aos seus socios nas deputacións, nos concellos, que se corten un pouco, ou que fagan as cousas un pouco mellor, porque é verdade que quen está facendo iso non somos nós.

Da repartición dos fondos, efectivamente, xa falamos antes, e quedan dous temas dos que si me gustaría falar. O primeiro é o do deporte feminino. Non sei se o dixeron —se non o dixeron pois será que se me pasou—, pero o do deporte feminino non só era que haxa paridade nos deportistas que están no CGTD, non, evidentemente. Esa é unha mostra máis do interese que ten a Xunta de Galicia, pero nós traballamos especificamente para o deporte feminino e temos un plan de patrocinio de equipos femininos galegos de alto nivel. Por certo, na semana do 13 faremos a presentación da nova edición dese plan, pero xa existiu no ano anterior e vai seguir existindo, porque creo que é fundamental apoiar eses equipos. E, ademais, temos equipos dos que nos temos que sentir especialmente orgullosos, orgullosos de todas as mulleres que forman parte deses equipos e de todos os éxitos que conseguen. Creo que é necesario que a Xunta de Galicia faga un plan de patrocinio especial para iso, claro que si. Fixémolo e ímolo seguir facendo o ano que vén.

Falaba tamén do novo modelo de organización xudicial. Esta semana pasada houbo unha reunión sectorial en Pamplona —creo que foi alí— co Ministerio. Foi o director xeral de Xustiza. E nesa reunión, e en todas as reunións anteriores, trasladamos cal era a nosa proposta. Introducimos, ademais, moitas alegacións á proposta que tiña enriba da mesa o Goberno central, os seus socios. Porque, claro, isto fano os seus socios. Se vostedes os poñen nun brete na deputación, xa verán como van cambiar a lei. É o que fan noutros territorios. Pero para vostedes o sillón da deputación ou dos concellos vale moito máis que todo o demais. Por iso cando teñen que queixarse do Goberno central se queixan á Xunta. ¡Vale!, aceptamos pulpo...

Nesa reunión esa lei pasou a un segundo plano, ese sometemento á aprobación dos directores ou dos conselleiros de todas as comunidades autónomas sacouse da orde do día e quedou en nada. Aprobáronse outro tipo de cousas de menor importancia, coas que nós nalgunhas estamos a favor porque creo que benefician a Galicia e van contar co noso apoio —aínda que o faga o goberno socialista—. E nas cousas que cremos que non benefician a Galicia non van contar co noso apoio. Iso pódollo asegurar, non temos ningún tipo de problema en recoñecer que algo está ben e algo non.

Pero o noso modelo supuña —o papel que había xa veremos cando o volven traer— unha transformación do sistema actual de órganos unipersoais por tribunais de instancia. É certo, non vai desaparecer nada, pero podería ser un tribunal de instancia en cada partido xudicial cunha sección única, civil ou de instrución, ou integrado por dúas ou máis seccións e unha oficina xudicial cunha estrutura adaptada. Os xuíces ou xuízas ocuparán as súas prazas na sección única ou nunha das demais seccións, e os letrados da Administración de xustiza e persoal funcionario formarán parte das distintas unidades da oficina.



Nós estamos a traballar e presentamos as nosas alegacións. O novo modelo tamén regulaba a transformación dos actuais xulgados de paz en oficinas de xustiza nos municipios, con incremento dos servizos que prestan. E tampouco suporá a supresión de ningún xulgado. Polo tanto, cando o Ministerio traslade a proposta definitiva, non teña dúbida de que tanto eu como o director xeral imos defender os intereses de Galicia, sen ningunha dúbida. Se vostede quere colaborar cos intereses da xustiza de Galicia, eu pediríalles aos seus socios, os que gobernan con vostedes nas deputacións e nos concellos, que fagan algo. Pero fágano vostedes cos seus socios, non llo pidan ao Goberno. O Goberno xa vai facer o seu traballo, non teña ningún tipo de dúbida. Imos facer o noso traballo, pero aquí quen está a plantexar unha cousa distinta é o Partido Socialista, que son os seus socios —repito—. É que parece que para falar cos seus socios utilizan o PP. Isto non ten sentido. Bueno, xa sei que moitas cousas na política nacional non teñen sentido, pero nós non estamos para iso, estamos para defender os intereses de Galicia.

E unha cousa —e con isto xa remato—: vostede dixo aquí —ou entendino eu— que nós rexeitamos a creación de unidades xudiciais. Non, iso non é verdade, é falso, pero falso de solemnidade, falso de solemnidade. Todos os anos hai unha comisión mixta na que nos reunimos a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. E nesa comisión mixta analízanse todas as necesidades que os distintos xulgados trasladan ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para a creación de novos órganos. Nesa comisión mixta establécese unha orde de preferencia. Sempre se fixo ata o de agora, e estou seguro de que vai seguir sendo así, en plena concordancia tanto por parte da Xunta de Galicia como polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Nesa orde de preferencia, e tiñamos pedidas moitas cousas —unha, dúas, tres, catro, cinco e seis—; este ano concedéronnos tres. Quen aproba os novos órganos xudiciais é o Ministerio de Xustiza todos os anos. Aprobou 70 para toda España, e deses 70 a Galicia dedicou 3: o Xulgado de Primeira Instancia número 6 de Lugo, o Xulgado de Primeira Instancia número 15 da Coruña e o Xulgado de Primeira Instancia número 16 de Vigo. As seguintes peticións que estaban nesa lista eran unha praza de magistrado na Sección Segunda da Audiencia Provincial da Coruña e outra na Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra. Esas non as concederon. E o que pasa en moitas comunidades autónomas é que, unha vez que o Ministerio de Xustiza concede a creación desas novas unidades xudiciais, a comunidade autónoma non é capaz de poñer os medios necesarios, humanos e materiais para que esas unidades xudiciais entren en funcionamento tan pronto como o Ministerio dá o ok. En Galicia non ocorre iso, en Galicia puxemos á disposición tanto medios humanos como materiais para que o próximo vindeiro 1 de xaneiro, dende o primeiro día, estes tres xulgados poidan abrir, poidan empezar a traballar e estean funcionando. *(Aplausos.)*

Somos tamén niso, señorías, un exemplo para outras comunidades autónomas de todo signo político. Comprometémonos nese sentido, e iso vai enlazado coas gardas de 24 horas das que vostedes teñen falado en moitas ocasións. Nós temos manifestado que, efectivamente, os recursos son limitados para calquera tipo de administración, deberían sabelo tamén vostedes. E nós cremos que é moito máis importante que, para cada unidade xudicial que é autorizada polo Ministerio para Galicia porque previamente se demostrara que había unha necesidade importante desa nova unidade xudicial, se teñan os recursos o primeiro día. Trátase dunha limitación de recursos, claro que si, como moitas cousas en política, e temos que



escoller. E nós cremos que é máis importante poñer a funcionar os xulgados novos que nos concede o Ministerio de Xustiza que falar doutros asuntos, que poden ser interesantes, que se poden falar, pero para os que non é o momento. Esa é a decisión que ten a Xunta de Galicia, a que lles trasladou aos sindicatos, a que lle trasladou ao propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esa é a forma que temos de facer política. Temos que mellorar os servizos, temos que mellorar os xulgados e imos seguir facéndoo, créame que nese sentido tamén somos un bo exemplo entre todas as comunidades de España.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a rolda especial de aclaracións, ten novamente a palabra, por cinco minutos, dona Paloma Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Quedei antes, na anterior intervención, no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 —e reengancho co que estaba a falar vostede agora na réplica—. Diciamos que deixou moitas infraestruturas sen levar a cabo; por exemplo, no Xulgado de Vilagarcía, no de Cambados, Sarria, Padrón..., e creo que é un bo momento para avaliar ese plan e para facer unha diagnose das necesidades nas infraestruturas xudiciais que presentan os diferentes territorios de toda a nosa comunidade. É importante, ademais —vostede falaba do Plan de eficiencia organizativa que se estaba a tramitar no Goberno do Estado—, avaliar a situación dos xulgados que existen na nosa comunidade para poder adaptalos posteriormente unha vez que se aprobe ese Plan de eficiencia organizativa.

Dentro disto, da necesidade de adaptar eses xulgados, nós, dende o Grupo Socialista, plantexamos hai unhas semanas na Comisión 1ª a necesidade dun plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais. Dentro do Pacto de Estado, unha das liñas establece o perfeccionamento da asistencia, axuda e protección ás vítimas no eido da Administración de xustiza, e esta liña establece a necesidade de evitar a vitimización secundaria, de establecer medidas oportunas para habilitar as instalacións e que estas sexan amigables nos xulgados, ou de dotar de maiores recursos os equipos psicosociais, dos que falabamos antes, ou os protocolos xudiciais.

Neste eido Galicia presenta moitas carencias, e non me estou a referir unicamente ao Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña ou ao de Vigo —que tamén, porque o novo xuíz titular do Xulgado de Violencia da Coruña manifestou publicamente hai unhas semanas as carencias en materia de persoal deste xulgado, e hoxe pola mañá o Tribunal Superior de Xustiza manifestábase tamén nesta liña—, senón tamén aos xulgados específicos que coñecen de forma específica en materia de violencia de xénero ou a aqueles xulgados mixtos que aínda están nunha peor situación.

Polo tanto, nós en comisión plantexabamos a necesidade dun informe, un informe que establecese unha diagnose da situación actual dos xulgados galegos en relación con este cum-



primento do Pacto de Estado e despois levar a cabo unha actuación nos que presentasen un maior número de carencias; ao que, por suposto, o Partido Popular votou en contra.

Despois, en relación con estes protocolos, temos tamén o Protocolo das oficinas de atención ás vítimas de violencia de xénero de Galicia, que no informe da Fiscalía do ano 2021 se manifestaba que estaba practicamente terminado. Este informe dicía que o 20 do 9 de 2021 estaba practicamente terminado e non está aínda aprobado. Non sei que trámite necesita, pero é un trámite que se alonga moito no tempo.

En relación co Imelga, non é verdade o que manteñen, porque este colapso, este número de asuntos, existía xa hai anos e séguese a manter. É un problema estrutural e, busquen como busquen, como non se solucione cun aumento de persoal, esas solucións van ser parches temporais. E non creo que sexan plataformas as que manifestan iso, porque a xuíza decana de Pontevedra lles manifestou por activa e por pasiva a necesidade de reducir estes períodos de dous anos na tramitación destes informes.

Respecto da Administración local, o que propoñemos é: ¿por que non financian vostedes os recursos dentro do Fondo de Cooperación base con criterios regrados?, ¿por que vostedes priorizan eses criterios discrecionais sobre os criterios regrados? E nós temos os datos — que, se imos á hemeroteca, ademais, nos dan a razón— da xestión distinta dende o Grupo Socialista e dende o Grupo Popular. Mire, vou poñerlle un exemplo. Vostede e a señora Prado falaban da Deputación de Lugo. Eu falo da Deputación da Coruña. Cando vostede era presidente, o Plan único, que se establece con criterios regrados, repartía 24 millóns de euros ao ano. Agora, co presidente socialista da Deputación da Coruña, o Plan único repartiu no ano 2021 90 millóns de euros regrados. (*Aplausos.*) Pola contra, en convenios de colaboración, que atenden a unha repartición discrecional, no ano 2015 repartíanse 12 millóns de euros; e no ano 2021, 4,3 millóns de euros. Esa é a diferente xestión do Partido Socialista e do Partido Popular. (*Aplausos.*)

En relación con esa nova Lei de Administración local, eu pídolle que volva vostede ao pacto coa Fegamp, que demostre unha maior vontade de diálogo que o seu predecesor. Non é verdade o que dicía a señora Prado. Ese informe teno toda a xunta directiva da Fegamp —o vicepresidente tamén—. É máis, dígolle que se remitiu unha carta dende a Fegamp á Xunta de Galicia para establecer unha xuntanza coa Xunta de Galicia e trasladarlle as conclusións do informe, e a Fegamp aínda está esperando unha resposta; polo tanto, non existe vontade ningunha de ter coñecemento no que respecta a ese informe.

Dende aquí pedímoslles que respecten a autonomía local e os seus lexítimos representantes e que volvan ao consenso, deixen a arbitrariedade e a unilateralidade. Repítolle, a Fegamp ao final non é un organismo individual nin é unha plataforma nin pertence ao Partido Socialista, senón que son todos os alcaldes dos concellos lexitimamente recoñecidos. A Fegamp non se apartou unilateralmente senón que a deixaron vostedes fóra porque non deixaron participar nese informe aos técnicos que a Fegamp elixira da Universidade. Polo tanto, deixárona fóra e tivo que buscarse a vida e elaborar un informe de parte.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.



A señora CASTRO REY: En relación co deporte, aumenten a dotación económica dos deportistas de alto rendemento, que ás veces teñen moitas dificultades para poder asistir ás competicións.

Por outra banda, en relación coa Lei do xogo, quería dicirlle —e xa remato con isto— que nós si que a levabamos tamén no noso programa electoral. Este é o programa electoral do Partido Socialista ás eleccións de 2020, e levabamos tamén esta Proposición de lei do xogo. O que pretendemos é protexer os traballadores da Toxa. Vostedes pretenden pechar este casino, que é unha referencia dende hai moito tempo na nosa comunidade. E iso é o que pasa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a diferenza, e eu si que lin esa emenda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Remato xa.

Invistan en materia de memoria democrática porque levan trece anos sen investir diñeiro en materia de memoria democrática. Non podemos conformarnos unicamente coas subvencións que veñen do Estado.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Descúlpeme, señor Calvo. Antes de responderlle á súa réplica, quero facer unha pequena mención á intervención da señora Prado.

Eu ben sei que a vostedes non lles gustan as manifestacións nas que participa o BNG, incluso as que convoca o BNG. Aínda así, para non gustarlles, están bastante pendentes delas, bastante, bastante pendentes delas. Incluso celebramos que se animen a participar nelas, como cando na manifestación convocada en Lugo para demandar un tren digno se viu por alí a súa candidata á alcaldía. *(Aplausos.)* Pero si, teñen razón, Lugo quere tren. Celebramos que se sumen a esa demanda.

A respecto da Lei do xogo, eu comparto ese bo espírito que trae hoxe o señor conselleiro con ese debate que pode ser prolífico e que pode mellorar o proxecto de lei. Non me atrevo a anticipar como vai ser a votación, todo dependerá de como sexa o debate no trámite de emendas. Aínda que é certo que, se o nivel do debate está ao nivel do que se demostrou hoxe, mal imos, porque lle agradecería que houbese unha lectura máis sosegada das emendas presentadas polo BNG —polas do Grupo Socialista, arriscaríame a que tamén—, de cal é o proxecto de lei, de cal é o apartado ao que se refire cada unha das emendas. Non me refería a vostede, señor Calvo, senón ao que manifestou a señora Prado.



Despois, no tema da xustiza, sobre o que eu falei, á parte de falar da situación deste trámite da lei estatal ou da situación dos xulgados colapsados —o de Viveiro, o de Carballo, o de Ribeira, o de Vilagarcía—, eu tamén lle falei doutra cuestión que consideramos que é importante: dos xulgados de violencia de xénero que demandamos para Lugo, para Ourense ou para Santiago. Quizais para vostede non é prioritario, para nós si que o é. Ademais non é algo que se limite ao BNG. O fiscal provincial da Coruña manifestou, por exemplo, na memoria da Fiscalía que se presentou non hai moito nesta mesma Cámara a mala situación na que se atopa a xustiza á hora de atender vítimas de violencia de xénero. A necesidade de reforzar os servizos que se ofrecen ás vítimas por persoas especializadas nesta materia e cunha preparación adecuada é importante, como incrementar o número de persoas integradas nas unidades de valoración integral, unidades provinciais, e a atención profesional de avogadas, psicólogas e servizos sociais. A falta de persoal é simplemente intolerable, e a demora na asistencia e na resposta provoca que a muller e os seus fillos revivan as situacións de violencia.

Se penosa é a situación dos xulgados de violencia sobre a muller, peor é a dos xulgados do penal, sen previsión ningunha para evitar confrontacións visuais e para protexer a intimidade da muller. Nos xulgados que non son exclusivos —só é un na provincia— mestúranse xuízos de moi diferente natureza. O mecanismo para evitar a confrontación é simplemente un biombo, o que resulta claramente insuficiente. Esta está entre outras recomendacións e outras valoracións que fai o fiscal da provincia da Coruña. Recomendolle encarecidamente a súa lectura se aínda non a fixo.

Dixo vostede que non teñamos ningunha dúbida de que vostede, o seu equipo e o seu goberno, van defender a Galiza. ¡Oxalá!, oxalá que de verdade teñan sempre a defensa de Galiza nas súas prioridades, porque o certo é que nin na súa primeira intervención nin na segunda falou vostede en ningún momento da área institucional. En ningún momento falou de incrementar o seu autogoberno, a pesar de que indirectamente incluso teñan recoñecido que sería beneficioso. Desde o BNG animámoslos a que rectifiquen e a que retomen os traballos que xa se desenvolveran nos anos 2007 e 2008, que asuman competencias e facultades en tráfico e seguridade viaria, que demanden a transferencia da AP-9 e da AP-53, inspección laboral e seguridade laboral, en salvamento e seguridade marítima, na titularidade de determinados bens da Tesouraría da Seguridade Social; ou incluso que pidan dunha vez o desenvolvemento do corpo de policía galega. É tremendamente significativo que nos últimos trece anos Galiza non vise incrementado o máis mínimo o seu autogoberno por acción ou por omisión consciente do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza, que non foi quen de obter nin unha soa competencia nestes trece anos que leva gobernando o noso país. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Carreira.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.



Señora Carreira, a presenza da señora Candia en Lugo ponnos moi nerviosos, ponnos moi nerviosos, moi nerviosos. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, bueno, miren, o do tren é unha... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Rodríguez, eu xa sei que lle gusta falar, pero eu xa lle dixen que non depende de nós que a vostede lle deixen falar. Pídao no seu grupo. Miren, o do tren é unha afronta moi... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O importante é deixar falar cando un está no uso da palabra e non interromper. Iso é o ideal e é o democrático, ademais. Miren, o do tren é unha afronta moi grande para Lugo, señora Carreira, e o PP sempre o reivindicou. O Partido Popular estivo en todas as manifestacións, non sei por que lles parece mal. Pero, mire, ¿sabe cal é a diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego? Que o Partido Popular vai votar en contra dos orzamentos de Pedro Sánchez que non traen o tren a Lugo, e vostedes non. (*Aplausos.*) Vostedes vanlle lavar a cara a Pedro Sánchez porque vostedes por riba de Galicia poñen que Pedro Sánchez continúe na Moncloa. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, que nós defendemos a Galicia. ¡Si, señora Carreira! Díciálle vostede ao señor vicepresidente que se alegra de que teñamos a Galicia nas nosas prioridades. ¡Por suposto que a temos nas nosas prioridades! Quen non ten a Galicia nas súas prioridades é o Bloque Nacionalista Galego, que, cada vez que pode, en Madrid vota para apoiar a Pedro Sánchez en contra do que está facendo en Galicia. Porque o Partido Socialista, Podemos e todos os independentistas, toda esa maraña que teñen montada no Congreso dos Deputados, votan sempre en contra de Galicia. Vostedes forman parte de todo ese grupo que no Congreso dos Deputados sistematicamente maltrata a Galicia. Esa é unha lousa que teñen enriba de vostedes e que dificilmente poden quitar.

E, mire, eu aconséllolle que se asesore. Eu xa vin quen a asesorou. Asesorouna un deputado que rigoroso, rigoroso, non é. Vostede veu dicir aquí o do tren, e a verdade é que, ¡home!, é mellor que se asesore con outros, que xa vimos como quedou de rigoroso no derradeiro pleno o señor deputado de Lugo que a veu asesorar a vostede. Vostede é unha deputada moi rigorosa, non deixe que a asesoren deputados que non teñen moito rigor, señora Carreira. (*Aplausos.*)

Mire, señora Castro, respecto da Fegamp, claro, claro que lle mandaron o informe da Fegamp ao vicepresidente. ¿Cando llo mandaron? Despois de que o presidente da Fegamp presentase o informe aos medios. ¡Se a vostede iso lle parece normal...! Mire, ese non é o *modus operandi* habitual da Fegamp. O *modus operandi* habitual da Fegamp é actuar por consenso, sempre se actuou por consenso. Pero vostedes están rompendo os consensos da Fegamp, ¡están rompendo os consensos da Fegamp! Vostedes presentan un informe aos medios e despois danlle o informe ao Partido Popular para que o vexa. Mire, non se traballa así. Se realmente queren traballar en colaboración e en coordinación, as cousas fanse doutro xeito.

E eu, cando dixen o da emenda... Non sei, señora Castro, veu vostede dicir que é para defender o casino da Toxa. E para defender o casino da Toxa presentan unha emenda o Partido Socialista e outra emenda o Bloque Nacionalista Galego para pasar de dous casinos —os que temos agora— a oito. Vostedes presentan unha emenda para catro —un en cada provincia— máis catro salas adicionais. Pasamos a oito casinos en Galicia. Esa é a súa proposta na Lei do xogo para defender non sei que do casino da Toxa. ¿Que nós o imos pechar? Non, señorías. Miren, o que pasa é que vostedes pretenden dar unha imaxe de que defenden unha cousa pero despois fan outra. Miren, na mesma emenda suprimen tamén unha cousa que vén na



lei, que di: «Unicamente se autorizará a instalación dun casino en cada provincia...» —isto dino vostedes— «...da comunidade autónoma de Galicia, que, en todo caso, deberá contar nun radio de 25 quilómetros desde o lugar da súa localización medidos en liña recta cun asentamento de poboación superior a 300.000 habitantes». Esa última parte vostedes suprimena na súa emenda. Si, claro, a vostedes as distancias válenlles para unha cousa pero para outra non, señorías, esa é a súa dobre vara de medir.

Mire, señor vicepresidente, o sectarismo do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego é unha realidade. Pensan que somos coma eles. Vostede xa lles acaba de dicir que recibe a todo o mundo. A min gustaríame que vostedes lle preguntasen á presidenta da Deputación de Pontevedra a cantos alcaldes do Partido Popular recibiu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡A ningún! Claro, xa o di vostede, a ningún. ¡A ningún! *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Perfecto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ese é o modelo do Partido Socialista. *(Aplausos.)* E vénlle dicir ao vicepresidente da Xunta que reciba os alcaldes. E a señora Carreira vénlle traer unha foto cun voceiro de non sei que...

Mire, precisamente por esa forma de traballar e de non ser sectario coma vostedes, a cidadanía galega séntese cómoda cun goberno do Partido Popular. Cada vez que lle preguntan nas urnas prefere un goberno aberto, serio e libre, que lle dá liberdade a todo o mundo, e non o sectarismo da esquerda, ¡o sectarismo da esquerda! *(Aplausos.)* E aínda por riba están orgullosos. *(Aplausos.)* Pregúntolles a cantos alcaldes do PP recibiu a Deputación de Pontevedra e din: «A ningún». *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E dino cun sorriso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é o seu turno, é que é difícil... *(Interrupcións.)* Eu non interrompín o seu turno de palabra. Eu creo que a democracia é isto, é encaixar cando a un lle din. Eu encaixeino cando vostede dixo e agora tócalles a vostede encaixar.

E respecto dos xulgados, seguir co mantra de que a Xunta de Galicia non instala unidades xudiciais, de que non abre xulgados, é unha falsidade, señora Carreira.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Porque vostede sabe perfectamente cal é o procedemento, que é a través da Comisión Mixta. E para a instalación dos xulgados de violencia de xénero ten que haber unha ratio, e esa ratio non se dá. E iso non depende da Xunta de Galicia, señora Carreira. Deixen de manipular, deixen de dicir barbaridades...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que non son certas, porque vostedes saben como é. Pero é mellor manipular, dicir mentiras. É o de sempre, o Bloque Nacionalista Galego mente e manipula constantemente e sempre que pode.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para a dúplica volve ter a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): A pesar de que o señor Pazos me recorda constantemente cal é o tempo que queda de partido, si quero nesta última intervención puntualizar un par de cousas que creo que son importantes.

Nós temos hoxe 110 funcionarios de reforzo nos xulgados. Temos 100 funcionarios realizando horas extraordinarias. Creo que a aposta é importante, como nunca o foi ata o de agora. E falaba tamén da carreira profesional que acabamos de firmar coa unanimidade de toda a representación sindical no ámbito da xustiza, con todos os sindicatos, e —teño que dicilo— incluída a CIG. Polo tanto, creo que os esforzos que estamos facendo e a aposta que estamos facendo queda clara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, claro, jé verdade! Estarán preguntándose algúns como foi posible iso. Bueno, pois falen cos sindicalistas seus que seguramente llelo explican. Pero, dende logo, estamos facendo unha aposta clara.

Con respecto ao Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña houbo un cambio, como sabe vostede, hai pouco. Nós, a través do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, falamos co novo xuíz e propuxémoslle levar a cabo os cambios que fosen necesarios. Pediunos un tempo porque chegaba doutro sitio e dixo: «Bueno, deixádeme chegar ao xulgado, falareino co Tribunal Superior de Xustiza e pasarémosvos as necesidades que temos». E niso estamos. Onte mesmo, dicíame agora o director xeral, chegou o informe do letrado da Administración de xustiza; polo tanto, estou seguro de que non lles trasladaron que non atendemos as demandas ou que non estamos ao día en todas as demandas que nos poñen enriba da mesa, porque non é certo. E temos o compromiso tanto co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como co propio xuíz de estar atentos a todas as demandas e que funcionen; un funcionamento —a ver como o digo— que vén marcado por unha anterior etapa. Ímolo deixar aí. Pero, dende logo, todos estamos dispostos a que iso funcione ben e imos esforzarnos. Por parte da Xunta de Galicia tamén imos esforzarnos para que o funcionamento mellore.

Falaban do autogoberno. Efectivamente, non me deu tempo a todo, e iso que falei. Pero pódolle asegurar que si, que seguimos reclamando cousas. Para nós a prioridade está no transvasamento da titularidade da AP-9 ou na Lei de costas. Da Policía autonómica tamén, é verdade. Estamos cun 73 % de cobertura nas prazas. Pedimos ao Ministerio insistentemente a firma do convenio que nos permita cubrir o resto das prazas porque as competencias ou a asunción de novas tarefas por parte da Policía non deixa de medrar e os efectivos son poucos. Onte mesmo entregabamos as medallas que a propia Policía concedía e, efectivamente, eu recoñecía que probablemente fose un dos corpos da Administración autonómica que máis esforzo facían para cumprir coas súas obrigas, co que se lle pedía, e que sempre estaba aí. É certo. Nós imos seguir reclamándolle ao Goberno que nos permita cubrir esas prazas.

Pero, fíxese, é curioso, porque en todas estas cousas, en todas as reclamacións que vostede trasladaba hoxe aquí, en todas —bueno, na Lei do xogo, se quere, non, pero en todas as demais—, vostede o que nos pide é que os seus socios de goberno nos fagan caso ás reclamacións de Galicia. Estamos de acordo. Pero déase conta de que todas esas cousas son dos seus



socios de goberno; con todo, nós somos os malos e vostedes gobernan cos seus socios, que son os que impiden isto. ¿Que quere que lle diga? Probablemente deberían de darlle unha volta a esa postura do Bloque, que, con tal de manter os gobernos, é capaz de tragar con todo o que diga o PSOE e, para despistar, «acusamos o PP, o goberno do PP». ¡Oia!, eu non o comparto pero, dende logo, queda enriba da mesa.

E remato. Dicía a señora Castro por que o fondo adicional non vai ao fondo base, que é repartido con criterios regrados. O fondo adicional tamén, o fondo adicional tamén. Claro, é que iso é o que eu lle intentaba explicar, e é que vostedes intentan trasladar unha opinión para, cando menos, que quede un pouco embarrado ou a dúbida a alguén que nos estea escoitando. Non é certo, xa lle dixen cal era o obxectivo do fondo adicional: os concellos de menos de 15.000. Non me contestou. ¿Quere que sexan máis grandes ou máis pequenos? ¿Falámolo? Pero non contestou. Segundo, unha vez que se designan os concellos que son beneficiarios, sobre os criterios xa lle dixen: ¿que criterio non lles gusta?, ¿cal é o criterio que temos que cambiar para que vostedes se sintan a gusto? ¿Non están de acordo coa eficiencia enerxética? ¿Non están de acordo coas comunidades enerxéticas? ¿Non están de acordo coas franxas secundarias? ¿Non están de acordo cos servizos de extinción? ¿Non están de acordo co servizo de velutinas? ¿Con cal? Dígame con cal e falámolo. De verdade, non se trata de vir aquí e impoñer uns criterios para que todo o mundo diga amén e que son os mellores. Non, eu son consciente de que podemos ter criterios distintos, pero o que nunca pode dicir é que eses criterios son inxustos. Gustaranlles máis ou menos pero non son inxustos, e moito menos arbitrarios, porque iso si que non é verdade. Non é verdade. Oia, ¿prefire outros criterios? Ben, traian unha proposta, falámola e estamos dispostos a escoitar.

E síntoo pero é que teño que falar doutra cousa. Falaba vostede da Deputación da Coruña. Ben, por fin podo explicalo con tempo. Ao longo da vida un comete moitos erros e moitos acertos, e pódolle dicir que me sinto profundamente orgulloso do que a Deputación da Coruña foi capaz de acadar mentres tiveron a posibilidade de ser presidente; grazas, sen ningunha dúbida, ao equipo de xente que tiveron ao meu redor. (*Aplausos.*) Fíxese, nós encontramos unha deputación —e pódeme crer porque me coñece e é totalmente certo; ¡vamos!, poño a man onde faga falta— cunha débeda importante. E deixamos, despois de catro anos, a Deputación con débeda cero, a primeira de España —bueno, que diga que non quen estaba alí diante, ¡manda truco!—; con débeda cero, a primeira de España. Reducimos a débeda en 90 millóns. España con débeda cero, noventa millóns que reducimos a débeda.

Di vostede que agora o plan único ten un importe... Isto xa o dixeron varias veces e expliquéille varias veces, pero agora vano escoitar. O Plan único ten un importe superior ao POS que tiña cando eu gobernaba. É certo, pero ¿saben por que? Porque o que fixeron vostedes —que a min xa mo propuxeron no seu momento e eu non estaba de acordo— é sumar todos os plans que existían na Deputación —todos—: o Plan de servizos sociais; o DTC, que era tamén un plan que puxemos enriba da mesa; todas as axudas de cultura. Poñer só nun único plan todas as axudas que ían destinadas aos concellos. Entón, á suma que teñen vostedes de todas esas axudas chámalle «Plan único». E é máis que o POS que tiña eu cando gobernaba, é certo. O que pasa é que se ao POS que eu tiña cando gobernaba lle suman todo o resto dos plans que vostedes incluíron, entón resulta que aportabamos máis nós que vostedes no Plan único. Claro, iso nunca o din, pero esa é unha realidade total e absoluta. (*Aplausos.*)



Fixemos ademais un plan para os concellos —vostedes seguro que se acordan— que era o PAI, un plan de aforro e investimento, co cal lle dabamos a cada concello unha cantidade de financiamento que —fíxese vostede— oxalá houbese eses instrumentos (a Xunta de Galicia ten algún pero aínda non chega a ser coma este). Dabámoslles unha axuda aos concellos a tipo de interese cero —¡cero!—; non tiñan que pagar intereses. Con tres anos nos que non había que devolver absolutamente nada e ademais propuxemos que, probablemente, en vez de tres anos ían ser cinco. Por isto os concellos —naquel momento, nun difícil momento de axuste— tiñan moitas posibilidades e era moi necesario e, dende logo, foi moi ben acollido por moitísimos concellos da provincia da Coruña. Non todos se sumaron a ese plan, pero dende logo todos o vían fundamental. Polo tanto, non fagan esas interpretacións.

E outra, o Plan único é con criterios obxectivos que veñen definidos; o POS tamén. O DTC noso, que era un plan de todos os concellos, tamén era con criterios definidos. O de servizos sociais era con criterios definidos, transparentes e eran practicamente o mesmo. Podía pesar unha porcentaxe máis ou menos un ou outro criterio, pero os criterios eran exactamente o mesmo.

Polo tanto, se hai algo que comparar entre a xestión da Deputación do 2011 ao 2015 e a xestión da Deputación do 2015 ao 2023, ¿saben que é? A execución orzamentaria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, algúns din: «iso é cousa dos concellos». Claro, cando eu gobernaba non gobernaba cos concellos, gobernaba con outros... Iso é o único que podemos comparar. (*Aplausos.*) A do día de hoxe é un trinta e pico por cento do informe do interventor de hai un par de semanas.

Polo tanto, efectivamente, podémonos equivocar e eu, probablemente, podo equivocarme calquera día en calquera momento ou con calquera asunto. Non son infalible. Faltaría máis. Se me equivoco pedirei perdón e intentarei arranxalo o antes posible, que creo que é o que hai que facer. Pero o que non imos admitir son falsas mentiras, interpretacións interesadas para intentar describir unha realidade que non é certa.

Eu remato co que lle dixen ao principio acerca da Lei do xogo. Creo que facemos unha boa aposta; poñemos enriba da mesa un bo texto que pode ser mellorado, sen dúbida. Oxalá sexa suficientemente mellorado para que os grupos adopten a valentía de poder votar a favor aínda que sexa un texto do PP, porque é un bo texto. Eu pídolles que teñan esa valentía, que veñan con ese ánimo negociador. Porque nós, dende logo, dende o grupo parlamentario e o Goberno da Xunta vimos con esas ganas de sacar adiante ese proxecto, melloralo en todo o que poidamos. E esa mesma filosofía tentaremos aplicala a todos e a cada un dos proxectos que poñamos enriba da mesa e, dende logo, estará aberto sempre á súa aportación ou á súa disposición para chegar a acordos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Continuamos coas proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentóuselle a seguinte emenda: a número 44547, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 44547 (11/PNP-003699).

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1º.- O Parlamento de Galicia acorda, como resolución:

a) Condenar explicitamente os posicionamentos negacionistas que pretenden desvirtuar a dura realidade das vítimas de violencia de xénero, así como os intentos de patrimonialización partidista dos avances na loita contra ela, e aposta por combatela dende o consenso.

b) Apoiar que se execute o acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o 22 de xullo de 2022 no que se establece garantir a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como a súa financiación autonómica.

2º.- O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

a) Presentar no Parlamento un informe de execución das medidas do Pacto de Estado en Galicia dende o seu desenvolvemento, así como o seu impacto e avaliación, co fin de establecer prioridades nas accións futuras.

b) Solicitalle ao Observatorio Galego da Violencia de Xénero que, ao remate dos traballos do grupo técnico sobre o seguimento do Pacto, traslade as súas conclusións ao Parlamento de Galicia.

c) Pór en marcha en 2023 os sete centros de crise para as vítimas de violencia sexual, un en cada área sanitaria, para prestar atención integral as 24 horas do día os 365 días do ano.

d) Desenvolver campañas de concienciación e sensibilización contra a violencia sexual dirixidas á mocidade e con especial incidencia na pornografía.

e) Reforzar a educación emocional e afectivo-sexual en todos os niveis do ensino galego, de acordo co previsto na Lei orgánica de educación vixente.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.



A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

En maio deste ano un home asasinaba en Tenerife a súa muller, Clotilde, unha veciña galega. E esta semana outra muller, Cristina, de corenta e dous anos era asasinada a puñaladas por un home en Lugo nun crime aínda por esclarecer, aínda que todo apunta a que a brutalidade do asasinato pode que nos leve a falar doutro feminicidio. Vaia dende aquí xa de entrada, por suposto, todo o agarimo do Grupo Socialista para a súa familia e para as súas achegadas.

Dúas mulleres galegas no que vai de ano, ás que lles temos que sumar outras sesenta e catro mulleres asasinadas pola violencia machista no noso país dende o ano 2003. No Estado xa son 1.171 mulleres asasinadas por estas violencias. E todas esas mulleres non son números; son mulleres con fillos, con fillas, con familia, con amizades ás que tamén as violencias machistas —a eses fillos, fillas e ás amizades— lles sesgaron a súa vida.

Por iso é tan importante que comprendamos que todos e todas debemos traballar co único fin de acadar o reto de violencia machista cero. Debemos deixar de empregar este asunto como arma de confrontación e debemos tamén posicionarnos fronte a forzas negacionistas dunha violencia que é a forma máis extrema na que se mostra a desigualdade entre homes e mulleres. De aí o primeiro punto da nosa proposición non de lei, que vai nese sentido.

Porque as violencias machistas son unha realidade que quebra o dereito á igualdade, á liberdade, á seguridade, á dignidade e que pon en cuestión a calidade democrática do noso país. Non podemos acostumarnos nin resignarnos a convivir con esta violencia que, dende logo, desafía os piares dun país democrático coma o noso.

Ningún dato de violencia contra as mulleres é aceptable nunha sociedade que pretenda ser libre, xusta e igualitaria. Por iso non é aceptable que as denuncias por violencia machista aumentasen en Galicia nun dez por cento no segundo trimestre do ano, nin que sexan hoxe na actualidade catro mil duascentas —¡catro mil duascentas! — as mulleres que contan no noso país con protección policial baixo o sistema de seguimento de violencia de xénero, Vio-Gén. Menos o é aínda que teñamos que asumir que unha de cada dúas mulleres sufrimos ao longo da nosa vida algún tipo de violencia machista. E isto podemos confirmalo —seguro e lamentablemente— moitas das deputadas que aquí estamos.

O problema é que, lonxe de mellorar estas preocupantes cifras nas xeracións máis novas, danse aínda con maior presenza entre a mocidade, que está a asumir comportamentos machistas que, dalgún xeito, demostran que non estamos actuando debidamente no eido educativo. Non en van, especial atención merece a violencia sexual, cun incremento alarmante —non o dicimos nós, dino todos os organismos oficiais— entre a nosa sociedade, pero tamén entre a mocidade, consecuencia do cada vez máis temperán acceso á pornografía e tamén —por suposto e sobre todo— da falla de educación afectivo-sexual. E é por iso que urxe fornecer de recursos asistenciais estas vítimas, para as que o Goberno do Estado achega recursos extraordinarios millonarios, pero aínda é máis importante traballar na súa prevención.



Diante deste inaceptable escenario —e, por suposto, diante do xurdimento de forzas políticas negacionistas desta violencia machista, que mesmo chegaron xa a gobernos de institucións locais e autonómicas—, para todos os poderes públicos e para toda a sociedade debe ser unha prioridade mellorar a resposta que ofrecemos para garantir a seguridade, a liberdade e a vida das mulleres; de todas, de todas nós, pero especialmente das vítimas e das súas fillas e fillos. Debemos impulsar e desenvolver políticas públicas destinadas a combater esta violencia. Para iso é imprescindible a cooperación de todas as administracións públicas, pero tamén a colaboración da sociedade civil e colaborar con esa sociedade civil.

Abordar a violencia machista en toda a súa crueza exige ser exixentes e pór todos os esforzos que temos ao noso alcance. Neste senso, a aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero no ano 2017 e a súa posta en marcha un ano despois supuxo elevar a abordaxe da violencia machista a unha cuestión de Estado. Ese pacto é un acordo político polo que todas as forzas parlamentarias definiron unha serie de medidas concretas orientadas á prevención, á atención e tamén á recuperación das vítimas de violencia machista. Un instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen e que ten que ser actualizado para responder ás novas formas nas que se manifestan esas violencias.

E por iso hoxe nós o que pretendemos é que o Parlamento mostre de novo o seu apoio a ese proceso de renovación e actualización do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se está iniciando no Congreso dos Deputados e das Deputadas. Porque no Grupo Socialista estamos convencidas de que é nas cámaras de representación do pobo onde debe ratificarse para que conquira a entidade que merece.

Tamén solicitamos na nosa iniciativa que o Goberno galego presente no Parlamento un informe de execución das medidas do Pacto de Estado en Galicia dende o seu desenvolvemento, así como o seu impacto e avaliación coa fin de establecer prioridades nas accións futuras. Certamente, na sesión plenaria anterior a conselleira comprometeuse a facelo e por iso nós estamos seguras de que acadaremos o consenso da Cámara.

A realidade é que este punto acerca da avaliación das medidas do Pacto de Estado non é anecdótico, xa que asistimos con demasiada asiduidade a accións desenvolvidas con estes fondos que, ou ben non se corresponden nin moito menos cos obxectivos do Pacto, ou ben teñen un enfoque dende logo errado, froito probablemente da falla de formación de quen fai esas campañas ou de quen executa ou desenvolve esas accións. Algo no que queda aínda moito por facer —nesa falla de formación— e no que o Grupo Socialista insiste día tras día.

Xa á marxe do Pacto de Estado dirixímonos tamén ao Observatorio Galego de Violencia de Xénero para que redacte, de maneira urxente —¡de maneira urxente!— un informe no que, logo por suposto dunha diagnose, propoña novas medidas dirixidas á prevención e á erradicación da violencia machista, así como accións no ámbito educativo tal e como lle vén encomendado polo decreto da súa creación.

Consonte isto, propoñemos ademais tamén incrementar a presenza da educación afectivo-sexual nos currículos de ensino de primaria, secundaria e bacharelato como marca a nova lei educativa e que ademais reforza tamén a recente Lei de garantía integral da liberdade



sexual. Esta cuestión estase revelando no noso país como unha materia pendente e é responsabilidade da Xunta de Galicia asumir que só con educación poderemos combater as violencias machistas e, moi concretamente, as sexuais que, lonxe de ir mingando, —como xa dixemos— están a reproducirse cada vez máis entre a xente nova.

O Goberno galego —pensamos nós— debe ser valente neste asunto e asumir que é imprescindible ensinarlles aos nenos e nenas como se debe vivir e gozar da propia sexualidade e onde están os límites. Non podemos deixar este tema case exclusivamente —como ata agora e como nos pasou a nós, certamente— na man das amizades ou no silencio ou pudor das familias. Non podemos deixalo nas súas mans. E menos neste momento no que —repetimos— as novas tecnoloxías supoñen un perigo se non son ben empregadas.

De aí que, a maiores de exixir que se inclúa nos currículos formativos de todas as etapas educativas materias de educación afectivo-sexual, tamén propoñamos como acción parella e de reforzo desenvolver de maneira urxente no primeiro trimestre de 2023 —non podemos agardar— unha campaña de concienciación e sensibilización contra a violencia sexual dirixida á mocidade e con especial incidencia na pornografía. Non é de recibo que, tal e como apuntan moitos estudos, nenos de oito anos se eduquen en sexualidade a través dunha pornografía que reproduce estereotipos machistas e prácticas nas que a muller é sempre a dominada. Non podemos consentilo e é a nosa responsabilidade rachar con isto.

Por último, parécenos tamén urxente pór en marcha os centros previstos de crise para vítimas de violencia sexual nos que as mulleres poderán acudir a calquera hora os sete días da semana, ben para informarse ou ben para denunciar calquera agresión sexual que sufran. Neses centros váiselles garantir unha atención integral sen necesidade —e isto é moi importante— de que medie unha denuncia.

E remato xa, porque a nosa iniciativa creo que está bastante clara. Remato xa cun rogo: señoras e señores deputados, nuns tempos nos que o debate político está máis que desvirtuado, nos que a cidadanía só percibe de nós confrontación e moitas das veces dialécticas inútiles, o Parlamento de Galicia debe dar exemplo. E debe dar exemplo e ser a voz do pobo galego que di «non» a estas violencias, que se pon de fronte e que traballa man a man para erradicalas. (*Aplausos.*) E que precisa tamén de nós —ese pobo galego— accións contundentes e non berros e crispación nun asunto que debería ser prioritario e froito dunha reflexión sosegada e seria para achegar respostas rápidas. Eu, de verdade, rógolles, señorías, que non perdamos o foco.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda, polo Grupo Parlamentario Popular, para dona Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Pontevedra, 1 de decembro: «La Audiencia de Pontevedra ha rebajado de doce a siete años de cárcel la condena de un agresor sexual de Vigo en aplicación de la nueva Ley 10/2022, de garantía integral de la libertad sexual —la conocida como “Ley del solo sí es sí”—,



lo que ha implicado su puesta en libertad.» Todo o noso agarimo para esa vítima que hoxe se sente revitimizada e que sente que o sistema non a defendeu nin antes, nin agora, nin despois. (Aplausos.)

Efectivamente, señora Díaz, neste Parlamento temos chegado a moitos acordos nesta materia. Eu mesma promovín bastantes —antes de que vostede chegara tamén, non dende a súa chegada—. Levamos anos traballando de forma coordinada, consensuada e todos os grupos na mesma dirección, e poñendo as políticas de igualdade, a defensa das mulleres por riba da ideoloxía.

E, precisamente, eu intentei que para este pleno houbera un consenso máis, eu trasladeilles aos grupos da oposición unha declaración institucional que rexeitaron. E rexeitaron unha declaración... Algunhas rin. A min non me fai ningunha graza porque, señora Presas, vostede pode rir o que queira, pero as vítimas non rin absolutamente nada. (Aplausos.) Eu trasladei unha declaración institucional aos dous grupos da oposición en relación ás consecuencias da entrada en vigor da Lei orgánica 10/2022 e creo que o que pedía non era nada que non se puidese apoiar. Pedía o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda manifestar:

1. O Parlamento de Galicia reafírmase na súa defensa de separación de poderes e no respecto á independencia do poder xudicial, pilar fundamental do Estado de dereito consagrado na vixente Constitución de 1978 e, recollendo o sentir maioritario da sociedade galega, mostra o seu desacordo coas consecuencias nefastas que a Lei orgánica 10/2022, de garantía integral da liberdade sexual, está a producir na redución de penas aos condenados por delitos de natureza sexual.» Parece que non están de acordo con isto.

«2. O Parlamento de Galicia traslada o seu apoio e solidariedade ás vítimas destes delitos contra a liberdade sexual, que están sufrindo polas consecuencias nefastas da denominada “Lei do só si é si”.» Parece que non apoiamos nin nos solidarizamos con esas vítimas.

«3. O Parlamento de Galicia mostra a súa comprensión coa decepción e a indignación das mulleres e de toda a cidadanía polas infames consecuencias desta lei.

4. O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso para seguir traballando a favor da igualdade real e efectiva en defensa dos dereitos das mulleres e para a erradicación das desigualdades e de calquera forma de violencia que se exerza contra elas.»

Vostedes non están de acordo con isto. Alá vostedes, señorías, alá vostedes. (Aplausos.)

Pero eu non desisto nin vou deixar de seguir traballando na intención de chegar a un acordo. E, por iso, á PNL que presenta hoxe o Partido Socialista nós presentámoslle unha emenda; unha emenda coa intención de chegar a un acordo. E creo que é importante que expliquemos cales son os puntos da emenda.

Pois mire, na nosa emenda incluímos un primeiro punto a), que é un texto que xa está aprobado neste Parlamento no debate de política xeral do ano 2019 e ao que ningún dos grupos



da Cámara se opuxo naquel momento. Por tanto, creo que, seguramente, volveremos estar de acordo salvo que vostedes agora queiran rachar o consenso en materia de igualdade que se instalou neste Parlamento.

No punto b) reflectimos o acordo da Conferencia Sectorial, celebrada en xullo de 2022 e aprobado a instancias de Galicia e doutras comunidades autónomas. Explicouno a conselleira no pasado pleno, porque consideramos que é fundamental o compromiso de prorrogar e garantir o financiamento do Pacto de Estado e tamén da vixencia da súas medidas. Porque levamos cinco anos para desenvolver un pacto de Estado que nin se executou nin se aprobaron maioritariamente as súas medidas.

Por tanto, nós si que estamos a favor, non só de que se prorrogue... Iso xa o debatemos en novembro do ano pasado, señora Díaz, a instancia de vostede, e chegamos a un acordo, e dixemos que se prorrogue o Pacto de Estado. Prorrogouse o Pacto de Estado e agora volven outra vez pedir que se prorrogue e, ademais, que se chegue a un acordo. Por nós non vai ter ningún problema, pero na Conferencia Sectorial o que pediron as comunidades autónomas, a instancias de Galicia, foi que se dote do financiamento necesario e finalmente o Goberno dixo que si. Pois nós totalmente a favor, que poñan financiamento e que se poña en marcha. Non sei que máis hai que esperar, señora Díaz. Por nós que siga a cousa para adiante como se acordou na Conferencia Sectorial e así o manifestamos na nosa emenda.

Eu creo que son vostedes, os do Partido Socialista, os que deben animar os seus compañeiros en Madrid a que asuman os compromisos das modificacións lexislativas que están no Pacto de Estado. Hai moitas modificacións lexislativas que están pendentes, señora Díaz, e moitas afectan a mulleres e moitas afectan a vítimas menores, e moitas afectan a vítimas de violencia de xénero das que vostede falou aquí. E son cuestións das que falamos na Comisión de Igualdade e que creo que son fundamentais.

Respecto da presentación dun informe sobre a execución das medidas do Pacto, como saben, a conselleira deu conta no pleno pasado sobre a execución das medidas do pacto competencia da Xunta. E, a diferenza do Goberno central, a Xunta rematará este ano co cen por cento das medidas previstas cumpridas. E foi a propia conselleira a que avanzou que presentará nesta Cámara o informe anual de execución destes compromisos, ademais do balance dos cinco anos de vixencia do Pacto. Dígame vostede que medidas dependen da Comunidade Autónoma que non están cumpridas, señora Díaz. Ten vostede un turno máis. Eu non, pero vostede, xa que ten outro turno, eu dígoille que a Xunta de Galicia executou o cen por cento das medidas do Pacto. *(Aplausos.)* Dígame vostede cales non. E podemos debatelos, podemos falalos.

Creo que, entre algunhas, hai que destacar: o bono alugueiro social; asistencia xurídica gratuita que se amplía para, ademais das vítimas de violencia de xénero, tamén as de violencia sexual, que se puxo en marcha no ano 2021; a posta en marcha da quenda especializada de garda social e psicolóxica para atender non só as vítimas —mulleres— senón tamén as súas fillas e fillos...

Con respecto ao informe urxente do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, —como vostede ben sabe— este organismo está traballando nun grupo técnico no seguimento do



Pacto. Por iso, o lóxico é esperar a que finalicen eses traballos para trasladar as súas conclusións a este Parlamento.

E con respecto aos centros vinte e catro horas para vítimas de violencia sexual, a existencia dos fondos é que estean en funcionamento antes de rematar o ano 2023, como vostede ben sabe. Non obstante, a Xunta é máis ambiciosa que o Goberno central e que o propio Partido Socialista, xa que vostedes na súa iniciativa piden catro centros e o obxectivo da Xunta é abrir sete, un en cada área sanitaria. E nós na nosa emenda pedimos sete e vostedes poñen catro, supoño que non estarán en contra de que sexan sete e non catro.

Respecto a isto, é importante destacar que Galicia dispón dende hai anos de atención terapéutica especializada para mulleres agredidas sexualmente, a través do programa autonómico conveniado coa Fundación Meniños. Ademais do programa para menores agredidos sexualmente, tamén en colaboración con esa fundación.

E respecto ás campañas que tamén levan na súa iniciativa, non só hai unha, señora Díaz; hai moitas, hai varias. A Xunta acaba de rematar as xornadas anuais para a xente moza contra as agresións sexuais no ámbito universitario, en colaboración coas tres universidades galegas. Ou a campaña de «Agresión Off» que están a desenvolver agora os concellos galegos para formar e informar contra a violencia sexual en espazos abertos de interacción social e, por primeira vez, en centros educativos. Por tanto, nós non dicimos campaña, senón campañas, en plural. Creo que é importante que haxa campañas.

E no ámbito da educación... Pois ben, dende a oposición sempre se cuestiona que hai educación afectivo-sexual nos centros educativos, algo que non se corresponde coa realidade. Ten que ver máis coa idea sobre a forma coa que se pretende incluír estes contidos no sistema educativo. Hai unha presenza transversal dos contidos de coeducación, igualdade, prevención da violencia de xénero e respecto á diversidade afectivo-sexual.

Eu tamén remato cun rogo, señora Díaz e señoras do BNG —non sei quen vai intervir—. Agardo que as voceiras da igualdade desta Cámara —coas que teño e temos chegado a moitos acordos e por tanto damos exemplo, como dicía a señora Díaz, a outras Cámaras— condenen hoxe as gravísimas acusacións que se lles fixeron aos membros do Partido Popular dicindo que promovemos a cultura da violación. Creo que vostedes saben perfectamente e teñen a mostra de que iso non é verdade. Teñen unha magnífica oportunidade de demostrar que non practican o feminismo selectivo. Se vostedes realmente son feministas, se vostedes teñen algo de rigor no seu plantexamento feminista, creo que hoxe é de xustiza que condenen esas gravísimas acusacións que fixo a ministra de Igualdade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Olalla Rodil Fernández.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu non quería tampouco deixar pasar a primeira parte da intervención para sumarnos desde aquí, aínda que non poida ser fisicamente, a esas concentracións que hai convocadas hoxe pola Plataforma Feminista de Lugo e pola Marcha Mundial das Mulleres ao longo e ancho de todo o país. (*Aplausos.*) Tamén na cidade —ademais— da que eu veño, nun acto de defensa do dereito a vivir de calquera persoa —tamén das mulleres, especialmente nós— vidas libres de violencia. Pero que tamén no caso de Lugo é unha homenaxe, ademais, a unha compañeira da Plataforma Feminista coa que estivemos traballando os últimos anos. É moi doloroso o que se está vivindo en Lugo estes días e eu creo que —permítanme que o diga así— falamos agora en nome de toda a Cámara de que non queremos volver vivir situacións deste tipo e que hoxe estamos todas e todos alí con elas e con eles, especialmente en Lugo.

Eu vou centrarme na intervención e na reflexión que queríamos lanzar desde o BNG hoxe ao fío da iniciativa que trae o Partido Socialista. Pero nós non facemos feminismo selectivo, señora Prado, témolo amosado moitas veces. A persoa que agora preside —e desculpe que a poña de exemplo— sábeo ben, que —sen fisuras— sempre que hai unha agresión a unha persoa sexa do ámbito que sexa, a unha muller, sexa do ámbito que sexa, sexa da cor política que sexa, faga parte do partido político que faga parte, sempre estamos aí.

Nós o que lle pedimos ao Partido Popular, como responsable do Goberno galego na campaña á que vostede facía referencia, era unha reflexión. Porque ás veces cometemos erros. Todo o mundo ten dereito a equivocarse, pero hai que reflexionar sobre se o enfoque e a focaxe das campañas institucionais —que ao fin e ao cabo adquiren, ademais, unha relevancia engadida— é o correcto, cando se nos está pedindo ás mulleres que nos cohibamos, que andemos con coidado porque se deixamos a copa encima dunha mesa nun bar parece que nos vai pasar algo, ou se saímos correr de noite —e dígoo tamén pola propia experiencia— en mallas ou en pantalón curto pode pasar algo que non debería pasar pero pasa... Se pasa é porque hai agresións machistas, agresores machistas, comportamentos machistas que non son responsabilidade das mulleres. Iso era o que lles dicía non o BNG, senón moitísimas organizacións sociais e de comunicación deste país. E iso é o que lles pedimos: reflexión, porque non é a primeira vez que pasa.

En todo caso, falamos de violencia machista. Falámolo, ademais, ao longo do pleno da pasada semana e volvemos falalo hoxe e todas as veces que sexa necesario. Falamos dunha violencia que non cesa, que se produce e reproduce atravesando todas as capas da sociedade, que a violencia machista non entende nin de clases sociais, nin de relixións nin de razas. Unha violencia contra as mulleres que se estende desde hai milenios e á que fomos plantando cara —hai que dicilo— desde o movemento feminista sen tregua e sen pausa desde hai décadas.

Pero tamén cun marco normativo de garantía de dereitos que ten, se o vemos en contexto, moi pouco tempo. A lexislación que establece as ordes de protección no Estado español para as mulleres en situación de violencia machista é de 2003. A Lei galega de igualdade é de 2004. As leis de prevención e tratamento integral da violencia machista, tanto a galega como



a estatal, son de 2007. A Lei de despenalización do aborto é de 2007. A Lei de igualdade entre mulleres e homes no traballo, a galega, é de 2007. Ou, por exemplo, o recoñecemento da violencia vicaria ou a violencia no ámbito dixital como formas de violencia machista é do ano 2021. As primeiras leis, se nos fixamos, teñen menos de vinte anos.

Digo isto como preludio. Nós imos votar a favor, faltaba máis, da iniciativa e a calquera acordo que cheguen estaremos do lado de seguir mellorando e avanzando. Pero queríamos facer isto como preludio dunha reflexión —se mo permite tamén a portavoz do Partido Socialista— un pouco máis ampla.

A sociedade actual, e moi especialmente a mocidade de hoxe, é moito máis consciente que calquera das xeracións anteriores en materia de xénero. Esta semana —igual o viron— viralizouse en Twitter unha enquisa audiovisual realizada por Televisión Española en 1974. Hai corenta e oito anos, nada máis, que non é tanto; moitas das persoas que están aquí xa naceran. Preguntaba a xornalista: ¿que opina vostede do proxecto de lei de igualdade xurídica entre o home e a muller? E respondía un home: ¡home, pois que non me gusta! O home non é o mesmo que a muller. E ela di: pois eu o mesmo, que a muller debe ter as súas cousas e o home o as súas, pero non igualdade. Sempre a muller foi outra cousa, parece que pisan o terreo aos homes. ¿E a vostede non lle molesta, por exemplo —preguntaba a xornalista—, ter que pedir unha licenza marital ao seu marido para abrir unha conta bancaria? Estamos en 1974. E respondía ela: pois non, porque eu creo que se debe respectar o home en todo. Para iso casou un, para respectalo a el, sempre foi o cabeza de familia e coido que iso debe ser así.

Direi que hai voces —poden velo, está na páxina web e no artigo audiovisual de Televisión Española— a favor da igualdade nesa enquisa. Pero, ás veces, é necesario refrescar a memoria e ver de onde vimos.

A mocidade hoxe declárase, sen fisuras nin dúbidas, feminista. Iso hai uns anos era tabú e sinónimo directamente de que foses tratada *como una loca*. Teñen —temos— todo tipo de materiais, libros, artigos, referentes culturais, que defenden publicamente desde múltiples perspectivas o feminismo e os dereitos das mulleres. Bebemos de fontes das que abrolla un pensamento feminista diverso, desde o máis clásico ás teorías Queer, do Black Feminist ao feminismo marxista de Federici... Militamos nun feminismo que transcende os marcos tradicionais e fala xa sen tapuxos da intersección entre a clase, o xénero, as distintas capacidades, a raza, pero tamén a orientación sexual ou a identidade de xénero. Eu non cheguei, para que se fagan unha idea, a Ángela Davis, a Bell Hooks ou a Assata Shakur até bastante máis tarde do que hoxe pode acceder aos seus libros calquera moza galega.

Ningún nos facía —e eu teño trinta e tres anos— unha lista de autoras nin na casa, nin no instituto nin entre o grupo de amigas. E non é un reproche; é poñerlles ás cousas perspectiva para ver, para recoñecer e, sobre todo, para valorar o camiño andado, sen caer tampouco en frustracións. E darlle corpo a ese lema feminista de que hoxe somos porque outras foron antes ca nós e abriron camiño. A mocidade hoxe é unha xeración que se defende e reivindica sen tutelas, con voz propia sobre a súa sexualidade, sobre a forma de vestir ou a música que escoita. Como todas as anteriores —todas fomos mozas nalgún momento— pero nas condicións que marca a súa propia época.



Ás veces resúltanos incluso difícil concibilo. Hoxe deféndese con orgullo o *perreo* como actitude feminista. Digo isto porque debemos ser como sociedade —cremos— realistas. A violencia machista continúa producíndose e reproducíndose mesmo de formas diferentes no século XXI e faino atravesando todas as capas da sociedade, porque o machismo e o sexismo imprégnao absolutamente todo.

Pero tamén debemos ser optimistas —optimismo e realismo—, porque hai razóns para selo; hai moito que facer. ¡Deus, moitísimo! Pero non queriamos deixar pasar tamén a oportunidade —pasado xa tamén o 25 de novembro— para amosar tamén o orgullo, polo menos desde o BNG, polo enorme avance conseguido polo compromiso feminista da mocidade galega, pero tamén do conxunto do Estado e do mundo hoxe. Debemos seguir avanzando en dereitos, que é como se combate o machismo e a violencia contra as mulleres. Dereitos, dereitos, dereitos e máis dereitos. É unha axenda feminista, galega e clara, cunha folla de ruta que nos marque o horizonte a seguir.

Diante dese ruído, desla lameira, dos ataques constantes, dos sinalamentos permanentes, nós imos seguir avanzando, temos que seguir avanzando. Non imos dar, nin debemos dar, nin un só paso atrás, nin sequera para coller impulso. Foi así como conseguimos que o movemento feminista sexa o que é hoxe, que é un movemento de masas que non está nin actúa nas marxes, senón no centro da actividade política; dentro, pero tamén —e sobre todo— fóra das institucións. Abondará calquera crise (calquera: política, relixiosa, económica...), dicía Simone de Beauvoir, ou o simple oportunismo político para que a dereita extrema, a extrema dereita e os sectores máis reaccionarios da sociedade intenten poñer en cuestión os avances e os dereitos das mulleres. Nese ruído, nesa lameira é onde temos que facernos máis fortes. Porque somos máis, realmente somos máis.

O camiño é longo —e con isto remato— e as máis das veces difícil. Para as nosas nais e para as nosas avoas moitísimo máis, estou segura, do que puido ser para min ou para as que virán detrás. Pero tamén temos que sentir o orgullo de poder dicir que o feminismo xa fixo caer torres máis altas. Aquí no Estado Español, ademais, entre elas, algún ministro.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodil.

Pecha a autora da proposición non de lei.

Ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Señora Rodil, que non se entenda en absoluto das miñas palabras que estamos alarmando dun incremento do machismo entre a mocidade, porque nós tamén somos optimistas e, ademais, temos que sacar peito por iso. Si que é certo que, diante dunha mocidade cada vez máis feminista, é alarmante que se produza ese incremento de violencia machista, e, sobre todo, de violencia sexuais entre esa mesma mocidade. Algo estamos facendo mal e por iso aí deberiamos reaccionar.



Señora Prado —xa llo dixen na miña primeira intervención—, xa está o ámbito parlamentario demasiado crispado como para volver reproducilo aquí. Eu agradezo o ton da súa intervención hoxe, que non foi, en absoluto, o da sesión plenaria pasada. Eu direillo con boas palabras, e ademais tamén co mesmo ton que empreguei antes: respectamos o seu argumentario político e tamén o seu argumentario mediático, pero non é o noso. Non é o noso. *(Aplausos.)*

Aquí o que si quero facer é algún breve apuntamento sobre a súa intervención, que ademais xa temía. Mire, non asinamos esa declaración institucional porque nos termos en que está escrita é imposible facelo. Tampouco era posible emendala, porque de emendala vostedes non aceptarían esa emenda. Non iamos chegar a un acordo e vostede sabe ben que iso é así. Con esa redacción que vostedes formulaban queda claro que buscaban unha confrontación na que nós non queremos entrar.

Pero direille máis. Vostede mesma ten presentada unha proposición non de lei para tratar neste Parlamento acerca desa mesma cuestión. Pensamos que será no debate desa proposición non de lei cando teremos ese debate que vostede desexa fervorosamente. Aí será cando o fagamos, pero non busque a confrontación e moito menos nos acuse de nada.

Aquí é onde quero ir ao segundo punto, á segunda cuestión que quería aclarar. Non teña dúbida de que no PSdeG nos solidarizamos con esas mulleres vítimas de agresores que están vendo revisadas as súas condenas. Sempre o fixemos, non nos escondemos. Pero, á vez, tamén queremos dende aquí —e isto é importante— lanzar unha mensaxe moi clara a todas as mulleres; a todas. Grazas a esa lei integral —esa lei á que vostedes votaron en contra— a partir de agora o consentimento sitúase no centro e as vítimas de violencias sexuais terán todos os recursos á súa disposición aínda que non denuncien. O que significa que non só as estamos protexendo, senón que as vítimas non van ter que pasar por unha dobre vitimización.

Acerca da campaña, eu non quería mencionar a campaña do 25-N da Xunta de Galicia pero, xa que a sacou a colación o BNG, nós tampouco queremos escorrer o vulto. Xa temos, ademais, iniciativas presentadas e tamén a levaremos a debate neste Parlamento. Xa que o menciona, só lles direi que esa campaña deunos a razón a nós, precisamente na necesidade desa fiscalización da que estamos falando sempre acerca do que é financiado con fondos do Pacto do Estado.

A nós parécenos inasumible que un Goberno lance unha campaña que pon o foco en nós, as mulleres, nos nosos comportamentos; que se nos responsabilice das nosas agresións —desas posibles agresións—, do que poida pasar. ¿Que non era o propósito? Estamos seguras de que non era o propósito, estamos seguras, pero foi o que foi. E, lonxe de rectificar, mantivéronse nas súas. A nós iso parécenos inexplicable, porque isto si que lle pode acontecer a algunha entidade local —como ademais aconteceu—, probablemente debido á falla de formación. Pero claro, que aconteza a quen debe velar polas políticas de igualdade no noso país, dende logo, parécenos un auténtico despropósito.

Agora, indo ao noso, que é o que nos importa hoxe. Todas as forzas políticas representadas no Parlamento galego debemos comprometernos contra as violencias machistas, combater o negacionismo, apoiar a renovación do Pacto do Estado nas cámaras de representación do



pobo; un pacto que debe ser revisado no noso país, sobre todo para advertir das eivas —acabamos de mencionar unha delas, que as hai, e temos este exemplo recente— e solucionarlas. Debemos tamén pór en marcha campañas de sensibilización contra as violencias sexuais. Unha concretamente, como dicimos, a que mencionaba a señora Prado, «Agresión Off», ou a outra que mencionaron, que son finalmente campañas que non chegan a todo o público, vostede sábeo ben. De feito, é curioso que cando pedimos que se eliminase a campaña do 25-N ninguén sabía que levaba xa dous meses en circulación. Isto quere dicir que algo non está funcionando ben coas campañas que desenvolve a Xunta de Galicia.

Evidentemente, tamén pór todos os recursos necesarios para erradicar estas violencias e algo máis —fundamental para nós, para o Partido Socialista, señora Prado—: centrar gran parte dos esforzos na educación. Desde logo, ese é para nós un imperativo, un imperativo sobre o que ademais non caben medias tintas. Debemos introducir nos currículos educativos materias de educación afectivo-sexual —por certo—, tal e como xa están facendo outras comunidades autónomas. Porque xa as hai que están introducindo estas materias.

Simplemente, para rematar, non quería deixar de falar da súa emenda. Non aceptamos a totalidade da emenda, porque esta é a nosa iniciativa, non é a súa. Se quería presentar unha emenda semellante, podía tela presentado. Dende logo non imos aceptala toda e, ademais, efectivamente, porque tampouco concordamos en boa parte dos seus puntos.

Si aceptariamos como engádegas —e non como substitución— o punto B do segundo apartado, porque certamente non todo é Pacto de Estado. Pero si nos parece importante que o Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero se pronuncie sobre ese Pacto, unha vez rematado o seguimento, e se presente tamén no Parlamento. Pero nós insistimos na petición que lle facemos nós ao Observatorio Galego de Violencia de Xénero. Como digo, non todo é Pacto de Estado.

E tamén aceptamos —e aquí si como substitución— substituír o punto C da nosa iniciativa pola que vostedes formulan. Porque, efectivamente, a conselleira xa explicou que a premura que nós solicitamos non é posible e nós, evidentemente, temos vontade de acadar acordos e ademais comprendemos que os tempos non permiten apriorar tanto a execución deses centros... Por certo, é certo que cando presentamos esta iniciativa a Consellería nos dixera que ían ser sete en vez de catro. Felicítámoslos porque sexan sete, efectivamente. Entón, nós si que aceptariamos a substitución deste punto. Só desexamos que, efectivamente, consigamos que estean en marcha no vindeiro ano.

Remato xa, de igual xeito que na miña primeira intervención. Por favor, deixémonos de confrontacións e enfrontémonos con seriedade e con altura de miras a unha violencia que mata cada ano tamén en vida —¡tamén en vida!— moitas mulleres do noso país. Por favor, de verdade, sexamos responsables.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos para a última proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formulala, ten a palabra dona Rosana Pérez por dez minutos.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta. Señorías, moi boa tarde a todas e a todos.

Hoxe, primeiro de decembro, cúmprense vinte anos dunha das mellores e meirandes mostras de dignidade e de autoorganización do pobo galego. Un pobo que loitou por protexer o seu e que tal día coma hoxe saíu ás rúas de Compostela e desbordou unha praza do Obradoiro anegada non só pola auga da choiva, senón tamén pola xenreira, pola rebeldía e pola esperanza fronte á irresponsabilidade e á indecencia duns gobernantes que negaban mesmo o que a xente estaba a ver cos seus propios ollos.

Hoxe é o aniversario da primeira gran manifestación da Plataforma Nunca Máis, que foi quen de reunir en Santiago o conxunto dunha sociedade indignada coa actuación incompetente e irresponsábel dos gobernos de Madrid e de Galiza diante da maior catástrofe ecolóxica, económica, económica e social da nosa historia: o accidente, primeiro, e o posterior afundimento do *Prestige*. Evidentemente, aquel accidente non era o primeiro fronte ás nosas costas, mais é innegábel que si que foi o peor xestionado polos responsábeis políticos naquela altura —por certo, todos do Partido Popular—. Ninguén ten hoxe ningunha dúbida diso, e vostedes —o Grupo do Partido Popular— acaban de ratificar co seu absoluto silencio o incómodo que lles resulta aínda falar do *Prestige* e das súas consecuencias, cando no seu vinte aniversario non foron quen nin de mencionalo.

Equivócanse —equivócase o Partido Popular e equivócase o Goberno galego— por completo —como fixeron daquela— se pensan que con gardar silencio ao respecto van borrar da memoria colectiva aquel accidente, a ignominiosa actuación dos dirixentes políticos e a heroica resposta do pobo galego. A memoria non se borra co silencio, nin coa mentira, nin coa manipulación. Vostedes, señorías do Partido Popular, deberían sabelo a estas alturas mellor ca ninguén. Nunca Máis converteuse nun dos movementos sociais, culturais e de loita e reivindicación máis importantes da nosa historia, precisamente porque foi quen de ser o berro de dignidade de todo un país que non quixo nin quere esquecer.

O seu silencio non pode borrar os seis días interminábeis—dende o 13 ao 19 de novembro—nos que quixeron mandar o barco ao mesmísimo quinto pino. E acabaron enchendo máis de 1.000 praias con 63.000 toneladas de pequenos «*hillos de plastilina*» vertidos ao mar polo *Prestige*. O seu silencio e as súas mentiras, señores e señoras do Partido Popular, non poden borrar —porque a realidade aínda é hoxe teimuda— que fronte ás nosas costas pasaban e seguen a pasar miles de barcos con mercadorías perigosas —moitos deles con bandeira de conveniencia ou de Estados que non cumpren os requisitos de seguridade marítima— e que, polo tanto, aumentan o risco para todos e para todas.



Por máis que vostedes calen —supoñemos que por vergoña— neste aniversario, non poden ocultar que a seguridade no mar continúa no día de hoxe en mans privadas e que a Xunta, nin daquela nin tampouco hoxe, contempla a creación dun servizo público de salvamento. Tampouco se borra nin se oculta que vinte anos despois sigamos sen ter o control dos 1.500 quilómetros de costa do noso país, porque o propio Goberno galego desbotou e segue a desbotar solicitar as transferencias en salvamento marítimo e en loita contra a contaminación mariña; ou que os helicópteros de Ruibó sigan sen ter operatividade; ou que o porto de Brens siga sen a construción e a dotación para unha base de contaminación mariña, porque o Partido Popular vota sistematicamente en contra todos os anos; ou —outro comezo doutro aniversario— que hoxe mesmo, por incompetencia absoluta do Goberno galego, a Costa da Morte —nin máis nin menos que a Costa da Morte— quede, o día de hoxe, sen servizo de práctico na ría de Corcubión.

Tampouco se pode borrar da memoria de ninguén que os mesmos que aínda non se fartaron de rir daquela o fagan agora de novo ás gargalladas neste aniversario, como o fixo, con toda a impunidad do mundo, o señor López Veiga, conselleiro naquel momento de Pesca na Xunta de Galiza. Ninguén podía entender daquela, e segue sen entendelo hoxe, que as costas galegas sigan desprotexidas despois de todo o vivido e do que significou aquela marea negra para Galiza.

Por iso, señorías, xurdiu Nunca Máis, porque, fronte a tanta incompetencia, a tanta manipulación, á falta de medios, á ausencia de decisións, á evidencia duns gobernos que non exercían as súas responsabilidades, ás mentiras, o pobo galego —a comezar polos propios mariñeiros e pola xente do mar— foi quen de enfrontarse júnica e exclusivamente! cos seus propios medios ao chapapote; foi quen de plantarlle cara a aquela desfeita e de exercer presión política. Ese, señorías, foi o nacemento da plataforma Nunca Máis, que toda Galiza apoiou e que representa a dignidade que os galegos e as galegas demostraron naqueles días de desesperación e de reivindicación e que despois levaron a cabo durante meses.

Señorías, é imposible de borrar e de esquecer que, coa actuación do Goberno da Xunta naquel momento, os galegos e as galegas foron quen de demostrar estar moi por riba duns responsables políticos que mesmo chegaron a propoñer —neste caso, dende o Goberno do Estado— bombardear o barco, e que se permitían, naquelas terribes circunstancias, insultalos e cualificalos de «perros que ladran su rencor por las esquinas».

A manifestación de Compostela daquel 1 de decembro foi a demanda colectiva de medios; foi a demanda colectiva de solucións, de responsabilidades e de verdade; foi o reflexo máis nido de moitos sentimentos mesturados: noxo, solidariedade, dor, loita... Miles de galegos e de galegas deron unha auténtica lección de dignidade e convertéronse nun exemplo para todo o mundo. Aquela resposta masiva, señorías, aquela resposta masiva de indignación, que aínda intentaron acalar, estigmatizar, ningunear e mesmo criminalizar os gobernos e os medios de comunicación —a comezar pola propia televisión pública de Galiza—, tivo a súa réplica en centos de localidades do noso país. E o 24 de febreiro do ano 2003 —ao ano seguinte— encheu tamén Madrid de persoas cheas de dignidade, con conciencia de país e cunha soa petición: que o que acontecera non volvесе ocorrer nunca máis.



Por iso entendemos que aquela resposta do pobo galego merece un recoñecemento público; merece un recoñecemento neste Parlamento, que é onde está precisamente residenciada a soberanía do propio pobo galego. Por iso, propoñemos na nosa iniciativa que o 1 de decembro sexa declarado e establecido como o Día da Dignidade de Galiza. *(Aplausos.)*

Non é, señorías, a primeira vez que o facemos —neste caso no vinte aniversario do que nunca se tiña que ter producido—, porque xa houbera antes accidentes moi graves nas nosas costas, e os medios e a protección tiñan que estar e tiñan que existir e non existían. O propio presidente Rueda admitiu hai poucas datas erros na xestión daquela catástrofe, e recoñecía —leo textualmente— que: «do que se fixera mal daquela, aprendemos todos» —dixo o presidente—. Ben, pois se realmente aprendemos todos, comecemos por recoñecer o que todo o país, o que toda Galiza recoñece xa: a dignidade dun pobo que non se resignou, que se organizou e loitou por protexer e defender o seu. Recoñezámola dende as institucións e organizemos as actividades que o conmemoren acadamente. Será a primeira mostra de que de verdade aprendemos todos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Pablo Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que me xera certa inquedanza estar falando aquí do que aconteceu hai vinte anos, porque un comeza falando do que aconteceu hai vinte anos, logo van trinta e logo corenta, e iso non vai polo bo camiño. Pero, en todo caso, é positivo que fagamos lembranza do que aconteceu hai vinte anos, do cal eu teño perfecta lembranza e memoria. Porque a do *Prestige* foi unha catástrofe ecolóxica e económica que desatou un movemento social sen precedentes en Galicia, cunhas cifras que amosan ben ás claras a transcendencia, o impacto e a magnitude desa catástrofe: case 3.000 quilómetros de costa afectados, unha estimación de 200.000 aves mortas e un impacto na actividade marisqueira e pesqueira, económica e de moitos tipos que é incalculable, pero que a Fiscalía cuantificou, aproximativamente e tentativamente, en máis de 4.400 millóns de euros, dos cales lamentablemente só se vai recuperar unha pequena parte. Por certo, o fiscal que o fixo, Álvaro García Ortiz, é hoxe fiscal xeral do Estado. É un excelente xurista, unha persoa cunha traxectoria absolutamente intachable e que ocupa hoxe a Fiscalía Xeral do Estado.

Houbo tamén decenas de milleiros de voluntarios, dos cales case 2.000 tiveron problemas respiratorios, por poñer un exemplo. E o dano económico e ecolóxico, por moito que tente cuantificarse —e que se fixera dalgún xeito—, é, en todo caso, invaluable, porque, ademais do que se ve e se mide facilmente, o impacto sobre un ecosistema moi complexo, como é o mariño, é moi difícil ou directamente invaluable sobre a produción marisqueira, ou o custo da retirada do chapapote, ou tantos factores e efectos imponderables.



A reacción do pobo galego foi exemplar, foi modélica; e a reacción solidaria da cidadanía de todo o Estado foi tamén exemplar. E xerouse, fronte a esa marea negra, unha contra marea de solidariedade, de forza, de orgullo de país, que desembocou e foi un factor importante —moi importante, diría eu— no cambio de goberno do ano 2005. Neses días decenas de milleiros de voluntarios e de voluntarias ofreceron o seu traballo e a súa enerxía para tratar de mitigar os efectos do chapapote nas praias e nas costas de Galicia e para tratar de paliar a falla de previsión, de capacidade, de recursos e de sensibilidade duns gobernos —central e autonómico— que estaban en mans do Partido Popular. Un Partido Popular que hoxe está dominado por esa política indigna, esa representante do peor populismo, que é Isabel Díaz Ayuso, que está contribuíndo, por certo, coas súas mentiras, coa súa manipulación e co seu discurso de odio, a polarizar a política española nunha lamentable competición coa ultradereita que fai dano á democracia.

Se hai vinte anos o PP negaba a dimensión, o impacto e as responsabilidades desa traxedia, hoxe a señora Ayuso di que o cambio climático existiu sempre, e o señor Feijóo aplaude, porque o señor Feijóo é hoxe unha auténtica marioneta política en mans da señora Ayuso. Ela é unha *hooligan* populista da peor especie que coñeceu este país na súa historia; é unha *hooligan* indocumentada que é quen lles está marcando o camiño a vostedes; vostedes, que case negaron a catástrofe do *Prestige*. En realidade, negan case sempre case todo. Non só negan a premente, a acuciante e gravísima emerxencia climática, senón todo en xeral. Cada un dos avances sociais e de dereitos que tiveron lugar neste país nos últimos corenta anos contou coa súa reticencia no mellor dos casos: negaron o dereito ao aborto, negaron o dereito ao divorcio, negaron o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, negaron a Lei de igualdade; negan vostedes a subida do salario mínimo; negan vostedes o apoio ao Goberno para conseguir financiamento en Europa nunha situación e nun contexto de grave crise; negan vostedes a memoria histórica e negaron vostedes hai vinte anos a propia existencia dunha catástrofe que era obvia e evidente.

O señor Rajoy falaba entón de «*hilillos de plastilina*». Por suposto, hoxe sabemos que o señor Rajoy sempre tivo moita máis vocación de cronista deportivo —por certo, hai quen opina que bastante malo— que de político que encara e resolve os problemas da cidadanía. E o señor Rajoy —tamén, por certo— estivo aquí o outro día falando —jen castelán!— no acto de lembranza dunha figura senlleira do galeguismo —que foi membro do grupo parlamentario do cal formo parte, o Grupo Parlamentario Socialista—, Carlos Casares, que tanto destacou por defender o galego. Coñécese que o señor Rajoy segue sen seguir aquel consello que supostamente lle dera Manuel Fraga: case vostede e aprenda galego. Á parte de casar, que xa o fixo, tiña que aprender galego, que parece que aínda lle custa. Esta incapacidade dun expresidente do Goberno de España para falar en galego nun acto de recoñecemento a un escritor galego que fixo tanto pola cultura galega é significativa —na miña opinión— diso que alguén definiu como «cosmopaletismo». Un cosmopaletismo que estivo tamén moi presente na xestión da catástrofe do *Prestige*, con Federico Trillo avaliando a posibilidade de bombardear o petroleiro, de bombardealo directamente. Ata que a alguén se lle ocorreu unha opción mellor, que foi a de —como dixo a señora Pérez— «*mandar el barco al quinto pino*». É dicir, en troques de tratar de limitar o dano —como se fixera nalgunha ocasión en décadas anteriores, con éxito, por certo— metendo o barco nun porto no que se puidese xestionar, tratar, limitar e minimizar o problema, o que se fixo foi afastar e finalmente afundir, co



problema que, obviamente, vultou en forma de marea negra. «*Mandar el barco al quinto pino*» foi a consigna que finalmente rematou co barco afundido, porque cando colles un barco, en pleno inverno, que fai auga, e o metes a navegar con rumbo sur en Galicia —quen coñeza o mar con vento e o mar pegando de proa—, o barco afunde sen necesidade, case sempre, de que o bombardee Federico Trillo. Aquel rumbo ordenado polo director xeral da Mariña Mercante foi definido posteriormente —na miña opinión, con moita precisión— polos maxistrados da Audiencia Provincial da Coruña como «un rumbo suicida» —iso foi o que dixeron—. Efectivamente, foi un rumbo suicida. Os «*hilillos de plastilina*», as políticas de ocultación da verdade e de desinformación foron unha grande operación de manipulación da opinión pública —da opinión pública da Costa da Morte, por exemplo—, que contemplaba, diante das súas casas, as praias negras e as costas negras, mentres vían praias limpas pola televisión. Foi unha grande operación de manipulación e de propaganda, desa que tanto lles gusta a vostedes, que levou algúns aqueles días a dicir que «deixen de mentir e veñan limpar». Por certo, foi unha grande operación de manipulación e de desinformación que un ano e pico máis tarde culminaría co Goberno de Aznar tratando de convencernos —evidentemente nunha dimensión diferente— de que os atentados terroristas de Madrid foran obra de ETA, cando as forzas e corpos de seguridade sabían perfectamente que foran terroristas islámicos. E vostedes aplaudindo. Isto é só para facer memoria —xa que facemos memoria— do que pasaba hai vinte anos.

Hai vinte anos, en plena catástrofe do *Prestige*, o señor Fraga estaba de caza. Algo que era moi propio del, porque un pode imaxinar perfectamente a Fraga participando como actor de repartición, sen ningún esforzo de interpretación, na mítica e berlanguiana película *La escopeta nacional*. Non tería nin que actuar, porque Fraga era a escopeta nacional, igual que algúns seguen a ser aínda a escopeta nacional en pleno século XXI. Fraga de caza e un goberno do Estado en mans dunha banda que, vista retrospectivamente, parece máis os corenta ladróns ou Os Irmáns Dalton, porque alí estaba, como ministro de Medio Ambiente, un tal Jaime Matas, que é un señor condenado posteriormente polo caso Palma Arena e logo polo caso Nóos, que remataría ingresando en prisión e que aínda ten causas pendentes. Foi ministro de Medio Ambiente. Como o vicepresidente segundo, Rodrigo Rato, que puido chegar a presidente do Goberno, pero foi, afortunadamente, descartado e logo condenado por apropiación indebida a catro anos e medio de prisión, na que rematou ingresando. ¿Quen foi o ministro de Traballo daquel Goberno? Pois un señor que se chamaba Eduardo Zaplana, que foi gravado dicindo que tiña que facerse rico e que, efectivamente, se fixo tan rico coa política que está acusado de branqueo de capitais e cohecho. Ingresou en prisión preventiva. Xa lle atoparon no estranxeiro, en Suíza concretamente, 11 millóns de euros que foron recuperados e que se consideran só unha parte do que se apropiou indebidamente.

Todo aquel goberno, que logo sería demostrado xudicialmente que era en boa medida un goberno de delinquentes, adicábase a dicir que en Galicia non pasaba nada, ata o punto de que Federico Trillo dicía literalmente que «*las playas no están manchadas de chapapote*», e Rajoy dicía que «*no se puede hablar de marea negra, porque no es un concepto jurídico*» —isto dicía Rajoy—. En fin...

Defender a dignidade de Galicia pasa por manter a nosa memoria histórica. Por suposto, pasa por manter a memoria das vítimas do franquismo, do que proceden sen ruptura e por



vía de continuidade, en boa medida, vostedes mesmos. (*Murmurios.*) Pero, tamén pasa por manter a memoria da desastrosa xestión da catástrofe do *Prestige*, da chapuza, da ocultación, da insensibilidade, da mentira e da desinformación. Pasa por manter a memoria dunha catástrofe, pero tamén dun goberno indigno para Galicia e para España. Pasa por manter a memoria tamén da reacción exemplar dun pobo ante a terrible incompetencia dos seus gobernantes na catástrofe.

Por iso e por máis cousas votaremos a favor desta iniciativa do BNG.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Arangüena.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Espero que hoxe non me chamen ao tema, porque non sei cal é o tema, francamente, despois de escoitalo. (*Risos.*)

Durante a pandemia seguro que todos escoitaron como se acuñou aquela expresión do «*capitán a posteriori*». Hoxe apareceu aquí o «*capitán a posteriori*» en todo o seu esplendor.

Señorías, eu quero empezar recordándolle ao señor Arangüena que o señor Rajoy falou o outro día nesta sede nun dos dous idiomas oficiais de Galicia, exactamente igual que fixo o señor Paco Vázquez, que, por certo, quero recordarlle —porque así se atribuíu el a idea— que foi o primeiro en plantexar o de bombardear o *Prestige* para afundilo. ¡É que foi o señor Vázquez!, e, ademais, presume diso. Entón, non nos coloque a nós as brillantes ideas que tiveron os socialistas galegos.

En todo caso, eu agradezo moito a iniciativa, señorías, porque realmente poucas cousas definen mellor o BNG que a súa relación coas efemérides. De feito, se un quere coñecer a auténtica natureza da organización frentista —¡que bo nome este o de «organización frentista»!—, só ten que prestar atención á súa querenza por celebrar calquera evento que teña relación ou orixe nunha confrontación política e a súa alerxia a calquera celebración que suscite un amplo consenso social entre os galegos.

Aos galegos gústanos celebrar as datas importantes. Iso é certo. Miren, de feito, a próxima semana, por exemplo, os galegos imos celebrar o Día da Constitución. ¿Por que? Porque nos parece importante celebrar a chegada da democracia a España. ¿Vai estar aí o BNG?! ¡Non, home, non! (*Aplausos.*) ¡Non contén con iso!

Por certo, miren, nesta casa, levamos un ano completo celebrando o corenta aniversario da aprobación do Estatuto de autonomía porque nos parece importante celebrar a chegada da



autonomía a Galicia. ¡¿Viron vostedes por aquí os do BNG?! ¡Non, home non, que esas cousas a vostedes non lles interesan! (Murmurios.) (Aplausos.) ¡Pero é que nin sequera o Día de Galicia! ¡Nin sequera o Día de Galicia son capaces vostedes de que lles mereza unha celebración conxunta! Vostedes renegan de todas as celebracións oficiais e reivindicán a súa *manifa* como a única celebración verdadeira. Porque o BNG, señorías, nunca atopa un motivo para celebrar o que todos os galegos festexamos xuntos, e por iso ten que apuntarse ás celebracións dos seus colegas. O BNG é máis de Erasmus nacionalista. ¿Onde atoparán vostedes celebrando o BNG? Na Diada, co señor Junqueras; no Aberri Eguna, co señor Otegi; celebrando a revolución cubana, da man dos Castros, ou celebrando o Día da Dignidade, que descubrín que hai un día da dignidade en Venezuela. Por certo, conmemora a tentativa de golpe de Estado do presidente Chávez. ¡Ben, pois nestas cousas si que atoparán o BNG! ¿Celebrando cos galegos? ¡Con iso non! (Aplausos.)

Miren, con estes antecedentes evidentemente era cuestión de tempo que o BNG reeditase —xa o fixo..., estes actos..., esta iniciativa no 2017— o seu vello anxeio de proclamar o Día da Dignidade, que eu aquel día bauticei —creo que, en fin..., a verdade é que empezo a ter poderes de visión— como «o día de zurrar ao PP». Ben, se había algunha dúbida, acabamos de escoitar as intervencións. É certo que entón zurraban a Fraga e a Aznar; hoxe viñeron zurrar a Feijóo e a Ayuso. Pero, en todo caso, a importancia disto é que queren facer coincidir esa celebración cun dos maiores momentos de gloria do BNG: a *manifa* de Nunca Máis. Foi unha manifestación excluínte, (Murmurios.) na que o BNG tentou patrimonializar a dor dun pobo para sacar tallada política con base nunha serie de mentiras mil veces repetidas e, por certo, sempre desmentidas polos tribunais de xustiza. Xa sabemos que estes, ademais de machistas e españolistas, tamén deben de ser negacionistas climáticos. (Murmurios.) En fin, puro ADN bloqueiro.

Miren, mentiron no 2002. Anunciaron unha caída do PIB de máis de catro puntos. Nunca... Ía dicir que nunca tivo lugar, pero non é certo. Tivo lugar o último ano de goberno do Bipartito, que caeu 3,8 puntos. Iso hai que recoñecerllelo. Anunciaron unha catástrofe pesqueira que duraría décadas, e dous anos despois a produción marisqueira e pesqueira non só estaba recuperada, senón que superaba as capturas anteriores. Anunciaron unha profunda crise económica en Galicia, e nunca chegou; evitouse grazas a unha xestión áxil e eficiente de axudas públicas. E incluso cuestionaron —seguen cuestionando— a decisión de alonxar o *Prestige*, que foi aconsellada polos técnicos e respaldada polas sentenzas. Léolles un parágrafo da sentenza do Tribunal Supremo: «*Es imposible calificar esa conducta como delictiva y tampoco meramente imprudente porque la decisión fue consciente, meditada y, en gran parte, eficaz dentro del desastre ocurrido, que no provocó la Administración española, sino que lo gestionó con profesionalidad, adecuación y en condiciones muy desfavorables*». ¡Pero a vostedes que máis lles dá o que digan os tribunais españolistas! ¡A verdade única é a que proclama, por suposto, o BNG!

Pero seguen mentindo, seguen mentindo hoxe. Miren, e acusa o BNG de ocultar datos, (O señor Pazos Couñago mostra un documento ao resto da Cámara.), cando, xunto co seu socio, mantivo catro anos metido no caixón un informe sobre as consecuencias socioeconómicas do *Prestige*, porque non lle gustaba. (O señor Pazos Couñago mostra o informe mencionado.) ¡Foi encargado polo Goberno de Fraga e foi prorrogado polo presidente Feijóo, porque durante catro anos vostedes meteron o informe da Universidade de Santiago de Compostela



nun caixón porque non dicía o que vostedes querían que dixese! (*Aplausos.*) ¡Iso si que é ocultar datos!

Acusáronnos de submisión e de incompetencia, a quen foron respaldados por todas e cada unha das sentenzas ditadas polos tribunais de xustiza.

A semana pasada inventou vostede que existían 10.000 toneladas de fuel sen tratar nas Somozas, pero así, sen poñerse colorado.

E, por certo, menten cando afirman tamén que a solución a un novo caso *Prestige* pasaría por que as competencias de salvamento estean en Galicia. Eu recórdolles o que dixo Willem de Ruyter, director executivo da Axencia Europea de Seguridade Marítima: «*Ningún Estado membro por si solo está preparado para lutar contra un caso así. La Unión Europea no estaba preparada para afrontar un caso así, no había tantos equipos*». Pero resulta que vostedes exixen que Galicia teña o que todo o continente, toda a Unión Europea, non é capaz de ter. Por certo, a diferenza doutras rexións de Europa, somos a única comunidade autónoma que si que conta cun servizo de salvamento propio. Iso si que foi un logro deste goberno. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, non se confundan. Nós sentímonos profundamente orgullosos dos mariñeiros que saíron combater a marea negra; sentímonos profundamente orgullosos dos galegos que recolleron chapapote nas praias; e sentímonos profundamente orgullosos dos miles de voluntarios que chegaron de toda España para salvar e limpar a costa; unha costa que sentían como propia, que sentían como súa. Non viñeron de fóra do país, viñeron compatriotas solidarizarse cos galegos para limpar as praias de Galicia. ¡E agradecerémolles eternamente! ¡Eternamente! (*Aplausos.*)

Pero vostedes non veñen aquí propoñer un día para homenaxear eses voluntarios. Non, non, ¡non é certo! Vostedes veñen aquí homenaxear unha plataforma apolítica —*¡tócate un pie!*— creada para manifestarse contra un goberno do PP polo caso *Prestige*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro que si! ¡E catro anos despois, cando sufrimos unha vaga de incendios, gobernando o Bipartito, saíron novamente á calle para protestar pola vaga de incendios. ¡Iso si!, ¡para manifestarse contra a oposición, do Partido Popular! ¡Niso son vostedes dunha coherencia acrisolada! ¡É que hai que ter unha cara!, ¡hai que ter unha cara tremenda! (*Aplausos.*)

Miren, isto é así, porque todos sabemos que un bo nacionalista galego gusta de excluír, de relegar. E aquí o que non ten carné do Bloque queda fóra, como fixeron entón. Por certo, dicía unha cousa a señora Pérez... Non, señora Pérez, non puido asistir toda Galicia a esa manifestación, non. Primeiro, porque ameazaron os representantes do Partido Popular por se aparecían por alí. (*Murmurios.*) ¡Si! E como dicía o señor Arangüena, que hai que facer memoria, eu vouno axudar a facer memoria do que considera dignidade o Partido Socialista. Exixiron ao Partido Socialista que fose alí, «pero para atrás» —dixoo o señor Beiras—. «Nada de vir aquí apropiarse dunha manifestación que organizamos nós». Por certo, para que puideran gritar libremente aquilo de: «PSOE, PP a mesma...». Ben, xa sabe vostede, ¿verdade? A rima xa a coñece. E nunha mostra do que é a dignidade para o Partido Socialista, recibiron o seu secretario xeral cunha chuvia de ovos. Iso foi o que recibiu o señor Zapatero cando foi solidarizarse cos señores nacionalistas que organizaron esta manifestación á que non, non puidemos asistir todos.



Pero, señorías, cada un é como é. E como a súa maneira de celebrar parece que está permanentemente ligada aos insultos e ás ameazas, ¡pois, home!, vanme permitir que faga eu algunha suxestión sobre algunha efeméride que poden celebrar e que eu creo que pode ser do seu gusto. Miren, por exemplo, poden celebrar o «Día da Esquerda Democrática e Transparente», conmemorando, por exemplo, a supresión do delito de sedición e a ver se unha rebaixa do delito de malversación. (*Murmurios.*) ¡Non para todos, non para todos! Só para os nacionalistas e para os socialistas ben intencionados, que, como sabemos todos, habitan normalmente polo sur da comunidade —en Vigo..., en Bembrive temos algún— ou no sur do país, que teñen o señor Griñán, que, entre todos os ministros que citou o señor Arangüena, o de máxima actualidade pasoulle. Calquera ten un despiste. (*Murmurios.*)

Poden celebrar tamén o «Día da Irmandade Nacionalista», por exemplo, rememorando e lembrando aquela asemblea de Amio, e poden organizar, para celebralo, algunha tradicional regueifa entre «as plantas carnívoras da UPG» —que dicía o señor Beiras— e os rancios españoлисты de Beiras. (*Murmurios.*) É unha celebración que lles pode gustar. Polo menos nestas, a diferenza de Anova, non acabaron ás patadas. Iso hai que recoñecérllelo.

E poden incluso celebrar o «Día dos Pais da Patria». Eu comínoos, o 28 de xuño, a que, mentres a Xunta reparte as medallas de Castelao en honra a don Daniel, vostedes poden facer —non sei— un concurso de lanzamento de pedras ao cadaleito en sinal de respecto aos próceres da patria galega, como fixeron cando, por certo, un goberno do Partido Popular trasladou os seus restos aquí. Esta é a maneira que teñen vostedes de celebrar, e aos galegos ¡non lles gusta, señorías! (*Aplausos.*) ¡Non lles gusta!

Polo tanto, o que faremos nós —o que fará este grupo— é seguir respectando os nosos mortos, (*Protestas.*) seguir conmemorando a democracia e o autogoberno e celebrar a dignidade de Galicia cada día da man de todos e de todas as galegas. Para vostedes deixámoslles o das pelexas, o das regueifas ou o de interromper sempre que escoitan algo que non lles gusta. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Por favor!

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas polo recoñecemento.

Hoxe miramos aquí, efectivamente, para que quere conmemorar isto. Eu quero rememorar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...aquelas frases dun ilustre socialista, o señor Carmona, que hoxe traballa en Iberdrola. Dicía el: «Ao PSOE sóbránlle votos, e, se non, hundimos outro barco». (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Remata agora a autora da proposición non de lei. Ten a palabra dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Señorías, hai persoas, hai deputados, que conseguen superarse a si mesmos. Hai deputados que conseguen ser memes, absolutos memes de si propios, *(Aplausos.)* de si propios. A moitos dos presentes seguramente esta intervención do señor Pazos lles pareza impresionante; a moitos outros dos presentes seguramente lles produza bastante acidez de estómago e bastante noxo, pero a min particularmente non me sorprende en absoluto. ¿Saben votedes por que? Porque só teñen que ir á acta do pleno do ano 2017, no que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego debateu esta mesma iniciativa, e verán que a intervención de hoxe é copiada literalmente da do ano 2017. *(Risos.) (Aplausos.)* É absolutamente penoso, ademais de vergoñento, que non se moleste, señor Pazos, *(Interrupcións.)* porque daquela... —¡si, si!, demóstrallo cando queira. Non, agora mesmo estou no meu tempo de intervención. Vostede xa acabou o seu...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Veña!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...déixeme rematar o meu. É absolutamente penoso —¡penoso!—, ademais de vergoñento —¡ademais de vergoñento!—, que case cinco anos despois nin se molestase en actualizar aquel —¡tamén vergoñento!— discurso do ano 2017, exactamente igual ao do ano 2022. ¡Penoso! Crin que lle daba para algo máis, señor Pazos, pero xa vexo que non. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señorías, por certo, o do delito de sedición déixollo a vostede, porque vostede é o especialista en delitos de sedición. ¡Xa falará! Mañá xa nos contará aquí *(O señor Pazos Couñago eleva o dedo polgar da man dereita en sinal de asentimento.)* un montón de cousas sobre a sedición, con todo o seu tempo para vostede mesmo, para que faga outra intervención gloriosa como a mesma que acaba de facer hoxe.

Señores deputados e deputadas, señorías, quedou demostrado, non só hai vinte anos, que o Partido Popular menosprezou —menosprezaba— o pobo galego, a manifestación daquel pobo galego indignado —¡absolutamente indignado!— coa cantidade de mentiras e de manipulacións polas que nos querían facer pasar os distintos gobernantes.

Eu non sei se tiveron ocasión o señor Pazos e os demais, desde logo, de veren estes días —precisamente de aniversario— algunhas entrevistas e algunhas declaracións dalgúns persoas que tiñan responsabilidades políticas moi altas naquel momento. Ben, as declaracións que puidemos escoitar dalgúns deses responsábeis políticos produciron, cando menos, tanto noxo —¡tanto noxo!— como a intervención do señor Pazos de agora mesmo. ¡Polo menos, polo menos, tanto noxo! ¡Claro!, puidemos ver —como lles dixen antes— como se rían agora —hai poucos días— de nós igual que se riron daquela.

Vostedes interpretaron que aquela manifestación era unha manifestación do Bloque Nacionalista Galego, e nada máis lonxe da realidade, señor Pazos. Dígollo, porque o vivín en carne propia no porto de Aguiño, ¡no porto de Aguiño! Alí había, señor Pazos, mariñeiros, mariscadores, mariscadoras, xente do pobo de Aguiño recollendo o chapapote coas súas mans, e outras persoas que estaban alí, tamén do Partido Popular. *(O señor Pazos Couñago asente repetidamente)* Polo tanto, alí estaba todo un pobo ¡plural! —como é o pobo galego, evidentemente—, que estaba facendo fronte a un problema. e a unha catástrofe, ¡a maior catástrofe



económica e ecolóxica da nosa historia! ¡O único que non estaba no porto de Aguiño nin en ningún porto era o Goberno galego do Partido Popular!, (*Aplausos.*) porque estaba intentando zafarse do seu propio chapapote, no que se estaba metendo cada vez máis, a cada minuto e a cada día que pasaba, que pasou entre o 13 e o 19 de decembro.

Señor Pazos, vostede dixo textualmente daquela manifestación do primeiro de decembro —non dixo nada das demais—: «Vimos aquí votar unha iniciativa para conmemorar un dos mellores momentos do BNG». E empezou a súa intervención facendo unha relación —segundo vostede— de efemérides que reivindica o BNG. Estamos orgullosísimos de reivindicar o que reivindicamos. Non sei se vostedes estarán tan orgullosos de reivindicar o que reivindicán. (*Aplausos.*), porque así como nós imos a manifestacións, unhas convocadas por nós mesmos —pola nosa organización política— e outras convocadas por outras organizacións, vostedes tamén van. Vostedes tamén van. E, sinceramente, eu prefiro —ogallá nunca xamais pase— estar ao lado do pobo galego, en calquera caso, que estar, por exemplo, da man de Vox...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...en contra do aborto na praza de Colón, ou estar da man de Vox en contra do matrimonio gai, ou, por exemplo, estar en manifestacións pedindo a gritos que as corridas de touros teñen que seguir sendo unha cuestión cultural do pobo español. E así lle podería seguir citando, señor Pazos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Ben, quedou demostrado —remato presidenta— exactamente igual —ou peor, atreveríame a dicir— que hai vinte anos cal é, efectivamente, a prioridade para o señor Pazos e para o conxunto do Grupo do Partido Popular. Dende logo, quedou demostrado que o pobo galego non o é.

Pois siga vostede así, señoría. Porque como dicía pola mañá a miña compañeira, a señora Prado: «Non se pode enganar a todos todo o tempo». E, dende logo, o seu tempo xa está rematando.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. O seu tamén rematou.

Suspendemos a sesión, e será reanudada mañá, ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e cinco minutos da noite.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

